


CARLOS DE CASTRO ALVAREZ



Igrejas Románicas da Comarca do Eume

CARLOS DE CASTRO ALVAREZ

Igrejas Románicas da Comarca do Eume

Igrexas Románicas da Comarca do Eume

Edita: Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Dirección Xeral de Política Lingüística

Promove: Círculo Filatélico “Eume” y Arte e Investigación “Eume”.

Presidente: Pablo Díaz Novo

Relaciones Públicas: Celestino Sardiña Fernández

Traductor: Rubén López Díaz

Enmaquetación e deseño: Marga L. Lamas

Portada: Blanca Prieto

Fotografía: Paulino Pérez-Mendaña

Debuxos: Marta de las Heras e Fernando Sarmiento

Imprime: López Torre

Depósito Legal: 1.163/97
I.S.B.N.: 605-6855-5

Se o románico é considerado como o primeiro estilo internacional, o primeiro dunha civilización occidental que logo de afastarse das dificultades dos primeiros momentos, camiña lixeira cara á modernidade, non é menos certo que soubo representar á perfección o sentir do noso pobo e afísoxe sen reservas ós seus homes e ás súas paisaxes. Nesa dicotomía entre o internacional e o local, a catedral do Apóstolo é o punto de inflexión: crisol aberto ás novas experiencias arquitectónicas, pero á vez escaparate. Seguindo o exemplo, a xeografía galega, desde as vilas máis poboadas ás aldeas máis recónditas, está inzada de igrexas románicas, que saben, na medida das súas posibilidades, incorporar os novos ideais, pero sen renunciar á súa vez nin á tradición, nin á innovación.

Lévase feito moito por estudar e comprender o fenómeno, pero cómpre seguir avanzando. Este é o sentido dunha obra como *Igrexas románicas da comarca do Eume*, que coa colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Xunta de Galicia saca á luz, fiel ó compromiso adquirido coa Historia e coa cultura. O seu autor, cunha metodoloxía diáfana, preséntanos un románico diseccionado nos seus parámetros elementais, quizais reducido en nómina, pero grande en calidade e rico en matices, con dúas igrexas, S. Xoan de Vilanova e S. Miguel de Brema, que xa de seu xustifican o esforzo. Un románico, en definitiva, que merece contar cun estudio detido, que axude a coñecer as súas calidades e difunda as súas excelencias.

A obra, polo demais, xermola nunha terra rica en historia e historiografía. A terra dos mosteiros de Monfero, Caaveiro, Brema e Montefaro; a terra dos Traba e dos Andrade; a terra de Couceiro, que tan brillantemente soubo historiar. Unha terra tan fértil e con tan boa semente, non pode senón dar bos froitos.

Sirva esta obra para o mellor coñecemento da comarca eumesa. Deste xeito tamén contribuímos á mellor calidade do ensino.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

As Sociedades “Círculo Filatélico Eume” e “Arte e Investigación” veñen impulsando e preparando, dende 1971, diversas publicacións de interese para a nosa Comarca, sempre baixo o lema “salvagarda-lo libro é ama-la vida”.

Con esta nova obra seguimos fieis a aquel propósito e á tarefa da difusión do libro e da cultura.

Ela é o resultado de máis de dous anos de arduo traballo, e pon de relevo o talento e o esforzo de Carlos de Castro, profesor de Xeografía e Historia do Instituto de Pontedeume, o cal soubo elabora-la con método, rigor, profundidade e exquisita sensibilidade.

Estamos seguros que marcará un fito nos estudos de arte románica da nosa Comarca, contribuíndo grandemente a seu coñecemento e difusión.

Pablo Díaz Novo

Presidente das Sociedades Culturais “Círculo Filatélico Eume”
e “Arte e Investigación” de Pontedeume

PRÓLOGO

O libro *Igrexas Románicas da Comarca do Eume*, escrito polo profesor Carlos de Castro Alvarez, un palentino arraigado en terras galegas, responde a unha loable iniciativa da Sociedade Cultural de Arte e Investigación “Eume”, que continúa así coa encomiable tarefa de estudar e difundir o rico pasado histórico-artístico dunha comarca coma a de Pontedeume, sempre grata en sorpresas para os investigadores, seguindo así, con todo entusiasmo, a liña emprendida anos atrás polo estudioso Antonio Couceiro Freijomil na súa monumental *Historia de Pontedeume y su comarca*, referente obrigado de toda investigación sobre a zona. A vontade emprendedora dese grupo de investigadores, entre os que se inclúe o autor do presente libro, favoreceu tamén a aparición de “Cátedra”, revista de estudos eumeses, desde as páxinas da cal se deron a coñecer importantes estudos.

Os desvelos e o calado traballo desta xente concretouse hoxe na feliz culminación dun exhaustivo estudio sobre as igrexas románicas da Comarca do Eume, un libro a través do que se analizan os seis edificios máis representativos, como son San Miguel de Breamo, San Xoán de Caaveiro (ámbolos dous antigos mosteiros de cóengos regulares de San Agustín), San Xoán de Vilanova, Santa María de Doroña, San Martiño de Andrade e San Pedro de Cervás, ademais dos escasos restos medievais conservados no Mosteiro de Monfero. Son edificacións cunha cronoloxía que vai desde mediados do século XI ata fins do XII, en que se constrúe San Miguel de Breamo, igrexas sinxelas dunha nave e ábsida semicircular, agás San Miguel de Breamo, que ten tres naves e cabeceira de triple ábsida.

O autor, ó mesmo tempo que estudia detalladamente cada unha destas igrexas, nos seus aspectos históricos e tipolóxicos, vai moito máis alá na súa exposición, xa que, sen dúbida pola súa formación de historiador, aborda unha análise de conxunto xeográfica e histórica que creo de sumo interese e imprescindible para poder abordar e comprender unhas determinadas manifestacións artísticas, como é o transcender do propio feito constructivo e inserilo no seu contexto amplo, que insira a obra en relación coa arte foránea; así se presenta no libro unha análise do románico da provincia da Coruña, como nexo máis próximo, pero tamén ó longo do texto atopamos precisas e acertadas referencias ó románico catalán, lombardo ou castelán. E esta visión supracomarcas permitiu tamén enfrontarse, creo que con éxito, a construcións tan problemáticas coma San Xoán de Vilanova ou San Miguel de Breamo, das que as referencias documentais proporcionan moi escasas novas, o que obariga á sempre arriscada análise estilística.

Entre os moitos méritos que contén o libro, un dos que máis destaca é o estudio de cada igrexa non como algo fechado, centrado só na obra medieval, senón que se nos presenta un organismo vivo que sofre avatares: derrúbase, amplíase ou transfórmase ó longo dos séculos. Isto é froito da consulta de tódalas fontes postas ó alcance do autor, e permítenlle expor e resolver algúns enigmas, como por exemplo o da fachada e campanario de San Pedro de Cervás, no que se recollen referencias desde 1110, pasando polas reparacións referidas no libro de visitas de 1791 ata a esclarecedora e patética descrición do estado da igrexa en 1937.

Todos estes argumentos, e mil máis que se poden argüir, fan que este libro sexa, a partir de agora, un punto de referencia inexcusable para o estudio da arte galega. A través das miñas palabras de eloxio cara ó libro tamén quero, ademais, facer patente unha mensaxe cara a unhas terras que, se ben non foron o meu berce, si me acolleron con toda a hospitalidade e a beleza que encerran, e das que disfruto ano tras ano.

Dolores Vila Jato

INTRODUCCIÓN

No verán de 1993, o Círculo Filatélico "Eume", o Centro de Iniciativas e Turismo "Ría de Ares" e a Sociedade de Arte e Investigación "Eume" organizaron unha exposición de fotografía sobre o románico na Comarca Eumesa, os comentarios da cal, a petición de D. Pablo Díaz Novo, presidente das tres sociedades citadas, tiven a honra de escribir. Este acontecemento supuxo o meu primeiro contacto co románico da Comarca.

Un ano máis tarde, D. Pablo Díaz concibe a idea de realizar un estudio detido do románico da Comarca, no coñecemento e difusión do cal tivera, e segue tendo, un protagonismo destacado a xa clásica obra de D. Álvaro Vázquez Penedo, *El Románico en la Comarca Eumesa*.

Foi entón cando me propuxen levar á práctica o proxecto, con non menos ilusión coa que abordara a idea da exposición.

É evidente que nos comezos sempre tivemos presente a obra de D. Álvaro. Pertence D. Álvaro á pléiade de estudiosos que, con Ángel del Castillo á cabeza, entre outros, estiveron chamados a realizar un importante labor de catalogación e divulgación do noso patrimonio arquitectónico en xeral, e do románico en particular. Co paso do tempo, despois do labor de catalogación, e xunto á tarefa de síntese, presente desde os primeiros momentos, continua e necesaria, os estudos do románico evolucionan nunha dobre dirección: por un lado realízanse estudos sistemáticos e comparados de determinados ámbitos espaciais; por outro, xurdiron por tódalas partes monografías que estudiaban de forma exhaustiva un ou varios edificios.

Con todo isto, o noso coñecemento dun estilo como o románico, que tan ben soubo aclimatarase á paisaxe galega e ó sentir dos homes que a poboan, non fixo máis que medrar. E é así como xa era posible recoller, cunha considerable esperanza de éxito, o guante que Fr. Gumersindo Placer lanzaba no prólogo do libro de D. Álvaro. Escribía Fr. Gumersindo que o libro abría "cauces para nuevas aportaciones de más amplios saberes y horizontes, en donde se estudie la procedencia y la entrada cronológica del románico en tierras del Eume, su inventiva, la originalidad de sus piezas, los particularismos del estilo, los elementos de construcción, los vaivenes históricos de transición, o destrucción, y los enlaces con estilos anteriores y posteriores; es decir, todo un abanico de posibilidades".

Pretendemos dar resposta ó reto lanzado e recollemos o guante con grande humildade, conscientes de que atoparíamos obstáculos e cometeríamos erros, pero convencidos de que, aínda así, merecía a pena, e de que os nosos erros serían aproveitados por outros "de máis amplos saberes e horizontes", co meritorio obxectivo de ir construíndo o edificio do románico da Comarca.

Para acometer a tarefa que nos impuxeramos, os nosos pasos encamiñáronse en dous sentidos: por un lado, a realización dun labor de campo, co fin de reunir un corpus de fotografías e datos cuantitativos, tanto da Comarca coma da provincia da Coruña, que nos permitiran a realización dun estudio comparado. Neste labor, loxicamente, non partiamos de cero; contabamos, ademais de coa obra de D. Álvaro e o

Inventario e as aportacións de Ángel del Castillo, coas realizadas polo Departamento de Historia da Arquitectura da ETSA da Coruña e con algúns estudos monográficos de igrexas románicas da provincia, abordados en memorias de licenciatura, teses de doutoramento ou artigos aparecidos en diversas revistas ou publicacións doutro tipo¹. Por outro, acometemos a busca de fontes documentais. É notorio como, con frecuencia, o historiador da arte románica renuncia a esta busca, consciente de que os arquivos parroquiais proporcionan unha documentación serodia, normalmente non anterior ó século XVI. Pero nós concibimos o edificio románico como un ser vivo que nace, ten unha dilatada vida, ó longo da cal muda en parte a súa epiderme e renova algún dos seus elementos, e, ás veces, chega a desaparecer substituído por un edificio doutro estilo. É por iso polo que non podíamos desprezar a consulta, onde os había, dos libros de fábrica e de visitas, verdadeiros diarios da pegada deixada polo paso do tempo nas igrexas. Pero, ademais, propuxémonos realizar unha pequena historia do entorno no que se encontraban enclavadas. Neste sentido foinos de gran axuda a transcripción do Tumbo de Caaveiro, meritorio labor realizado por Juan Carlos de Pablos Ramírez, recentemente publicado pola revista "Cátedra", baixo a tutela, revisión e ampliación dos profesores José Ignacio Fernández de Viana e M^a Teresa González Balasch.

En consonancia co que vimos expoñendo, pareceunos máis correcto o título de "Igrexas románicas da Comarca do Eume". Non nos impoñía unha estricta anotación cronolóxica, eximíanos da consideración dos restos que non alcanzaban a categoría de igrexa, do estudio dos edificios civís e daquelas manifestacións artísticas non ligadas á arquitectura. Debemos dicir, non obstante, que o eximente non foi de todo aproveitado, de xeito que, ó final, non resistimos a non adicar un apartado a Monfero e ós máis que dubidosos restos románicos de Chanteiro.

Unha obra así concibida pode que, con respecto á cronoloxía, non arrinque dunha metodoloxía adecuada, pero tampouco o pretendíamos; o noso estudio non é unha tese de doutoramento, e o único compromiso era o adquirido cos habitantes da Comarca.

A anotación espacial é a que viñeron establecendo as obras que nos antecederon e que foron acuñando o concepto de románico eumés. Deste campo prescindimos do estudio de S. Martiño de Xubia, non tanto porque a súa adscripción ó románico eumés sexa discutible, canto porque xa posúe un exhaustivo estudio monográfico: o realizado por M^a José López Pérez a raíz da súa memoria de licenciatura.

A obra estrutúrase en dúas partes ben diferenciadas, pero interrelacionadas: sen unha non se podería ter abordado a outra. Nunha primeira, fixemos unha análise de conxunto e intentamos dar resposta ó reto lanzado por Fr. Gumersindo; configúrase nela o románico eumés coma un conxunto dunha riqueza e heteroxeneidade indiscutibles, que ofrece un universo completo a través do cal podemos estudar a evolución do románico galego. Nunha segunda parte, abordamos o estudio da xeografía do románico deténdonos na análise de cada un dos exemplos. Cada estudio vai precedido dun apartado dedicado á historia. Ás veces, o único que puidemos facer foi aportar datos inconexos, sen a necesaria trabazón; pero ocorre que, cando tal acontecía, partiamos de cero. Na descrición dos monumentos, que procuramos estruturar nun esquema sinxelo, somos conscientes de que pecamos de exhaustivos, co risco de propiciar o aburrimiento do lector. Pero era necesario, o noso estudio tampouco é unha obra de síntese nin unha guía, senón unha base para realizar ese tipo de iniciativas cun certo rigor.

1. Véxase un compendio da bibliografía sobre o románico en Arte Galega, Estado de la Cuestión (1990). Á que debemos engadir as aportacións das revistas Brigantium, Anuario Brigantino, Abrente, Boletín do Centro de Estudios Melidenses, Historia Nova ou Cátedra, Revista Eumesa de Estudios.

Non quixera terminar esta introducción sen agradecer a D. Pablo Díaz Novo, verdadeiro inspirador deste libro, a axuda prestada e as continuas palabras de ánimo que fixeron difícil caer no abatemento. Agradecemento que tamén fago chegar a Don José Luis López Sangil, a quen debo, polos medios que puxo ó meu alcance e o acicate que supón o coñecemento do seu labor de incansable investigador, boa parte dos resultados deste estudio. O meu agradecemento a D. Francisco Chouza, cura de Cervás; D. Germán, de Vilar e Andrade; e D. Juan, sacristán de Breamo, pola paciencia demostrada; non menos que a de Alexandre Caínzos, Arquivista e Bibliotecario do Concello de Pontedeume, e a de Dona Pilar Martínez, sempre prestos a axudar en todo o que estea nas súas mans. A D. José M^a, Arquivista da Catedral de Santiago; e D. Antonio Cepeda encargado do Arquivo Histórico Diocesano pola amabilidade coa que me trataron. E ós responsables do Arquivo do Reino de Galicia, que teñen a meritoria virtude de facer que o labor de investigación sexa unha tarefa máis fácil e grata. Por último, non quixera terminar sen recordar con emoción a Paulino Pérez-Mendaña, quen desgraciadamente xa non se atopa entre nós, e con quen visitei algunhas das igrexas; el realizou as mellores fotografías que aquí aparecen.

Carlos de Castro Álvarez

Marco Geográfico e Histórico



Igrejas Românicas da Comarca do Fome

A Galicia litoral e prelitoral, entre o cabo Prioriño e A Coruña, posúe unha indubidable unidade na litoloxía aflorante, nas morfoestructuras do relevo, no modelado das costas, no clima, nas formas de poboamento e de explotación do espazo agrario; cunha paisaxe, en gran medida, non moi distinta do resto da Galicia costeira.

Predominan as lousas e os xistos de Ordes sobre as rochas básicas e os granitos; as rochas básicas aparecen en pequenos afloramentos dispersos, os últimos, utilizados para a construción das igrexas románicas, están amplamente representados no cabo Prioriño, serras de Forgoselo, arredores da Coruña ou montes do Gato. Son materiais precámbricos e paleozoicos da antiga cordilleira Herciniana, soporte dos relevos aplanados, que se estenden ó oeste das serras centro-occidentais. A proximidade destas á costa non permite un litoral amplo, realizándose a transición entre unha e outra por un conxunto de montes ou serras sen continuidade, que supoñen un primeiro chanzo no descenso cara á franxa litoral. Nesta mestúranse os outeiros coas chairas e os vales de suave pendente modelada en glacis. A meteorización do zócolo paleozoico e os procesos de sedimentación continental, que non alcanzan unha gran entidade, determinan a aparición de solos tipo ránker, ou terras pardas, máis aptas para o cultivo. Os ríos, co seu labor de disección diferenciado segundo a dureza dos materiais, contribúen a crear unha maior accidentalidade, chegando, nos casos máis extremos, a formar profundos canóns. As altitudes descenden en sucesivos chanzos ó aproximármolos ó mar: desde os máis de 700 m nalgúns outeiros do interior (alto de Veigarroiba, pico de Vales, Serrón do Lobo, Caxado, etc.), ós 100-300 ó aproximarse ó mesmo, pasando por un segundo chanzo en torno ós 600-400. Ó longo da costa, articulada nunha serie de rías que se dispoñen en abano alargando as comunicacións entre os puntos costeiros, sucédense as praias, coincidindo cos materiais máis brandos; e os promontorios que corresponden ós materiais menos inconsistentes.

O relevo así configurado permite que boa parte do espazo, alomenos da franxa litoral, sexa susceptible de ser cultivado, pero trátase dun espazo agrícola en costas, en franco retroceso en favor do hábitat e da pradería, que presenta serios problemas a unha agricultura extensiva moderna na que a incorporación masiva de maquinaria pesada é unha peza fundamental.

O poboamento é complexo. A poboación concéntrase nas capitais dos concellos, en pequenos núcleos, que non pasan da categoría de aldeas ou lugares, e dispérsase por tódalas partes en distintos graos. As maiores densidades rexístranse na costa, onde se asentán as poboacións máis importantes, coexistindo cun poboamento disperso, moitas veces intercalar. Cara ó interior, predominan os pequenos núcleos de orde aberta, ás veces con casas aliñadas seguindo as vías de comunicación.

Dentro desta semellanza, a comarcalización vén definida pola individualización das rías, pola compartimentación que introducen os ríos de dirección leste-oeste e pola presenza de núcleos de poboación cargados de historia.

Así é como boa parte deste espazo que vimos considerando o dispútanno tres comarcas: a Ferrolá ou antiga terra de Trasancos, ó norte do Belelle, en torno á ría de Ferrol e ó río Grande de Xubia; as Mariñas², nome co se tende a englobar toda a área, que abraza a ría de Betanzos, na que desembocan os ríos Mandeo e Lambre, e, entre ambas, a Comarca Eumesa, cunha personalidade determinada polo río Eume, a poboación asentada na súa desembocadura e a ría de Ares, que acolle a ambos.

2. Santiago MONTERO DÍAZ define as Mariñas como un territorio da provincia da Coruña, zona marítima dos partidos de Betanzos, Pontedeume e Ferrol. O nome aparece xa nun diploma do mosteiro de Xubia datado en 1162.

Pero, en todo caso, os límites comarcais, cambiantes ó longo da historia³, distan moito de estar ben definidos. A península na que se asentan os concellos de Ares e Mugardos, que se resisten a non ter unha personalidade propia, basculan entre a comarca Ferrolá e a Eumesa. O límite norte, parece estar sinalado polo río Beellelle, río que constituía o punto máis setentrional do primitivo alfoz de Pontedeume. Cara ó leste, a personalidade do couto de Caaveiro prolonga a comarca polo concello de A Capela, ata as freguesías de Ribadeume, Bermui e Faeira, marcando aquí o punto máis extremo o xiro que experimenta o Eume cara ó nordeste. Outro tanto sucede coas terras da antiga xurisdicción do mosteiro de Monfero, pero agora sen accidentes con personalidade suficiente para marcar os límites ata a serra da Loba. Por último, no sur, a transición entre as dúas comarcas prodúcese no espacio delimitado polo ríos Lambre e Baxoi, este segundo máis inclinado cara á Comarca Eumesa.

Non cabe dúbida, xa o dixemos, da importancia que adquire o río Eume na definición da Comarca. Nace na serra de Xistral e percorre 80 quilómetros ata chegar á ría de Ares. Ó saír do encoro do Eume, a cunca queda delimitada polas serras de Forgoselo e Queixeiro. É entón cando o río experimenta un espectacular encaixamento que non abandonará ata a desembocadura na Ría. Tal circunstancia favoreceu a conservación dun singular reducto de bosque atlántico, pero obstaculizou os desprazamentos norte-sur; ata tal punto que durante moito tempo a única comunicación posible co mosteiro de Caaveiro era a través de A Capela. O río Eume canaliza as comunicacións cara á costa, adquirindo a ponte da desembocadura, e a poboación que ó longo da súa historia se afanou por mantela practicable, unha importancia vital nestas comunicacións terrestres.

A ría de Ares abre a Comarca ó mar, fonte de riqueza pero tamén de perigos, anque o porto que acolle non permita o acceso dos barcos de gran calado. Entre ela e o monte Bremao, Pontedeume, vila medieval, atopou graves problemas de expansión ó

Pontedeume fúndase entre a Ría e o monte Bremao.



desbordar as súas murallas, feito que se produciu serodiamente. Daquela, convertida nun centro comarcal de servizos, estendeuse ó longo das vías de acceso e viu como Cabanas, na outra beira, medraba espectacularmente.

HISTORIA

Se para a Prehistoria e a Idade Antiga o pasado da Comarca, nos seus parámetros máis elementais, se atopa somerxido na máis completa escuridade⁴, o protagonismo alcanzado nela e nas comarcas limítrofes, ó longo da Alta Idade Media, por unha serie de mosteiros, permítenos esbozar un primeiro esquema da súa historia medieval. Protagonismo, en todo caso, paralelo ó que tivo a que se deu en denominar familia Traba e que ten a súa continuidade co non menor alcanzado pola casa de Andrade, seguindo un devir que xa soubo ver no seu día Couceiro Freijomil.

Os territorios de Pruzos e Bezoucos

A Comarca esténdese por terras de Pruzos e Bezoucos. Na actualidade son os nomes de dous arciprestados, pero antes da dominación romana debían designar dúas *tribus* (dous *populi*⁵) asentados nunhas terras cuns límites⁶ que se perpetuarán na administración eclesiástica.

A divisoria entre os dous arciprestados establécea o río Eume. Na súa marxe dereita, o arciprestado de Bezoucos comprende as terras situadas entre as rías de Ares e Ferrol, prolongándose cara ó leste coas freguesías que pertenceron ó couto de Caaveiro. Na marxe esquerda o arciprestado de Pruzos esténdese ata o río Mandeo, abarcando, cara ó leste, terras do couto de Monfero.

Se sabemos pouco da repercusión que tivo nos territorios de Pruzos e Bezoucos a presenza dos suevos, outro tanto podemos dicir do que sucedeu no tempo que media desde a configuración do reino visigodo á incorporación de Galicia á monarquía Astur. Debemos limitarnos a encher este baleiro con xeneralidades.

Con respecto ós primeiros hai que dicir que, segundo Hidacio e Osorio, no 411 se chegara a un acordo para o reparto entre os pobos invasores das provincias de Gallaecia, Lusitania e a Bética. Neste reparto, ó que non era alleo o debilitado poder romano, de maneira que o acordo tomou o carácter de foedus, ó pobo suevo correspondeulle a Gallaecia occidental. As imprecisas fontes das que dispoñemos⁷ non precisan como foi ocupada a Gallaecia setentrional. Pero en todo caso é indubidable que o reducido número dos invasores (uns 30.000) imposibilitaba un control efectivo do terri-

3. É curioso comprobar como o mapa que, en 1798, realiza o párroco de Pontedeume, D. Juan Valentín García, a petición do xeógrafo Tomás López, abarca desde o Eume ó Mandeo. O mesmo párroco sinala que sitúa o mosteiro de Montefaro por se a outro se lle pasaba (SORALUCE BLOND, José Ramón, *Descripción de la Villa de Puente de Heume, Año de 1798*. Realizada por D. Juan Valentín García).

4. Ese pasado existiu, pero carecemos dos estudos necesarios para podelo reconstruír. Os monumentos megalíticos a penas están inventariados e por estudar, con excepción do concello de Cabanas, que conta cun meritorio catálogo Arqueolóxico realizado por M^a Cristina Toscano, Javier Luaces, Rafael Penado e Santiago Ferrer. Outros estudos similares estanse a realizar no Concello de Pontedeume. Coa cultura castrexa e o período da romanización temos mellor sorte; pero os froitos son o resultado de achádegos illados, fóra de contexto, e dunha única intervención arqueolóxica na vila romana de Centroña, freguesía onde se sitúa un castro. O primeiro paso é o da catalogación, e este foi dado xa, por iniciativa do Concello: a catalogación de M. Alfonsín e V. Caramés, realizada en 1991, serviu como punto de partida á realizada por A. González Fernández e S. Ricart Guillot, que acaban de publicar un artigo no número 4 da revista "Cátedra" baixo o título *A ordenación do territorio presente a través da afirmación do espacio pasado. O patrimonio arqueolóxico en Pontedeume*. Polo que respecta ás fontes clásicas, son ambiguas e presentan tales problemas de interpretación que calquera consideración apoiada nelas pode levarnos a cometer graves erros.

5. Os romanos chamaban *populi* ás comunidades nas que non existía un núcleo importante de poboación que levase a cabo funcións de carácter administrativo. En caso contrario recibían o nome de *civitates*. A mediados do século II, Ptolomeo, na súa descrición de Hispania, só fala de *civitates*.

6. Estes límites non deberon ser moi distintos dos que configuran as freguesías que cita Jerónimo del Hoyo para principios do século XVII.

7. Véxase TORRES, Casimiro, *Galicia sueva*, Capítulo II.

torio, limitándose a establecerse no convento Xurídico Bracarense e manter gornicións militares noutros puntos como Lugo e Astorga. Este asentamento, tolerado e pacífico nun primeiro momento, derivaría en diversos enfrontamentos coa poboación autóctona, ou con parte; posto que as andanzas que realizaron polas outras provincias de Hispania, e que frearán os visigodos coa derrota que lles infrinxen xunto ó Órbigo, só parecen posibles co consentimento e complicidade da poboación de Gallaecia. De todas maneiras, a etapa sueva sáldase cun fortalecemento das aristocracias locais e cun reverdecemento da identidade de pobos que a romanización non conseguira esvaecer⁸; tamén con pasos decisivos na substitución do asentamento castrexo polo xa propio medieval de vilas ou aldeas; cun avance da cristianización, aínda embrionaria no século IV, da man da conversión en masa do pobo suevo, que renega do arrianismo, da presenza de Martín de Dumio e da celebración dos primeiros concilios, que combaten o priscilianismo e propoñense a primeira organización da igrexa galega.

É precisamente a documentación que xera estes intentos a que aporta os primeiros datos sobre as terras de Pruzos e Bezoucos. Na denominada *Parochiale Suevum* ou *Divisio Theodomiri*⁹, datada no terceiro cuarto do século VI, presuntamente realizada polo rei suevo-galaico Teodomiro no discutido Concilio de Lugo, faise unha distribución das igrexas en función da diócese á que pertencen. Nesta lista, nun principio, non aparecen *Prucios* nin *Besancos*, que serán interpolados con posterioridade con outras demarcacións da Galicia setentrional, o que leva a pensar que por estas datas e nesta parte de Galicia, se se exclúe o espazo ocupado polos "britones", non existían comunidades cristiás organizadas.

Na Crónica Iriense dise que Miro ou Mirón, no ano 610, no segundo Concilio de Braga, ó que acode o bispo de Iria Andrés, puxo baixo a sé de Iria, entre outras, as *dióceses* de *Prucios* e *Bezoucos*¹⁰. A nova é reproducida tamén na *Crónica de Santa María de Iria*¹¹. É evidente que o autor da Crónica Iriense tomou o ano pola era, pois sabemos que o segundo concilio de Braga, ó que efectivamente acode o bispo Andrés, celebrouse no 572; e Mirón, sucesor de Teodomiro, segundo S. Isidoro, morre no 583. Advertimos con isto que a distancia cronolóxica entre a *Parochiale* e a disposición de Mirón é mínima, ata o punto de que autores como Pierre David datan a *Parochiale* dentro do reinado do citado rei.

Son mencionados tamén os territorios de Pruzos e Bezoucos no denominado testamento de Odoario¹², documento que anque con data de 747, Pierre David e Luis Vázquez de Parga considéranos non anterior á segunda metade do século X. Pero a finais do século IX xa atopamos as primeiras mencións destes territorios no Cartulario de Caaveiro¹³.

8. Neste sentido é sintomática a resistencia que ofrece ós suevos un grupo indíxena como os aunoneses, que se cre situado entre a ría de Pontevedra e a montaña de Tui. Ou que os mesmos suevos emprendan unha operación de castigo contra os runcones, pobo que se tende a situar entre os Pirineos e Cantabria; ou, en fin, a mesma facilidade con que suevos ou britóns se asentan en Gallaecia ponnos de manifesto que Hispania tiña unha identidade en canto provincia do Imperio ou en canto territorio sometido a un poder central, pero non pola identificación, alomenos polo que respecta ás áreas máis setentrionais, dos seus habitantes cun estado.

9. Deste documento púxose en dúbida a súa autenticidade e cronoloxía. Véxase ó respecto TORRES, Casimiro, op.cit. pp. 278-281, e FARIÑA JAMARDO, José, *La parroquia rural gallega*, pp. 67-68.

10. Véxase a transcripción do documento en GARCÍA ÁLVAREZ, Manuel-Rubén, *Memorial histórico Español*, (R.A.H.), Tomo L.

11. Foi publicada en Cuadernos de Estudios Gallegos, Anexo V, 1951.

12. Véxase comentario crítico en FARIÑA JAMARDO, José, op.cit., pp.86-89.

13. Véxase FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS RAMÍREZ e GONZÁLEZ BALASCH., *El Tumbo de Caaveiro*, "Cátedra" nº3. No documento nº 11, datado no 890, Godesteio e a súa dona Alcedonia doan a porción dunha vila situada no territorio de Bisaguis. Chámanos a atención que no documento nº 10, datado no 914, se doe unha vila de Calavario situada en territorio de Bretonia, ¿Houbo asentamento de britóns nestas terras? Outros dous documentos fálanos da presenza de britóns: na denominada doazón de S. Rosendo faise a doazón a Caaveiro da igrexa de Santiago cos seus lugares, entre os que se atopan os de Bretonia e Britonia; unha delas é a actual Bretoña. O documento nº 14 é un preito entre netos de Egicani e os fillos de Gundulfus e Quintiliani, que o documento denomina homes de Britonia.

A batalla do Órbigo supuxo a tutela do reino suevo por parte do poder visigodo, e a política levada a cabo por Leovixildo, a desaparición, no 585, do mesmo reino suevo-galaico.

Co reino visigodo, sempre debilitado por loitas intestinas, que á fin favorecerían a súa desaparición, continuarán algúns dos procesos da etapa anterior.

A invasión musulmana non trouxo consigo unha presenza duradeira dos invasores na Galicia situada por enriba da liña Astorga-desembocadura do Miño. Mais, como non podía ser doutro xeito, non deixou de ter consecuencias; entre elas o desprazamento de poboación das áreas afectadas pola invasión ás que quedaron á marxe, a desaparición dun poder por enriba das aristocracias ou caudillos locais, posuidores de boa parte da propiedade da terra, e unha serie de desaxustes na organización eclesiástica: sabemos, por exemplo, que varios bispos se refuxiaron na Diocese Iriense, recibindo diversos distritos ou granxas para o seu sustento; e que o bispo da destruída sé de Britonia terminaría fuxindo a Oviedo, onde aparece unha nova sé que asume os dereitos daquela. Parece ser que daquela os "distritos" de Pruzos e Bezoucos foron agregados á Diocese de Oviedo.

No 830 Tructino ou Truccino, comisionado por Afonso II, desprázase á sé de Iria coa fin de asignar ó bispo Adulfo certos distritos e igrexas. No documento redactado dise: *In besauos ecclesia sce. eulalie in caurio. scm. uincentium in carois. scm. tirsum in magobre. sca. eulalia in lubre. scm iulianum in siliobre. scm. iacobum iuxta siliobre. In comisso de plutios. scm. xpoforum ad eume. latum portum. scm. martinum in tiobre*¹⁴. López Ferreiro interpreta que o que se entrega á sé de Iria son igrexas *offertionales*, é dicir, igrexas pertencentes ó Rei e polas cales recibía un canon chamado *offertio*.

Esta interpretación tamén a fixo extensible López Ferreiro¹⁵ ó diploma outorgado, no 866, por Afonso III á Igrexa de Mondoñedo e ó seu bispo Sabarico I. No diploma consígnase a dito bispo *diocesim illam, quae vocatur Trasancos et Besancos et Prucios cum omnibus terminis suis procedentibus usque ad aquam de Junqueras. Insuper addimus tibi illas ecclesias de Salagia per aquem de discessu usque ad montem qui vocatur Neni*, manifestando que as igrexas eran do Monarca e pasaban ó bispado de Mondoñedo en propiedade, o que evidencia que non eran igrexas diocesanas. Sen embargo, desta interpretación non participa Flórez¹⁶. Segundo este autor, a sé de Dumio, asentada preto de Braga foi destruída polos sarracenos a mediados do século IX. No 866 o bispo dumiese Sabarico foxe do territorio de Braga e aséntase en S. Martiño de Mondoñedo, onde o Rei



Mapa da Comarca, realizado en 1798 polo daquela cura párroco de Pontedeume, Don Juan Valentín.

14. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Tomo II, Apéndice, nº II, p. 7.

15. Idem, op.cit. Tomo II, cita 2, p. 154.

16. FLÓREZ, Enrique, *España Sagrada*, Tomo XVIII, Capítulo IV, pp. 60-63.

lle sinalou xurisdicción, "...concediéndole á *Trasancos*, *Abeancos*, y *Prusios* con sus términos hasta el agua Junqueras. Añadióle las Iglesias de *Salagia*, por donde corre el agua hasta el monte *Neni*: y esto dice te lo damos por la Diócesis de Asturias que aplicamos á la Sede de Oviedo: y de aquí adelante se tenga esto por apartado de nuestro derecho, y del dominio de todos los hombres, para que tú y los sucesores lo posean en entero"¹⁷. Sabarico I sería o primeiro bispo Dumiense en Mondoñedo, a quen sucede, no 877, Rudesindo I, mentres que a diócese pasaría a chamarse Minduniense.

No 915 Ordoño II reúne un concilio en Compostela ou en Zamora que intentará restablecer a primitiva demarcación da Diócese de Iria alterada pola invasión, tal e como estaba nos antigos Canons. Este restablecemento consistía na incorporación dos territorios de Trasancos, Labacencos, Nemarcos, Célticos e Carnota, en mans do bispo de Lamego; e os de Nendos e Bergantiños, en mans do de Tui; e posiblemente os territorios de Pruzos e Bezoucos agregados á Diócese de Oviedo, se non pasaran xa á Diócese de Mondoñedo. No 1019, nunha sentenza¹⁸ de Afonso V, recoñecía-se que Pruzos, Bezoucos e Trasancos, entre outros territorios, pertencían á Diócese de Compostela. Non deberon ter as disposicións un total cumprimento cando en 1102 comeza un longo preito entre a sé Compostelá e a de Mondoñedo polos arcebispados de Seaya, Bezoucos, Trasancos, Labacencos e Arros. Tras unha resolución do preito no 1110, co xuramento de obediencia que fan os representantes dos sinalados arceprestados á sé de Santiago, a cuestión quedou definitivamente resolta co acordo asinado en 1122 entre Munio, bispo de Mondoñedo, e o arcebispo de Santiago, polo que os arceprestados de Bezoucos e Seaya eran xurisdicción da Igrexa de Santiago e os outros da de Mondoñedo. Posto que no preito non aparece implicado Pruzos, é de supoñer que, a diferenza do de Bezoucos, fora efectivamente restituído á sé Compostelá con anterioridade ó mencionado preito.

Mais, pasando do eclesiástico ó estrictamente político, a integración de Galicia dentro da órbita da monarquía Astur non tardaría en producirse, e isto non sen algunha resistencia. Un primeiro paso dáse no período que vai do reinado do rei Silo (774-783) ó de Afonso II o Casto (791-842). Co seu sucesor, Ramiro I (842-850), seguindo a Ermelindo Portela¹⁹, a aristocracia galega participa nas loitas de poder ó trono de Asturias e no ensanchamento do reino, sendo a utilización do título condal unha proba da convivencia da aristocracia galega coa monarquía asturiana.

É probable que, nun primeiro momento, as aristocracias locais, nalgúns áreas, controlasen uns territorios que coincidían cos antigos *populi* e que se converteron en *commissos*. López Alsina²⁰ reconstrúe o mapa dos *commissos* do noroeste de Galicia e os seus nomes veñen a coincidir cos utilizados na organización territorial da Igrexa. Pero, ¿quen estaba á fronte destes *commissos* e que supoñía o título de conde? Contestando á pregunta, Ermelindo Portela escribe: "Al frente de esos distritos se situaban los miembros de la aristocracia laica, algunos de los cuales -independientemente del ejercicio de esta función administrativa- ostentaban los títulos de dux o comes; el primero, como título honorífico vinculado tal vez a la función militar, y el segundo, como indicador de una mayor proximidad al monarca".

Sabemos que, no 899, entre os que asisten á consagración²¹ da igrexa de Santiago de Compostela atopábase un tal conde Silo procedente do territorio de Pruzos. E o

17. Idem., op. cit. Tomo XVIII, pp. 61-62.

18. LÓPEZ FERREIRO, op. cit. Tomo II, Apéndice, nº LXXXVI, p. 209.

19. PORTELA SILVA, Ermelindo y PALLARES MÉNDEZ, M^a del Carmen, *Galicia en la época Medieval*, tomo II, p.77.

20. LÓPEZ ALSINA, F., *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, p. 164.

mesmo conde que se menciona como membro da curia rexia do rei Afonso III (866-910)²². No 922 o bispo de Santiago Gudesindo enfrontase con Recaredo, de Lugo, por determinados dereitos nos condados de Pruzos e Bezoucos. A cuestión resólvese en León, en presenza do rei Ordoño. En todo caso, como dixemos, a cuestión non estaba relacionada coas delimitacións da diocese, senón con determinados dereitos políticos e civís dos habitantes dos comissos. O dictame que se deu establece que Recaredo disfrute da metade das rendas que no civil tributaban os condados, e que á súa morte pasasen ó señorío do Bispo de Santiago²³.

Na doazón²⁴ que realiza S. Rosendo a Caaveiro menciónase a un conde D. Afonso con propiedades nas terras de Pruzos, que atopamos tamén confirmado en varios documentos de doazón.

É indubidable que quen exerce o poder concentra boa parte da propiedade da terra. Pero estas propiedades dispérsanse ó longo da xeografía galega, anque poida existir unha área de maior densidade, aumentan ou diminúen en relación coas loitas de poder que se producen en torno á sucesión ó trono; e fragmentáanse, en función dos mecanismos de transmisión da herdanza, de xeración en xeración. Só a endogamia ou a fundación de mosteiros familiares poden mitigar en parte o proceso. Tampouco se pode falar, en teoría, de liñaxes nin de transmisión hereditaria dos títulos ou as funcións, o que, unido ó exposto anteriormente, produce, no século XIII, un esgotamento da nobreza altomedieval. A nova nobreza que lle sucede, que ten o seu paradigma na Comarca Eumesa nos Andrade, arbitrará mecanismos para perpetuarse ata a Idade Contemporánea; a anterior, a penas o conseguira ó longo duns poucos centos de anos e a súa desaparición ponnos en evidencia que a práctica non foi acompañada pola elaboración dunha doutrina nin uns instrumentos legais que posibilitasen a súa perpetuación.

Protagonismo da alta nobreza e dos mosteiros.

Para o caso que nos ocupa, a aristocracia altomedieval está representada pola familia Froilaz, Petri ou mal chamada familia Traba²⁵.

A que denominamos familia Froilaz formábana, nun primeiro grao, os fillos de don Froila Bermúdez habidos coas súas dúas mulleres, Elvira de Faro e Lucía: entre outros, don Gonzalo, que chegaría a ser bispo de Mondoñedo; dona Munia, fundadora do mosteiro de S. Salvador de Pedroso e monxa, tras enviuar, do mosteiro de Xubia, xunto a súa irmá Visclávora; don Rodrigo, almirante dos portos de Galicia; e don Pedro Froilaz, conde de Galicia, personaxe relevante da Galicia altomedieval, educado e criado por Afonso VI, e á súa vez responsable da crianza e educación de Afonso VII, por quen loitaría denodadamente ata velo como rei de Galicia, Asturias, León e Castela.

Pouco sabemos de don Froila Bermúdez. Ó parecer ostentou o título de conde. Posiblemente sexa o mesmo conde Froilán que propiciou a morte do bispo Gusdesteo,

21. LÓPEZ FERREIRO, op. cit., Tomo II, p.192.

22. SAMPIRO, ed. PÉREZ DE URBEL, p. 291.

23. Véxase LÓPEZ FERREIRO, op. cit., Tomo II, p. 278- 279.

24. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS RAMÍREZ e GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 1.

25. Véxase sobre esta familia o extenso e documentado traballo que co título de *La familia Traba-Froilaz en la Edad Media gallega* realizou José Luis LÓPEZ SANGIL, Estudios Mindonienses, nº 12, 1996.

26. Historia Compostelana, traducida polo R. P. FR. MANUEL SUÁREZ, Libro Primeiro, Capítulo 2, p. 28. Existen dúbidas ó respecto. Cando estalou un conflito similar ó que motivou o asasinato de Gusdesteo entre o Arcebispo de Santiago e o conde Fernando Pérez, recoñécese que é un conflito que xa se suscitou cos seus predecesores, e causa da morte do Bispo, de quen se culpa a uns tiranos, evitando, quizais, nomear ó avó do Conde (Libro Terceiro, Capítulo 37, pp. 478-479).

episodio do que dá conta a Compostelana²⁶. Morreu por volta do 1091 e foi soterrado en S. Martiño de Xubia²⁷, considerado como o mosteiro da familia nestes primeiros momentos.

Xa dixemos que don Pedro Froilaz foi criado na corte de Afonso VI, non sabemos que circunstancias levaron a este feito; algún autor apunta que en realidade foi unha garantía para ter as mans atadas do pai, posiblemente partidario do deposto rei de Galicia D. García. Se foi así, moi ben debeu de ser tratado polo Rei, posto que se converteu no principal valedor dos intereses do seu neto. Non é, por iso, nada estraño que trala morte de Raimundo de Borgoña, marido de Dn^a Urraca, se convertese en conde de Galicia. Con anterioridade a esta data aparece no Cartulario de Caaveiro como conde de Trastamara: nun diploma do 1092 dise: *Et comes Dompnus Petrus de terra de Sancto Iacobo usque in aqua de Saur*²⁸. Outro diploma²⁹ do 1103 é aínda máis preciso: *Terra Sancti Iacobi de finibus Tamar usque in finem Sauri, imperavit comite dompnus Petrus cun uxore comitissa dompna Maior*. Destas referencias deducimos que Trastamara, termo que se utiliza expresamente noutros diplomas, era un condado con límites coñecidos. Mais, ¿cales eran estes? O termo trastamar viña a significar detrás do Támara ou do río Tambre. Os territorios que comprendía estarían situados na marxe dereita do citado río, abarcando a parte noroccidental da actual provincia da Coruña, coincidindo co espacio ocupado polo arcediagado do mesmo nome³⁰. Mais se os límites occidentais son os sinalados polo río Tambre e o mar, ¿cal é o límite oriental? Non ten sentido, como algún autor quixo ver, considerar que o río Saur ou Sour é o Sar, afluente do Ulla; máis ben podería ser o Sor, río que desemboca na ría do Barqueiro, situada ó leste de Ortigueira, e que hoxe marca a divisoria provincial. Esta interpretación non está tan en desacordo coa afirmación de López Ferreiro, quen escribiu que os seus dominios (os de don Pedro Froilaz) “se extendían desde las fuentes del Tambre hasta el océano, y desde el puerto de Noya hasta Puertedeume”³¹. Este condado, na práctica, non tiña que formar, e de feito non formaba, unha unidade xeográfica, posto que del escapaban todos aqueles territorios que deixaran de ser de reguengo; así, por exemplo sucedía cos de Montaos e Faro, que desde o século X pertencían ó dominio xurisdiccional de Santiago. Ó longo do tempo, a monarquía ía repartindo señoríos, establecendo privilexios de couto e concedendo cartas-póboa; de tal xeito que, a mediados do século XV, o condado de Trastamara, que concede Juan II á liñaxe dos Osorio de Villalobos, era un queixo “gruyère” e un título, máis ca outra cousa. É así como se entende que no recoñecemento que fai o conde don Pedro, de Trastamara, de Lemos, etc., da doazón de As Pontes a García Rodríguez, diga *la cual dicha villa pertenecía al mi condado de Trastamara*³². Con anterioridade a esta concesión³³, o condado pasara de don Rodrigo Gómez, posiblemente morto en 1262, a súa irmá dona Sancha Gómez; e dela, a dona Mofalda Manrique de Lara, quen casou co infante don Afonso. O matrimonio tivo unha filla, dona Blanca, herdeira do título de Señora de Molina e condesa de Trastamara. Antes de morrer, por testamento outorgado en 1293, concede a Sancho IV o Señorío de Molina e o condado de Trastamara, co que dito condado tornou á coroa de Castela. Afonso XI nomeou a don

27. PEÑA GRAÑA, Andrés, *Narón un concello con historia de seu*. Inserta o documento que dá noticias do falecemento na páxina 58 e 113 (nota 11). Considera que anque o documento está datado no 1081, a súa morte produciuse dez anos despois. Esta corrección non está en desacordo cun documento do cartulario de Caaveiro, con data de 1091, polo que Pedro Froilaz doa ó citado mosteiro unha herdade “*in diebus Froila Veremudiz*” (FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS e GONZÁLEZ BALASCH, op. cit. nº 18).

28. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit. nº 73. Vólvese repetir o mesmo no diploma nº 69.

29. Idem., op. cit., nº 193.

30. Sabemos pola Compostelana que cara ó 1130 era arcediago de Trastamar Arias Múñiz (p. 441). Véxase LÓPEZ FERREIRO. *Historia de S.A.M.I. de Santiago de Compostela*, Tomo IV, p. 148 ss.

31. LÓPEZ FERREIRO, Antonio, op. cit. Tomo III, p. 323.

32. Arquivo Palacio de Liria (Madrid) dos Duques de Alba. C. 189.9. Publicado o documento en Fernando URGORRI CASADO, *Nuevos datos sobre el primitivo conde de As Pontes y sobre el señorío de los García Rodríguez*, Boletín del Semanario de Estudios Mariñáns, nº 3, 1987.

33. Véxase José Luis LÓPEZ SANGIL, op. cit., capítulo VI.

Alvar Núñez, un dos pesos pesados dos primeiros anos do seu reinado, señor de Cabrera, Ribera e conde de Trastamara, títulos que mantivo ata caer en desgracia e ser axustizado. Pasaría daquela a un dos fillos ilexítimos do citado Afonso XI habidos con Leonor de Guzmán: o futuro Henrique II, quen terminaría poñendo á fronte da Casa de Trastamara a un sobriño seu, don Pedro Enríquez de Castro.

Non hai dúbida da pertenza das terras de Trasancos, Bezoucos e Pruzos a este Condado. Esta afirmación é corroborada por numerosos documentos de doazón, nos que, ó lado da data e o rei gobernante, con frecuencia se menciona o nomeado conde ou tenente que goberna a terra onde se sitúa a herdade doada, xunto a mordomos, prestameiros, saíóns, señores de segunda categoría, vasalos de condes e tenentes; mencións que nos permiten entrever cales eran as estruturas de poder. Os exemplos son numerosos: nun diploma do 1098, no que dona Visclávura Fróilaz doa a Caaveiro a súa parte da igrexa de Boimiri (Bezoucos), confirma un tal *Veremudus Ataniz, qui reget terram Bisaguis sub manu comite donnus Petrus*³⁴. Noutra doazón³⁵ do conde don Pedro, con data de 1108, imperante en Gallaecia, aparece don Roderico Froylaz rexentando Pruzos. En torno ó 1114 quen rexenta Bezoucos é o bispo don Pedro³⁶, figurando como mordomo un tal Veremudo Rageiz. Sendo don Fernando conde de Galicia, seu irmán don Bermudo Pérez³⁷ aparece como *tenente in Caamouquo*. A mediados do século XII advertimos que, anque o título de conde de Galicia e de Trastamara segue recaendo nos descendentes de don Pedro (e seguirá ata Rodrigo Gómez), os distintos territorios pasan a ser rexentados por prestameiros; ás veces, por dous, non necesariamente pertencentes a dita familia. Este feito, que se xeneraliza en tempos do conde don Gómez González, supón unha fragmentación no goberno dos antigos territorios³⁸.

Dixemos que á morte de Raimundo de Borgoña, acaecida no 1107, o título de conde de Galicia recae en don Pedro³⁹. No Cartulario de Caaveiro, este título alterna co de conde de Trastamara, aparecendo repetidas veces o nome de don Pedro asociado ó de seu irmán don Rodrigo Fróilaz, a quen nun documento se lle atribúe o título de almirante (*Comes donnus Petrus in Gallecia et frater eius, Rodericus Froyle, admirante*)⁴⁰. En varios documentos atopamos a expresión *comes domnus Petrus in Calamouquo*⁴¹, nome que aparece tamén asociado a don Bermudo Pérez, a quen se cita como tenente. Pensamos que non debemos atribuír, como fixo Couceiro Freijomil, a don Pedro o título de conde de Caamouco; senón que en Caamouco, seguramente, a familia tivese un dos lugares de residencia.

Despois da morte de don Pedro, acaecida en 1128⁴², o título de conde de Galicia

34. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 122. Como ben sinala Concepción YÁÑEZ CIFUENTES (*La formación y explotación del dominio territorial del monasterio de Caaveiro*, p. 16) Atán Froilaz e os seus descendentes ocuparon durante anos o cargo de prestameiros nos territorios de Pruzos, Bezoucos e Trasancos, nos que tamén concentraban propiedades en sectores illados. Este cargo supuña o desenvolvemento dunha función pública inferior ós tenentes.

35. Idem., op. cit., nº 148.

36. Idem., op. cit., nº 53. Véxase o dito deste Bispo na monografía de Caaveiro.

37. Idem., op. cit., nº 50, 51, e 82, nos tres existe erro de datación e no último confúndese a D. Fernando con D. Pedro.


38. Así, por exemplo, nunha "carta de familiaridade" (nº 232), con data de 1187, cítase como prestameiros a don Nuno Pelaiz e a don Roderico Gondisalvi, o primeiro sabemos que o era de Trasancos (documento nº 144), o segundo no val de Silobre (nº 106). No 1220, os prestameiros de Silobre son Lupus Nuniz y Matheus Ruderici (nº 119).

39. Así aparece nun diploma de 1108 (nº 148).

40. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 131, o documento está mal datado. Noutros dous documentos (nº 29 e 83) atopamos tamén asociados os dous nomes.

41. Idem., op. cit., nº 88 e 85.

42. Así o considera José CAMPELO ("Introducción", "Historia Compostelana", p. LVI, nota 7 e LÓPEZ FERREIRO, op. cit., t. IV, pp. 136 ss) deducindo do relato que nos proporciona a *Historia Compostelana* (Libro III, cap. 3, pp 422 ss.). Sen embargo, atopamos no Tumbo de Caaveiro un documento (nº 30) de doazón con de 1133, en tempos do "*comes domnus Petrus Tenente Gallaecia*". Posiblemente esteamos ante un erro, pois é evidente que á altura de 1120 don Pedro xa perdera, no relato que nos proporciona a Compostelana, todo protagonismo, que pasou a seu fillo, a quen vemos intervindo na disputa que se establece entre seu irmán don Bermudo e o Arcebispo de Santiago polo Castelo de Faro (Compostelana, p. 325).



- Alfoz de Pontedeume
- Couto de Andel
- Couto de Andrade
- Couto de Caaveiro
- Couto de Camouco
- Couto de Caranza
- Couto de Breamo
- Couto de S. Martiño do Porto
- Couto de Miño
- Couto de Monfero
- Couto de Nogueirosa
- Couto de Pedroso
- Couto de Vilachá
- Couto de Xubia

Mapa dos señoríos xurisdiccionais de Pruzos e Bezoucos na segunda metade do século XIII.

pasou a seu fillo don Fernando Pérez, quen, xa no 1121 aparece na documentación co título de conde⁴³; ás veces, asociado o seu nome ó de seu irmán don Bermudo. Don Fernando debeu de morrer en torno a 1154, posto que, nese ano, gravemente enfermo, fai testamento⁴⁴, deixando a Caaveiro unha herdade preto da igrexa de S. Xulián de Carantoña.

Como é sabido, o título condal pasará a don Gonzalo Fernández, que o ostentará durante pouco tempo⁴⁵; e deste a Gómez González, e á súa morte, acaecida por volta do 1211, pasará a seu fillo Rodrigo Gómez. Estes condes aparecen na documentación como condes de Trastamara, príncipes trastamarenses, tenentes comitatus, príncipes de Galicia ou, xa no século XIII, atopamos a expresión de "Rico Hombre Trastamarensi".

É evidente que o título de conde de Galicia estivo unido ó de Trastamara, que se en teoría non se herdaba, na práctica, ó longo da Alta Idade Media, foi monopolizado polos descendentes de don Pedro.

43. Na Compostelana, por estas datas alúdese a don Fernando como cónsul en Portugal (p. 326). No Tumbo de Caaveiro tres documentos datados en 1123, 1125 e 1126 (nº 57, 89 e 81) mencionan a Don Fernando como conde. Outros documentos de data anterior deben de ser considerados erroneamente datados.

44. FERNANDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 191. Sen embargo, no Tumbo aparece como conde en documentos de 1156 e 1157 (nº 208 e 96). Posiblemente esteamos ante un erro, posto que no Tumbo do mosteiro de Sta. Mª de Oseira, nun documento datado en 1155, menciónase a Gonzalo como conde de Trastamara (ROMAI MARTÍNEZ, Miguel, *Colección Diplomática do Mosteiro Cisterciense de Sta. Mª de Oseira*, Vol. I, d. 31, p. 36).

45. Como máximo desde 1155 a 1163, a partir desta data aparece mencionado no Tumbo de Caaveiro o conde Gómez González. José Luis LÓPEZ SANGIL, en op. cit., considera que debeu morrer no 1161.

A familia, ademais, concentrou nas súas mans un importante volume de propiedades, dispersas, e non só situadas no condado de Trastámara⁴⁶, que os mecanismos de herdanza, e a xenerosidade que mostraron cara ós mosteiros, irían disipando.

Efectivamente, coñecemos, apoiados nunha documentación abundante, a relación, por unha ou outra razón, que os distintos membros da familia Petriz mantiveron cos mosteiros de Caaveiro, Monfero, Xubia, Pedroso, Sobrado, Oseira, Xenroso, ou Nogueirosa, entre outros. Deles interéсанos deternos nos que recibiron propiedades na Comarca do Eume.

A través destas doazóns, que a mencionada familia realiza ós mosteiros de Caaveiro, Xubia, Pedroso, Sobrado, Nogueirosa ou á igrexa de Santiago, podemos ter unha visión aproximada das posesións e beneficios que a familia reunía nas terras de Pruzos e Bezoucos. É indubidable que no reparto de herdades e beneficios cada mosteiro posúe a súa área de influencia; e así, mentres que as propiedades recibidas por Xubia e Pedroso se concentran principalmente na terra de Trasancos, as de Caaveiro, Nogueirosa e Monfero fano en Pruzos e Bezoucos. As outras entidades de fóra destas terras, reciben as propiedades de maneira máis aleatoria.

O conde don Pedro, nas primeiras décadas do século XII e en documentos diferentes, doa ó mosteiro de Caaveiro a terceira parte de Sta. M^a de Doroña, a sexta de Sta. M^a de Castro, propiedades en Sta. M^a de Taboada e S. Martiño do Porto⁴⁷. Rodrigo, xunto coa súa muller Guncina, doa, polas mesmas datas, herdades en Carantoña, Sta. M^a de Castro, S. Salvador de Maniños, Franza, Perlío e Barallobre⁴⁸. Munia fai o propio en tres documentos⁴⁹ datados en 1114, 1147 e 1155, polos que fai entrega ó mosteiro de herdades en Barallobre, Brianca, (Doroña), Cabanas e Eirís. De dona Visclávava coñecemos un documento⁵⁰, con data de 1098, polo que cede a súa parte da igrexa de S. Xorxe, xunto ó castro de Boimiri, en terras de Magalofes. Por último, dona Hermesenda Fróilaz, en 1100, coa súa filla Urraca Cresconi, doa o lugar de Chantelos e da vila Lidurana⁵¹.

Dos quince fillos que tivo don Pedro Fróilaz, só dona Toda Pérez, don Fernando Pérez e don Bermudo Pérez tiveron en conta a Caaveiro. Dona Toda, xunto co seu home o conde Gutiérrez Bermúdez, en 1122, doa ó mosteiro unha servicialía no val de Nogueirosa⁵². Don Fernando, nun documento⁵³ posterior a 1121, xuntamente con seu irmán don Bermudo, doa unha serie de herdades en S. Martiño do Porto. Pouco antes de morrer, en documento⁵⁴ de 1154, doa a Caaveiro unha vila en S. Xulián de Carantoña. Polo que respecta a don Bermudo, ademais da doazón que realiza xunto a seu irmán don Fernando, coñecemos outra doazón⁵⁵, de incerta datación, pola que entrega ó mosteiro un campo no lugar de Froylani, en S. Martiño do Porto.

46. Véxase a Compostelana, Capítulo 94, p. 169 (Edición Fr. MANUEL SUÁREZ).

47. FERNANDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., números 177, 148 e 53.

48. Idem., op. cit., nº 83, 99, 29, 197 e 205.

49. Idem., op. cit., nº 91, 183 e 42. Posiblemente este último estea erroneamente datado, ou se trate doutra Munia se como nos di CAL PARDO, dona Munia morre entre 1145 e 1148. O feito de que este documento, como soe facer, non aluda á súa condición de monxa ou ó seu proxenitor, inclínase cara á segunda hipótese.

50. Idem., op. cit., nº 122.

51. Idem., op. cit., nº 68.

52. Idem., op. cit., nº 159.

53. Idem., op. cit., nº 51. O documento está datado no 1104, o cal resulta imposible se temos en conta que non é conde ata 1121. No Cartulario de Caaveiro existe unha gran confusión á hora de atribuírlle o título de conde. Menciónase como conde en diplomas que van de 1104 ó 1172. Só os datados entre 1121 e 1155 ofrecen garantías de estar ben datados.

54. Idem., op. cit., nº 191. Chámase a atención sobre o incorrecto da referencia a Diego Xelmírez e a Pedro, bispo de Mondoñedo.

55. Idem. op. cit., nº 50.

O mosteiro de Nogueirosa foi fundado por Bermudo Pérez con anterioridade a 1150⁵⁶. En 1151 era ocupado por monxes que don Bermudo fixo traer de S. Xusto de Toxosoutos. En documento⁵⁷ dese mesmo ano a infanta Dña. Urraca, muller de don Bermudo, promete ser monxa de Nogueirosa, mostra o seu desexo de ser soterrada no mosteiro e doa o que ela e don Bermudo tiñan en Vilar, Nogueirosa e Bañobre; engadía don Bermudo as posesións que tiña *in villa beati Jacobi*⁵⁸. Cando Dña. Urraca se retirou á vida monástica, durante varios anos viviu con outras monxas nunha das mellores igrexas do couto de Nogueirosa, acondicionada como mosteiro; e iso ante a negativa dos monxes vidos de Toxosoutos a admitir mulleres no mosteiro que empezou a construír don Bermudo e que eles terminaron. Pero no 1161, a petición de D. Bermudo, e non sen unha previa compensación, os monxes de Toxosoutos volveron ó seu antigo mosteiro, pasando as monxas a ocupar o de Nogueirosa. Á morte da infanta, o mosteiro foi abandonado e convertido nunha granxa que don Bermudo doa⁵⁹, non sen a oposición dos monxes de Toxosoutos, a Sobrado.

As doazóns máis importantes que fixeron en Bezoucos don Pedro e os seus descendentes ó mosteiro de Xubia sitúanse principalmente en Santiago de Franza e Perlío⁶⁰; coñecemos unha en Porto⁶¹ e outra en Reguela⁶². A doazón de maior entidade fíxoa don Pedro en 1125; consistía na terceira parte da igrexa de Pervis⁶³ e na cuarta da de Santiago de Franza, a igrexa de S. Pedro de Grandal enteira e parte das igrexas de S. Estevo de Eirís e Santiago de Barallobre⁶⁴.

Non son moitas as doazóns⁶⁵ que os Traba realizaron en terras de Pruzos ó mosteiro de Monfero: Don Fernando Pérez dooulle o mosteiro de S. Isidro de Callobre coas súas herdades e pertenzas, ás que hai que unir as que diversos membros da familia, especialmente Dña. Lupa, realizan en Buriz, e, en menor medida, en Callobre, Xestoso e Santa Xuliana.

Paralelamente ó protagonismo alcanzado pola familia Traba e, como sinalamos, coa complicidade da mesma, asistimos, desde o século IX, á aparición, ascenso e consolidación dos dominios monásticos. O proceso (protagonizado por beneditinos e, nun segundo momento, por cóngos regulares e cistercienses) leva consigo unha dobre

56. As noticias da fundación e da súa curta vida son narradas no *Cronicón manuscrito de Santa María de Sobrado*, do Padre Mauricio de Carbajo. Na biblioteca da Universidade de Santiago existe unha copia realizada por Benigno Cortés en 1901, sig. 587, fol. 492 orixinal e seguintes.

57. VAAMONDE LORES, César, *Ferrol y Puente deume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV*, p. 47.

58. Véxase o que ó respecto desta *villa beati Jacobi* se di no epígrafe que adicamos á aparición da vila de Pontedeume.

59. No *Cronicón manuscrito de Santa Mª de Sobrado* dise que don Bermudo Pérez deu aqueles mosteiros, igrexas e facendas do couto de Nogueirosa ó mosteiro de Sobrado. Iso supón a existencia dun couto cunha xurisdicción que non debeu de pasar de momento ó mosteiro que recibe a doazón, tampouco pasou ás súas mans a totalidade de terras que don Bermudo tiña en Nogueirosa, posto que os seus descendentes seguiron doando herdades ó mosteiro naquel couto. As primeiras mencións deste couto, dentro do que se atopaba a freguesía de Ombre, atopámonas no Tumbo de Caaveiro en documentos datados na segunda metade do século XII. É posible que xa no 1380 o couto de Nogueirosa tivera pasado a mans do convento, dese ano data unha cédula real na que se di: "Et otro si, que vos el dho Fenan Pérez de Andrade, que teniades en Encomienda contra la voluntad del dho Abad e Combento.....e la parte que el dho monª ha en el cotto de Nogueirosa e que teniades por encomienda la grña de Nogueirosa..." (VAAMONDE LORES, César, op. cit., p. 49).

60. Doazóns en Perlío de Munia, de 1114; de Adosinda, 1116; de Rodrigo Froilaz, en 1114, do mosteiro de Santiago de Franza e un quiñón de Perlío (MONTERO DÍAZ, Santiago, *Colección Diplomática de San Martín de Juvia*, nº 21, 22 e 23).

61. Doazón de don Pedro de 1088 (Idem, nº 11).

62. Doazón de Visclávora do ano 1114 de toda a igrexa de S. Vicente de Reguela (Idem, nº 22).

63. Actual S. Pedro de Perbes. É, seguramente, S. Pedro de Pervigil, mosteiro fundado polos ascendentes de don Pedro Froilaz. Na Compostelana menciónase un San Salvador de Pernis (Libro I, Capítulo 94, p. 169), do que, o citado conde doa a parte que lle corresponde á igrexa de Santiago; este Pernis é identificado por Fr. José Campelo como S. Pedro de Perbes, polo que se debeu de producir un cambio de advocación. Outra parte desta igrexa fora doada, en 1125, por don Pedro ó Mosteiro de S. Martiño de Xubia.

64. Idem, nº 30. Esta doazón entra en contradición coa que fixera o mesmo doante á igrexa de Santiago en 1113, pola que doaba, entre outras, as igrexas S. Pedro de Grandal, Santiago de Franza, S. Estevo de Eirís e a parte que tiña en S. Salvador de Pernis. Seguramente se trata dun erro á hora de contabilizar as partes que corresponden a cada doazón.

65. Véxase ó respecto os diversos traballos de José Luis LÓPEZ SANGIL: *Historias y memoriales del monasterio de Santa Mª de Monfero*, "Cátedra" nº 2. *Índice de la documentación en pergamino que se conservaba en el Archivo del monasterio de Santa Mª de Monfero en el año 1833*, "Cátedra" nº 4; *La fundación del monasterio de San Isidro de Callobre*, Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo XLII, p. 107.

dinámica: por un lado o aumento progresivo, mediante doazón ou compra, de terras de directo dominio; por outro, a delimitación de espazos acoutados ó longo dos cales abades e priores exercen funcións que, en teoría, antes corresponderan ós funcionarios reais. O primeiro proceso quedou exemplificado coas doazóns da familia Traba, vexamos agora brevemente o segundo.

A fins do século IX están xa fundados os mosteiros de Xubia e Caaveiro. O documento⁶⁶ máis antigo que se conserva do mosteiro de Xubia data do 977. Considerado por excelencia como o mosteiro da familia Petriz, no 1113 ou pouco despois, convértese en mosteiro cluniacense. O seu couto será delimitado por Afonso VII en carta de privilexio de data incerta, que será confirmado en 1169 por Fernando II.

A fins do século IX xa existe vida monástica en Caaveiro⁶⁷. A denominada doazón de S. Rosendo, datada a mediados do século X, é a garantía da supervivencia do que ata daquela fora un modesto cenobio beneditino xurdido do agrupamento de eremitas e anacoretas que facían vida santa por aquelas terras. Na segunda metade do século XI convértese en mosteiro de cóengos regulares de S. Agustín. Por documentos de 1117 e 1135 Afonso VII establece a delimitación dun couto, que completan os monarcas Fernando II (1164) e Fernando III (1238).

No 1111 dona Munia funda, con cóengos regulares de S. Agustín, o mosteiro de S. Salvador de Pedroso⁶⁸, coma Xubia, situado en terras de Trasancos. O seu couto é delimitado, en 1120, por Afonso VII e ampliado polo mesmo Rei en 1128.

En terras de Pruzos Afonso VII, en 1135, acouta o mosteiro beneditino de Monfero⁶⁹, couto que amplía en 1152. Os privilexios de Fernando II de 1177 supoñen novas ampliacións da súa xurisdicción. Entre 1147 e 1201 convértese en mosteiro cisterciense.

No 1169 xa existía o mosteiro de S. Miguel de Breamo⁷⁰ cun couto que se estendía polas freguesías de S. Pedro e Sta. Mª de Vilar, e parte das de S. Miguel de Breamo, Perbes, Vilanova e Centroña; é posible que tamén fose delimitado por Fernando II.

E xunto a estes mosteiros, outros moitos de menor entidade e, algúns, de vida efémera, coma o xa mencionado de Nogueirosa, o de S. Vicente de Caamouco⁷¹, S. Isidro de Callobre⁷², ou os de S. Pedro de Grandal, S. Pedro de Pervigil e Santiago de Franza⁷³.

66. MONTERO DÍAZ, Santiago, *La Colección Diplomática de San Martín de Juvia*, pp. 56-57. Para o tema véxase A. PEÑA GRAÑA, *Narón un concello con historias de seu*, tomo I: pp.201-213, tomo II: pp. 185-187, 219-221.

67. Véxase a monografía a el adicada.

68. Véxase Enrique CAL PARDO, *San Salvador de Pedroso en Tierras de Trasancos*, capítulo II.

69. Véxase ó respecto o artigo publicado por José Luís LÓPEZ SANGIL na revista "Cátedra", nº 2, pp. 75-95, e nº 4, p. 128. Tamén o mesmo autor, *Un problema resuelto: La Fundación de Santa Mª de Monfero. Los privilegios de Alfonso VII y su filiación a Cister*, Estudios Mindonienses nº 13, 1997.

70. Véxase monografía correspondente e Carlos DE CASTRO, "Cátedra", nº 2, pp. 111-161.

71. A primeira mención deste mosteiro dúplice atopámola nun documento datado no 964, polo que fai un intercambio co mosteiro de Sobrado (P. LOS CERTALES, *Tumbos...*, documento 121, pp. 149-150). O seu nome volve a aparecer en diversas doazóns do Tumbo de Sobrado (véxase FREIRE CAMANIEL, *Contribución ó estudio del monacato en Galicia*, Capítulo IV, 701). Na Compostelana (Libro I, cap. 35, p.90), entre os clérigos que prometen suxeición ó Arcebispo de Santiago, atópase un presbítero do mosteiro de S. Vicente, que LÓPEZ FERREIRO (op. cit., Tomo III, p. 268, nota) identifica como de S. Vicente de Caamouco. No Tumbo de Caaveiro S. Vicente de Caamouco aparece para denominar, desde, alomenos, 1126, unha freguesía na que Caaveiro recibirá diversas doazóns. Na primeira metade do século XII cítase Calamouco uníndoo ó nome do tenente de Pruzos. Aplícase tamén o nome a un couto que terminaría por pertencer á Catedral de Santiago.

72. O mosteiro beneditino de S. Isidro de Callobre foi fundado no 1088 e pasará a formar parte das propiedades do mosteiro de Monfero. A el José Luís LÓPEZ SANGIL adicoulle un interesante artigo, xa citado, publicado en Cuadernos de Estudios Gallegos.

73. Estes tres últimos, segundo nos informa o *Cronicón manuscrito del monasterio de Sta. Mª de Sobrado* (op. cit., f. 321 v.) foron fundados, xunto a outros, por ascendentes de D. Pedro e as súas igrexas doadas, na súa totalidade ou en parte, polo mesmo Conde, en 1125, a S. Martiño de Xubia, o que proba que daquela deixaran de ser mosteiros. Sabemos, por un diploma do Cartulario de Xubia (op. cit., nº XXIII, p. 72), que o mosteiro de Santiago de Franca aínda existía en 1114.

O mapa xurisdiccional que configuran estes mosteiros complétase coas posesións que na Comarca estaban en mans de Sobrado, o Cabido de Santiago, o de Mondoñedo e os coutos laicos.

O mosteiro de Sobrado foi refundado como mosteiro cisterciense no 1142, tras ser doado, no 1118, pola raíña dona Urraca a don Fernando e don Bermudo Pérez. Entre 1142 e 1160 o mosteiro experimenta un espectacular crecemento, ben estudado por M^a Carmen Pallares⁷⁴ e documentado, para o caso que nos ocupa, por César Vaamonde Lores⁷⁵. Ó longo desta primeira etapa aséntase entre o cabo Prior e a ría de Ferrol, espacio onde xorde a granxa de Brión e a granxa e couto de Reparada. Dentro dunha segunda fase, desde 1160, ademais de ampliar as posesións no ámbito anterior, por compra ou doazón, recibe numerosas doazóns nas inmediacións do monte Bremao, e incorpora, como xa dixemos, o mosteiro de Nogueirosa, que, deshabitado, se converte nunha productiva granxa.

As posesións do Cabido de Santiago espállanse polas terras de Pruzos e Bezoucos, en especial, pola península situada entre as rías de Ares e Ferrol. Algunha destas propiedades (a parte que tiña en S. Salvador de Pernis, as igrejas de S. Xulián de Carantoña, S. Pedro de Grandal, Sta. M^a de Castro, Santiago de Franza e S. Estevo de Eirís) fóronlles doadas⁷⁶, en 1113, por don Pedro Froilaz. No 1134 o conde don Fernando Pérez permúttalle á igrexa de Compostela a parte que tiña na igrexa de Sta. M^a de Trasmonte e a que tiña de S. Paio de Lens polas herdades de Sta. Eulalia de Lubre, S. Tirso, Sta. Marina e S. Pedro de Cervás. Sen embargo estas herdades reverteron, na segunda metade do século XII, á Catedral de Santiago ó seren doadas polo mesmo Conde e os seus descendentes⁷⁷. É posible que o que doara o Conde fora un couto, posto que sabemos que, en 1228, o Cabido de Santiago tiña dereitos de propiedade e de señorío sobre estas terras. Deste couto, a metade de Lubre e Cervás pertencían ó Cabido e estaban entregadas en prestimonio; o resto, coñecido como couto de Caamouco, pertencía a unha tenencia capitular, arrendada a perpetuidade ó Arcebispo a cambio de cen libras⁷⁸.

Por último, o couto de S. Martiño do Porto, xa no 1156, pertencía ó bispo de Mondoñedo. Ese ano o emperador Afonso VII confirma ó bispo Pedro e ós seus sucesores na posesión dese e doutros coutos⁷⁹. Sabemos que este couto, en 1407, estaba arrendado a Nuño Freire⁸⁰.

Moito menos coñecidos nos son os coutos laicos. Mais, a pesar deste descoñecemento, xa existían desde o primeiro cuarto do século XII. Sabemos que, en 1112, a raíña dona Urraca, xunto con outros coutos, fai doazón a don Pedro Froilaz, en terras de Trasancos, da igrexa de San Sadurniño cos seus coutos e herdades⁸¹. No 1132 o conde don Fernando Pérez entrega o couto de Caranza ou Caranciola ó mosteiro de Xubia por un préstamo de 6.000 soldos⁸². É moi posible que o couto de Caamouco, que pasaría a

74. Véxanse as obras M^a C. PALLARÉS, *El monasterio de Sobrado. Un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*, e Ermelinda PORTELA e M^a C. PALLARÉS, *De Galicia en la Alta Edad Media. Sociedad, Espacio y Poder*, pp. 49-74 e pp. 139-161.

75. VAAMONDE LORES, César, op. cit.

76. Compostelana, Libro I, cap. 94, e LÓPEZ FERREIRO, Alfonso VII, *Rey de Galicia, y su ayo el Conde de Traba*, pp. 73.

77. PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier, *El Dominio del Cabildo Catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (siglos XII-XIV)*, p. 110. O citado autor sinala (cita 345) que don Fernando Pérez era recordado tódolos anos no día de Santiago porque *legavit ecclesia compostellane ea quae ipse habebat in Luure et in Ceruaes*. No 1186 don Gómez neto de don Fernando Pérez doa unha vila nas parroquias de Lubre e Cervás (LÓPEZ SANGIL, *La familia Froilaz-Traba en la Edad Media gallega*, pp. 358).

78. Idem., PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., op. cit., p. 110.

79. CAL PARDO, Enrique, *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, PG, nº 15, p. 19.

80. Idem, PS, nº 136, p. 64.

81. LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Alfonso VII*, p. 46.

82. MONTERO DÍAZ, Santiago, op. cit., nº XXXV, p. 78.

mans da Catedral de Santiago, fora, nun principio, da familia Traba; o que explicaría o feito de que en diversos documentos aparezan os nomes de don Pedro e don Bermudo asociados a este nome⁸³. As noticias que temos do couto de Andrade son máis serodias, sabemos del por un documento de doazón, con data de 1261, polo cal Bermudo Pérez de Andrade entrega a Caaveiro canto posúe dentro do seu perímetro⁸⁴. Na carta de privilexio que Afonso X, no 1270, concede a unha trintena de freguesías para poboar o lugar de Ponte Deume cítanse sete coutos, dous deles facilmente identificables, o de Vilalba e o de Betanzos. O couto de Sancho estaba na freguesía de S. Pedro de Buriz. Se se considera que as freguesías citadas eran de xurisdicción real e que algún dos catro coutos restantes podía corresponder ó de Caaveiro, Monfero, Breamo, Andrade ou Caamouco, podemos deducir que o espacio ocupado pola xurisdicción laica, en contraposición cos outros coutos eclesiásticos, era extremadamente reducido. Daquela tamén debía de existir o couto de Miño, do que sabemos por un documento de traslado de foro a petición do abade de Monfero, efectuado polo seu escribán, datado en 1397⁸⁵.

Na obra de Vasco de Aponte, *Recuentos de las Casas Antiguas de Galicia*, escrita na primeira metade do século XVI, faise mención doutra serie de coutos dos que tampouco sabemos moito. É o caso dos coutos de Doniños, San Mateo de Trasancos (chamado de Vilar de Trasancos), Serantes⁸⁶, e Anca⁸⁷, en Trasancos; e do couto redondo de Andel, situado en San Xoán de Vilanova e dependente da xurisdicción de Callobre⁸⁸. Pouco sabemos tamén dos coutos de Vilachá ou Lestido mencionados na documentación do mosteiro de Monfero.

A fundación de Pontedeume.

Na segunda metade do século XIII asistimos a dous procesos: por un lado, a aparición do concello de Pontedeume como institución que exerce, con foros regulamentados, a autoridade ó longo dun contorno delimitado na Carta concedida⁸⁹; e por outro, ó mesmo tempo que se eclipsa a nobreza condal da etapa anterior, ó ascenso da nobreza de segunda fila.

O primeiro proceso, propiciado pola política levada a cabo pola Monarquía, hai que inscribilo nun contexto xeral, cunhas etapas ben coñecidas⁹⁰: desde os primeiros pasos, dados xa a fins do século XI, ós continuados por Fernando II (1157-1188), (foros de Allariz, Padrón, Ribadavia, etc.); e Afonso IX (1188-1223), (Triacastela, Sarria, Lobeira, etc.); para desembocar nun período de madurez nos reinados de Afonso X e Afonso XI. É precisamente nesta última etapa na que se crea a póboa de Pontedeume, e iso cun lixeiro retraso con respecto a outros pobos do noroeste de Galicia (A Coruña, Betanzos ou Ferrol). Efectivamente, no 1270, Afonso X concede o foro de Benavente a unha trintena de freguesías para poboar o lugar que chamaban de Ponte Deume⁹¹.

83. No documento nº 50 do cartulario de Caaveiro (FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit.) aparece a expresión *Tenente Caamouquo, dominus Veremudus Petri*, que se volve repetir no nº 51, en varios documentos citase a don Pedro como *comes Petrus in Calamouquo* (nº 85 e 88).

84. Véxanse as monografías correspondentes a S. Martiño de Andrade.

85. Véxase monografía adicada a S. Xoán de Vilanova.

86. Pensamos que se refire a S. Salvador de Serantes e non a Santa Eulalia, en Santiso.

87. O couto de Anca estaba en San Pedro de Anca (VASCO DE APONTE, *Recuento de las Casas Antiguas de Galicia*, Equipo de Investigación Galicia hasta el 1500. p. 137, nota 108). Posiblemente este couto estivese integrado dentro de San Martiño de Xubia, así o considera D. Arturo SOUTO VIZOSO (*Sinopsis monográfica del monasterio benedictino de Jubia o del couto*, p. 20).

88. VASCO DE APONTE, op. cit., nota 110, p. 140.

89. Tratamos xa este proceso no número 4 da revista "Cátedra", 1997, nun artigo titulado *A Póboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación monástica*.

90. Véxase GARCÍA ORO, José, *Galicia en los siglos XIV y XV*, Tomo II, pp. 9-25.

91. O privilexio orixinal de Afonso X non chegou ata nós, pero si unha copia insertada na confirmación de Henrique IV. Os distintos privilexios outorgados á Vila foron publicados e comentados por Isidoro MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, conde de Quirós, en *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz*, o que nos exime a nós de facelo. Como xa advertiu don Isidoro MILLÁN, dúas freguesías presentan problemas

As razóns da concesión exprésanse claramente no privilexio. Tratábase de arbitrar un sistema máis eficaz para o desenvolvemento da xustiza nos territorios de Pruzos e Bezoucos que se mantiveron baixo a xurisdicción real. Pero non hai ningunha dúbida de que o lugar elixido para a fundación vén imposto por factores naturais: sitúase no único punto posible, gardando o paso obrigado que unía as dúas metades dun alfoz extremadamente fragmentado. Polo demais, xorde coa vontade de se converter nun centro comarcal que canalice as actividades terciarias. Estes dous últimos obxectivos serán amplamente conseguidos.

É indubidable que esta Carta de privilexio marca un antes e un despois no que era o lugar de Pontedeume, e no que será, co paso do tempo, a vila de Pontedeume. Mais, ¿cal foi ese antes e como será ese despois?

Se desgraciadamente non é moito o que podemos aportar, si podemos corrixir algúns erros de interpretación.

No 1151 don Bermudo Pérez doa ó mosteiro de Nogueirosa, por el fundado, todo o que tiña na *villa beati Jacobi*. Vaamonde Lores⁹² identificou esta vila como a vila de Santiago, actual Pontedeume. Existen serias dúbidas de que a *villa beati Jacobi* se refira a Pontedeume. En primeiro lugar porque no privilexio de Afonso X non se fai mención á freguesía de Santiago, sendo o documento máis antigo coñecido que o fai de mediados do século XIV. Mentres tanto, o termo empregado para denominar o espacio onde se asenta a Póboa é lugar de Ponte de Heume, con distintas grafías, aínda que, como seguidamente diremos, sempre en singular. En segundo lugar, non existe ningunha razón para que non puideran ser outras freguesías que tamén teñen o nome de Santiago, como Santiago de Boebre ou Santiago de Franza. E en terceiro lugar, resulta altamente estraña a utilización dun Santo para nomear unha vila⁹³ no sentido que ten

En 1270, Afonso X concede o foro de Benavente a unha trintena de freguesías para poboar o lugar que chamaban Pontedeume.



este termo no mundo altomedieval; a non ser, como así pensamos, que a vila aluda a un núcleo de poboación, que non podía ser outro que Santiago, a vila do Apóstolo, na que don Bermudo tiña casas e propiedades. En efecto, no *Cronicón manuscrito do mosteiro de Santa María de Sobrado* interprétase que don Bermudo *hizo donación del suelo de una casa en Santiago para el sustento y retiro de su Mujer, y de las señoras que la avian de acompañar y ser monjas con ella*⁹⁴.

Outro erro, no que frecuentemente caemos, é o de utilizar como fonte para escribir a historia medieval de Pontedeume documentos nos que aparece en plural. É algo que xa advertiu Fernando Urgorri Casado e que o Tumbo de Caaveiro vén a confirmar⁹⁵.

Podemos pois seguir afirmando que a mención máis antiga da Ponte do Eume atopámola nun diploma⁹⁶ do

mosteiro de Xubia. Está datado en 1162 e trátase dunha doazón de diversas herdades, feitas por Suero Menéndez ó citado mosteiro. Entre estas herdades cítase unha *per terminos de Ponte de Eume usque ad flumen de Conido*⁹⁷.

A lista non pode ser máis pequena se temos en conta que é o resultado da consideración da documentación, que chegou ata nós, dos mosteiros de Caaveiro, Monfero, Xubia, Nogueirosa, Pedroso ou Sobrado. Seguramente a nómina será maior se se conservase a documentación do mosteiro de San Miguel de Bremao. E é que o lugar onde aparece a Póboa, se non pertencía ó couto de Bremao, mosteiro fundado con anterioridade a 1169, é indubidable que se atopaba dentro da súa área de influencia.

Coa información que ata agora dispomos, podemos asegurar que, con anterioridade á fundación da Póboa había unha ponte de madeira⁹⁸, un lugar ó que a presenza da ponte dá nome, quizais xa existise a capela de San Miguel, dependente do mosteiro edificado no cume do monte; e é posible que un pequeno asentamento pesqueiro, pero pouco máis.

A Vila fúndase, pois, dentro do couto de Bremao, ex novo, o que supón unha morfoloxía ordenada co establecemento de trece rúas, divididos á súa vez en prazas destinadas a unha horta e á construción dunha casa. Esta morfoloxía complétase cun valado con portas, que xa tiña a Póboa desde, polo menos, 1284, e que rapidamente serían substituídas por unha muralla máis consistente; e cunha fortaleza, obra, seguramente, o mesmo que a igrexa de Santiago e da Ponte, de Fernán Pérez de Andrade, “O Bóo”.

Se desde o punto de vista xurídico a Carta de poboamento puña as bases da futura vila de Pontedeume, a curto prazo a situación material do asentamento non debeu de cambiar moito. Nos primeiros documentos posteriores á súa concesión, alúdese ó antes lugar de Ponte de Eume, como á Póboa de Ponte de Eume. O mero feito da concesión do privilexio non garante o éxito do poboamento, de feito coñecemos poboamentos que fracasaron no seu camiño urbano⁹⁹. E o exemplo de As Pontes non debeu de ser excepcional: ata nós chegou un documento¹⁰⁰, datado en 1295, que ilustra o equilibrio precario en que viviu esta vila. Polo documento sabemos que un tal Pero Yáns Manaá, ou, como corríxe Fernando Dopico, Pero Eans Mandiá, era alcaide da fortaleza, a Vila estaba sen amurallar e despoboadada a causa dun episodio bélico puntual. Algo semellante debeu suceder na Póboa de Pontedeume, como se desprende do que se di no privilexio que Fernando IV concede á Vila¹⁰¹.

de identificación: Santa María de Çacarade y Santa Vaya de Coyro, se ben a primeira lindaba con Vilamateo e a segunda posiblemente se trate de Limodre. Varios Santos aparecen antecedendo a dous nomes: San Salvador de Curugion e Asperela e Santiago de Dragonte e Paderne. Para o caso de Vila Matheu cítanse dous santos: San Xurxo e Santiago.

92. VAAMONDE LORES, César, *Ferrol y Pontedeume*, p. 47.

93. Aínda que posible. Na Compostelana o conde don Pedro doa en Nendos a igrexa de San Tirso, preto de Abegondo, vila de Santiago.... O P. Fr. José Campelo considera que esta Villam S. Jacobi pode referirse a Abegondo, anque advirte que non lonxe de Abegondo está a parroquia de Meangos co título de Santiago (Libro Primero, Capítulo 31, p. 77, Edición de 1950).

94. Biblioteca da Universidade de Santiago, *Copia manuscrita del Cronicon de Santa Maria de Sobrado*, realizada por Benigno Cortés, sig. M.587, f. orixinal 492 e seguintes.

95. No artigo xa citado que publicamos no número 4 da revista “Cátedra” facemos algunhas matizacións arredor do tema.

96. MONTERO DÍAZ, Santiago, *La colección diplomática de San Martín de Juvia*, LVIII, p. 90.

97. Non sabemos cal era o río Conido, ben puidera ser o regato de Cobés ou quizais Cornido.

98. VAAMONDE LORES, César, op. cit., p. 77 apéndice nº 6.

99. É o caso de Lobeira (GARCÍA ORO, José, op. cit., p. 16).

100. O documento, que pertencía á Colección privada de Murguía, foi publicado por VAAMONDE LORES, *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes*, nota 3 p. 43-44, e Fernando URGORRI CASADO, *Nuevos datos sobre el primitivo concejo de As Pontes y sobre el señorío de los García Rodríguez*, UNTIA nº 3, 1987.

101. No privilexio dise *Et nos el sobredicho rey DON FERNANDO, por fazer bien e meced al concejo de la Puente deume e a todos sus vezinos, tan bien a los que agora y son como a los que seran daqui adelante, e porque se pueda este dicho lugar mejor poblar e ayan cobro de los dannos e de los males que reçibieron en tiempos de la guerra, otorgamos este privilegio...* (MILLAN GONZÁLEZ PARDO, I, op. cit., p. 194).

Anque no documento de Afonso X se utiliza a palabra vila, distaba moito de selo. Pero era unha cuestión de tempo.

O 5 de xaneiro de 1306 o rei Fernando IV confirma o privilexio dado por seu avó ó concello de Pontedeume. Das condicións do anterior exclúense as freguesías de Santa María de Castro e San Xulián de Carantoña, que o citado Rei dera a Vasco Pérez de Leiro.

Na seguinte confirmación, a de Afonso XI, dada en Santiago en 1345, menciona a palabra vila: pídea o concello de Pontedeume.

Por privilexio¹⁰² outorgado por don Pedro en Murviedro, o 1 de maio de 1364, Fernán Pérez de Andrade, "O Bóo", recibe as freguesías de Vilalba, Pontedeume e Santa María de Naraío.

Coa Carta de privilexio¹⁰³ dada por Henrique II en 1371, Fernán Pérez de Andrade recibe por xuro de herdade os lugares de Puente d'Eume e Ferrol cos seus concellos, aldeas e xurisdiccións. Esta carta supuña que o monarca transmitía, coa excepción de puntuais prerrogativas, os dereitos que tiña sobre a Vila e o seu concello en favor da casa de Andrade, que se convertía así no seu propietario.

É indubidable que daquela o lugar habitado de Ponte de Eume estábase a converter xa nunha pequena vila medieval, proceso ó que non foi alleo o protagonismo dos Andrade. No derradeiro cuarto do século XIV Fernán Pérez de Andrade patrocina dous dos monumentos emblemáticos da Vila: a ponte, substituída a fins do século XIX pola actual¹⁰⁴, e o Pazo¹⁰⁵, do que permanece en pé o Torreón.

Na segunda metade do século XIV, na documentación, afiánzase a utilización da palabra vila¹⁰⁶, que ata entón fora máis un desexo ca unha realidade, xa expresado, como xa dixemos, no privilexio de Afonso X¹⁰⁷; e comezan a aparecer as referencias ó nome da freguesía: Santiago¹⁰⁸.

O ascenso da nobreza de segunda fila.

Rodrigo Gómez é o derradeiro representante da vella nobreza condal. A decadencia desta nobreza é un proceso paralelo ó ascenso da nobreza de segunda clase, que na comarca do Eume está representada pola Casa de Andrade.

As orixes da Casa de Andrade son incertas. Vasco de Aponte non nos aclara nada na súa obra *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, da cal a parte dedicada ós Andrade chegou ata nós mutilada nos seus comezos. Couceiro Freijomil¹⁰⁹ non dubida

102. O orixinal atópase no arquivo da Casa de Alba, C.343-8.

103. Non se conserva o documento orixinal. Véxase unha transcripción do documento en GARCÍA ORO, José, *Don Fernando de Andrade, Conde de Vilalba (1477-1540)*, p. 204.

104. Véxase ó respecto CORREA ARIAS, José, *A ponte do Eume*, "Cátedra", nº 2, pp. 15-56.

105. Sobre as vicisitudes de súa desaparición véxase MACEDO CORDAL e MOARES ARES, *Cronoloxía dunha desaparición: O Pazo dos Condes de Andrade*, "Cátedra", nº 4, 1997.

106. Aínda que é un termo utilizado dende os primeiros momentos (ARG, Pergamiños L.25, nº 520, ano 1252; e, F. 320, nº 146, ano 1284,

107. *Et estos derechos e realengos les damos en tal manera que ellos pueblen en el lugar que dizen Pontedeume e que fagan y villa e todos los que y poblasen tengan y las mayores casas pobladas e encierren y su pan e su vino*, MILLÁN GONZÁLEZ, L., op. cit., p. 191.

108. O documento máis antigo que coñecemos no que se menciona a freguesía de Santiago está datado en 1363 (AHN, Sección clero, Carpeta 490, nº 2).

109. COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, *Historia de Pontedeume* 1944, p. 38.



O Castelo de Andrade
érguese no cume da pena
chamada Leboreiro, na
parroquia de Nogueirosa,
en Pontedeume.

en afirmar que os xenealoxistas consideran a don Bermudo Pérez de Traba como orixe e tronco da casa de Andrade. Entre estes xenealoxistas podemos citar ó licenciado Baltasar Porreño, quen, no 1572, escribe unha obra titulada *Nobiliario del Reyno de Galicia*, que circulará manuscrita sen chegar á imprenta. Porreño fálanos dunha orixe mítica¹¹⁰, recurso moi frecuente, e non dubida en considerar a don Bermudo Pérez como antepasado dos Andrade.

Non pasa desapercibido o feito de que na descrición do ano 1798, que realiza o párroco de Pontedeume don Juan Valentín García¹¹¹, citando a expertos en heráldica, ó referirse ó escudo de Nuño Freire de Andrade, diga que *el motivo, y el origen, que tuvo dicho don Nuño para usar dichas armas, provino del Conde don Vermudo Pérez, que en un reencontro con los Moros en Galicia, recobró de ellos el estandarte, que havian usurpado a los Cavalleros Templarios*. Afirmacións deste tipo apoian o que vimos dicindo.

V. H. Zoltan¹¹², ó reconstruír a árbore xenealóxica dos Andrade, chega a un resultado moi parecido ó de Porreño. Zoltan arrinca con don Pedro Froilaz e continúa con don Bermudo Pérez, ó que engade, non sabemos con que fundamento, o nome de Freyre de Andrade, do que en matrimonio con Urraca Enríquez nacerán Ruy Pérez Freyre de Andrade e Bermudo Freyre de Andrade; deste último descenderían Pedro Bermúdez de Andrade e Martín Bermúdez de Andrade.

110. Seguramente tomado do libro *Nobiliario de don Pedro Conde de Barcelos, Hijo del Rey don Dionis*, ed. facsímil, 1640, p. 43. Entre os cabaleiros que chegan ó cabo Prior, en terras de Trasancos, citase a un Andrade de Braga.

111. A descrición foi publicada pola imprenta LÓPEZ TORRE en 1984, baixo o patrocinio de José SARALUCE BLOND.

112. ZOLTAN, V.H., *Los Andrade. Una bibliografía histórica*, Anuario Brigantino, nº 14, p. 184.

Malia todo o exposto, é difícil de manter que don Bermudo Pérez fose antepasado dos Andrade. Sabemos que o citado don Bermudo¹¹³ tivo, con dona Urraca Enríquez, a don Fernando, don Suero, dona Sancha e dúas donas Urracas; e, da súa primeira muller, a don Pedro, don Enrique, dona Mayor e dona Teresa Bermúdez. O primeiro citado, don Pedro Bermúdez, non pode ser Pedro Bermudo de Andrade, posto que sabemos que morre moi cedo¹¹⁴, mesmo antes ca seu pai, don Bermudo Pérez. Sen embargo, si cabe preguntarse se don Pedro Bermúdez de Andrade e don Martín Bermúdez de Andrade son antepasados do que García Oro¹¹⁵ denomina Fernando Pérez de Andrade I.

Comecemos dicindo que a relación de don Fernando Pérez de Andrade coa Comarca do Eume é indiscutible. Aparece mencionado no Tumbo de Caaveiro¹¹⁶ como "miles" e como cabaleiro en dous documentos datados en 1240 e 1245, e nos que actúa como testemuña; nun deles, xunto a un irmán seu, Lopo Pérez de Andrade. Non sabemos se é o mesmo Fernando Pérez que, nun documento datado entre 1298 e 1302, aparece como espoliador do mosteiro de Caaveiro¹¹⁷. Tampouco podemos afirmar con seguridade, neste caso por non aparecer os nomes seguidos "de Andrade", que o Fernando Pérez e o Lopo Pérez, que aparecen nun documento¹¹⁸ de 1246 como prestameiros, sexan os mesmos dos que vimos falando, anque o feito de que aparezan xuntos parécenos máis ca unha simple coincidencia.

A posible relación de parentesco entre Fernán Pérez de Andrade e Pedro Bermúdez de Andrade pode fundamentarse en dous documentos: nun primeiro documento¹¹⁹, datado no 1234, Pedro Bermúdez de Andrade doa a Caaveiro as herdades de Maceira e Alón, preto de San Pedro de Grandal; nesta doazón confirma Fernando Pérez, "miles"; nun segundo documento¹²⁰, Urraca Pérez, filla de Pedro Bermúdez de Andrade, doa a Caaveiro, no 1253, unha herdade en Bezoucos. Chama a atención o feito de que o primeiro que confirma sexa don Lopo Pérez de Andrade, que sabemos que era irmán de Fernán Pérez de Andrade.

Pedro Bermúdez de Andrade aparece en documentos datados entre 1204 e 1233, doando a Caaveiro propiedades situadas en San Pedro de Grandal, San Martiño de Andrade, San Martiño do Porto, Neda, Lugo e Santa María de Ribadeume. Sabemos que estaba casado con Urraca González. Nun documento¹²¹ de 1220, ademais de doar a Caaveiro as súas herdades en Bezoucos, manda ser soterrado alí. É indubidable que, polo importante volume de propiedades que posuía e a relación mantida con Caaveiro, era membro da nobreza; ata é posible que fora titular do couto de Andrade, dentro do que vende a Caaveiro, en 1223, as herdades e homes que tiña por 410 soldos e dous cabalos¹²², e o prestameiro de Pruzos que se cita nun documento¹²³ datado en 1211, cargo do que presumiblemente tamén disfrutarían os seus fillos.

113. Véxase VAAMONDE LORES, *Ferrol y Pontedeume*, Apéndice, pp. 67-68., e LÓPEZ SANGIL, *La Familia Froilaz-Traba en la Edad Media gallega*, p. 393

114. Véxase José Luís LÓPEZ SANGIL, op. cit., *Estudios Midonienses*, nº 12, 1996, p. 311.

115. GARCÍA ORO, José, *Don Fernando de Andrade Conde de Villalba (1477-1540)*, p. 17.

116. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 37 e 139.

117. PORTA DE LA ENCINA, Antonio, *Aportación al estudio del monasterio de San Juan de Caaveiro*, *Estudios Mindonienses*, nº 2, 1986, p. 243.

118. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 190.

119. Idem., op. cit., nº 161.

120. Idem., op. cit., nº 270.

121. Idem., op. cit., nº 52.

122. ARC, Catálogo de Pergamiños, L. 25, Andrade, Couto de, nº 99.

123. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 171.

Parece posible que Martín Bermúdez de Andrade¹²⁴ fose irmán seu, especialmente se consideramos que doa a Caaveiro herdades situadas en lugares semellantes, e no seu testamento¹²⁵ tamén manda ser soterrado en Caaveiro.

Á altura de mediados do século XIV, os Andrade, membros da nobreza baixa, concentrando xa un importante volume de propiedades, e, con experiencia na administración territorial, están en condicións de dar o salto adiante. A ocasión virá da man das guerras civís que enfrontan ó rei don Pedro con seu irmán don Henrique, quen terminará por facerse coa coroa. Nesta liorta non tódolos Andrade se apuntan ó bando vencedor. Si o fai Fernán Pérez "O Bóo", quen, como xa sinalamos, como recompensa polo seu posicionamento no conflito, recibe o señorío de Pontedeume. Comezaba así unha duradeira relación coa Vila.

A diferenza da vella nobreza condal, sempre respectuosa cos mosteiros, a nova, extralimitándose nas súas atribucións que a concesión de señoríos supuña, arremeterá contra as propiedades e rendas que aqueles conseguiran reunir nas centurias pasadas: chegara o momento das encomendas. O proceso é xeral e non debemos atribuír ós Andrade unha especial voracidade.

Por un documento¹²⁶ de 1382, sabemos que Juan Freire de Andrade, cun tipo de parentesco con Fernán Pérez de Andrade I que nos é descoñecido¹²⁷, foi encomendeiro do couto de Caaveiro. Sucedeuno en dita función Fernán Pérez de Andrade "O Bóo"; e a este Pedro Fernández de Andrade.

Pero o fenómeno non afecta só ó mosteiro que tiña xa unha relación vella cos Andrade. Xubia, Pedroso, Nogueirosa, Bremao e Bergondo sofren as acometidas con sorte desigual, e non sen a oposición dunha monarquía demasiado débil para facer cumprir as condenas emanadas da súa Chancelería. Haberá que esperar ós Reis Católicos para que as augas volvan ó rego, pero non sen antes ter pasado polos graves enfrontamentos que enchen a etapa baixomedieval.

124. No Tumbo de Caaveiro aparecen tres Andrades máis: Pelayo Rodríguez de Andrade, que nun documento sen data doa a Caaveiro as súas herdades en Andrade e Nogueirosa (FERNÁNDEZ..., op. cit., nº 188); Pero Fernández de Andrade e Pedro Andrade o Vello, dos que non sabemos nada.

125. FERNANDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 162.

126. VAAMONDE LORES, *Ferrol y Pontedeume*, Apéndice, p. 76.

127. Segundo a árbore xenealóxica que constrúe V.H. ZONTAN, op. cit., p. 184, Juan Freyre de Andrade foi fillo de Pedro Bermúdez de Andrade e tío de Fernán Pérez de Andrade.



Os Rasgos
máis Característicos



O Románico da PROVINCIA da CORUÑA

O coller os límites dunha provincia como demarcación espacial para o estudio do románico, anque posible, e así se ten feito en numerosas ocasións, resulta un tanto artificial, pois é a provincia unha entidade administrativa moderna e o seu estudio responde a intereses rastrexables no presente e non no feito artístico. Non cabe dúbida de que a elección dese marco vén condicionada, en parte, pola dificultade, como non sucede con estilos máis próximos a nós no tempo, de establecer outros marcos fundamentados en escolas, tendencias ou autores, nun momento no que a arte era unha manifestación anónima. Neste sentido quizais sexa máis lóxico, mais tampouco imos defendelo, facer estudos de entidades máis amplas, cunha existencia no medievo que si puidese ter condicionado determinados mecanismos de implantación e de difusión; ou de entidades máis pequenas, como a comarca, unidade natural, xeográfica e humana, máis presente cando as dificultades de relación e comunicación entre os grupos humanos propiciaban a tendencia a economías máis ou menos autárquicas.

Dito isto, o coñecemento dun contexto máis amplo ó que nós nos impoñemos, o comarcal, proporciónanos os mecanismos necesarios para non caer en erros de perspectiva, valorar as orixinalidades e establecer as posibles influencias.


Mais non é a nosa intención realizar un estudio detallado do románico na provincia da Coruña, o cal escapa ós nosos obxectivos e posibilidades¹²⁸, nin sequera unha introducción; ó máximo pretendemos facer algunhas puntualizacións sobre o románico da provincia, dentro dunhas coordenadas xa solidamente consolidadas para o románico galego, e isto co fin de establecer un marco maior ó que nos impuxemos para poder abordar con éxito os obxectivos sinalados.

INVENTARIO E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL


Na provincia da Coruña podemos contabilizar 117 puntos de arquitectura románica relixiosa. Deste número, 45 pódense cualificar de restos, que irían desde fachadas ou ventás, a simples entrepanos de muro con canzorros, número que seguramente podería ser modificado cun estudio detido. En 24 casos só se conservan ábsidas, en 4 as naves, e só para as 44 restantes se pode falar, alomenos en aparencia, de igrexas románicas na súa totalidade, anque nalgúñas falte a fachada ou teña sufrido modificacións máis ou menos severas. Trátase dunha estatística que pode ser modificada en función de sumar ou non determinadas igrexas que poderíamos chamar de transición e á espera dun estudio en profundidade dalgunha delas, que evidentemente alterará a nómina. En todo caso, o número de igrexas románicas, como é lóxico, desde a culminación do estilo, non fixo máis que diminuír, e o que chegou ata nós non é máis ca un testemuño da importancia que chegou a adquirir a arquitectura románica, expresión do modo de edificar de toda unha época, pero aínda máis, da súa persistencia.

A distribución deste número no mapa non é homoxénea, evidenciando, quizais, máis ca noutras provincias como Pontevedra, grandes baleiros. Parece lóxico pensar, anque tampouco podemos caer en fáciles e erróneas interpretacións, que os baleiros obedecen, máis ca a unha perda das construcións ó longo do tempo, como así debeu suceder nunha porcentaxe máis ou menos grande, a unha desigual febre constructora e ó desigual valor arquitectónico dos edificios. Mais as causas destes baleiros non son fáciles de precisar. Así, por exemplo, podemos pensar que os claros corresponden a factores relacionados coa non homoxénea distribución da poboación, pero é precisamente

128. Este estudio está a ser realizado por M^a del Pilar Carrillo Lista e J. Ramón Ferrín González, baixo a dirección de D. Ramón Yzquierdo Perrín.




O Románico da PROVINCIA da CORUÑA



Mapa da distribución das igrexas románicas da provincia da Coruña.

- Ábsida semicircular
- Ábsida rectangular
- Tres ábsidas semicirculares
- ▲ Restos románicos e naves
- ◎ Outras formas.

IGREXA	CONCELLO	○	■	●	▲	◎
Santa Eulalia de Lañas	A Baña					
San Cristovo de Muniferral	Aranga					
San Vicente de Fervenzas	Aranga					
San Pedro de Cervás	Ares					
San Estevo de Morás	Arteixo					
Santiso de Oseiro	Arteixo					
San Tomé de Monteagudo	Arteixo					
Santa Eulalia de Chamín	Arteixo					
Santa María de Lañas	Arteixo					
Santa María de Loureda	Arteixo					
San Pedro de Mella	Arzúa					
San Salvador de Bergondo	Bergondo					
San Martiño de Brabio	Betanzos					
San Martiño de Tiobre	Betanzos					
Santa María de Pontellas	Betanzos					
San Cristovo de Domeá	Boimorto					
San Cristovo de Abanqueiro	Boiro					
Santiago de Lampón	Boiro					
San Vicente de Cespón	Boiro					
San Sebastián de Picosacro	Boqueixón					
Santa María de Xaviña	Camariñas					
Santiago de Sigrás	Cambre					
Santa María de Cambre	Cambre					
Santa María do Temple	Cambre	(1)				
Santa María de Vigo	Cambre					
San Xoán de Caaveiro	A Capela					
Santiago de Sisamo	Carballo					
San Roman das Encrobas	Cerceda					
San Pedro de Filgueira de Barranca	Cesuras					
Santa Eulalia da Espenuca	Coirós					
San Xulián de Coirós	Coirós					
San Salvador de Colantres	Coirós					
Santiago de Ois	Coirós					
Santa Mariña de Lesa	Coirós					
Santa María de Ois	Coirós					
San Marcos de Corcubión	Corcubión					
San Pedro de Redonda	Corcubión					
San Vicente de Elviña	A Coruña					
Santiago	A Coruña					
Santa María de Oza	A Coruña					
Santa María do Campo	A Coruña					(2)
San Cosme de Sésamo	Culleredo					
San Estevo de Culleredo	Culleredo					
Santa María de Rutis	Culleredo					
Santiago do Burgo	Culleredo					
Santa María de Celas de Peiro	Culleredo					
Santa María de Foxados	Curtis					
Santiago de Olveiroa	Dumbría					
Santa María de Fisterra	Fisterra					
Santa Namede Gafoi	Frades					
Santa María de Mántaras	Irixoa					
Santa María de Verís	Irixoa					
Santiso de Ambroa	Irixoa					
Mosteiro de Soandres	Laracha					
San Xusto de Toxosoutos	Lousame					
Santiago de Mens	Malpica					
San Xoán de Golán	Melide					
San Xoán de Furelos	Melide					
San Martiño de Moldes	Melide					
San Pedro de Melide	Melide					
San Vicente de Vitoriz	Melide					
Santa María de Leboreiro	Melide					
Santa María do Melide	Melide					
San Xoán de Vilanova	Miño					
Santa María de Monfero	Monfero					
San Cristovo de Nemiña	Muxía					
San Xulián de Moraime	Muxía					(3)
Santa Leocadia de Frixe	Muxía					
Santa María de Morquintán	Muxía					
San Martiño de Ozón	Muxía					(4)
San Pedro de Leis	Muxía					
San Martiño de Xubia	Narón					
Santa María de Portor	Negreira					
Santa María de Dexo	Oleiros					
San Paio de Buscás	Ordes					
Santa María de Ordes	Ordes					
San Xiao de Poulo	Ordes					
San Martiño de Bandoxa	Oza dos Ríos					
San Pedro de Oza dos Ríos	Oza dos Ríos					
San Pedro de Porzomillos	Oza dos Ríos					
Santiago de Reboredo	Oza dos Ríos					
Santa Cruz de Mondoí	Oza dos Ríos					
	Ábsida semicircular		Ábsida rectangular	3 Ábsidas semicirculares	Restos románicos	Outras formas



Se observamos o mapa da distribución das igrexas e restos románicos, apreciamos catro áreas de concentración. Un sector relativamente amplo en forma triangular cuns vértices que estarían nos concellos de Arteixo, Oza dos Ríos (dous dos que rexistran unha maior concentración) e Narón, pola presenza de S. Martiño de Xubia. Neste sector, no que se atopan as igrexas obxecto do noso estudo, concéntrase o 47,87% dos puntos. Un segundo sector abarca os concellos de Santiso, Melide, Toques, Sobrado e, secundariamente, Vilasantar, Boimorto, Arzúa, Frades e Curtis, que só aportan un resto cada un, e que concentra o 17,9% dos puntos. Un terceiro sector costeiro, situado no extremo occidental, desde Fisterra a Camariñas, co 10,25% dos puntos. Por último, o concello de Santiago con Val do Dubra, Ordes, Trazo, Boqueixón, Vedra, A Baña, e Negreira, que concentra o 16,23%, pero con 6 dos exemplos na capital. O resto espállase por un amplo espacio, pero con proximidade ós núcleos citados; de tal maneira que existen tres grandes baleiros: o que vai de Carnota-Boiro a Ponteceso-Carballo, o situado entre os concellos de Touro e Cesuras, e o do extremo máis nororiental, que ten a súa prolongación na provincia de Lugo.

Na evolución do románico galego, e, en xeral, na de calquera ámbito, acéptase, con máis ou menos matizacións, como válida a existencia de tres fases, nas que para a súa delimitación xoga un papel importante, para o caso de Galicia, a Catedral de Santiago. Unha primeira fase, que englobaría os exemplos do denominado primeiro románico, abranguería o século XI ata o inicio da construción da Catedral, o que sucede no 1075. Unha segunda fase, ou románico pleno, que comprendería o derradeiro cuarto do século XI e a primeira metade do século seguinte. E un terceiro período ou tardorrománico, ó longo da segunda metade do século XII e primeiros pasos do século XIII. Mais esta cronoloxía, necesaria desde o punto de vista metodolóxico, toma como puntos de inflexión os grandes fitos da evolución: o xa aludido comezo da Catedral, os inicios da abacial de Sobrado cara a 1150 ou a actividade do mestre Mateo en Santiago; e oculta unha realidade máis complexa: a persistencia do románico pleno ó longo da segunda metade do século XII, coexistindo cunha rápida difusión das novas formas de arquitectura cisterciense, e a prolongación do tardorrománico ó longo das primeiras décadas do século XIII, poñendo de manifesto o ben que o estilo soubo aclimatarese en Galicia.

Existe un gran consenso, aunque cunha cronoloxía difícil de precisar, na adscripción ó primeiro románico das igrexas de S. Martiño de Mondoñedo, S. Antolín de Toques e S. Xoán de Vilanova. O problema xorde á hora de graduar os edificios ó longo do século XII, século, sen dúbida ningunha, de eclosión do estilo en Galicia. E iso por razóns suficientemente coñecidas e que Manuel Núñez sabe ben sintetizar¹²⁹. Os primeiros estudos realizados tenderon a remarcar o retraso do románico galego en relación a outras rexións. É algo que xa Pita Andrade¹³⁰ puxo no seu día en cuestión, en consonancia cos estudos que Chamoso Lamas¹³¹ viña realizando. Mais, a un tempo que se facía fincapé nisto, tendíase a unha excesiva concentración dos edificios a fins do século XII. Pesaba, sen dúbida, nesta inclinación, a importancia, incuestionable, pero excesiva, que se deu á Catedral do Apóstolo como motor de expansión; apreciación que tampouco pasa por alto Pita Andrade.

Pero tal tendencia a concentrar os edificios a fins de século, claramente comprobable á luz do Inventario de Ángel del Castillo, resulta pouco comprensible. Suporía unha furia constructiva en 25 anos sen parangón, deixa un baleiro entre o primeiro románico e o tardorrománico difícil de explicar, sobre todo cando os factores que propician a mencionada eclosión operan xa desde principios de século, e non se corresponde co dinamismo e rapidez con que Galicia asimila as novas formas cistercienses¹³². Pero, ademais, a reducida nómina de inscricións, aunque sen dúbida nos pon de manifesto que a fin do século XII foi un momento de dinamismo constructor, suxírenos a necesidade do graduamento antes aludido. Efectivamente, M^a José López Pérez¹³³ estudia a inscrición da parede sur de S. Martiño de Xubia e chega á conclusión de que se pode ler o ano de 1102, aunque M.L. Regal se inclina por 1111. No lintel da porta norte de S. Pedro de Oza dos Ríos, a inscrición é de 1121. Ángel del Castillo estudiou as dúas

129. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Manuel, *Algunas reflexiones sobre el románico rural gallego*, Anuario Brigantino, nº 6, 1983.

130. PITA ANDRADE, José Manuel, *Notas sobre el románico popular en Galicia*, Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXIV, 72-73-74.

131. Véxase ó respecto en *Arte Galega, Estado de la cuestión* os numerosos estudos que CHAMOSO LAMAS, na década dos setenta, publica sobre novas ou descoñecidas mostras de manifestacións románicas.

132. Ó respecto véxanse as obras xa clásicas de TORRES BALBÁS, *Monasterios cistercienses en Galicia* e de CAAMAÑO MARTÍNEZ, *Contribución al estudio del gótico en Galicia*; ou a máis recente de VALLE PÉREZ, *La arquitectura cisterciense en Galicia*.

133. LÓPEZ PÉREZ, M^a José, *A igrexa románica de San Martiño de Xuvia*, pp. 28-29.

inscricións de Sta. M^a de Doroña, unha do 1162, a outra interpretada como de 1113¹³⁴. Seguen as inscricións de Santiago de Mens, 1134; Dexo, 1148¹³⁵; S. Tirso de Oseiro¹³⁶, S. Estevo de Morás e a xa citada de Doroña, 1162; Sta. M^a de Ois, 1183; Breamo, 1187; Santiago de Compostela, 1188; Cambre, 1194; e outras en Dexo, 1186, 1199 e 1238.

É evidente que a presenza dunha inscrición non garante que o edificio sexa do ano que indica, pero si que nos pon sobre a pista dunha actividade constructora. Cunha oportunista utilización da estatística, se consideramos que a mostra de inscricións é representativa (que seguramente non o sexa), extrapolando os datos podemos tirar a conclusión de que dos 117 puntos do románico que contabilizamos, a metade das igrexas deberían ser datadas na primeira metade do século XII. Volvemos repetir que é unha interpretación simplista, mais que vén a ser apoiada polas fontes documentais. En efecto, o labor restaurador propiciado por Xelmírez en igrexas pertencentes á Catedral de Santiago, e do que dá boa conta a Compostelana¹³⁷, non debeu de ser un feito illado en Galicia; é de supor que outros membros do clero e da nobreza seguiran o seu exemplo. Por outra parte, segundo José Fariña Jamardo¹³⁸, pódese constatar "que las iglesias existentes en la época de Gelmírez, incluso en cuanto al nombre, existen en la actualidad", e que comezan a aparecer na documentación entre os séculos IX e XII. Sería unha enumeración longa, abonda como exemplo o que sucede na Comarca do Eume, que non debeu de ser unha excepción. A primeira mención a Doroña é do 953; de S. Martiño de Andrade, do 1102; de S. Pedro de Cervás, do 1110. Mais o panorama non é distinto se acudimos á documentación dos mosteiros. Xa o vimos máis atrás. Caaveiro e Xubia están fundados xa a mediados do século X. O primeiro reconstrúese entre 1117 e 1135. O desaparecido S. Salvador de Pedroso foi fundado por dona Munia Froilaz no 1111. Por último, Afonso VII, no 1135, establece os límites do mosteiro de Monfero, sinalando no privilexio que o mosteiro se estaba edificando. Nun momento no que o románico se difunde polo norte da península Ibérica, na primeira metade do século XII, asistimos en Galicia ó afianzamento dos dominios monásticos. Resulta difícil entender que estes mosteiros tivesen que esperar máis de cincuenta anos para realizar uns edificios nun estilo que se difundira por todo o occidente europeo desde principios do século XI, e se os construíron, que fosen renovados pasados pouco máis de cincuenta anos. Na Compostelana fálase da pobreza de moitas igrexas, non deixando de advertir que o arcebispo Xelmírez fixo moito por remediar aquela situación, mais habería que explicar convincentemente a sorprendente excepción de Toques e S. Xoán de Vilanova.

TIPOLOXÍA

Téndese a agrupar os monumentos románicos en función das circunstancias que rodean a súa xénese e, en relación con ela, en función do tamaño, cualidade artística e tipo de planta. Desta maneira fálase de igrexas do románico popular ou rural¹³⁹ en oposición ó románico dos mosteiros, catedrais ou igrexas xurdidas en núcleos de poboación de certa entidade, circunstancia que condicionou o seu tamaño e a súa evolución. Ó primeiro grupo, con moito o máis numeroso, pertencen as igrexas de pequeno tamaño,

134. Véxase a monografía adicada a esta igrexa no apartado "Cronoloxía".

135. Véxase sobre as inscricións desta igrexa o artigo de CARDESO LIÑARES, J., *Dos iglesias románicas del Ayuntamiento de Oleiros*, Anuario Brigantino 1995, nº 18, e YZQUIERDO PERRÍN, *Santa María de Dexo*, Abrente, 1992-1991, pp. 23-24.

136. Existe outra de 1164


137. Véxanse Capítulos 21, 30 ó 32 do Libro Primeiro. No Capítulo 32 danse novas sobre a restauración dunha serie de igrexas nas comarcas de Faro e Mariñas, entre as que se atopaban, por exemplo, Dexo, Tiobre, Mántaras ou Morás.

138. FARIÑA JAMARDO, José, *La parroquia rural en Galicia*, pp. 412-434. Sobre o mesmo tema véxase JAMES D'EMILIO, *Los documentos medievales como fuentes para el estudio de las parroquias e iglesias gallegas: el distrito de Monte de Meda (Lugo)*. Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XLIII, 108, 1996.

139. O primeiro é utilizado por PITA ANDRADE (*Notas sobre el románico popular en Galicia*, Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXIV, 72-73-74). O segundo por Manuel NÚÑEZ RODRÍGUEZ (*Algunas reflexiones sobre el románico rural gallego*, Anuario Brigantino, nº6, 1983, pp. 113-120).

sempre dunha soa nave e unha ábsida, cunha menor cualidade artística e normalmente, dado o tipo de poboamento galego, situadas en descampados e afastadas de núcleos de poboación.

No románico da provincia da Coruña, unhas 91¹⁴⁰, dos exemplos considerados, entrarían dentro desta categoría. Deles, só 14¹⁴¹ posúen unha ábsida semicircular. Non pasa desapercibido o feito de que 10 destas igrexas se concentren no primeiro sector que consideramos ó falarmos da distribución espacial e que 5 delas estean na Comarca Eumesa. Estas ábsidas semicirculares responden a unha cuádruple tipoloxía: a) Ábsidas sen tramo recto, unido directamente á nave sen columnas acobadadas. Só existe o exemplo de S. Xoán de Vilanova. b) Ábsidas con tramo recto limitado a oriente por un cóbado que inicia o hemicycle, e a occidente por un arco presbiteral sostido por columnas acobadadas. É o grupo máis numeroso e a el pertencen Sta. M^a de Doroña, Sta. M^a de Melide, Caaveiro, Sta. M^a de Herbón, Sta. M^a de Leboreiro¹⁴², S. Pedro de Cervás, Sta. M^a de Cuiña. c) Ábsida que no interior debuxa no plano un arco semicircular peraltado limitado a occidente por un arco e columnas acobadadas¹⁴³, é o caso de S. Martiño de Andrade, Sta. M^a de Dexo e Reboredo. d) Ábsida cun deseño semellante á anterior pero con semicolumnas interiores que sosteñen un arco faixón¹⁴⁴: Sta. Madanela de Ponte-Ulla.



A cabeceira rectangular predomina no románico da provincia da Coruña. **Planta da igrexa de San Martiño de Tiobre.**

Escapan desta clasificación Sta. M^a do Temple, que foi igrexa de tres ábsidas, o que queda é do tipo c, pero con dúas columnas por lado; e Nosa. Sra. das Angustias de Agualada, cunha ábsida que foi reedificada a comezos do século XVI aproveitando elementos do desaparecido claustro románico da Catedral de Santiago.

Non nos interesa a consideración das ábsidas rectangulares, por non estar representadas na Comarca Eumesa. Pola mesma razón tampouco nos interesa a tipoloxía do

140. Non incluímos as dúas igrexas románicas da Coruña, nin ningunha das situadas en Santiago; tampouco a igrexa dos antigos mosteiros, excepto a de Caaveiro, que polas súas pequenas dimensións ben pode ser incluída nesta categoría.

141. Incluímos a Sta. M^a do Temple, que foi basilical de tres naves, pero non a Ozón que tivo tres ábsidas e hoxe só ten dúas. Tampouco incluímos a Santa María do Campo, da Coruña, que ten tres naves.

142. Neste caso o arco apuntado do presbiterio é recollido por pilastras.

143. A esta tipoloxía correspondía a desaparecida ábsida semicircular de San Pedro de San Román (Santiso). Debemos deixar constancia dos poucos exemplos que en Galicia temos deste tipo de ábsida, ata o punto de que non existe ningún na provincia de Pontevedra (véxase BANGO TORVISO, I., *Arquitectura románica en Pontevedra*) e que, entre as igrexas que estudia YZQUIERDO PERRÍN (*La arquitectura románica en Lugo*, p. 47) só en Asma atopamos unha configuración parecida.

144. Trátase, neste caso, dun tipo moi estendido nas outras provincias galegas.

románico urbano, pero a presenza da igrexa dun antigo mosteiro, como S. Miguel de Bremao, fai que debamos deternos na tipoloxía das construcións monásticas.

En total son 9¹⁴⁵. Agás Bremao e Santiago do Burgo¹⁴⁶, que son igrexas dunha nave e tres ábsidas, o resto posúe unha planta basilical con tres ábsidas semicirculares. Santiago de Mens posúe dúas ábsidas semicirculares laterais e a central pentagonal. Sta. Mª de Cambre deambulatorio con cinco ábsidas. A estrutura interior das súas ábsidas responde, para o caso das laterais, ó modelo c (Xubia, Bremao) ou ó modelo b (Monteagudo ou Bergondo); e a central, ó modelo b ou a un modelo que, na provincia da Coruña e en igrexas dunha nave e ábsidas semicirculares, só atopamos en Ponte-Ulla, pero é a norma xeral nas ábsidas rectangulares e nada raro nas igrexas cunha ábsida semicircular: estámonos a referir á ábsida compartimentada por medio dun arco faixón e as correspondentes semicolumnas que o recollen.

INFLUENCIAS ARTÍSTICAS

Pita Andrade¹⁴⁷, nun epígrafe co mesmo título, establece unha secuenciación de influencias ben delimitada. De todas elas, podemos prescindir, no noso caso, da que el denomina influencia das catedrais "menores"; o resto son perfectamente aplicables ó románico da provincia da Coruña. Debemos engadir, ademais, a influencia do denominado románico lombardo.

A influencia dos monumentos prerrománicos déixase notar na utilización da cabeceira rectangular, que, como xa vimos, predomina no románico da provincia; e nos temas decorativos. Xa nos ocuparemos máis adiante destes últimos, mais debemos dicir agora, aunque sería necesario un estudio máis documentado, que a importancia que adquire a ábsida rectangular non corresponde cunha similar importancia da decoración prerrománica. Dito isto, ademais da presenza de tales temas nas dúas igrexas do primeiro románico¹⁴⁸, si hai que constatar a extensión que alcanza o tema do sogueado e a presenza do talo sinuoso. O primeiro, do que coñecemos alomenos 15 exemplos¹⁴⁹, aparece sempre no interior da igrexa e, case sempre, en astrágalos ou bases. O talo sinuoso, de influencia visigoda e mozárabe¹⁵⁰, aparece nos exteriores; a súa dispersión é semellante e o seu número menor; coñecemos 6 exemplos¹⁵¹ ademais de S. Xoán de Vilanova.

A influencia da Catedral de Santiago tamén se deixa notar, como non podía ser menos, nos elementos estruturais e decorativos. Mais, sen dúbida, tense sobrevalorado a súa importancia. Como ben sinala Pita Andrade, a basílica de Santiago era unha obra grandiosa cuns elementos que resultaban difíciles de adoptar polas modestas construcións. E, en todo caso, é un feito como se tende a englobar dentro das influencias santiaguesas elementos que son do románico en xeral, sen desvencellar esta influencia da do denominado "románico francés", do que tamén participa a Catedral. É evidente que non debeu de pasar todo pola peneira da Catedral. Ábsidas, no exterior, coma as de Herbón, Sta. Mª de Melide, Mezonzo ou Xubia, ben artelladas por semico-

145. Excluimos os mosteiros situados nas capitais, Sta. Mª do Temple, S. Antolín de Toques e aqueles mosteiros que incluimos na categoría de restos.

146. Xa dixemos que orixinariamente debeu ter tres naves.

147. PITA ANDRADE, José Manuel, op. cit., pp. 64-75.

148. En S. Antolín de Toques a presenza do molinete e en S. Xoán de Vilanova o talo sinuoso e o trezado.

149. Oza dos Ríos, Tiobre, Dexo, Cuiña, Bremao, Doroña, Morás, Pontellas, Brabío, Reboredo, Sta. Mª de Ois, Elviña, Pezobrés, Santiago de Cereixo, S. Pedro de Leis. Obsérvese que, agás os últimos, tódolos demais exemplos están concentrados no románico de Faro-Mariñas-Eume.

150. Atopámoslos, por exemplo, no altar visigótico de Pito-Cudillero (Asturias), no fragmento de gardavento mozárabe procedente de S. Adrián de Boñar (León), ou en S. Xés de Francelos (Ourense). Véxase o que se di deste tema na monografía adicada a S. Xoán de Vilanova.

151. S. Pedro de Melide, Moldes, Tiobre, Doroña, Elviña, Oseiro.


lumnas adosadas, impostas decoradas, que as fragmentan horizontalmente, e as correspondentes ventás con columniñas acobadadas, denotan unha influencia directa do románico que atopamos en Jaca e que se reproduce en S. Martín de Frómista e S. Isidoro de León. A influencia de Santiago neste aspecto quizais haxa que vela máis noutro tipo de ábsida compartimentada por pilastras, sen impostas e con ventás simples. Así e todo non faltan elementos atribuíbles ó escaparate que supuxo para o románico galego a Catedral do Apóstolo: O tellado único albergando as tres naves, tal e como o atopamos nos grandes mosteiros; as paredes artelladas por arcos unidos por contrafortes (Caaveiro, Moraime, Morás, igrexa de Portor de Negreira ou Sta. M^a do Campo da Coruña), as columnas recubertas (Moraime, Sta. M^a de Melide), ou o deambulatorio, do que só temos o exemplo de Sta. M^a de Cambre.

Desde o punto de vista da decoración, ademais duns determinados tipos de capiteis, hai que constatar a difusión do modo de configurar os billetes que decoran a imposta que recorre lonxitudinalmente as naves, e dos arcos lobulados decorando portas e ventás, tal e como aparecen enriba da fachada de Praterías.

O capitel de grandes follas, que á súa vez conteñen outras folliñas, que parten dun nervio central, atopámolo en Ozón, Cervás, Xubia e Cambre, por citar algúns exemplos.

É notoria a expansión que alcanza, na provincia da Coruña, o tema do billete¹⁵². Este tema, tan propio do románico, sitúase en diversos lugares e presenta distintas modalidades, non todas elas atribuíbles a influencias de Santiago. Entre as modalidades existe unha que si que atopamos en Santiago e que consiste nunha ringleira de billetes que adoptan a forma de pezas de cuarto de cilindro ó ir adosadas a un rebaixe en forma de uve; este tipo de taco de cuarto de cilindro, ou en semicilindro, aparece nalgunhas igrexas marcando o arranque das bóvedas (Breamo, Andrade, Elviña, Brabío, Sésamo, Cereixo ou Xaviña), decorando beirados (Bergondo) ou chambrás das ventás (Cambre).

Portada de Santiso de Oseiro.
É notoria a expansión que alcanza, na provincia da Coruña, o tema do arquíño.



Non menos notoria é a difusión do tema dos arquiños lobulados¹⁵³. Este tema adquire distintas modalidades, non todas de similar importancia en canto á súa utilización. Unhas veces aparece debaixo das cornixas¹⁵⁴, debendo distinguirse entre os arquiños de influencia lombarda (Toques e Vilanova) e os do románico pleno ou tardío, moi pouco difundidos na provincia da Coruña, ata o punto de que só podemos citar os exemplos de St. Tomé de Monteagudo, Mezonzo, Santiago da Coruña e o moi particular de Sta. Mª do Campo da mesma cidade, anque non debemos esquecer que a Catedral de Santiago chegou a ter este tipo de arcos. Outras veces atopámoslos no intradorso dos arcos, dando lugar a arcos angrelados; ou sobre baquetóns decorando arquivoltas de portas e ventás. En ambos casos unhas veces trátase de arquiños de medio punto e outras de ferradura¹⁵⁵. O arco angrelado (ventá da fachada principal de Cambre, rosetón de Bremao) e a decoración de tímpanos (Bergondo, Pezobrés) quedan nun segundo plano fonte á importancia que adquiren os arquiños que decoran arquivoltas. Desta versión podemos citar uns 16 casos¹⁵⁶, nalgún dos cales os arquiños adquiren un tamaño moi pequeno (Dexo, Tiobre).

A influencia da arquitectura cisterciense déixase notar na utilización da bóveda de crucería, no apuntamento dos arcos e na tendencia á austeridade decorativa de capiteis e canzorros. Bóvedas de crucería nas que se poida supoñer unha influencia cisterciense, só temos o caso de Bremao. Polo que respecta ó apuntamento dos arcos, é difícil deslindar a influencia cisterciense do que son xa obras realizadas dentro da dinámica do gótico. En todo caso, sen ter en conta o apuntamento dos arcos de portas e ventás, en 28 igrexas poderíamos establecer esta influencia, ó ter o arco do presbiterio apuntado. Máis seguro resulta, sen embargo, investigar esta influencia na austeridade dos capiteis, nos que, nos casos máis extremos, de cronoloxía serodia, chega a desaparecer a decoración (Bremao, Colantres, Loureda) ou componse de grandes follas planas pegadas á cesta (Bergondo, Xubia, Cambre, Cuiña, Oza dos Ríos, Sta. Mª da Coruña, Tiobre, etc.). Chegariamos á conclusión de que a influencia foi relativamente importante.

Por último, a influencia dos templos entre si. Influencia, sobre todo, na decoración, mais tamén nalgúns elementos estruturais. Determinar estas influencias só é posible con estudos que abrangan ámbitos comarcais. É un dos obxectivos que nos impuxemos e que abordaremos máis adiante. Cabe dicir que estas influencias existen¹⁵⁷, anque só sexa nun elemento menor, como é o canzorro, lugar adecuado onde o canteiro pode exercitar a súa imaxinación, reproducindo figuras moi unidas ó entorno xeográfico no que aparece a igrexa.

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE OS ELEMENTOS ESTRUCTURAIS

As igrexas aparéllanse con sillería de granito¹⁵⁸ disposta en ringleiras horizontais. A utilización da cachotería, por norma xeral aparello de construción utilizado nas sacristías, pónnos sobre a pista de reformas posteriores (Ponte -Ulla, Santiago de Ois).

152. Sen esgotar os exemplos, podemos citar ata 23 casos: Bremao, Dorroña, Andrade, Xaviña, Leis, Sésamo, Brabio, Reboredo, Elviña, Moldes, Sta. Mª de Melide, Celas de Peiro, Coirós, Herbón, Xubia, Ozón, Sar, Salto, Tiobre, Viñas, Moraime, Cambre, Mens.

153. O tema foi estudiado por PITA ANDRADE, op. cit., pp. 50-54 e YZQUIERDO PERRÍN, *Arcos lobulados en el románico de Galicia*, El Museo de Pontevedra, XXXVII, 1983, pp. 215-234.

154. Véxase ó respecto José Carlos VALLE PÉREZ, *Las cornisas sobre arquitos en la arquitectura románica del noroeste de la Península Ibérica*, Compostellanum, XXIX, 3-4, pp. 291-353.

155. Na provincia da Coruña só coñecemos un exemplo de arquiño apuntado, o de Oza dos Ríos.

156. Culleredo, Chamín, Herbón, Mondoí, Oseiro, Oza dos Ríos, Salto, Tiobre, Viñas, Leis, Xaviña, Dexo, Sta. Mª de Melide, S. Pedro de Melide, Sta. Mª da Coruña, Mezonzo.

157. Así, por exemplo, véxase a conclusión de José Ramón FERRÍN e Mª del Pilar CARRILLO no seu estudio do románico da ría de Camariñas (*Aproximación ó estudio dalgunhas igrexas románicas da ría de Camariñas*, Historia Nova II, 1994, pp. 9-25).

158. Outros tipos de materiais como a cuarcita ou a lousa son excepciónais.

Os muros son reforzados, agás en non moitas excepcións¹⁵⁹, por contrafortes dunha distribución non sempre simétrica. Non soen faltar nos lados norte e sur das ábsidas rectangulares. As circulares, ou son lisas (Dexo, Doroña, Ordes, Ozón, Temple), compartimentadas por contrafortes prismáticos (Andrade, Cervás, Cuiña, Reboredo, Bergondo, Cambre, Moraime) ou por semicolumnas adosadas (Breamo, Caaveiro, Monteagudo, Mens, Santiago do Burgo, Santiago da Coruña); sendo excepcionais as solucións máis complexas¹⁶⁰. Non sendo en contadas ocasións (Andrade, quizais tamén Reboredo), os contrafortes chegan ata os beirados.

Nos muros sóense abrir tres portas, sen contar a da sacristía, normalmente adosada á ábsida. Na apertura destas portas prevalece o lado sur sobre o norte, onde ás veces a porta se chega a tapiar¹⁶¹. A porta principal, en tódolos casos, sitúase ó oeste. Esta porta resáltase con abucinamento, arquivoltas dunha¹⁶², dúas¹⁶³ ou tres¹⁶⁴ columnas por lado; excepcionalmente acobadadas (Cuiña, Pezobrés), igualada no muro (Vitoriz); ou con abucinamento, pero sen columnas (Xubia). As portas travesas ou non están igualadas nas paredes, solución pouco frecuente; ou si o están, e neste caso o tipo de lintel máis utilizado é o semicircular; ou, nalgunha ocasión, posúen columnas acobadadas (Sta. M^a de Herbón, Sta. M^a de Melide no sur; Sar, Santiago e Sta. M^a da Coruña no norte).

Respecto ás ventás, as diferencias aparecen en ábsidas e fachada principal. A norma xeral nas naves é a apertura de dúas ou tres seteiras, de tal maneira que casos coma o de Xubia ou Sar son excepcionais. Nas ábsidas rectangulares sóese abrir unha única ventá con columnas acobadadas ó exterior e con simple abucinamento no interior, de tal maneira que cando aquelas faltan pódese pensar que ten habido reformas posteriores; naturalmente existen algúns casos excepcionais nos que a ventá ten columniñas no interior (Espenuca, Brabío). Caso único é o de Porzomillos coa presenza dun rosetón. Nas ábsidas semicirculares as solucións son máis variadas: van desde a ausencia de ventás no semicírculo (Dexo, Leboreiro, Marantes), ó máis normal de tres. Menos frecuente é a presenza dunha ventá (Ozón, Sta. M^a de Melide, Ponte-Ulla, Reboredo) e excepcional a existencia de dúas (S. Xoán de Vilanova). As ventás unhas veces son simples seteiras (Santiago do Burgo, Cuiña, Cervás); outras, ventás abucinadas ó exterior, en aresta viva ou con molduras (Monteagudo, Cambre, Bergondo, Doroña, Andrade, Breamo, etc.); un terceiro tipo posúe columnas acobadadas, normalmente, unha por lado. Os casos de Caaveiro, Celas de Peiro e Salto¹⁶⁵ son os únicos nos que aparecen dúas columnas por lado. Por último, na fachada principal, ou se coloca unha seteira, solución máis frecuente nas igrexas máis modestas; ou un óculo ou rosetón, que ás veces tamén atopamos nos testeiros das naves (S. Tirso de Oseiro, Bergondo, Mezonzo). Solución pouco frecuente é a presenza de ventás con columnas acobadadas, ben unha soa (Herbón); ou ben varias, nunha distribución máis complexa (Cambre, Moraime).

Se prescindimos do románico urbano, Breamo é o único exemplo de igrexa totalmente abovedada. No resto das igrexas as naves cóbrense cun armazón de madeira a dúas augas. As ábsidas abovédanse: o semicírculo, con bóveda de forno; e con bóveda de canón, semicircular ou apuntada, o tramo recto. Nalgúns exemplos (Chamín,

159. Sta. M^a de Cuiña, Sta. Eulalia de Espenuca, Sta. M^a de Melide, Sta. Cruz de Mondoí, Sta. M^a de Pontellas, etc.

160. O contraforte seguido de semicolumna atopámolo en Xubia e en Sar. E a compartimentación con contrafortes e columnas en Marantes e Ponte-Ulla.

161. BANGO TORVISO sinala que unha das portas se tapiaba para evitar as correntes de aire.

162. Chamín, Doroña, Espenuca, Leis, Mántaras, Cereixo.

163. Bergondo, Cambre, Dexo, Lañas, Oseiro, Sar, Tiobre, Viñas.

164. Elviña, Santiago da Coruña, Sta. M^a da Coruña, S. Pedro e Sta. M^a de Melide, Moraime.


165. Trátase dunha ventá que se atopa na fachada principal mais que primitivamente debía estar no testeiro da ábsida.

Moldes, Santiago de Ois, etc.) a ábsida posúe cuberta plana, por causas que hai que atribuír, en case tódolos casos, a reedificacións posteriores. Torres, espadanas e pendellos son elementos consubstanciais á arquitectura románica.

Pita Andrade¹⁶⁶ sinala como un trazo negativo a ausencia de torres de campás no románico popular galego. Sorprende esta evidente constatación ó comprobar a importancia que as torres chegarán a ter na arquitectura barroca, mesmo en igrexas rurais de pouca entidade. En todo caso debeu de ser no románico un elemento máis propio dos mosteiros ca das igrexas rurais. A torre do lado esquerdo da fachada de S. Xulián de Moraime pódenos dar unha idea de como serían estas torres románicas. Torre non moi distinta ás que podemos contemplar en San Nicolás de Cines¹⁶⁷, Sta. Eulalia de Lubre¹⁶⁸ ou Sta. M^a de Fisterra.

A espadana é un elemento mudable, presa fácil das inclemencias do tempo e, en especial, das treboadas. De tal xeito que, como constata I. Bango Torviso, é difícil atopar espadanas románicas que chegaran ata nós. O mesmo panorama debuxa Yzquierdo Perrín para as igrexas que estudia da provincia de Lugo, das que só tres lle merecen a consideración de románicas. A situación non é moi distinta na provincia da Coruña: soamente responden a un esquema románico as espadanas de S. Estevo de Culleredo, Santiago de Reboredo, Cambre, Herbón ou a restaurada de Espenuca.

Se mudables son as espadanas, non o son menos os pórticos¹⁶⁹. Deles di Pita Andrade¹⁷⁰ que a súa importancia arquitectónica no románico popular non debeu de ser grande. Sen embargo, si debeu de ser importante a súa difusión. Debemos ter presente que non é un elemento privativo da arquitectura románica nin da arquitectura popular: atopámoslos no prerrománico (Sta. Comba de Bande, S. Xoán de Baños, S. Miguel de Escalda, San Xés de Francelos), en moitas igrexas actuais de pouco valor artístico (na Comarca Eumesa, en S. Félix de Monfero ou S. Pedro de Eume), noutra de certa importancia artística (Sta. Eulalia de Lubre) ou en construcións cunhas características moi distintas ó que deberon ser os modestos pórticos de madeira do románico popular: A Catedral de Santiago ou Moraime.



Bango Torviso¹⁷¹ considera que en toda Galicia non se conservou nin un só exemplo de pórtico románico e soamente a presenza, nalgúns igrexas, de mochetas encaixadas nas paredes nos fan da súa existencia.

Ventá abucinaada ó exterior con molduras e chambrá de billetes das ábsidas de Santa María de Cambre.

166. PITA ANDRADE, José Manuel, op. cit., Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXIV, 72-73-74, p. 82.

167. Situada no concello de Oza dos Ríos. Ángel DEL CASTILLO no seu inventario inclúe esta igrexa dentro do gótico da segunda metade do século XIV.

168. Próxima á estrada de Cervás. Existe unha grande confusión sobre a cronoloxía desta igrexa que pide un estudio detido. De todas maneiras, Ángel DEL CASTILLO considéraa de fins do século XV ou principios do seguinte.

169. Na monografía adicada a Sta. M^a de Dorña detémonos en consideracións sobre a súa función.

170. PITA ANDRADE, José Manuel, op. cit., p. 83.

171. BANGO TORVISO, Isidro, op. cit., p. 56.

Pero, en moitos casos, máis ca de pórticos ou pendellos habería que falar de cubertos ou "formais de casetas". Sabemos o estendidas que estaban estas febles construcións na Comarca Eumesa: por fontes documentais temos noticia da súa existencia nas igrexas de Bremao, Sta. M^a de Ombre, San Pedro de Vilar ou a capela do Espírito Santo, situada no medio da ponte.

DECORACIÓN

Anteriormente, ó tratarmos o tema das influencias, xa adiantamos algunhas consideracións sobre a decoración. Sinalamos a influencia da decoración do arquíño lombardo nas igrexas de S. Antolín de Toques e S. Xoán de Vilanova; valoramos a difusión da decoración prerrománica, a extensión que alcanza o tema do billete e dos arquíños lobulados ou o matiz de sobriedade que introduciron os aires cistercienses. Sinalamos agora algúns riscos máis sen ánimo de ser exhaustivos, nin moito menos pretender esgotar o tema, o cal escapa ás nosas posibilidades.

O elenco de temas vexetais e xeométricos é variado, cunha posición que soe ser a habitual na arquitectura románica. Entre tódolos temas, quizais merezan ser sinalados o da liña en zigzag (Leboreiro, Colantres, Ozón, Tiobre, Bergondo, Dexo, Cereixo, etc.) e, en menor medida, a bóla (Pezobrés, Herbón, Lañas, Sar), a roseta (Doroña, S. Pedro de Melide, Cereixo, Xaviña, Leis, etc.), a palmeta (Ozón, Cereixo, Leis) e as puntas de diamante (Pezobrés).

Nos capiteis predominan os dunha ou dúas ordes de follas de distinto tratamento, normalmente con bólas, fronte ós entrelazados e historiados ou outros tipos. Os historiados atopámoslos nalgúns capiteis de portas e presbiterios (Bremao, Sta. M^a de Melide, Souto, Ozón, etc.), con menor frecuencia en ventás (Herbón). Pero hai que acudir ós grandes mosteiros (Cambre, Xubia, Bergondo) para atopar capiteis con maior riqueza decorativa, anque tampouco con grandes alardes. Un motivo sumamente estendido é o que representa animais enfrontados (Xubia, Bergondo, Cambre).

É nalgúns destes grandes mosteiros (Cambre, Moraime) e no románico urbano (Catedral de Santiago, Santiago e Sta. M^a da Coruña) onde, nas fachadas, aparecen proxectos iconográficos máis ambiciosos. Fóra deste contexto son escasos os tímpanos de portas e ventás decorados con temas figurativos (Doroña, Cereixo, Moldes), anque si é frecuente a decoración dos tímpanos das fachadas con cruces de distintas tipoloxías.

O capitel de follas con bólas alcanza gran difusión no románico da provincia da Coruña.

San Martiño de Ozón.



A decoración complétase coas cruces antefixas, carneiros das cornixas e beirados sostidos por canzo-rrros.

No románico popular os beirados son do tipo que Bango Torviso denomina de cubertas e canzo-rrros, cistercienses e gotizantes. Proliferan os canzo-rrros de cabezas humanas e de animais, proas, nace-las, rolos, volutas, mazas ou cilindros. Ás veces atopámonos con algún canzorro máis interesante (acróbatas de Cereixo e Xaviña, persoas humanas de crequenas en Andrade ou animais de costas en Dexo ou Cervás, algúns capiteis de Brabío ou Vitoriz). É

evidente que son elementos que sofren especialmente a dureza do clima e o paso do tempo, mais iso non desculpa ó románico popular da Coruña da pouca orixinalidade neste campo. Casos de decoración entre os canzorros, ben nas tabicas (Doroña) ou nos sofitos, e de decoración nos bordos dos beirados (Herbón), son excepcionais.

De novo hai que acudir ós mosteiros para atopar tabicas (tornachuvias do Sar) e beirados con decoración (Bergondo, Breamo, Xubia, etc.). É nalgún destes antigos mosteiros (Ozón, Xubia, Mens, Mezonzo, Breamo) onde volvemos atopar unha maior abundancia de figuras nos canzorros, anque tampouco coa orixinalidade, agás quizais o caso de Ozón, doutras zonas.



O Românico da COMARCA do FUMÉ

O obxecto do noso estudio abarca a consideración de seis igrexas. Dúas delas, S. Miguel de Bremao e S. Xoán de Caaveiro¹⁷², foron edificacións de antigos mosteiros de cóngos regulares de S. Agustín. O resto, S. Xoán de Vilanova, Sta. M^a de Doroña, S. Martiño de Andrade e S. Pedro de Cervás, entrarían dentro do que se deu en denominar igrexas do románico popular ou rural. Só unha delas, S. Pedro de Cervás, se atopa dentro dun núcleo de poboación, Cervás; o resto sitúanse en descampados.

Só chegou ata nós unha fachada principal¹⁷³, a de Sta. M^a de Doroña, polo que podemos dicir que o románico da Comarca é un románico de ábsidas.

S. Miguel de Bremao, S. Xoán de Vilanova e Doroña foron restauradas na década dos setenta do presente século. O estado de conservación da ábsida de S. Pedro de Cervás pode considerarse como bo, mentres que a igrexa de Caaveiro está en ruínas e en franco proceso de deterioro. Polo que respecta a Andrade, anque a ábsida se atopa en bo estado, sería preciso realizar un labor de limpeza e retirar o retablo que impide o arranxo e a contemplación do seu interior.

S. Xoán de Vilanova, unha das tres igrexas de Galicia de influencia do románico lombardo, dentro do primeiro románico, e S. Miguel de Bremao, pola súa planta e estar totalmente abovedada, ademais doutras particularidades que sinalaremos no seu momento, confiren ó románico da Comarca Eumesa unha importancia que, de faltar estos exemplos, non tería.

TIPOLOXÍA: UN ROMÁNICO DE ÁBSIDAS SEMICIRCULARES

Se o románico eumés é un románico de ábsidas, non é menos certo que o é de ábsidas semicirculares. A transcendencia desta afirmación queda ben clara ó comprobarmos que das 14 igrexas dunha nave e ábsida semicircular que chagaron ata nós na provincia da Coruña, 5 sitúanse na Comarca obxecto do noso estudio. Pero aínda máis, sabemos, por fontes documentais, que outras igrexas, como S. Pedro de Vilar, a capela do Espírito Santo, situada na ponte, ou a desaparecida de S. Xoán de Caaveiro, tamén tiñan este tipo de ábsida.

Polo que respecta a Bremao, xa adiantamos, e volveremos sobre isto na monografía correspondente, que posúe unha planta de cruz latina con tres ábsidas semicirculares adosadas á nave transversal, modelo frecuente en Cataluña, pero non así en Galicia, onde só podemos citar dous ou tres exemplos máis, dependendo do partido que tomemos nalgún caso polémico¹⁷⁴.

As ábsidas responden a unha triple tipoloxía:

A. O exemplo de S. Xoán de Vilanova, de ábsida sen tramo recto unido directamente á nave por un arco triunfal que se levanta sobre o propio muro acobadado. Esta solución, propia do primeiro románico catalán, a penas tivo eco en Galicia nin no resto de España.

172. O mosteiro de Caaveiro tivo dúas igrexas. A que chegou ata nós, denominábase de Sta. Isabel, polas súas reducidas dimensións, podería perfectamente pertencer á nómina de igrexas rurais.

173. Xa veremos nas monografías correspondentes como non se pode sostener que a fachada de Bremao sexa a primitiva. A de Caaveiro foi realizada na reconstrución patrocinada por D. Pío García a fins do século XIX.

174. En Galicia responden a esta tipoloxía as igrexas de Sta. Cristina de Ribas de Sil, Vilar de Donas e S. Salvador de Coruxo. Isidro BANGO TORVISO (*Arquitectura románica en Pontevedra*, p. 30) considera que esta última, nun principio, puido ter unha planta basilical. Ángel DEL CASTILLO, (*San Miguel de Bremao*, BRAG, marzo de 1909, p. 273) engade á lista a igrexa de Santiago do Burgo, anque seguramente foi de tres naves. Coa excepción de Cataluña, a difusión que presenta este tipo de planta en Galicia é similar ó resto do románico español, no que non faltan algúns exemplos.



B. Ábsida con tramo recto, limitado a occidente por un arco de triunfo sostido por columnas acobadadas, e a oriente por un cóbado que inicia o hemiciclo. É, sen dúbida, a solución máis utilizada en Galicia. A este esquema responden as ábsidas de Doroña, Caaveiro e Cervás.

C. O modelo de S. Martiño de Andrade. Ábsida con columnas acobadadas a occidente, tramo recto a penas existente e sen solución de continuidade a oriente, que no plano debuxa un arco de medio punto con peralte. Este modelo non tivo gran difusión nin en Galicia nin fóra dela; a el responden, como xa adiantamos, as ábsidas laterais dalgúns mosteiros (Xubia, Bremao) e as igrexas de Dexo, Reboredo, Ordes ou a desaparecida ábsida da igrexa de S. Pedro de S. Román, anque nestes casos o tramo recto é máis longo.

Mapa de localización das Igrexas románicas da comarca do Eume.



Marta de las Heras

O Románico da COMARCA do EUME

Escapa a esta clasificación a ábsida central de S. Miguel de Bremao. Presenta, esta ábsida, un modelo tamén moi estendido, con tramo recto limitado a oriente por semicolumnas adosadas, pero coa particularidade, nada usual, de que as paredes do hemiciclo non seguen a liña do tramo recto, senón que o comezo daquel supón un ensanchamento do mesmo.

CRONOLOXÍA: UN UNIVERSO DENTRO DO ROMÁNICO

Cando afirmamos que o románico eumés é un universo dentro do románico, queremos dicir que tódalas etapas da evolución do estilo están perfectamente representadas, ofrecéndonos unha mostra, anque reducida, válida para o estudio de dita evolu-

ción. Efectivamente, deixando a un lado maiores precisións cronolóxicas, que faremos nos estudos de cada igrexa, hai que sinalar que S. Xoán de Vilanova é o exemplo do primeiro románico, cunha cronoloxía nada fácil de concretar e que hai que situar a fins do século XI ou principios do seguinte. No extremo oposto, S. Miguel de Bremao, da que posuímos unha inscrición que data a súa construción no 1187, pertence, pois, ó románico tardío, nun momento onde as influencias cistercienses se fan máis patentes, e onde os pasos se encamiñan velozes cara ó protogótico. No medio, o denominado románico pleno. A el pertencen o resto das igrexas, cun graduamento, ó longo do século XII, que haberá que precisar á luz das fontes e das análises comparativas, xa que, como xa temos adiantado, resistímonos a colocalas a todas a fins do século; o cal é algo que non responde á lóxica nin ás análises estilísticas.

Para o caso de Doroña, sabemos dunha inscrición, hoxe desaparecida, de 1162; outra, difícil de ler, é, sen dúbida, anterior. Pero trátase dunha igrexa que sufriu numerosas reconstrucións, cunha ábsida, posiblemente, de fins do século XII ou principios do seguinte.

Caaveiro constrúese, ou reconstrúese, entre 1117 e 1135. Se a igrexa desaparecida, como cremos, era da primeira metade do século XIII, parece lóxico pensar que os restos máis antigos da ábsida actual haxa que retrotraelos á primeira metade do século XII.

Andrade e Cervás son da segunda metade do século XII. As similitudes con Bremao dos canzorros e dos billetes que atopamos na primeira, lévanos a aproximar a súa construción á inscrición daquela. Para datar a segunda, só temos un tipo de capitel que se difunde desde Santiago e que atopamos en Dexo, Ozón, Xubia ou Cambre.

INFLUENCIAS: A IMPORTANCIA DO FORÁNEO

S. Xoán de Vilanova e S. Miguel de Bremao xustifican o título do epígrafe. Non temos dúbida ningunha para a primeira. Para a segunda, anque Ángel del Castillo¹⁷⁵ tratara de demostrar decididamente o seu carácter rexional, o intento resulta un tanto forzado, sen negar as lóxicas concomitancias co autóctono. De tal xeito que é esta presenza do foráneo, chegada do exterior sen a peneira do románico galego, o que outorga orixinalidade ó románico eumés, sen que poidamos, á marxe da tipoloxía das plantas, sinalar outros trazos unificadores, ademais de contactos puntuais.

A influencia en Vilanova do románico lombardo, ou primeiro románico catalán, está fóra de toda dúbida. Esta influencia non só se advirte na presenza do arquiño lombardo separado por lesenas, senón na tipoloxía da ábsida, no aparello utilizado na nave, nas ventás sinxelas de dobre derrame, na ausencia de beirados sostidos por canzorros ou na presenza de arcosolios entre a ábsida e as portas travesas. Xunto ó elemento foráneo, a decoración, o aparello da ábsida e a forma de construír os arcos interiores das portas fannos volver a vista cara a un prerrománico autóctono.

A temperá edificación de S. Xoán de Vilanova non debeu pasar desapercibida. ¿Sería desatinado atribuírle algún tipo de influencia no predominio, na comarca, da ábsida semicircular?, ou quizais, se a presenza da ábsida rectangular é vista como unha lembranza do anterior, ¿podemos deducir que as construcións prerrománicas non

175. DEL CASTILLO, Ángel, *El priorato de S. Miguel de Bremao*, Semanario Bremao, números 23 e 24.

alcanzaron a suficiente identidade como para deixar pegada neste aspecto?. ¿Ou estamos simplemente ante un problema de casualidade? Sexa como for, a influencia existiu. É incuestionable no tipo de ventás primitivas, dobradas, en aresta viva, de arco de medio punto nun só bloque; atopámolas en Andrade, practicamente das mesmas dimensións, en Doroña ou en Caaveiro, onde a situada máis ó norte responde a un modelo parecido. Ou na forma do doelado do arco do presbiterio de Doroña, cuns bloques, igual ca en Vilanova, dispostos coma se dunha parede se tratara. E, forzando a interpretación, quizais haxa que ver esta influencia na utilización de contrafortes, que recordan as lesenas, e na escasa articulación da superficie exterior das ábsidas. Mais, fóra delas, non callou a presenza do arquiño lombardo, nin o tipo de aparello, nin moito menos a tipoloxía dunha ábsida cunhas paredes que, unidas directamente á nave, tendían a esbarrigarse cara a fóra, ¿foi o que sucedeu coa primitiva ábsida de Doroña?

Entrados no século XII, as influencias do románico francés, ou do románico compostelán en particular, irromperon con forza. Coincide o feito co reinado de Afonso VII, a eclosión dos grandes mosteiros da comarca, e, pouco máis tarde, coas iniciativas do Cabido de Santiago en igrexas como Dexo ou Cervás. En Caaveiro ensáíase, con notable éxito, a solución de unir arcos por medio de contraforte e constrúese unha ábsida xa ben artellada, cunha equilibrada distribución de semicolumnas e ventás completas. O mesmo sucedía en Xubia. Son, sen dúbida, estes mosteiros, con maiores recursos económicos, os capaces de adoptar as novas modas e solucións que desde o leste de Europa ata Fisterra van dando forma ó primeiro estilo internacional. As pequenas igrexas asimilan o que poden: por todas partes se difunde o arco presbiteral con columnas acobadadas; en Andrade, atopamos un tipo de ábsida semellante ó de Dexo e que debeu seguir o modelo das absidiolas da Catedral de Santiago, os seus canzorros e capiteis son xa internacionais, os billetes que marcan o arranque da ábsida repiten modelos santiagueses; Cervás fai o propio cos capiteis; en Doroña decóranse as tabicas seguindo o modelo da fachada de Praterías, nun momento no que a influencia cisterciense se deixa notar nos capiteis. Unicamente falta o arquiño lobulado, tan estendido por todo o románico da provincia da Coruña.

¿E Breamo? O inusual da planta, a exhibición do abovedamento, a decoración das bases e a singular solución das ventás no interior da ábsida central, obríganos a revisar as conclusións ás que chegou Ángel del Castillo. Novamente parecen vir aires de fóra sen pasar pola peneira de Santiago. Anque é evidente que os canteiros son coñecedores do románico santiagués e os patrocinadores non desbotan os aportes dos canteiros da comarca; por outro lado, a construción non é insensible ás solucións que a Orde do Císter estaba a difundir. Coñecemos ben as importantes propiedades que o mosteiro de Sobrado, hoxe considerado como o primeiro mosteiro cisterciense galego, chegou a ter na Comarca Eumesa. Xa veremos como unha das poucas novas que temos do mosteiro de Breamo nola proporcionan os preitos que mantivo con Sobrado pola disputa de herdades na confluencia dos seus respectivos dominios. É, en definitiva, Breamo, unha obra de novos aportes, mais ó mesmo tempo de madurez e síntese; de transición nalgúñas cousas; de orixinalidade e repetición, noutras.

ORIXINALIDADES ESTRUCTURAIS

Non imos volver a insistir agora sobre os particularismos de S. Xoán de Vilanova e S. Miguel de Breamo. Se a primeira supón, á marxe da fraternidade que mantén con Toques e S. Martiño de Mondoñedo, un modelo único en Galicia; a segunda, cunha epi-

derme e algúns elementos estruturais semellantes ós de moitas igrexas da xeografía galega, aporta unha planta pouco frecuente e unha cuberta totalmente abovedada, cunha singular bóveda cuadripartita no cruceiro. A importancia desta bóveda de crucería, unha das poucas bóvedas datables a fins do século XII, non foi suficientemente resaltada. Coa súa mestura de arcos de medio punto (os cruceiros e os perpendiculares ó eixe da nave principal) e apuntados (os da nave transversal), ámbolos dous en aresta viva e sen dobrar, ofrécenos unha solución titubeante e orixinal, a cabalo entre as bóvedas de crucería do mestre Mateo (de arcos de medio punto) e a de Meira (de arcos de medio punto, os que se cruzan; apuntados, os formeiros). Como orixinal é o apeo dos arcos cruceiros, posibilitando os arranques con decoración. E, á marxe da cubertura, o orixinal encadramento, no interior, de ventás da ábsida: o mestre renuncia á típica estrutura de arquivoltas e columnas acobadadas, para presentar unha arquería sostida por columniñas centrais.

Si debemos volver facer referencia ó tipo de ventá sinxela, na difusión da cal atribuíamos o protagonismo a S. Xoán de Vilanova. Mais non se nos escapa que é unha variedade de ventá dunha ampla cronoloxía: típicas do primeiro románico catalán, atopámolas nas torres de S. Martín de Frómista; e, cunha cronoloxía serodia, en Sto. Tomé de Monteagudo, por citar un exemplo da provincia da Coruña. Tamén en Breamo, coma en Bergondo ou Cambre, se opta por un tipo de ventás sen columniñas, mais, neste caso, de fina seteira central circundada no exterior por molduras. Curiosamente, cando en Caaveiro se utiliza ventá completa, elíxese a variedade pouco frecuente de dúas columnas por lado.

Non existen outros elementos estruturais dignos de reseñar neste románico pleno que non teñamos mencionado no capítulo das influencias. Soamente concluír dicindo que, como acontece no románico popular da provincia da Coruña, carecemos de espadanas e pórticos románicos. Cabe, sen embargo, pór de manifesto a inusual posición que ocupa a espadana de Doroña e a presenza, na citada igrexa, dun pórtico que, se non é románico, nada nos impide pensar que veu substituír a outro que si o era.

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE A DECORACIÓN Capiteis vexetais con bólas

Non se pode dicir que exista un elemento decorativo específico da Comarca Eumesa, anque non falten, como non podía ser doutro xeito, os contactos entre algunhas das igrexas. Si debemos pór de manifesto que, agás en S. Xoán de Vilanova, igrexa sen capiteis, en todas elas advertimos a presenza dun tipo de capitel decorado con follas e bólas. Mais trátase dunha variedade tan estendida que dificilmente pode servirnos para caracterizar ningún particularismo comarcal.

Capiteis vexetais de follas con bólas atopámoslos en S. Martín de Frómista, S. Isidoro de León e a Catedral de Santiago. O maior número de variantes deste tipo de capiteis aparece no primeiro templo citado: posúen unha ou dúas ringleiras de follas picudas que albergan bólas na súa parte superior, modalidade que M. A. García Guinea denomina bólas con carapucha. Ás veces as bólas adquiren o aspecto de mazás. Os capiteis conservan os caulículos, que, por norma xeral, parten dun toco central, nalgúns casos, resolto en faciana ou froito. As follas poden ser lisas, con nervios marcados de forma pouco naturalista ou ter un talo que una o colariño coa bóla, e que fai as veces de nervio central.

Resulta difícil facer consideracións cronolóxicas sobre este tipo de capitel, que xa atopamos en S. Xés de Francelos (Ourense) sen caulículos nin toco. Trátase, certamente, neste caso, dun capitel rudamente tallado, con catro ringleiras de follas que, sen dúbida, imita a disposición das follas nos capiteis corintios, mais no que xa aparece a asociación folla-bóla con esa especie de talo que nos recorda un nervio central. Será tamén un capitel sumamente utilizado na arquitectura cisterciense, coa sobriedade que a caracteriza, mais non sen variedade e elegancia.

Nos capiteis de Andrade e Cervás consérvanse os caulículos que arrancan dun toco central. En Andrade decóranse, alomenos o que coñecemos, cunha soa ringleira de follas e bólas con carapucha. En Cervás son de dobre ringleira de follas con extremos redondeados. Só neste caso se marcan os nervios.

En Caaveiro o esquematismo das follas é notable, dispóñense en dobre ringleira e son de extremos romos.

En Doroña, mentres que o capitel dereito da fachada posúe dúas ringleiras de follas con modalidade de bólas con carapucha, nos capiteis do presbiterio rómpese a asociación entre bólas e follas, dispoñéndose as primeiras, agás nun caso, fóra dunha ringleira de follas extremadamente rala.

Breamo posúe indubidables contactos cos capiteis do presbiterio de Doroña. A tendencia ó esquematismo tamén é notable, froito xa, non cabe dúbida, de influencias cistercienses. Mais a variedade é maior. En tódolos casos os capiteis deste tipo compóñense dunha soa orde de follas ralas, planas ou cóncavas; nalgúns casos as bólas convértense nunha especie de bulbo que conecta cun talo e, en varios, sitúanse fóra do oco da folla. E non falta un con toco e caulículos, con bólas nos seus extremos.

A representación do *Agnus Dei*

Se o elenco de temas figurativos non é abundante, limitándose a varios capiteis e bases historiadas, ademais do tímpano de Doroña e os temas figurativos unidos ó talo ondulante de S. Xoán de Vilanova, sorpréndenos a importancia que adquiriu na Comarca a representación do *Agnus Dei*. Na actualidade dita representación aparece no tímpano da igrexa de Sta. M^a de Doroña e S. Xoán de Caaveiro, mais, esta última, trátase dunha copia do de Doroña, realizada a raíz da reedificación patrocinada, a fins do século XIX, por D. Pío García Espinosa. Montero Aróstegui¹⁷⁶, ó describir a fachada oeste da desaparecida igrexa de Caaveiro, dinos que "en las molduras se ostenta la efigie del Cordero con su cruz en banderola...". Debemos de supoñer que este año estaba situado nas arquivoltas, tal e como aparece na porta norte de S. Miguel de Eiré (Ourense), ou na fachada setententrional de S. Claudio de Olivares (Zamora). Nos actuais restos do mencionado mosteiro de Caaveiro aínda atopamos unha representación máis do *Agnus Dei*: na torre barroca, nunha insignia situada á esquerda do escudo real.

Por fontes documentais¹⁷⁷ sabemos que tiñan *Agnus Dei* nas súas fachadas S. Pedro de Vilarmador, S. Pedro de Grandal e S. Xoán de Vilanova.

176. MONTERO ARÓSTEGUI, José, *Historias de El Ferrol del Caudillo*, 1972, p. 421.

177. AHDS, FX, *Visitas Pastorais*, Pruzos, 1772, C. 1270, ff 9-10. Véxase o que ó respecto se di na monografía de S. Xoán de Vilanova.

178. Os exemplos son abundantes no románico da Comarca de Melide (Leboreiro, Pezobrés, Vitriz) e nas Mariñas (Mondoí, Tiobre, Santiago de Ois, Porzomillos, S. Cosme de Mántaras). Véxase ó respecto, para esta derradeira comarca, Francisco VALES VILLAMARÍN, *As cruces antefixas románicas e sustentáculos da comarca betanceira*, Anuario Brigantino, nº 5, 1982. Pero tamén o atopamos nas igrexas románicas da ría de Camariñas.



Fóra da Comarca Eumesa, e dentro da provincia da Coruña, atopamos a representación do Año ben nos piñóns da ábsida e testeiro da nave¹⁷⁸, ou ben nos tímpanos: tímpano da fachada principal de Sta. M^a de Cambre, porta lateral de Santiago da Coruña, Santiago do Burgo¹⁷⁹ ou S. Xulián de Moraime¹⁸⁰, incrementando unha nómina que debeu de ser máis numerosa.

Isidro Bango Torviso¹⁸¹ ó estudar este tema na provincia de Pontevedra, considera que a representación que nos ocupa, nos tímpanos, é máis estraña ca nos testeiros. Para os primeiros só cita tres exemplos: Caldas de Reis, Saián e Camanzo; para os segundos, considera que, dada a extensión que alcanzan, deberon de ser obrigatorios para o piñón da ábsida.

Mais a representación do Agnus Dei non debeu de alcanzar tanto desenvolvemento na provincia de Lugo, malia o exemplo tan significativo coma o de S. Martiño de Mondoñedo. E si en Ourense (S. Miguel de Eiré, Catedral de Ourense) e no Occidente de Castela, seguramente por influencia de S. Isidoro de León.


Algúns particularismos puntuais

Xa temos sinalado a importancia que adquiren na provincia da Coruña o tema do billete e do arquíño lobulado. O primeiro está ben representado na Comarca, non así o segundo, do cal non podemos citar ningún exemplo. En contraposición, do tema da cuadrícula, presente nun dos capiteis de Doroña, existen pouquíssimos exemplos en Galicia. En canto ó sogueado, nos colariños, debeu de ser frecuente.


En S. Xoán de Vilanova atopamos o trezado de antecedentes castrexos, do que tampouco existen moitos exemplos en Galicia, e co talo ondulante unido á decoración figurativa, de indubidable influencia visigoda. Mais o que nos sorprende neste caso non é o tema en si, senón o desenvolvemento que alcanza, de tal xeito que nos recorda as longas grecas que decoran algunhas igrexas visigóticas (Quintanilla de las Viñas).

En Doroña atopamos unha das poucas, se non a única, igrexa do románico popular da provincia da Coruña coas tabicas decoradas.


Por último, debemos pór de manifesto, e volverémolo a repetir, o inusual que resulta, como acontece en Bremao, a presenza de bases con decoración escultórica.



Canzorro de San Martiño de Andrade



Canzorro de San Pedro de Cervás



Canzorro de Santa María de Doroña

Consideracións sobre os canzorros

Seguen a tónica xeral do resto da Provincia. Agás o tema da polea, que atopamos en Doroña; o do caracol, de Bremao, caracterízanse pola súa pouca orixinalidade en canto á temáti-




179. Neste caso trátase dunha peza reutilizada nunha porta moderna.

180. Aparece no interior do templo, caso pouco frecuente. Véxase SOUSA, J., *La portada meridional de la Iglesia de San Julián de Moraime: estudio iconográfico*, Brigantium, nº 4, 1983, pp. 143-155.


181. BANGO TORVISO, I., op. cit., p. 62.

ca. Sen embargo, si merece Andrade unha mención especial. Os seus capiteis (homes e mulleres de crequenans nus, mazas, rolos, cuadrúpedes de costas, etc.), algúns dos cales atopamos repetidos en Bremao, nada orixinais en canto á iconografía, si forman un conxunto non habitual nas igrexas populares da provincia da Coruña, mais sen seren excepcionais no contexto do románico das outras provincias galegas.

Signos e marcas de Canteiros

San Xoán de Vilanova	
Santa María de Doroña	
San Xoán de Caaveiro	
San Pedro de Cervás	
San Martiño de Andrade	
San Miguel de Bremao	

* INSCRICIÓN INVENTARIADA POR ANGEL DEL CASTILLO



A Xeografía do Románico Eumés



San Xoán de VILANOVA

A freguesía de S. Xoán de Vilanova pertence ó concello de Miño. A igrexa atópase nunha vagoada situada entre o regato Muíños e a liña férrea Coruña-Ferrol, a poucos metros do apeadeiro de Perbes. Pódese acceder a ela, ben desde Perbes, pola estrada costeira; ou pola estrada N-651, desde Campolongo, tras percorrer 3,5 Km.

HISTORIA

Na actualidade a igrexa de S. Xoán de Vilanova é anexa a S. Pedro de Perbes. Mais, desde o 1612¹⁸² ata datas serodias, estivo unida a Sta. M^a de Castro.

Fáltannos datos para desembaleñar a complicada madeixa de dependencias, xurisdiccións, posesións e padroados que, na Alta Idade Media, se estableceron nas terras situadas entre os coutos de Bremao, Miño e Andrade e que afectan ás freguesías de Sta. M^a de Castro, S. Pedro de Perbes, S. Xoán de Vilanova, Boebre ou Centroña.

Nin no Arquivo Parroquial de Castro, nin no de Perbes atopamos Libros de Fábrica de S. Xoán de Vilanova. No primeiro, os Libros de Fábrica e de Visitas remóntanse a 1584, e neles pódese constatar a vinculación que existiu entre Sta. M^a de Castro e S. Xoán de Vilanova. No segundo, só atopamos Libros de Casados, Bautizados e Defuntos, que se remontan a 1660. As Visitas do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago redúcense a tres, para os anos 1634¹⁸³, 1772¹⁸⁴ e 1791¹⁸⁵. A pouca información que nos proporciona complétase co que aporta Jerónimo del Hoyo¹⁸⁶ e con algúns datos serodios que nos proporciona o apartado *Obras de Construcción y Reparación de Templos*¹⁸⁷ do mencionado Arquivo.



Igrexa de San Xoán de Vilanova, preto do apeadeiro de Perbes, no concello de Miño.

No privilexio que concede Afonso X a unha trintena de freguesías para poboar o lugar de Pontedeume, non se menciona nin a freguesía de Perbes, nin a de S. Xoán de Vilanova, pero si a de Sta. M^a de Castro. Parece evidente que as dúas primeiras freguesías, antes de 1270, eludiran a xurisdicción real. Sabemos que, pouco despois, Fernando IV fixo doazón da freguesía de Castro a Vasco Pérez de Leyro e que unha

182. ARC, Fondos Religiosos, Inventario de clero da provincia da Coruña. Mosteiro de Caaveiro, sig. 778-11. No 1612 o administrador de Caaveiro, Pedro Guzmán de Roa, sobriño do prior Juan Roa, e o abade de S. Martiño acordan unir os beneficios de St^a. M^a de Castro e S. Xoán de Vilanova, chegando a un compromiso sobre a alternancia na presentación.

183. AHDS, Fondo Xeral, Visitas Pastorais, Caixa 1264.

184. AHDS, FX, Visitas Pastorais, Caixa 1270.

185. AHDS, FX, Visitas Pastorais, Caixa 1273.

186. DEL HOYO, Jerónimo, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, p. 308.

187. HDS, FX, *Obras de Construcción e Reparación de Templos*, Caixa 1258.

pequena parte das freguesías de Perbes e Vilanova estaban dentro do couto de Breamo¹⁸⁸, posiblemente delimitado por Fernando II.

Na Compostelana¹⁸⁹ faise mención dunha igrexa de Pruzos chamada S. Salvador de Pernis ou Pervis, antigo mosteiro, da que o conde don Pedro Froilaz doa a súa parte á igrexa de Santiago. Fr. José Campelo identifica esta igrexa con Perbes, que co tempo cambiaría de advocación. Outras mencións de Perbes atopámolas na documentación do mosteiro de Monfero, que J.L. López Sangil está exhumando; a primeira data de 1135, e é unha doazón ó nomeado mosteiro da cuarta parte de Perbes, de Tilinis e do casal de Labandeira.

No outro extremo estaba Sta. M^a de Miño, freguesía que tampouco se menciona no privilexio de Afonso X, e couto do mesmo nome¹⁹⁰. Por documentación publicada por Vaamonde Lores¹⁹¹ sabemos dos intereses e posesións que nesta freguesía tiña a Orde do Temple. Estas posesións deberon estenderse á freguesía de Perbes, e, en concreto, á súa igrexa¹⁹². Ó suprimirse dita Orde no 1312 as súas pertenzas deberon pasar a mans dos Andrade. Fernán Pérez, pouco antes de morrer, doa ó convento de Montefaro parte da igrexa de Sta. M^a de Miño que pertencera ós cabaleiros templarios. O couto e a freguesía de Miño compartíao co bispado de Mondoñedo¹⁹³, a quen o Rei Fernando IV, en xaneiro de 1286, confirmara na súa posesión, e a quen, no 1313, D. Juan Fernando, cóengo de Santiago, cedera a terceira parte da igrexa de Miño¹⁹⁴.

A Casa de Andrade posuía 100 vasalos en tempos de Fernán Pérez de Andrade "O Mozo" en Perbes, Vilarmajor e Leiro¹⁹⁵. En 1515, o morgado por liña dos Andrade comprendía os coutos de Miño e Centroña¹⁹⁶, ademais de Pontedeume e o seu alfoz.

Sen embargo, a falta de fontes sobre S. Xoán de Vilanova é desalentadora. Martínez Salazar, na obra *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*, transcribe un documento¹⁹⁷, datado no ano 1259, polo que o prior de Caaveiro cede ó cabaleiro de Saa, Pedro Pérez, un agro que o mosteiro tiña preto da igrexa de Vilanova en Seloure. Esta igrexa é identificada polo citado autor como S. Xoán de Vilanova. Pensamos que Seloure, freguesía que aparece mencionada na Carta de Poboamento dada por Afonso X, é a actual Sillobre, parroquia do concello de Fene. Entre as entidades que a compoñen atópase Vilanova.

Jerónimo del Hoyo¹⁹⁸, para o 1607, infórmanos de que *Esta iglesia tiene veinte y tres feligreses. Los frutos se hacen dos partes: la una y un desmero que valdrá como diez cargas de todo pan e diez pipas de vino lleva la cura, y la otra el monasterio de Cayón. Presentación de S.*

188. É moi posible que a freguesía de San Xoán de Vilanova estivese dentro do Couto de Breamo. Así parece deducirse do deseño que, no ano 1798, realiza don Juan Valentín, cura de Pontedeume, a petición de Tomás López, xeógrafo de Carlos III e Carlos IV (Véxase *Descripción de la Villa de Puente de Heume*, con prólogo de José Ramón SARALUCE BLOND). Sen embargo, existe a posibilidade de que unha parte da freguesía se integrase dentro do couto redondo de Andel, dependente da xurisdicción de Callobre (véxase VASCO DE APONTE, *Recuento de las casas Antiguas de Galicia*, Equipo de investigación "Galicia hasta 1500", nota 110, p. 140). Este couto de Andel aparece na documentación asociado a Perbes (ARG, Catastro do Marqués da Ensenada, Andrade, libro 156, p. 139).

189. Capítulo 94, p. 169, nota 2.

190. ARG, Catálogo da Colección Pergamiños, nº 870. Menciónase un traslado efectuado polo escribán do couto con data de setembro de 1397.

191. VAAMONDE LORES, César, *Ferrol y Pontedeume*, pp. 83-84.

192. En 1841 a igrexa de S. Pedro de Perbes ameazaba ruína. Nos informes previos á reedificación, o arcepreste de Pruzos, Andrés M^a Moreiras e González escribe que a igrexa fora construída polos templarios no século XIII (AHDS, FX, Obras de Construcción e Reparación de Templos, Caixa 1258).

193. GARCÍA ORO, José, *D. Fernando de Andrade conde de Villalba, 1477-1540*, p. 27.

194. CAL PARDO, Enrique, *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, PS, documentos 67, p. 40 e 78, p. 44.

195. VASCO DE APONTE, *Recuento de las Casas antiguas del reino de Galicia*, Equipo de Investigación "Galicia hasta el 1500", 1986, p. 138.

196. GARCÍA ORO, I., op. cit., p.112.

197. Documento XIV, p. 44.

198. DEL HOYO, Jerónimo, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, p. 308.

Martín de Santiago. La fábrica una viña que anda arrendada en un ducado y una leira en diez maravedís. Hay una hermita de San Esteban cerca de la iglesia y dicen tiene propiedades que rentan cien ducados. Es del monasterio de Meira de la orden de S. Bernardo.

Xa dixemos que, no 1612, por acordo entre o Prior de Caaveiro, que gozaba da presentación de Sta. M^a de Castro, e o Abade de S. Martiño, que o facía da de S. Xoán, se unen ambos beneficios, establecendo unha presentación rotativa. Mais a unión non foi en igualdade, pois nas visitas posteriores menciónase a Sta. M^a de Castro como igrexa anexa a Vilanova.

Poucos datos novidosos nos aportan as seguintes visitas coñecidas. Na efectuada en 1634 dise que a igrexa ten pouco alcance por terse reparado o retablo e mándase ó convento de Meira reparar a ermida de S. Estevo. Na de 1772 escríbese que a presentación de S. Xoán de Vilanova e o seu anexo é compartida polo mosteiro de Caaveiro, o mosteiro de S. Martiño e o Señor de Salcedo. Os dezmos repártense entre o mosteiro de Caión e o cura, mentres que no anexo de Castro, o reparto faise co conde de Lemos.

Sabemos que a mediados do século XVIII a parroquia de S. Xoán de Vilanova é de señorío mixto, sendo compartida polo Conde de Lemos, o Conde de Grajal e D. Manuel Varela¹⁹⁹. Polo Catastro do Marqués da Ensenada²⁰⁰ podemos precisar o reparto: só Buíña estaba baixo a xurisdicción da Condesa de Lemos. Este lugar era do Couto de Breamo²⁰¹, ¿pertenceu, nalgún momento, o resto da freguesía ó priorato de Breamo?

A raíz do decreto de 1861, encamiñado a regulamentar a reparación dos templos, o cura de Vilanova e do seu engadido Castro escribe ó Arcebispo de Santiago pedindo, como xa tiñan feito os seus antecesores, o traslado da igrexa. Non sabemos en que debía consistir este traslado, mais si as razóns que alegaban: o edificio era tan reducido que a xente tiña que estar á intemperie algunhas veces, o pobo fórase trasladando desde a vagoada na que estaba a igrexa ó outro lado do outeiro, polo que cando sopraba o vento do Oeste ó Leste o pobo non oía as campás e a capela maior co seu arco ameazaba ruína. Esta derradeira razón era infundada, pois a evidente inclinación que presentaban as paredes da ábsida debeu de existir desde os primeiros momentos da construción. Malia todo isto, o vigairo recoñecía que era a igrexa principal desde antigo, e que en *Villanueva estaba el couto y la cárcel y aún se encuentran sus vestigios*²⁰².

S. Xoán de Vilanova é unha das tres igrexas románicas galegas, xunto a S. Martiño de Mondoñedo e S. Antolín de Toques, nas que se advirte a influencia do denominado románico lombardo. S. Antolín de Toques foi un antigo mosteiro. S. Martiño de Mondoñedo, sé episcopal e, posteriormente, mosteiro de cóngos regulares de S. Agustín. Nada sabemos de S. Xoán de Vilanova. Podemos aventurar que a construción da igrexa, como nos suxire o seu nome, puidera estar relacionada con algún fenómeno colonizador. Neste sentido, é atractiva, pero non menos arriscada, a hipótese dunha posible relación entre Perbes situado preto de S. Xoán e o Perves da comarca ilerdense da Alta Ribagorza. Unha análise superficial da toponimia e a consideración dos monumentos románicos de dita comarca e das comarcas limítrofes (Vall de Boí, d'Arán e Pallars) non nos levan a confirmar a hipótese, mais tampouco a desbotala totalmente²⁰³.

199. SOLÍS PARGA, M^a del Pilar, *Los señoríos de las provincias de Betanzos y La Coruña según el manuscrito de la renta del tabaco*, Anuario Brigantino, nº 15, 1992.

200. ARG, Catastro do Marqués da Ensenada, Vilanova, S. Xoán de, Interrogatorio, sig. 2972.

201. Véxase sobre o tema C. DE CASTRO, *En torno al Real Priorato de Breamo y a su Iglesia, "Cátedra"* nº 2, Pontedeume 1995.

202. AHDS, FX, Obras de Construcción e Reparación de Templos, C. 1258.

203. Na comarca ilerdense da Alta Ribagorza dáse o nome de Perves a un porto, a un alto e a un pobo, de pouco máis de vintecinco casas, pertencente ó concello


DESCRICIÓN DO MONUMENTO
Planta

A igrexa de S. Xoán de Vilanova, disposta coa típica orientación litúrxica, responde ó esquema planimétrico dunha soa nave con ábsida semicircular, unida directamente a ela por un arco presbiteral sen a presenza de tramo recto. A conexión entre a ábsida e nave realízase a través dun cóbado sobre o que descansa o arco presbiteral. A ausencia de tramo recto na ábsida semicircular é unha solución esporádica no románico galego e que Vilanova comparte con dúas das igrexas de cronoloxía menos avanzada, como son S. Martiño de Mondoñedo e Santiago de Catoira. Esta solución é corrente no primeiro románico catalán; aínda que, non en tódolos exemplos, como ocorre en Santiago de Catoira, a unión entre a ábsida e a nave realízase mediante o mencionado arco presbiteral.

A nave mide, no exterior, 11,37 m de longo; e 5,25 m de ancho no interior. A abertura da ábsida, no arranque do hemiciclo, é de 3,96 m. Son medidas normais para este tipo de igrexa que, co paso do tempo e o aumento da poboación, resultaron pequenas e houbo necesidade de alongar as súas naves. Foi o caso, na Comarca Eumesa, das igrexas de Andrade ou Cervás, non así de S. Xoán de Vilanova.

Nos muros ábreanse tres portas cunha distribución que soe ser a habitual no románico galego. A do sur comunica coa sacristía. As outras dúas sitúanse unha na fachada principal, e a outra no muro norte.

Planta de
San Xoán de Vilanova



0 1 5m

Exterior

Ábsida e nave configuran volumes proporcionados, harmónicos e de liñas ben trazadas, contrastando, sen embargo, nos aparellos.

A ábsida aparéllase con sillares de granito ben cortado e disposto a soga. Mais o muro é pseudo-isódomo, con ringleiras de distinta altura, volvéndose caótico no tramo central, seguramente por reformas posteriores²⁰⁴.


Organízase en tres tramos separados por dúas lesenas que se apoian nun pequeno banco. Dúas máis sóldano co muro. As lesenas están construídas con bloques desiguais que non se integran nas ringleiras da ábsida. Cada tramo contén catro arquiños cegos, de medio punto, dobrados e labrados nun bloque monolítico rectangular. Os arquiños apóianse en pequenas ménsulas: unhas, trapezoidais; outras, decoradas con figuras tan desgastadas que fai moi difícil a súa identificación.

A serie 4-4-4 na distribución dos arcos lombardos non é a máis frecuente nas ábsidas, aínda que si nas torres. Non obstante, non faltan exemplos tan significativos coma o de S. Clemente de Tahull (Lleida) ou Nuestra Señora de la Anunciada de Urueña (Valladolid). Digamos que a distribución normal oscila entre 1 e 8, sendo máis repetida a de 2 ou 3 arquiños entre lesenas.

Por enriba da ringleira contigua ós arquiños, percorre a ábsida unha imposta en curva de nacela decorada cun trenzado de perfecta continuidade na unión dos bloques que a conteñen. Sen a existencia do beirado, ausencia común á arquitectura lombarda, a conexión coas tellas realízase a través dun recheo de morteiro que desapareceu coa última restauración.

A ábsida atópase furada, nos tramos extremos, por dúas ventás. Son abucinadas, en aresta viva, dobradas e de arco de medio punto labradas nun só bloque rectangular. Seguramente existiu unha ventá no tramo central, como así nolo suxire a disposición dos sillares neste tramo. Por outra parte, o habitual no románico lombardo e no románico en xeral, soe ser, cando as hai, a existencia de tres ventás ou unha central.

A nave, agás o entrepano que contén a porta setentrional, beira das ventás e imposta que percorre os muros na súa parte superior, aparéllase con pequenos sillares. Trátase de pequenos sillares traballados con maza, de formas irregulares e tamaños



Ventá, arquiños e sogueado da ábsida de San Xoán de Vilanova

de Viu de Llevata. A igrexa parroquial de Viu de Llevata está adicada tamén a S. Xoán, nome do santo non infrecuente no noroeste da provincia de Lleida. O Perbes de Miño, escrito tamén Perves, Pernis ou Pervigil na documentación dos séculos pasados, é o único que existe en Galicia. Nunha comparación superficial da toponimia da freguesía de S. Xoán de Vilanova coa da Baixa Ribagorza, chegamos á conclusión de que só o nome de Buíña podería ter orixe ilderdense. Na Baixa Ribagorza atopamos unha serie de lugares que comezan coa sílaba Bui: varios Buira, unha Torre de Buira, Buiges e Buiga. Trátase duns pobres resultados. Pero si existen fundamentos para establecer algún tipo de relación entre S. Xoán de Vilanova e o románico ilderdense (comarca da Alta e Baixa Ribagorza, vales de Arán e Pallarés). Esta relación pódese sintetizar nos seguintes puntos: 1º A presenza de arquiños monolíticos dobrados co exemplo máis significativo en San Clement de Tahull e San Feliu de Begerque. Mais o arco dobrado non é exclusivo desta zona, senón que os atopamos tamén na Catedral de Girona, 2º A policromía do aparello, 3º A presenza de arcosolios nos muros laterais, preto da ábsida (San Martí dels Masos de San Martí, San Andreu d'Aristot, San Joan d'Arrós). Ás veces trátase de pequenas capelas; outras, de simples fornells, 4º A unión da ábsida coa nave a través dun arco presbiteral recollido por cóbados (San Pere Màrtir de San Romà d'Abella).

204. O despece deste muro apártese da norma xeral do románico pleno galego, caracterizado por muros de granito dunha perfecta isodomía. Excepcionalmente, neste románico, utilízase a cachotería (Ponte Ulla, S. Xoán da Caba), tipo de aparello tan venciado coa arquitectura popular, frecuente nas reedificacións das igrexas románicas (Sésamo, Santiago de Ois, etc.) e na construción de moitas sacristías. O aparello de Vilanova presenta semellanzas co que atopamos no prerrománico (Sta. Comba de Bande, Sta. Eufemia de Ambía, etc.), onde a pseudo-isodomía se combina con bloques perfectamente cortados de tamaños diversos. Sen embargo, tal despece é frecuente no románico catalán, mesmo en igrexas de cronoloxía avanzada.

desiguais, aunque non se perde a sensación dunha disposición en ringleiras. Os tramos reconstruídos son facilmente identificables pola presenza da cachotería. O material utilizado é de tonalidades escuras e claras, tipo moi pouco utilizado no románico galego, extraído dunha canteira próxima e que os campesiños denominan galilea. Nunha pequena porcentaxe utilízase a lousa a penas labrada, non faltando algún bloque granítico. Esta mestura de materiais dota ó edificio dunha vistosa policromía só comparable con algunhas igrexas do noroeste da provincia de Lleida.

Este tipo de aparello vólvenos a pór a Vilanova en relación con Mondoñedo ou coas Torres do Oeste e debe ser un elemento a ter en conta á hora de intentar datar a construción. Sen embargo, debemos adiantar que as semellanzas coas citadas igrexas non garante unha cronoloxía temperá. Efectivamente, igrexas con despece semellante existen no románico lombardo catalán, como formas arcaizantes, datadas xa no século XII²⁰⁵.

No muro meridional da nave ábreanse tres ventás próximas ó tellado. Como as da ábsida, son sinxelas, abucinadas, de medio punto en sillar escotado e en aresta viva, pero agora sen dobrar. Unha distribución semellante debeu de existir no muro norte.



Fachada norte de
San Xoán de Vilanova

Da súa presenza neste muro só quedan restos da máis próxima á fachada principal, que, conservando o abucinamento interior, soamente é perceptible no exterior por tres dos bloques que a delimitan.

O entrepano que contén a porta norte é de sillares de granito, agás o centro, que é de cachotería. Non se atopa igualado co muro da nave, senón que avanza lixeiramente formando un pequeno ángulo. A porta é alintelada, con xambas e lintel en resalte, este último con orelleiras e unha inscrición que, segundo

nos di o Sacristán, reza "una de dos, o no entras o hablas con Dios". Na parte superior ábrese, nun bloque monolítico, un ollo de boi que, cara ó interior, é unha ventá cadrada. É posible que se trate dun elemento reutilizado da fachada primitiva. Remátase este entrepano nunha imposta labrada de forma semellante á que coroa o muro norte. Enriba da porta, nun gran sillar granítico, aparece un afundimento oval cunha inscrición indescifrable. Indubidablemente este entrepano corresponde a unha reconstrución, con seguridade do século XVIII.

A fachada está reedificada. As poucas Visitas Pastorais que chegaron ata nós son extremadamente parcas en aportar información. Na de 1771²⁰⁶, nun apartado precedido da palabra "nota" advírtese que "*reparose antes de aora esta iglesia y la de Castro y se desizo el cordero con la cruz que tenia*". Desta nota podemos deducir que a fachada foi reedifi-

205. Por exemplo, no Val de Arán, comarcas de Ribagorza ou Pallarés.

206. AHDS, FX, Visitas Pastorais, sig. 1270, f. 13. Nas visitas ó arceprelado de Pruzos deste ano, O Visitador, ademais de consignar as rendas, presentación e libros que posúen as igrexas, fai constar as que teñen ábsida con bóveda e representación do Año na portada. Das que daquela o tiñan só queda Sta. Mª de Doraña.

207. Na Visita a S. Miguel de Bremao do mesmo ano, o Visitador manda poñer campá na espadana (Cátedra, *En torno al Real Priorato de San Miguel de Bremao y a su Iglesia*, nº 2, Apéndice Documental, VI).

cada no terceiro cuarto do século XVIII, xa que era o único lugar onde podía estar o año coa cruz. Este dato é sumamente interesante á hora de considerar como sería a fachada e debe de ser tido en conta ó datar a igrexa.

Na mesma visita dise que ten bóveda ó antigo e paredes bastante deterioradas. O Visitador manda que se repare o campanario e a varanda do coro. Non deixa de sorprendernos que se utilice a palabra campanario e non a de espadana, máis habitual²⁰⁷. Ámbolos dous termos poden

San Xoán de VILANOVA

Ábsida de
San Xoán de Vilanova





Interior da ábsida de
San Xoán de Vilanova

usarse indistintamente, pero a primeira dáanos pé a presentar a posibilidade da existencia dunha torre campanario, elemento frecuente nas igrexas do románico catalán, e que soía situarse nun lado da edificación. ¿Estaría adosado no entrepano do muro norte que contén a porta?

Ignoramos se a fachada sufriu máis reedificacións. Si parece probable que a espadana actual sexa posterior á fachada. A súa semellanza con moitas das espadanais da Comarca así o confirma. Por exemplo, a de Doroña, de estrutura semellante, é xa da primeira metade do século XX.

Interior

No interior, a distribución do aparello é similar á do exterior, mais os pequenos sillares son máis irregulares e a proporción de lousa maior.

A ábsida aséntase sobre un banco. Cóbrese con bóveda de forno que arranca da imposta resolta en listel, mediacana e baquetilla. O enlucido que reboca a bóveda impídenos apreciar o seu despece. En todo caso, a volta refórzase con arco de doelas de granito. De estar construída, como imaxinamos, con cachotería, suporía un elemento de diferenciación coas ábsidas de Mondoñedo e coas das igrexas do primeiro románico catalán, pero non coas ábsidas do románico pleno galego, no que non é raro o abovedamento con cascallos e arco de reforzo.

Xa sinalamos anteriormente, cando falamos da planta, que a unión coa nave se realiza a través dun arco presbiteral que descansa en cóbados. A prolongación do cóbado e a súa conversión en muro, e a conversión do arco presbiteral en bóveda de medio canón, daría lugar a unha ábsida con tramo recto, tan frecuente no románico galego. Isto dá pé a Bango Torviso²⁰⁸ a dicir que o tipo de ábsida con tramo recto, limitado a oriente por un cóbado que estreita e inicia o hemiciclo, é unha evolución do tipo de ábsida que atopamos en Vilanova. O despece deste arco non é doelado monolítico, senón que os bloques dispóñense coma se se tratase dun muro, seguindo un modelo que volveremos ver en Doroña e que tamén atopamos en Xubia e Bergondo²⁰⁹.


A nave cóbrese con armazón de madeira e nada nos fai pensar que algunha vez estivese abovedada. As tres ventás do muro meridional, coma as dúas da ábsida, presentan unha organización semellante á que teñen cara ó exterior da nave, configurándose así como ventás de dobre derrame.

A porta do muro sur comunica coa sacristía. É unha porta, cara ó interior, non igualada no muro, sen abucinamento e de arco semicircular. Mandouse acurtar na Visita de 1772, o que se chegou a cumprir, realizando daquela o lado da sacristía. O doelado deste arco é distinto ó romano, posto que as pezas non se dispoñen radialmente, senón que se consegue o efecto de curvatura amoldando as doelas á circunferencia. É o mesmo sistema que se utiliza para construír arquiños lombardos non monolíticos, pouco frecuente no prerrománico e no románico. Un doelado semellante atopámolo nas Torres do Oeste ou no sepulcro románico do exterior da igrexa de Santiago de Penalba.

208. BANGO TORVISO, Isidro, *Arquitectura románica en Pontevedra*, p. 23.

209. José RAMÓN FERRÍN e M^a do Pilar CARRILLO ó estudar as igrexas da ría de Camariñas chaman a atención sobre o raro que resulta este tipo de doelado, do que participan as igrexas por eles estudadas. Debemos dicir que tamén o atopamos na nosa comarca e que, en todo caso, o vemos na arquitectura cisterciense (Oia, por exemplo).

San Xoán
de Vilanova.
Sección lonxitudinal.



A porta do muro norte posúe lintel con arco de descarga sen recheo. O doelado é semellante ó da porta sur, mais agora levado ata o extremo, ata tal punto que o arco rebaixado componse de dúas doelas.

Entre as portas travesas e a ábsida ábreanse dous arcosolios de medio punto que se elevan lixeiramente do chan, pero que orixinariamente deberon de arrincar del. A súa profundidade é moi pequena e o despece dos arcos é semellante ó das portas. Estes arcosolios estiveron ocupados por dous colaterais que foron retirados na última reforma. Este elemento atopámolo nalgunhas igrexas do norte de Lleida, coma en S. Martí dels Masos de S. Martí, S. Andreu d'Aristot ou S. Gervás del Castelló de Sobirá. Os autores cataláns utilizan, cando a profundidade do arcosolio é pequena, o termo de "fornelo". Nalgúns casos trátase de verdadeiras capelas ou de incipientes naves transversais que non chegan a resultar. En todo caso, a súa función non está moi clara.

A decoración

A decoración concéntrase nas impostas exteriores da ábsida e da nave.

Na ábsida aparece o tema da trenza. A conexión entre as pezas que a conteñen é perfecta. Componse de tres liñas paralelas. Os espazos amendoados que deixan ó cruzarse decóranse con perlas.

Como xa adiantamos, a imposta, próxima ás tellas, percorre ambas naves, pero a decoración só se concentra no muro norte, agás no pano que contén a porta, bloques que o delimitan e unha peza próxima á fachada. O motivo utilizado é o talo ondulante ou sinuoso con diversos temas xeométricos e animalísticos nos seus ocos. En concreto, son oito pezas decoradas que casan deficientemente. De esquerda á dereita os temas son os seguintes:


- 1º.- Talo con cuadrúpedes nos extremos e espirais no oco central.
- 2º.- Talo con, o que parecen ser, rodas.
- 3º.- Talo con espirais que arrincan del.

- 4º.- Talo con cuadrúpedes nos ocos.
- 5º.- Talo con espirais que limitan o oco con rodas.
- 6º.- Talo con aves de caza e cabeza de bóvido de fronte.
- 7º.- Peza, sumamente desgastada, na que levemente se distingue un cuadrúpede e parte do talo.
- 8º.- Talo con cuadrúpedes, tamén moi desgastada.

Tanto a trenza coma o talo sinuoso son dous temas decorativos que atopamos no prerrománico e que non se prodigan demasiado no románico pleno. A primeira, segundo advirte J. M. Pita Andrade²¹⁰, funde as súas raíces na cultura castrexa, pasando á arte asturiana e á mozárabe, para aparecer representada en S. Martiño de Mondoñedo. Do segundo, existen dúas variantes. Nuns casos, trátase dun talo ancho e plano; noutros, como é o caso de Vilanova, parécese máis a un cordón estreito e cilíndrico. A primeira versión presenta unha difusión maior. Atopámolo, por exemplo, en Breixa, Doroña, Camanzo, ou S. Martiño do Monte. A segunda, anque non faltan exemplos no románico pleno cunha cronoloxía serodia (S. Miguel de Campolameiro, Sto. Tomé de Piñeiro), é unha variante con casos moi significativos no prerrománico. E así aparece nos relevos de Saamasas e en S. Xés de Francelos, en ambos casos unido a temas animalísticos.

Pero a transcendencia da decoración que atopamos en S. Xoán de Vilanova non está tanto nos temas en si canto na forma como aparecen e no feito de que aparezan xuntos. Efectivamente, noutros exemplos, os temas decoran cimacios, plintos ou beiras de ventás; en S. Xoán alcanzan un desenvolvemento semellante ó alcanzado polos temas decorativos visigodos, dispostos en longas grecas que adornan os muros e impostas. Por outra parte, o feito de que aparezan xuntos, como ocorre en relevos

Detalles da greca que
decora o muro norte da
Igrexa de San Xoán
de Vilanova.



210. PITA ANDRADE, José Manuel, *Observaciones sobre la decoración geométrica en el románico de Galicia*, CEG., XVIII, 54, 1963, pp. 42-43.

mozárabes de S. Adrián de Boñar (León), é unha circunstancia que debe ser valorada á hora de datar a igrexa.

UN EXEMPLO DE ROMÁNICO LOMBARDO

Anque despois dos estudos realizados por Josep Puig i Cadafalch, quen no 1930 publicou *La geografía i orígens del primer art romànic*, a expresión románico lombardo tendeu a ser substituída pola de primeiro románico, pensamos que, á marxe do adecuado ou inadecuado do termo, fóra de Cataluña serve para designar unha variedade do románico facilmente identificable pola presenza dunha serie de arquiños cegos separados por lesenas. A esta característica habería que engadir outras do primeiro románico, que unidas, ou, aínda menos, por separado, sen o elemento anterior, dificilmente poderían encadrar unha igrexa dentro do románico lombardo. Estes elementos serían unha ábsida directamente unida á nave sen tramo recto, tellas asentadas directamente sobre o muro sen beirados nin canzorros, ventás sen columniñas acobadadas de dobre derrame e aparello de pequenos sillares.

É indubidable que S. Xoán de Vilanova, como en xeral tódalas igrexas románicas, sufriu reparacións e remodelacións ó longo da súa dilatada historia. Pero estas reparacións non deberon alterar nin introducir os elementos que fan posible que a poidamos incluír dentro da corrente que vimos considerando, en especial os arquiños e a planimetría da ábsida.

Autores como Gómez Moreno, Joaquín Yarza, ou Marcel Durliat, que escribiron obras de síntese sobre o románico en España, esquivan o fenómeno da difusión das formas do románico lombardo máis ó oeste de Aragón. O primeiro, a penas reconece a presenza destas formas en exemplos coma o da igrexa de Perazancas. Os outros, nin sequera a constatan. A medida que o noso coñecemento sobre a arquitectura románica foi aumentando a través de monografías e inventarios, fomos adquirindo unha visión máis precisa da realidade do fenómeno. É así como chegamos á certeza de que a nómina destas igrexas, facilmente identificables polos arquiños cegos de medio punto²¹¹, é reducida. O máximo podemos citar tres exemplos en Castela: Perazancas e Valdespina, na provincia de Palencia; Nuestra Señora de la Anunciada, en Valladolid; ademais dos particularísimos exemplos de Burgos. E tres exemplos en Galicia: S. Martiño de Mondoñedo, en Lugo; S. Antolín de Toques e a igrexa que nos ocupa, na provincia da Coruña.

É seguro que deberon existir outros exemplos. Mais, a reducida nómina que podemos reunir, indúcenos a pensar que foi unha solución marxinal que non callou.

A pouca difusión alcanzada polas formas do románico lombardo seguramente influíu no feito de que os especialistas non se teñan preocupado de dar contestación ós moitos interrogantes que ditas formas suscitan, e que podería quizais resolver un traballo de investigación que, sobrepasando o ámbito rexional, abordase o problema de fronte. Se os mecanismos polos cales estas formas se desprazaron cara a occidente desde Cataluña, hai que supoñer que foron semellantes ós que facilitaron a difusión do románico francés²¹², a cronoloxía, o lugar que deben ocupar no tránsito do prerrománi-

211. Sen embargo, non deben ser confundidas coas de arquiños que soportan cornixas no románico pleno. Sobre o tema véxase o artigo de J.C. VALLE PÉREZ, *Las cornisas sobre arquiteos en la arquitectura del noroeste de la Península Ibérica*, Compostellum, XXIX, 3-4, (1984), pp. 291-353.

212. Ambas correntes, como apunta Manuel CHAMOSO LAMAS, unanimemente seguido polos especialistas, deben moito ó transvase de homes e ideas que su-

co ó románico pleno e as razóns polas que non chegou a ter unha maior implantación, son cuestións envoltas na maior escuridade.

Dentro das igrexas que incluímos na nómina das que presentan relación co románico lombardo, Vilanova é unha construción con personalidade propia. Afirmación que se constata ó comparala coas innumerables igrexas rurais ou populares espalladas pola xeografía catalana pertencentes ó primeiro románico. Esta personalidade non radica tanto na utilización duns elementos que non son orixinais, canto na súa mestura, trazo que podería explicarse por ser un exemplo de románico lombardo sacado do seu contexto, pero tamén por ser unha obra de transición entre o primeiro románico e o románico pleno, e pola súa situación de afastamento con respecto ás vías que canalizan as aportacións exteriores.

Unha das orixinalidades da igrexa é a contraposición de materiais. Poderíamos pensar que responde a unha diferenciación cronolóxica entre a ábsida e a nave, pero esta hipótese perde fundamento cando advertimos que ambas (unha, cos arquiños; a outra, co aparello; pero, aínda máis, coa presenza dos arcosolios) poden incluírse dentro do catalogado como románico lombardo.

Igual que Nuestra Señora de la Anunciada, Vilanova incorpora a lesena. Pero a diferencia do resto das outras construcións de fóra de Cataluña, os arquiños dóbranse e lábranse nun só bloque. Esta circunstancia, unida ó particular despece da ábsida, supón unha desvirtuación da mesma esencia da arquitectura lombarda. A talla de arcos en bloques monolíticos será a norma xeral dese tipo de arcos baixo as cornixas, relativamente numerosas no románico pleno, que, anque poden derivar daqueles, non deben ser confundidos. Por outro lado, o arquiño monolítico²¹³ atopámolo na arquitectura catalana en obras xa do século XII, ben unido a despieces de pequenos sillares (S. Clemente de Tahull, Sta. Mª de Mijaran, Sta. Eulària d'Unha, etc.), ou de sillería (Catedral de Girona, S. Feliu de Guíxols ou S. Pere de Galligants). Debemos sinalar que na maioría dos exemplos que podemos citar, como en Vilanova, os arquiños están dobrados e sostidos por pequenas ménsulas en forma de cuña.

O mesmo monolitismo dos arcos aparece nas ventás. É un sistema que tamén se manterá no románico pleno: Doroña e Andrade na Comarca Eumesa, por influencia de S. Xoán de Vilanova, pero tamén en igrexas como Sto. Tomé de Monteagudo; neste caso, tamén en ventás dobradas, ou Dexo en bloque circular. Pero o bloque escotado xa o atopamos na arquitectura prerrománica²¹⁴. A ventá do arco monolítico é unha herdanza daquela, sen que debamos ver nesta ventá un sistema importado.

O doelado dos arcosolios e das portas, na súa parte interior, así coma a decoración²¹⁵, pola súa temática e distribución, son hipotecas da arquitectura prerrománica.

Por último, o despiece da cuberta da ábsida, polo que respecta á presenza do arco presbiteral e ó reforzo da súa beira, son elementos propios do románico pleno.

pón a peregrinación (*Nuevas aportaciones al conocimiento de las primeras manifestaciones de la arquitectura románica en Galicia, surgidas de la peregrinación a Compostela*, XI Semana de Estudios Medievales. Estella, Príncipe de Viana, 132-133, (1973), p. 221). Manuel NÚÑEZ RODRÍGUEZ resume os factores sociais, económicos e relixiosos que explican a difusión das novas formas artísticas (*Algunas reflexiones sobre el románico rural gallego*, Anuario Brigantino, nº 6, 1983, pp. 113-120). M. Ángel GARCÍA GUINEA, para o caso de S. Pelayo de Perazancas, pon de manifesto como esta construción está relacionada coa presenza de bispos cataláns xa desde o reinado de Sancho III de Navarra (*El románico palentino en la génesis y ocaso del románico Castellano*, Actas del II Congreso de Historia de Palencia, Tomo V, 1989, pp. 39-48).

213. A peza monolítica que contén o arquiño pode ser rectangular ou circular. Ambas formas atopámolas na arquitectura catalana.

214. Véxanse, por exemplo, restos da Basílica de Afonso III de Santiago de Compostela.

215. O tema do talo sinuoso é propio de toda a arquitectura prerrománica peninsular. Pero, curiosamente, non é frecuente na arquitectura do primeiro románico catalán. En Cataluña atopámolo no Tapiz da Creación, na Ara portátil de S. Pere de Rodas ou nas pías bautismais do val de Arán.

A CRONOLOXÍA

Tanto S. Xoán de Vilanova coma S. Antolín de Toques ou S. Martiño de Mondoñedo son obras que se tenden a incluír dentro do primeiro románico. Isto significa, segundo a periodización establecida por Bango Torviso²¹⁶, unanimemente aceptada, que serían obras anteriores a 1075. Pero é indubidable que nalgúns autores, que inclúen Vilanova dentro desa primeira etapa, pesa a consideración, dado a inmensa influencia que debeu de exercer a Catedral de Santiago, da imposibilidade da existencia de linguaxes diferentes e posteriores ás codificadas na Catedral do Apóstolo. Sen embargo, ante unha cronoloxía incerta e ante unha análise da realidade, si cabe a dúbida. O primeiro románico catalán desenvólvese ó longo do século XI, pero prolóngase en obras arcaizantes ata ben entrado o século seguinte. Na provincia de Huesca, a poucos quilómetros de Jaca, a igrexa parroquial de Asieso, datada na segunda metade do século XII, é de indiscutible feitura lombarda, desmoronando a teoría de que toda obra pequena sofre a influencia dunha obra maior. O mesmo ocorre en Castela co caso de Perazancas, única igrexa destas características da que posuímos unha data que nos permite saber o momento da súa erección, a de 1076. Construíuse, pois, con posterioridade ou ó mesmo tempo que S. Martín de Frómista. Cando se levanta a hoxe ermida de Urueña xa estaba edificada S. Isidoro de León. Parece evidente, polo que vimos dicindo, que románico lombardo e románico francés se difunden ó mesmo tempo.

Para S. Antolín de Toques, o feito de que apareza mencionada nun documento do ano 1067, posibilita unha gran unanimidade á hora de datala. Para o caso de S. Martiño de Mondoñedo, malia algunha fonte epigráfica, as dúbidas son maiores: os intentos de establecer unha cronoloxía oscilan entre o derradeiro tercio do século XI e a primeira década do seguinte. Sen embargo, en Vilanova, ante a absoluta orfandade de fontes escritas, o desconcerto é total, anque a tendencia xeral sexa incluíla dentro do primeiro románico. As datacións oscilan entre o derradeiro tercio do século XII, que propón Ángel del Castillo²¹⁷, e a de 1040-1050, proposta por B. Regal²¹⁸ e Chamoso Lamas²¹⁹, considerando as concomitancias coas Torres do Oeste. Bango Torviso²²⁰ pensa que "puede corresponder a un tipo del primer románico gallego llevado a cabo en los primeros momentos del románico siguiente". J. C. Valle Pérez²²¹, atopando semellanzas entre os arquiños de Vilanova e os de Xunqueira de Ambía, igrexa datada en 1164, cre que se pode situar a súa construción cara ó segundo cuarto do século XII. Yzquierdo Perrín²²² retrasa a data ó derradeiro cuarto do século XI. Por último, autores como Núñez Rodríguez²²³ limítanse a incluíla dentro do primeiro románico.

Pensamos que calquera intento de datación de S. Xoán de Vilanova ten que chegar a unha conclusión na que non entren en contradicción o contexto especial no que aparece a obra, os elementos estruturais, os elementos decorativos e o tipo de aparello. Calquera proposta de datación centrada na consideración dun só dos aspectos sinalados pode conducirnos a conclusións erróneas.

Comecemos dicindo que de estar esta igrexa situada en Cataluña os especialistas cataláns non dubidarían en considerala como obra do século XII, e iso polo desape da

216. BANGO TORVISO, I. G., *Galicia Románica*, p. 9.

217. DEL CASTILLO, Ángel, *Por tierras de Puenteume: Andrade, Villanueva y Las Nieves*, Semanario Breamo, nº 17, 29 de setembro de 1914.

218. CHAMOSO LAMAS e BERNARDO REGAL, *Galicia. La España Románica*, p. 42.

219. CHAMOSO LAMAS, Manuel, *Desconocida muestra arquitectónica del primer románico en Galicia, Homenaje a Don José Esteban Uranga*, Pamplona, 1971, pp. 271-173.

220. BANGO TORVISO, I., op. cit., p. 33.

221. VALLE PÉREZ, J. C., op. cit., p. 294.

222. YZQUIERDO PERRÍN, R., *Galicia. Arte Medieval I*, p. 170.

223. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Manuel, op. cit., p. 115.

ábsida e polos arcos dobrados tallados nun bloque monolítico. En contrapartida tamén debemos dicir que de estalo Perazancas tamén sería considerada do século XII. Polo que respecta á nave, o aparello de pequenos sillares non é unha garantía para situala no século XI. Xa dixemos que igrexas con arcos lombardos e aparello de pequenos sillares pódense atopar no noroeste da provincia de Lleida datables no século XII. Unha destas igrexas é S. Clemente de Tahull, que, segundo inscrición, foi consagrada no 1123. Puig i Cadafalch cita como exemplo máis antigo en Cataluña de arquiños monolíticos os desta igrexa de Tahull.

A introducción do románico pleno na comarca na que se asenta S. Xoán de Vilanova, e nas comarcas limítrofes, prodúcese xa desde as primeiras décadas do século XII, para consolidarse por volta de mediados de século²²⁴.

Non é pois desatinado situar a construción de S. Xoán de Vilanova na primeira metade do século XII, período ó longo do cal, á luz das fontes documentais e epigráficas, se vive un momento de efervescencia constructiva. ¿É posible maior precisión? Diversas consideracións lévannos a situar a súa construción no primeiro cuarto de século, nun momento de transición ás formas do románico pleno. En efecto, a primeira consideración que podemos facer é que a planimetría da ábsida é a propia das igrexas do primeiro románico, non así a cuberta da mesma, que é do románico pleno. A segunda, que a decoración (non tanto polos temas coma polo seu desenvolvemento e disposición) e o doelado dos arcos interiores acércana máis ó primeiro románico ca ó románico pleno. Lembremos, por outra parte, que o aparello de pequenos sillares tamén está presente en S. Martiño de Mondoñedo. De ser toda a igrexa de Vilanova de pequenos sillares habería que retrasar a cronoloxía. Terceira, parece evidente, como xa sinalamos, que Vilanova influíu nas igrexas da comarca, influencia que se advirte na planimetría da ábsida e no tipo de ventá; unha influencia inversa é pouco sostible. E derradeira, ¿cómo valorar o feito de que na portada estivese esculpido o Año Místico? Xa falamos da importancia que tivo este tema na Comarca. Das igrexas que sabemos que tiñan na portada este tema, Doroña aínda o conserva. No tímpano que o contén aparece unha inscrición, ¿coa data de 1113? Preséntansenos dúas posibilidades: ou Vilanova tivo unha portada de cronoloxía posterior ó resto da igrexa, ou hai que tomar esta data como válida para establecer un cerco aínda máis estreito á súa cronoloxía. En todo caso, a presenza deste tema decorativo avalaría o carácter de transición que pensamos posúe a construción.

FONTES

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago: Fondo Xeral:

-Visitas Pastorais

*Caixa 1264, Pruzos e Bezoucos, 1634-1640.

*Caixa 1270, Pruzos e Bezoucos, 1770-1772.

*Caixa 1273, letras M-P, 1791.

*Obras de Reparación e Construción de Templos: Pruzos e Rivadulla: Caixa 1258.

224. Véxase nos apartados que dedicamos ó románico da Coruña e ó Románico da Comarca do Eume o que se di da cronoloxía.

Arquivo do Reino de Galicia:

- Fondos Relixiosos, Inventario de Clero da provincia da Coruña.
*Mosteiro de Caaveiro, sig. 778-11.
- Catastro do Marqués da Ensenada, Vilanova, S. Xoán, Interrogatorio, sig. 2972.
- Colección Diplomática de Pergamiños, nº 870.

BIBLIOGRAFÍA

- CORREA ARIAS, X.F., *O Románico Eumés: Eclecticismo e orixinalidade*, "Cátedra", nº 2, Pontedeume, 1994.
- DEL CASTILLO, Ángel, *Por terras de Puente deume: Andrade, Villanueva y las Nieves*, Semanario "Breamo", 20 de setembro .
- DEL CASTILLO, Ángel, *Inventario Monumental y Artístico de Galicia*, A Coruña, 1987.
- CHAMOSO LAMAS e REGAL, B., *S. Juan de Villanueva*, en *La España Románica, Galicia*, Madrid, 1989. (Reeditada co título *Rutas Románicas en Galicia*, Madrid, 1996).
- SORALUCE BLOND, J.R., *Arquitectura Románica de la Coruña-Faro-Mariñas-Eume*, Santiago, 1983.
- VÁZQUEZ PENEDO, A., *El Románico en la Comarca Eumesa*, Pontedeume, 1986.
- YZQUIERDO PERRÍN, R., *Arte Románica, Arte Medieval I*, Tomo X, A Coruña, 1995.

Santa María de DOKOÑA



Santa María de Doroña é parroquia do concello de Vilarmaior. Dista 3,1 quilómetros da capital do Concello e uns 6,5 de Pontedeume, localizándose nunha vaguada situada na base das alturas coroadas polo castelo de Andrade. Accédese a ela deixando a N-651 desde Campolongo, dirección Queixeiro.



Igrexa de Santa María de Doroña, como moitas igrexas galegas, pegada ó cemiterio e nun descampado.

HISTORIA

Na documentación altomedieval utilízase o nome de *Doronia* para designar un río, un val, unha vila e unha igrexa: *Sta. M^a de Doronia*. A igrexa debía de estar fundada xa no 953, pois dese ano data un documento do Tumbo de Celanova²²⁵, polo que o presbítero Ero, con outras persoas, doa ó citado mosteiro e ó bispo Rosendo a metade da igrexa de Sta. María. No documento dise ... *ecclesia nostra propria que fundaverunt avii et parentes nostri, vocabulo Sancte Maria, in villa Leoni et Trasarici, territorio Flutios, inter duos rivulos vocitatos Eume et Doronia*. Unha segunda mención aparece nun documento²²⁶, datado en 1101²²⁷, polo que Zacarías Armentariz doa a Caaveiro a súa parte dun "plantato" in *Doronia, iusca aulam sancte Maria hic in Doronia*. En 1114, Munia Froilaz²²⁸ doa a vila de Briancha *discurrante ad aulam sancta Maria de Doronia* ó mesmo mosteiro.

En xullo de 1147, Afonso VII doa ó mosteiro de Caaveiro e ó seu prior Pedro as igrexas de realengo de Sta. M^a de Doronia, Sta. M^a de Centronia e Santiago de Boevre, *cum omnibus earum directuris et hereditatibus*²²⁹.

Non sabemos o que en realidade recibía Caaveiro con esta última doazón, pero si sabemos as rendas que, en 1240, tiña este mosteiro en Doroña: ... *a renda era VII^a moyos*

225. AHN, Cod. 968B, Tumbo de Celanova, fols 170v-171 r. Publicado en *O Tumbo de Celanova*, Tomo II. Edición de José M. ANDRADE, nº489, p. 679.

226. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, *El Tumbo de Caaveiro*, nº 185. Nos primeiros séculos do cristianismo denomínase aula ó pórtico, á nave ou a toda a igrexa, posteriormente aplicase esta palabra ás salas rodeadas por pórticos. Pensamos que no Cartulario de Caaveiro se pode traducir por igrexa.

227. No Cartulario de Caaveiro aparece un documento (nº177), datado en 1098, polo que o conde don Pedro Froilaz doa a Caaveiro a terceira parte da vila de Doroña *discurrante ad aulam sacte Maria, inter II^{os} montes Leboreiro et Carnota, secus flumen Doronia*, pero indubidablemente mal datado, posto que está asinado en tempos de Diego Xelmírez, a raíña Urraca e o conde Raimundo. Os documentos 181, 182 e 187, nos que se menciona a Sta. M^a de Doroña, tampouco ofrecen unha cronoloxía segura; en todo caso pódense datar na primeira metade do século XII.

228. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 91.

229. Idem., op. cit., nº 7. SÁNCHEZ BELDA ten algunhas dúbidas sobre a súa autenticidade (*Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia: Catálogo de los conservados en la Sección clero del AHN*, p. 118, d. 245). Manuel LUCAS ÁLVAREZ inclínase por pensar que é auténtico (*El reino de León en la alta Edad Media*, V, p. 170). Ángel DEL CASTILLO, no semanario Breamo, nº 78, do 21 de novembro de 1915, nun artigo titulado *La Colegiata de Caaveiro*, escribe que Fernando II de León cedeu en 1185 ó mosteiro de Caaveiro os beneficios de Centroña, Santiago de Boebre e tres cuartos do de Santa María de Doroña. Parece lóxico pensar que esteamos ante unha lectura errónea do documento na que se tomou a era polo ano.

*d-aveas per la teega iadicta et XX^{ti} soldos de miisma moeda, et hun porco et duos presentes et dúas colleitas, huna en inverno et outra en verao. Et nos ouvemos concello con homes bõos et con os fiigleges desta miisma yglesia que aiuramentamos sobre sanctos avangeos et achamos que per esta herdade que lle fora dada que se podía dar et pagar ben et compridamente et seer a yglesia ben herdada*²³⁰.

En todo caso, a doazón afectou ó edificio: á morte do conde Fernando de Andrade, cara ó 1540, os bens usurpados a Caaveiro, en Doroña, pola casa de Andrade eran catro casares, un deles pertencentes á igrexa e cinco sextos da mesma²³¹.

Caaveiro seguiu conservando o dereito de presentación do beneficio. Jerónimo del Hoyo²³² dinos que *Los frutos se hacen tres partes, la una la lleva la cura y la dos el conde de Andrade y vale al retor, lo questá dicho arriba en la caveça. Presentación del monasterio de Caaveiro*. Seguiu tamén conservando diversas propiedades; nun inventario dos foros que posuía en 1744²³³, dentro da freguesía de Doroña inclúense seis foros.

Mais a freguesía de Doroña nunca pasaría a integrar os dominios monásticos, de tal maneira que é unha das trinta freguesías que piden a Afonso X, en 1270, a Carta de Privilexio para poboar a Ponte de Eume. Con posterioridade a esta data, Sta. Mª de Doroña vai ter unha historia semellante ó resto das terras que estaban dentro do alfoz de Pontedeume. Pasará pois a formar parte do señorío da Casa de Andrade e posteriormente ó de Lemos.

A freguesía de Doroña estaba situada entre as posesións dos mosteiros de Caaveiro, Monfero ou Sobrado, ó que pertencía o couto de Nogueirosa; esta circunstancia motivou que ata nós chegaran numerosos documentos de doazóns, vendas ou foros nos que, en relación cos mosteiros citados, se mencionan terras pertencentes a Doroña. Coñecemos ben as doazóns realizadas a Caaveiro, algunha das cales xa temos citado. Con respecto a Sobrado, en 1230, don Gómez Enríquez vende a súa muller, dona Mª Sánchez, tódalas herdades que posuía en Doroña e que terminarán en mans do mosteiro cisterciense. No ano 1240, don Gil Fernández deu ós relixiosos de Sobrado e ó seu Abade cantas facendas eclesiásticas e laicas tiña ou puidera ter en Doroña e noutras freguesías que se citan²³⁴. De Monfero coñecemos dous documentos, un do 1406 e outro de 1442, polos que o mosteiro afora o casal de Castrillón, situado na freguesía de Doroña²³⁵.

Nun principio foi igrexa anexa a S. Pedro de Grandal, como nos informa Jerónimo del Hoyo. Na seguinte visita que coñecemos, a de 1634²³⁶, S. Pedro segue a ser a cabeza, non así na de 1772²³⁷, que pasou a ser anexa de Doroña.

DESCRIPCIÓN DO MONUMENTO

Planta

Sta. Mª de Doroña, coa orientación litúrxica habitual, é igrexa dunha soa nave e unha ábsida semicircular con tramo recto. A planimetría desta ábsida é semellante á de

230. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH., op. cit., nº 139.

231. Idem., op. cit., nº 272

232. DEL HOYO, Jerónimo, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, p. 310.


233. ARG, Fondos Relixiosos, Conventos, Igrexas e Mosteiros. Caaveiro. C. 478.

234. As dúas escrituras anteriores foron publicadas por VAAMONDE LORES en *Ferrol y Puente deume*, VII, pp. 55-56 e X, pp. 59-60.

235. ARG, Catálogos de Pergamiños, L. 25, Doroña, Santa María, núms. 349, 482.

236. AHDS, FX, Visitas, caixa 1264.

237. HDS, FX, Visitas, Caixa 1270.



Cervás, Caaveiro, Sta. M^a de Cuiña, Sta. M^a de Melide ou Sta. M^a de Herbón: tramo recto flanqueado ó oeste por un arco presbiteral e ó leste por cóbados, que estreitan o tramo e comezan o hemiciclo.

Na nave ábreanse tres portas: a principal ó oeste, como soe ser norma xeral no románico galego, e dúas laterais descentradas, a do lado norte, na actualidade, tapiada²³⁸. A abertura da ábsida é de 3,23 m. Apréciase unha gran semellanza con Vilanova nas medidas exteriores: 11,47 m de longo, fronte ós 11,37 m de Vilanova; e 6,97 m de ancho, fronte a 6,69 m. Esta anchura é maior ós pés que á cabeceira. Os muros son sensiblemente máis anchos que os de S. Xoán de Vilanova: 77 cm, fronte a 87. Chama a atención o feito de que no interior, entre a ábsida e as portas travesas, o muro forma un cóbado, individualizando un tramo que conecta coa ábsida en ángulo obtuso. A razón deste feito pode buscarse no acoplamento da ábsida a unha nave xa existente.

A planimetría complétase coa sacristía, pegada ó tramo setentrional da ábsida e á que se accede por unha porta aberta no mesmo; e co pórtico, situado na fachada occidental. Evidentemente ambos elementos son posteriores.

238. Bango Torviso pon de manifesto a frecuencia coa que unha das portas travesas soe estar tapiada. O que se pode explicar, segundo dito autor, pola necesidade de evitar correntes de aire. (*Galicia Románica*, p. 80).

Exterior

O aspecto xeral é o dunha igrexa cunha certa desproporción nas súas tres medidas fundamentais, que sufriu numerosas reedificacións, sen que perdera, no seu conxunto, o carácter de construción románica. A espadana, situada nun lugar que non soe ser o habitual, e o pórtico, elemento que debeu ser norma xeral nas igrexas románicas e que contén unha portada co Agnus Dei no tímpano, contribúen a darlle unha certa personalidade.

A ábsida aparéllase con sillares de granito ben cortados, dispostos a soga cunha marcada isodomía. Aséntase sobre un zócolo de dous niveis de esquinas chafranas. No tramo recto, que se reforza pola parte exterior, desaparece o banco. Este tramo recto sóldase á nave por medio dun cóbado a modo de contraforte. Está furado por tres ventás. A do norte agachada trala sacristía. A do sur é semellante ás da ábsida de S. Xoán de Vilanova, pero de dimensións máis reducidas²³⁹. Trátase dunha ventá sen columniñas, abucinada tamén polo exterior, dobrada, de arco semicircular tallado nun só bloque. A do centro, froito dunha reforma posterior, é alintelada.

Fachada sur de
Santa María de
Doroña.



O beirado ten o bordo tallado en caveto e listel. É sostido por canzorros con decoración de bólas, mazos e poleas, que enmarcan tabicas tamén decoradas.

O despece da nave é semellante ó da ábsida. Pero a isodomía é menos perfecta e os bloques graníticos máis pequenos e menos alongados, agás os dos arranques. Os muros parten dunha base a rentes do chan no lado sur; e de dous niveis, no norte. Non se trata dun banco, senón dos restos dunha construción anterior.

O engatillamento de bloques, a disimétrica distribución de ventás e contrafortes, a configuración destes e o reparto desigual dos canzorros pónennos sobre a pista de sucesivas reparacións ou reedificacións.

Os contrafortes son oito de distintas seccións. Dous na fachada principal e seis nos muros laterais da nave. Soamente os que flanquean a fachada se prolongan ata as proximidades do beirado. Os da porta meridional prolónganse ata a oitava ringleira, e os do lado oposto ata a décima e undécima. Só o do lado norte, máis próximo á sacristía, seguramente o menos alterado da primitiva construción, ten unha base completa de tres niveis, o último coa esquina en chafrán. A presenza de contrafortes sostendo os muros de igrexas románicas é habitual, sen que iso presupoña cubertas abovedadas, que non son moi frecuentes nas naves das igrexas do románico galego. Neste caso, a distribución actual dos contrafortes fai impensable unha cuberta deste tipo.

Na nave ábrese oito ventás. As dos muros laterais e a próxima ó piñón do muro da ábsida, son de fina seteira. As do muro setentrional sitúanse máis próximas ó beirado que as do muro oposto. A do frontispicio occidental, froito dunha reforma posterior, é cadrada²⁴⁰. Este frontispicio remata cunha cruz antefixa.

O beirado, de bordo de curva de nacela, e os canzorros que o sosteñen son froito de reparacións posteriores, anque algúns puideron ser reutilizados.

Como soe ser habitual, na nave ábrese tres portas. As laterais son portas igualadas no muro. A do lado sur posúe, con evidentes mostras de ter sido reparada, lintel rectangular, que á súa vez sostén unha peza pentagonal. A do norte está tapiada e ten lintel semicircular²⁴¹.

239. As de S. Xoán de Vilanova miden 66 cm de ancho, 25 a de Doroña.

240. A. DEL CASTILLO na descrición que fai desta igrexa, di que neste frontispicio se abre unha estreita troneira (*Sta M^a de Doroña*, BRAG, p. 195). Este dato ponnos de manifesto que esta parte foi reparada con posterioridade ó 1918.

241. Na provincia da Coruña é máis frecuente o lintel semicircular có pentagonal. O primeiro atopámolo en Bremao, O Burgo, Reboredo, Santiago da Coruña, Sta. M^a do Temple ou Santiago de Ois. O segundo, en Bremao, Coirós, Sta. M^a de Ois ou A Espenuca; nestas dúas derradeiras igrexas con arcos de descarga.





Exterior da ábsida de
Santa María de Dorña.

A porta occidental resgárdase no pórtico. Ocupa unha posición excéntrica na fachada, escorándose lixeiramente cara á dereita. É unha porta de arco semicircular lixeiramente apuntado, froito dunha deficiente construción, máis ca dunha solución preconcebida. A rosca deste arco moldúrase en bocel e mediacana e o intradorso en bocel. Posúe unha chambrá en resalte decorada con paociños enfrontados de dous en dous. As arquivoltas apóianse nun par de columnas acobadadas. O cóbado, con decoración de talos sinuosos con espirais, prolongábase nunha imposta que foi rebaixada. As columnas son independentes, teñen bases áticas de toro inferior sumamente desenvolvido e plinto cadrado; a da esquerda, con garras. A columna dereita ten fuste monolítico e capitel decorado con dobre ringleira de follas con bólas no extremo superior. A do outro lado, posúe un capitel historiado. O seu fuste está dividido en dúas pezas e é moi longo. A súa base ten unha escocia máis desenvolvida e o plinto practicamente se funde no chan.

No tímpano escúlpeuse o Agnus Dei. Este tímpano é sostido por desgastadas mochetas nas que se tallan figuras irrecoñecibles, anque ben puideran ser cabezas de

carneiro²⁴². No lintel deste tímpano existe unha inscrición difícil de ler; dela ocupáronos máis adiante.

Xa dixemos que a espadana era un elemento mudable. Non é unha excepción a de Doroña, que, no que vai de século, foi reedificada tres veces²⁴³. A actual posúe dúas troneiras no nivel inferior e unha no superior, rematado en beirado curvo e pináculos balastrados. Responde a un modelo que, con lixeiras variantes, se populariza na Comarca Eumesa neste século²⁴⁴.

Mais, o que nos chama a atención da espadana de Doroña é a súa situación no tramo do muro meridional contiguo á fachada principal, anque a existencia dun canzorro neste tramo, sen ningunha función, fainos pensar nunha prolongación do tellado e en que non sempre estivo a espadana neste lugar. Sexa como for, anque a norma xeral é que se sitúe rematando o frontispicio occidental, non faltan exemplos nos que aparece nos muros laterais²⁴⁵.

É evidente que o pórtico que se adosa á fachada principal de Doroña non é románico, mais nada nos impide pensar que veu substituír a outro que existiu no mesmo lugar desde os primeiros momentos da edificación.

O actual trátase dunha construción de tellado a tres augas, sostido, nas esquinas, por muros en ángulo, ós que se adosa un banco corrido. O feito de que este soporte sexa de cachotería con algún sillar intercalado outórgalle, a diferenza dos sostidos por pilstras ou columnas, unha gran solidez.

Non é difícil supor as razóns²⁴⁶ da presenza deste pórtico nunha igrexa situada en descampado, nunha freguesía sen un núcleo de poboación importante. Os Libros de Defuntos remóntanse ó 1696, e neles advertimos que se enterraba indistintamente dentro da igrexa e no pórtico, o que se veu facendo ata o primeiro cuarto do presente século, daquela xa, seguramente, reservado para determinadas persoas.

Interior

Como soe ser frecuente, a ábsida sitúase a un nivel superior ó do resto do chan da igrexa. O hemiciclo cóbrese cunha bóveda de forno, e con bóveda de medio canón o tramo recto. Esta última está revocada, mentres que o cascarón permanece oculto por un retablo que inutiliza as ventás. Ambas bóvedas arrancan dunha imposta en listel e nacela que prolonga os cimacios. Accédese a ela a través dun arco triunfal de medio punto, dobrado e en aresta viva, cun despece que nos recorda o de S. Xoán de Vilanova. É recollida por dúas columnas encollidas, de fuste formado por oito tambores, cimacio semellante á imposta, e capiteis con decoración plana a base de follas, bólas, espirais,

242. ÁNGEL DEL CASTILLO, en op. cit., sinala que "unas ménsulas con funículos o cables (ornamentación que presentan monumentos máis antigos) y toscas cabezas en relieve sostienen este tímpano que, juntamente con las ménsulas, constituyen, sin duda ninguna, las piezas más interesantes y antiguas de este templo", p. 195.

243. A comezos de século a espadana posuía unha troneira inferior con aberturas laterais que lle daban un aspecto de torre, e outra troneira superior (véxase fotografía aparecida en BRAG, novembro de 1918, p. 194). Na fotografía que atopamos na Enciclopedia de CARRÉ ALDAO desaparece-ron as aberturas laterais (Tomo IV, p. 895).

244. Un modelo semellante posúeno, por exemplo, as igrexas de Sta. Mª de Castro, S. Xoán de Vilanova, Nogueirosa, Andrade ou S. Pedro de Vilar.

245. En posición lateral aparece a de S. Pedro de Vilanova de Dozón (Pontevedra). Esta situación non é rara na arquitectura monástica (Moreuella na provincia de Zamora, por exemplo). Sabemos que en Brema a espadana estaba situada nunha posición semellante, pero no muro norte. Na provincia da Coruña non existen, en igrexas románicas, outros exemplos de semellante situación. En S. Tirso de Oseiro atopamos dúas espadanas, unha no piñón da ábsida e outra rematando a fachada da sacristía. Non faltan outros exemplos nos que aparece independente do edificio, como en Sta. Eulalia de Espenueca.

246. Sobre as función dos pórticos véxase BANGO TORVISO, *Atrio y pórtico en el románico español. Concepto y finalidad cívico-litúrgica* en B.S.A.A.V., pp. 176-188.



Portada de Santa María de Doroña



Interior da ábsida
de Santa María de Doruña

etc. Chama poderosamente a atención o feito de que as columnas non teñan base, senón que os fustes arrancan de dous grandes sillares rectangulares. Esta circunstancia hai que interpretala non coma unha solución buscada, senón coma o resultado de ser unha obra inconclusa²⁴⁷. No tramo recto do lado do evanxeo ábrese unha porta alintelada que dá entrada á sacristía.

A nave cóbrese cunha armazón de madeira. Xa temos sinalado que seguramente nunca tivo cuberta abovedada. Na última restauración quitouse o estucado que recubría os sillares, agás a parte que queda detrás dos retablos, situados entre as portas travesas e a ábsida, onde asoman restos de pinturas.

As ventás son abucinadas e de arco semicircular en bloque monolítico. Das portas, só a do muro norte non presenta derrame.

A decoración

Como soe ser habitual, concéntrase nos canzorros da nave e da ábsida, nos capiteis que sosteñen o arco do presbiterio e na portada.

No seu conxunto, os canzorros son serodios, posúen pouco valor artístico, un mal estado de conservación e son froito de sucesivas reposicións. Desta valoración sálvanse os que, na ábsida, representan poleas²⁴⁸. A súa distribución é a seguinte:

Capiteis do presbiterio.



Beirado meridional:

- 1.- Curva de nacela. Non realiza función de sustentación, posto que o beirado interrómpease coa espadana.
- 2.- Curva de nacela.
- 3.- Proa.
- 4.- Curva de nacela.
- 5.- Nacela con rolos nos extremos.
- 6.- Roto.

247. As columnas sen base son frecuentes nas criptas, mais non noutras partes do edificio románico. A linguaxe románica admite múltiples acentos, sen embargo, hai certas normas universalmente aceptadas, entre elas que a columna debe estar formada por base, fuste e capitel; norma, por outra parte, coma tantas outras, herdada da Antigüidade.

248. Este tema, sen dúbida o máis orixinal, atopámolo tamén en Ozón ou Sta. Mª de Ois.

- 7.- Plano.
- 8.- Nacela con cabeza humana ou de animal.
- 9.- Proa-nacela.

Beirado setentrional:

- 1.- Nacela.
- 2.- Nacela.
- 3.- Nacela con figura irrecoñecible.
- 4.- Nacela.
- 5.- Nacela con bóla e pedúnculo.
- 6.- Nacela con figura irrecoñecible.
- 7.- Nacela.
- 8.- Nacela.
- 9.- Proa.
- 10.- Nacela.
- 11.- Nacela con baquetóns.
- 12.- Nacela con figura irrecoñecible.

Ábsida:

- 1.- Medio canzorro con bóla unido ó cóbado.
- 2.- Curva de nacela con bóla e perlas.
- 3.- Curva de nacela con bóla.
- 4.- Cubo.
- 5.- Polea.
- 6.- Polea.
- 7.- Polea.
- 8.- Maza.
- 9.- Maza.
- 10.- Maza.
- 11.- Polea.
- 12.- Nacela con bóla.
- 13.- Oculto pola sacristía.

Nas tabicas aparece o tema da roseta. Anque neste caso parécese máis a unha margarida de 9 ou 10 pétalos en ocorrelevo, con botón central prominente. Nas igrexas románicas da Coruña non é frecuente a decoración entre os canzorros, anque non faltan exemplos tan significativos coma o da Catedral de Santiago ou Sar. O tema da flor, con variedade de número de pétalos, adáptase ben a esta posición, sendo frecuente nos linteis (Santiago da Coruña, Santiago do Burgo ou S. Pedro de Oza dos Ríos), plintos (Herbón) ou mochetas (Dexo). En ningún sitio alcanza o naturalismo co que se representa en Doroña.

Os capiteis do presbiterio perderon toda lembranza corintia. Son de forma troncocónica, sen tocos nin caulículos, de arestas perfectamente marcadas e colariño sogueado. A decoración, a base dunha orde de follas raras e bólas, resulta plana e esquemática. O do lado do evanxeo decórase con catro grandes follas que parten do astrágalo e alórganse ata case o cimacio, do que o separan unha serie de bólas. Só nun caso a bóla se sitúa dentro da folla. A súa distribución é disimétrica: dúas nunha cara; as outras dúas, en cada unha das outras caras. As follas non teñen nervios marcados e terminan en punta pouco afiada. Dúas son planas e dúas lixeiramente cóncavas. Entre elas repáranse tres talos rematados en bólas. Só dúas bólas, as situadas nas esquinas do trapecio,

quedan sen o seu correspondente talo ou folla. Este tipo de capitel lémbra-nos modelos de Breamo ou Bergondo.

O do lado da epístola é máis orixinal. Nel a distribución da decoración é simétrica. Posúe dúas follas, lixeiramente cóncavas, por cara. As da cara ancha flanquean un talo rematado en bóla. As dos outros lados son máis curtas, decorándose o espazo que non ocupan cunha roda de oito radios²⁴⁹, nunha das caras; e cunha cuadrícula²⁵⁰ na outra. A ambos lados das esquinas do trapezio, lábranse catro espirais²⁵¹ que conectan co astrágalo mediante talos planos.

O capitel dereito da portada decórase con dobre ringleira de follas, que se curvan na punta aollendo bólas. De cada bóla arranca un talo, a penas perceptible polo desgaste, que baixa ata o astrágalo ou colariño, facendo as veces de nervio central. No esquerdo represéntase unha figura humana sumamente rústica, de trazos a penas marcados e de acusada desproporción, ata tal punto que nos fai supor que se atopa axeonllada. Ten os brazos estendidos, suxeitando con cada man unha especie de báculo, do que penden o que podían ser uns cabazos. Encima da súa cabeza, sen repousar nela, aparece unha especie de toucado ou coroa que fai as veces de toco do capitel, e que conecta co astrágalo cun talo plano. Os cimacios decóranse co tema do talo sinuoso²⁵² con espirais seguindo o modelo de S. Miguel do Monte (Lugo). As mochetas están tan desgastadas que é difícil saber o tema que representan, mais a presenza dun corno nunha delas faíños supor que tiñan talladas cabezas de carneiros. Nas caras enfrontadas de ditas mochetas aparece o tema da roseta: de cinco pétalos con botón afundido, na da esquerda; de catro pétalos sen botón afundido, no lado contrario. En ámbolos dous casos enmárcanse nun cadrado.

Complétase a decoración cunha chambrá de paociños enfrontados dous a dous e coa representación do Agnus Dei no tímpano. Este tímpano posúe inscricións no intradorso e, na parte inferior, dúas ringleiras de billetes moi separados e alongados.

O Agnus Dei insíbese nun rebaixe en forma de pentágono irregular que parece ter sufrido algunha alteración na parte superior. Desde o punto de vista iconográfico, non ofrece novidades. Trátase dun carneiro²⁵³ que mira cara á dereita²⁵⁴, ten unha cruz patada procesional nun lombo curvado que, atravesando o corpo, apoia na pata dereita, mentres que as patas traseiras parecen flanquealo e están a punto de dobrar. Patas e cornos represéntanse incumprindo as leis da perspectiva; os segundos, curiosamente, de forma semellante a un dos carneiros pintados que, no Panteón de San Isidoro de León, porta un chocallo no fociño.

249. O tema identifícase tamén coma un sol ou estrela. Trátase dun tema frecuente no románico que aparece decorando plintos, linteis ou cimacios, mais que ás veces atopamos illado nos muros.

250. É un tema pouco frecuente nos capiteis. Só coñecemos outro exemplo bastante semellante: o que aparece no capitel do presbiterio de S. Mamede de Moldes (Pontevedra). Un motivo parecido é o da rede, presente en S. Xoán de Anzo (Pontevedra). Trátase dun tema hispanovisigodo, que atopamos, por exemplo, na pilastra visigoda da igrexa do Salvador de Toledo, onde parece imitar os sillares dun edificio. Nos exemplos descritos, o motivo decorativo responde ó horror vacui.

251. A espiral é un tema de longa tradición, que atopamos xa nun capitel de Mondoñedo. Pero tamén é un motivo decorativo utilizado na arquitectura cisterciense. No caso que nos ocupa, as espirais imitan volutas, de forma semellante a un capitel ménsula como ocorre en S. Lourenzo de Carboeiro.

252. Véxase o que ó respecto se dixo na decoración de S. Xoán de Vilanova.

253. A substitución do carneiro polo año xa aparece na arte paleocristiá (véxanse, por exemplo, as representacións que inclúe Jaime DELGADO GÓMEZ no artigo publicado en *Brigantium*, nº 5, baixo o título de *El cordero místico del tímpano de Sta. Mª de Cambre*, pp. 125-148). Non é pois unha coversión que se produza en Galicia, como quere pensar Castelao (*As cruces de pedra na Galiza*). A representación do carneiro é a norma xeral nos piñóns das igrexas, pero non faltan representacións dos mesmos nos tímpanos: carneiros son os Agnus Dei de Caldas de Reis, un dos de S. Martiño de Mondoñedo ou o que aparece nunha clave das bóvedas de Sta. Mª de Arbás (León).

254. Olivier BEIGBEDER no seu libro *Léxico de los símbolos* (pp. 103-104) non fai unha diferenza entre año e carneiro. Este autor considera que cando o animal está volto cara á dereita quere poñer máis énfase na gloria apocalíptica. Sen embargo, neste caso o animal coa cabeza gacha e as pernas a punto de dobrar, insinúannos máis o sacrificio propiciatorio.



Capiteis da portada.

Desde o punto de vista da técnica trátase dun baixorrelevo, con redondeces a penas insinuadas e sen ningunha concesión ó detallismo. Neste sentido fainos lembrar o relevo do tímpano de Sta. M^a de Taboada dos Freires realizado por un mestre chamado Pelagio e que, por inscrición difícil de ler, Yzquierdo Perrín²⁵⁵ data no 1190. O relevo de Doroña posúe maior sentido da proporción, mais está moi afastado do naturalismo dos anos de Santiago da Coruña, Sta. M^a de Cambre, S. Xulián de Moraimo ou S. Estevo de Saiar, todos eles de fins do século XII. O de S. Salvador de Camanzo, que nos lembra o que en Mondoñedo aparece no relevo do altar maior, posúe unha inscrición que o data no 1166. Alónxase tamén o Agnus Dei de Doroña do preciosismo co que está representado o Año do tímpano do claustro Novo da Catedral de Ourense. Todas estas consideracións lévannos a pensar no aventurado que pode resultar intentar establecer unha secuencia cronolóxica fundamentada en consideracións iconográficas ou técnicas.

CRONOLOXÍA

Ángel del Castillo, nun estudio que realizou de Sta. M^a de Doroña, dinos: "La época de esta iglesia nos la dan fijamente su estilo y una inscripción que hay dentro de la nave, en el muro de la fachada y a la izquierda de la puerta, que dice: [era mil doscientos], o sea, año de 1162, en el cual se levantó y concluyó..." "Pero otra inscripción en rellieve, de difícil lectura, y acaso incompleta, que hay en lo que pudiéramos llamar intradós del dintel de la portada principal, nos desorienta por lo confusa, pues aunque parece decir ERA MILES (era Mil[e] es [ima], o sea, año 962) también pudiera interpretarse ERA [M] CLI LES... (era 1151- año 1113- sin que pueda saberse lo que

255. YZQUIERDO PERRÍN, Ramón, *La arquitectura Románica en Lugo*, p. 36.

256. DEL CASTILLO, Ángel, *Sta. Maria de Doroña*, BRAC, p. 196.

entonces dice la última palabra, de serlo)"²⁵⁶.

A primeira das inscricións hoxe non existe, pero non cabe dubidar das observacións de Ángel del Castillo, quen visitou a igrexa. A segunda, con toda seguridade, continúa debaixo da mocheta, polo que o lintel quizais sexa unha peza reutilizada dunha construción anterior a 1162. Das dúas interpretacións que propón, resulta máis asumible a segunda. En todo caso o problema segue proposto e son posibles novas lecturas. Así, por exemplo, dado que a presenza do "M" nos parece incuestionable, podería lerse *ERA MIC ES*, é dicir, ano 1061; mentres que a sílaba "ES" sería a primeira da palabra que desaparece debaixo da mocheta. Mais esta interpretación, tamén considerablemente temperá, non deixa de ser unha hipótese.

Por fontes documentais sabemos que xa existía edificación no 953. Da primitiva construción, anterior a 1162, quedarían as dúas primeiras ringleiras que saen do muro (39 cm, no lado sur, e 47 no lado norte), xunto cos contrafortes contiguos ás portas travesas. Non é difícil deducir de todo isto que a igrexa foi máis ancha. Da edificación anterior aproveitáronse pezas da fachada, ¿atopábase entre elas o tímpano?

Con posterioridade a 1162, a igrexa debeu de sufrir repetidas reedificacións ou reparacións, claramente perceptibles na súa epiderme. Estas reedificacións afectaron á parte superior dos muros da nave e ó muro setentrional, en sucesivas campañas, claramente documentadas por senllas marcas de canteiro. Todas estas modificacións, posiblemente, foron posteriores á reedificación da ábsida, soldada á nave cunha clara rup-

FONTES

Arquivo Histórico Nacional: sección clero.

- Tumbo de Celanova, cod. 968 B, ff. 170v-171r. Edición ANDRADE, J.M. Tomo II, Santiago, 1995.
- Tumbo de Caaveiro. Cód. 1439B. Utilizamos a transcripción de FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS RAMÍREZ y GONZÁLEZ BALASCH, *El Tumbo de Caaveiro*, "Cátedra" nº 3 e 4, Pontedeume, 1996-97, documentos 7, 91, 139, 177, 181, 182, 185, 187 e 272.

Arquivo Do Reino de Galicia:

- Colección Vaamonde Lores. Colección "A". Mosteiro de Sobrado. Sig. 6(1). Nº 10, *Apuntes de hechos referentes al Monasterio de Sobrado, como son: Privilegios Reales, Fundaciones, etc. del Monasterio de Sobrado (Tumbo de la parte de la Hacienda de las villas de Ferrol e Pontedeume y sus tierras)*. Os documentos utilizados foron publicados por VAAMONDE LORES, César, en *Ferrol y Puente deume, Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII, XIV*, números VII e X, A Coruña, 1909.
- Fondos relixiosos: Conventos, igrexas e Mosteiros. Caaveiro. Libro de foros. Caixa 478.
- Catálogo de Pergamiños: 349, 482.

Arquivo Histórico Diocesano.

-Fondo Xeral: Visitas Pastorais.

*Caixa 1264, Pruzos e Bezoucos, 1634-1640.

*Caixa 1270, Pruzos e Bezoucos, 1770-1772.

Arquivo Parroquial de Santa M^a de Doroña:

*Libro de Defuncións, 1696-1770.

*Libro de Defuncións, 1790-1854.

*Libro de Fábrica, 1748-1794.

BIBLIOGRAFÍA

- CORREA ARIAS, J., *O Románico Eumés: Eclecticismo e orixinalidade*, Cátedra, nº 1, 1994.
- CHAMOSO LAMAS, VICTORIANO GONZÁLEZ, REGAL, *Rutas Románicas, Galicia*, Madrid, 1996.
- DEL CASTILLO, Ángel, *Santa María de Doroña*, Boletín da Real Academia Galega, nº 127, 1918.
- DEL CASTILLO, Ángel, *Inventario monumental y artístico de Galicia*, A Coruña, 1987.
- SORALUCE BLOND, J.R., *Arquitectura románica de La Coruña, Faro-Mariñas-Eume*, Santiago 1983.
- VÁZQUEZ PENEDO, A., *El Románico en la Comarca Eumesa*, Pontedeume, 1986.
- YZQUIERDO PERRÍN, R., *Arte Románica, Arte Medieval I*, Tomo X, A Coruña, 1995.

San Xoán de CAVEIRO




O antigo mosteiro de San Xoán Bautista pertence ó concello de A Capela. Atópase situado nun montículo que o encaixamento dos ríos Eume e Sesín, na súa confluencia, deixa en resalte.

Hoxe en día accédese a el por unha estreita estrada, que desde Pontedeume, ó longo de 14 km, segue a marxe esquerda do río Eume, evita o río a través dunha ponte moderna, para percorrer, xa convertido en pista de terra, un pequeno traxecto ó longo da marxe dereita e en sentido contrario. Pero trátase dun acceso recente. Ó longo da súa dilatada historia, o único camiño que o uniu coa civilización, hoxe impracticable, viña da Capela e Pousadoiro²⁵⁷, e, tras salvar o Sesín cunha ponte que non debeu ser sempre tan elevada, conectaba co montículo no que se asenta o Mosteiro pola súa parte noro-oriental. Non debía de ser un acceso nada fácil, como se desprende do testemuño que nos deixou Ambrosio de Morales, comisionado en 1572 por Felipe II para localizar reliquias, xoias e libros antigos cos que poder enriquecer o recién fundado mosteiro do Escorial. Di Morales que o mosteiro de Caaveiro se atopa *en lugar fragosísimo, así que cuesta muy caro llegar á el á pie, que a caballo quasi es imposible, y con eso tiene bien fundada la soledad*²⁵⁸.

O NOME DE CAAVEIRO

O Mosteiro foi posto baixo a advocación de S. Xoán Bautista, mais o vulgo terminou por denominalo de Calavario, palabra cunha etimoloxía que deu lugar a unha certa

San Xoán de CAAVEIRO



Tito Ríos

Vista aérea do mosteiro de San Xoán de Caaveiro

257. FERREIRA PRIEGUE, Elisa, *Los caminos medievales de Galicia*, Boletín Auriense, Anexo 9, 1988, p. 204.

258. MORALES, A. de, *Viaje a los Reinos de León, y Galicia y Principado de Asturias*, Edición facsimile de 1765, p. 156.

259. Véxase sobre o tema ÁNGEL DEL CASTILLO, *Origen de la palabra Caaveiro, "Breamo"*, nº 57, 1915; Antonio COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Puente deume y su comarca*, pp. 55-56, ed. 1981; Xosé Manuel VIDAL, *Acerca da orixe e fundación do mosteiro de San Xoán de Caaveiro*, Brigantium, Vol. 4, pp. 135-141; E. CARRÉ ALDAO, *Geografía del reino de Galicia*, T. VII, p. 959. Véxase, por último, unha síntese do tódalas aportacións no artigo publicado por Rafael ALONSO PICA no monográfico que a revista "Cátedra" adica a Caaveiro, no ano 1996.

polémica²⁵⁹, non sempre presidida polo rigor necesario. Fronte ás interpretacións, máis ou menos populares, que consideran que o termo procede de ser un lugar abundante en caveiras ou calvo, sinónimo de rapado ou ermo, as opinións máis cultas inclínanse por considerar que o nome deriva dos Cabiros gregos, interpretación, defendida por Vereá y Aguiar e Murguía, que hoxe ninguén acepta; ou da palabra *calavariae*, en hebreo, *Golgotha*, defendida por Saralegui y Medina; mentres que Carré Aldao considera que procede da palabra cabeiro, moa do xuízo, por ser un lugar onde se dictaba a xustiza; e Ángel del Castillo e Couceiro Freijomil de cava, foxo, oco, e equivale a lugar fondo, sendo a palabra calavario metátese de cavalario.

Moitas destas interpretacións perden o seu fundamento cando advertimos que, na documentación máis antiga, se dá o nome de Calavario a unha vila relativamente extensa situada entre Teixido e os ríos Beelle e Eume²⁶⁰. A igrexa de San Xoán Bautista estaba situada nesta vila *inter duos rivulos Eume et Sisin, subtus Pena Mala*²⁶¹. Esta consideración leva a R. Alonso Pica a propor para a etimoloxía de Calavario a procedencia da raíz calav, identificable con pena ou rochas, abondosas en A Capela e das que o bato-lito situado xunto á igrexa das Neves constitúe o exemplo máis destacado.

Sexa como for, na documentación latina utilízase o nome de Calavario e, en contadas ocasións, Kalavario ou Kalavariense²⁶². Termos que coexisten, desde o primeiro cuarto do século XIII²⁶³, coas palabras romances Calavero, Calaveiro, Calaveyro ou, coa máis frecuente, de Caaveyro ou Caveyro, ademais doutras grafías claramente erróneas. Na Idade Moderna utilízase o termo Caabeyro (con un ou dous "a", e con "y" grego ou "i" latino), que rematará por ser substituído polo actual Caaveiro²⁶⁴, máis conforme coa grafía antiga.

HISTORIA

Unha aproximación ás orixes

A cuestión da orixe do Mosteiro é, sen dúbida, un tema polémico, pero non menos có doutros moitos mosteiros. Resulta, se non aventurado, pouco rigoroso unir os seus comezos, como o fan diversos autores do século pasado, a cultos pagáns; recurso, por outra parte, moi frecuente nestes casos. Máis confianza ofrécenos, a raíz do que podemos recoller dalgún dos primeiros documentos, a hipótese, defendida por Ángel del Castillo²⁶⁵ e Antonio Porta²⁶⁶ corroborada por exemplos semellantes noutros casos, duns comezos coma mosteiro beneditino²⁶⁷ ou afín a dita regra, resultado do agrupamento dos anacoretas ou eremitas que facían vida santa por aquelas terras. Outra cousa, non menos aventurada, é intentar unir a fundación á dinámica que crea o priscilianismo²⁶⁸ ou á mesmísima intervención de S. Fructuoso²⁶⁹.

260. Nun documento de doazón, datado no 890, Godesteo e súa dona Alcedonia, escríbese: *...donamus nostram villam propiam que est in territorio Bisanquis, villa que vocant Calavario*. No documento sinalanse os límites da vila: *"Ex illa parte rivulo Eume, et de alia partel per fontano que vocant Flamoso, usque in terminos de Villare de Texido..."* (FERNANDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, *El Tumbo de Caaveiro*, "Cátedra" nº 3 e 4, nº 11, p. 323).

261. FERNANDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 115. O documento está datado no 1106.

262. Antonio PORTA DE LA ENCINA en *Aportaciones al estudio de Caaveiro*, Estudios Mindonienses, nº 2, rexistra variantes con "ch", Chalavario.

263. Un dos primeiros documentos onde atopamos esta grafía é no privilexio real de Afonso IX de 1214, ou no de Fernando III de 1232. (FERNANDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op.cit., nº 4 e 5).

264. Un dos autores que primeiro o utiliza é Ángel DEL CASTILLO nos artigos publicados no semanario "Breamo".

265. DEL CASTILLO, Ángel, *La colegiata de Caaveiro*, Semanario Breamo, nº 70, 1915.

266. PORTA DE LA ENCINA, Antonio, op. cit., p. 227.

267. A consideración de que Caaveiro foi, antes de converterse en mosteiro de cóngos regulares de San Agustín, un cenobio beneditino é aceptada por tódolos investigadores. O problema chega á hora de determinar cando se produciu a conversión. Véxase ó respecto LINAJE CONDE, Antonio, *Los orígenes del monacato en la Península Ibérica*, 1973, p. 110.

268. De tal hipótese faise eco COUCEIRO FREIJOMIL (*Historia de Pontedeume y su Comarca*, p. 23, ed. 1981) e é recollida por Xosé Manuel VIDAL (*Acerca da orixe e fundación do mosteiro de San Xoán de Caaveiro*, p. 136).

269. Tal e como se di nun informe de 1761 que os cóngos mandan ó Consello da Real Cámara (AHDS, FX, Colexiatas, Caixa 366). Manifestacións deste tipo non

É, sen dúbida, a luz das fontes documentais a que debe guiar as nosas consideracións. A presenza de S. Rosendo e de don Bermudo nos documentos máis antigos do Tumbo permítenos pensar que xa no século X existía vida monástica en Caaveiro. Mais estes documentos, ademais de non aportar datos concluíntes acerca da fundación do Mosteiro, presentan indubidables erros cronolóxicos. Tampouco queda clara a relación que mantivo S. Rosendo con Caaveiro. A tradición recollida na *Vita Rudesindi*, segundo o texto divulgado desde o século XVII nos *Acta Sanctorum*²⁷⁰, menciona a fundación de Caaveiro por parte de S. Rosendo e outra serie de novas que unen ó Santo co citado mosteiro. Ambrosio de Morales²⁷¹ tamén menciona tal circunstancia, que será tida como certa pola maior parte dos historiadores da Idade Moderna e do século XIX (Yepes, Argáiz, Flórez, Vicetto, et.), e polos habitantes do Mosteiro ó longo da citada Idade²⁷². López y Carballeira²⁷³, coñecedor dos escritos de López Ferreiro e da *Vita Rudesindi*, non menciona o feito da fundación, mais considera que S. Rosendo foi monxe de Caaveiro e non deixa de narrar o milagre que reproduciría Couceiro na súa Historia de Pontedeume. A crítica actual, na liña dos autores que, como López Ferreiro²⁷⁴ e Ángel del Castillo, utilizaran documentación do Tumbo, rexeita a intervención de San Rosendo na fundación.

Pero a relación existiu²⁷⁵. No primeiro documento do Cartulario, repetidas veces estudiado e reproducido, San Rosendo, xunto co bispo Ero, os abades Rodrigo e Anagildo e o clérigo Sisnaldo doan ó abade Exum e ós seus compañeiros Velasco, Frugulfus e Astrufidus bens inmoables (casas e terras) e moables (libros e obxectos de culto). No Cartulario o documento leva a data de 8 de marzo do 742. Na parroquia de Soaserra existe unha copia datada o 15 de marzo do 966. López Ferreiro²⁷⁶ estudiou este documento datándoo no 936. Sáez Sánchez²⁷⁷ chega á conclusión de que o documento está moi adulterado. Sen dúbida ten que ser posterior ó 925, posto que nel San Rosendo aparece como bispo, e anterior ó 940, ano no que o Santo renuncia á mitra de Mondoñedo²⁷⁸. Por outro documento do Tumbo²⁷⁹, podemos afirmar que a doazón non puido ser antes do 933. Neste ano atópase á fronte do mosteiro o abade Rodericus e non o abade Exum²⁸⁰. Pero o feito de que entre os confirmantes figure un "abbas Aloytus"²⁸¹ de Celanova, mosteiro fundado por volta do 936, inclina a balanza a favor do período 936-940, como anos entre os que foi redactada a doazón.

deben ser tidas moi en conta, pois é seguro que os cóengos non se basean en ningunha fonte e o único que queren pór de manifesto é a antigüidade do mosteiro. Así, por exemplo, outras afirmacións, que tampouco debemos tomar ó pé da letra, atopámolos no inicio do Libro de Fábrica que arranca en 1671 (ARG, Fondos Religiosos, Caixa 494, L. 345 f.10): *Otras Constituciones están en este archivo sacadas y hordenadas de la regla Primera de nuestro padre S. Agustín y dada a los canonigos regulares la cual se observa y guarda desde su primera fundación y desde el tiempo de Rodesindo antes del año del Señor de quinientos y quatro y en este año era abbas y Prior Pero de Velasco compañero suio.*

270. Sen embargo, as referencias a Caaveiro están ausentes no texto dado a coñecer en 1828 segundo o Códice E de Alcobaça. Véxase DÍAZ Y DÍAZ, M.C. e OUTROS, *Ordoño de Celanova: vida y milagros de San Rosendo*, p. 282.

271. MORALES, A. de, op.cit., p. 156.

272. ARG, Fondos Religiosos. Conventos, Igrexas e Mosteiros. Caaveiro. Libro de Actas, Fábrica e contas do mosteiro, C. 494, L. 345, f. 10.

273. LÓPEZ Y CARBALLEIRA, Antonio, *Místicos gallegos: S. Rosendo*, p. 28 e pp. 101-102.

274. Anque na obra *Historia da la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Tomo II, p. 360, atribúe a fundación de Caaveiro a S. Rosendo; en *Biografía de S. Rosendo*, p. 18, sinala que no fundó como generalmente se cree, pero que enriqueció con sus donaciones, como se ve por una escritura otorgada en el año de 936.

275. O recordo de S. Rosendo mantívose vivo a través da documentación do mosteiro e das súas reliquias. Na visita que en 1682 realiza o prior Joseph de Vergara ó mosteiro, as reliquias eran as seguintes: *El alva de nuestro R. S. Rosendo/ Un pedazo de la casulla/ Una estola/ Unos corporales del mismo santo/ Un caliz y patenal/ Un mondadientes/ Una caja pequeña con algunas reliquias/ Un lignum crucis enbotado en una cruz sobredorada/ Un manipulo del Santo* (ARG, FR, Caaveiro, L. 345 C. 494, f. 34). A casula coa estola e o manipulo pasarían á parroquia de Soaserra e o cáliz ó relicario da catedral de Santiago.

276. LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia da la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Tomo II, Capítulo XIX, pp. 359-368. Transcribe o documento no Apéndice, nº LVI, pp. 122-125.

277. SÁEZ SÁNCHEZ, E., *Notas al episcopado mindoniense del siglo X*, Hispania, 6 (1946), pp. 3-79.

278. Sen embargo, esta anotación é pouco segura, ó comprobar que, con posterioridade a este ano, nalgúns documentos, séguese intitulado Obispo Dumiense (LÓPEZ FERREIRO, Antonio, op. cit., p. 365). De feito mantivo o título ata a súa morte.

279. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 12.

280. Seguramente Exum é o Aison que se cita no documento do 933, nº 12, e que debeu suceder a Roderico á fronte do mosteiro.

281. Hai que sinalar que a utilización da palabra abade no século X non sempre ten o sentido que chegará a ter, senón que con ela podía aludir a un clérigo que non necesariamente tiña porque estar á fronte dun mosteiro. Por outra parte, nada nos aporta o Tumbo de Celanova, no cal o abbas Aloytus de cronoloxía máis temperá aparece como confirmante nun documento do 988, incompatible coa cronoloxía de S. Rosendo.

Non cabe tampouco dúbida de que xa existía o cenobio cando San Rosendo fai a doazón. É esta unha afirmación que poucos discuten e que se deduce do estudio do documento e dos outros documentos do Tumbo. Efectivamente, por un lado temos que o doado se entrega á igrexa que alí existe e ós irmáns que nese lugar serven a Deus, facendo alusión a propiedades que xa recibira o cenobio. Por outro, atopamos varios documentos no Tumbo indiscutiblemente anteriores: nun deles²⁸², con data errónea, pois é do 817, Aymia e súa irmá Cristina doan ó bispo Rosendo e a Caaveiro, S. Pedro de Aimia e a vila de Felgaria, igrexa e lugar que S. Rosendo doa no documento que vimos comentando. Noutro documento²⁸³, datado no 914, Munia, con súa filla e seu neto Tructino doan a Caaveiro a súa parte da vila do mesmo nome e outras herdades. Na que vimos chamando doazón de San Rosendo menciónase unha Munia que, con outros personaxes citados, concedera herdades ó cenobio de S. Xoán de Caaveiro. Pero, ademais do documento no que aparece Udericus á fronte do Mosteiro e dos anteriormente comentados, hai aínda un documento máis antigo do



Porta actual de acceso ó
Mosteiro e ábsida da
primitiva igrexa.

que non temos ningunha proba que poña en dúbida a súa datación: trátase da doazón ó cenobio de S. Xoán, con data de 1 de decembro do 890, de Godesteo e súa dona Alcedonia, recibida por Adefonso. No diploma dise "...quantum infra ipsos terminos sunt de nostra portione vibus damus et sancto cenobio concedimus de Sancto Iohanne per ubi invenire eam portueritis"²⁸⁴.

Se é evidente que a doazón de S. Rosendo non é un documento de fundación, temos indicios para pensar que a relación do Bispo con Caaveiro non foi a de simple doante. Estes indicios apuntan, como así o fai a tradición, que nos fala dun San Rosendo habitando ou retirado en Caaveiro, a unha relación máis estreita. Efectivamente, no documento nº 9 do Cartulario, xa mencionado, Aymia e súa irmá Cristina doan diversas herdades ó Bispo dumiense e ós irmáns que serven en S. Xoán de Caaveiro. ¿Por que esta duplicidade na doazón? Na doazón que San Rosendo fai ó mosteiro inclúense terras que adquirira por doazón, permuta ou compra; é máis, *donan las casa que ellos habían edificado en torno a la iglesia*. Todo isto lévanos a pensar no tipo de relación que o Bispo mantiña con aqueles lugares e con aquel Cenobio. Cenobio que, á vista das herdades que recibe, debía de ser extremadamente pequeno, non incompatible cun lugar de retiro, onde disfrutar da paz e da soedade. Visto desta maneira, a importante doazón de bens mobles (seguramente xa existentes no lugar) e inmobles, viría a ser a compensación final a un mosteiro co que mantivo unha estreita relación²⁸⁵, nun momento no que fundara outro mosteiro lonxe do canón do Eume: o mosteiro de Celanova.

Pero se a relación de Caaveiro con S. Rosendo, como vimos non deixou de ser un tema polémico, outro tanto ocorre coa doazón de Don Bermudo²⁸⁶. Por ela o citado Rei doa a Caaveiro a vila de Veremui, con tódalas súas posesións, e as igrexas de Santiago e San Xorxe. Esta doazón aparece no Cartulario coa data de 10 de agosto do 714. Encontrámonos, evidentemente, con outra datación errónea. O documento foi estudiado no seu momento por César Vaamonde Lores²⁸⁷. O citado autor, tendo en conta os confirmantes²⁸⁸ e o posible erro na transcripción da data, chega á conclusión de que é do 934 e que o rei Bermudo que fai a doazón é un rei galego descoñecido, fillo de Ordoño II. Autores posteriores como Sánchez Belda²⁸⁹, Sáez Sánchez²⁹⁰ e García Álvarez²⁹¹ consideran que os argumentos de Vaamonde Lores non resisten a máis leve crítica: é un documento falso, fabricado tendo á vista un diploma real da segunda metade do século XII.

Na doazón de don Bermudo chamámonos a atención varias circunstancias que veñen apoiar a opinión dos autores antes enumerados. En primeiro lugar, a afirmación de que os habitantes do Mosteiro fosen cóngenos (*totique canonicorum conventui presentibus et futuris*), asentamento que non debeu de producirse ata a segunda metade do século

282. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 9. O documento ten que ser posterior ó 925. Sen embargo, non debe esquecerse que Rudesindo I foi bispo de Mondoñedo entre o 877 e o 907.

283. Idem., op. cit., nº 10.

284. Idem., op. cit., nº 11. Se nada dentro do documento nos induce a dubidar da súa datación, si debemos manter unha certa prudencia, e iso ante as inexactitudes e contradicións dos documentos máis antigos.

285. Esta relación é expresada así por LÓPEZ FERREIRO: "De tiempo en tiempo se retiraba á algún monasterio para recoger su espíritu en la soledad y en el silencio y volver después con nuevas fuerzas al ejercicio del cargo pastoral. Uno de los sitios que con predilección buscaba S. Rosendo era el convento de Caaveiro..." (*Biografía de San Rosendo*, p. 18).

286. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 15.

287. VAAMONDE LORES, César, *Importante escritura de donación otorgada por Don Bermudo, Rey de Galicia, a favor del monasterio de San Juan de Caaveiro, año 934*, BRAG, nº 159, 1924.

288. Efectivamente, no documento noméase ós catro habitantes do cenobio que recibiran a doazón de San Rosendo e dos seus socios, é dicir, Exum, Velasco, Frugulfus e Astrufidus; ó mesmo tempo confirman o documento os bispos Erus e Rudesindo.

289. SÁNCHEZ BELDA, *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia*, nº 3, p. 24.

290. SÁEZ SÁNCHEZ, E., *Notas al episcopologio mindoniense del siglo X*, Hispania. Vol. VI, pp. 3-79.

291. GARCÍA ÁLVAREZ, R., *Catálogo de los documentos reales de la Alta Edad Media referentes a Galicia*, Compostellum, VIII, nº1, p. 110.

lo XI. En segundo lugar, debemos sinalar que nas delimitacións do couto feitas por Afonso VII, en documentos de 1117 e 1135, non se inclúe a vila de Bermui, cousa comprensible se pensamos que a doazón de don Bermudo non tiña por que levar a concesión da xurisdicción, pero o que xa non é tan comprensible é que, en documento datado o 23 de outubro de 1164, o rei Fernando II doe o lugar de Bermui, e a súa vila, como vimos, fora doada por Don Bermudo. No mesmo documento, Fernando II, doaba a igrexa de Ribadeume con tódalas súas herdades e posesións, á que engade o privilexio de couto. O mesmo Rei, por documento datado en 1174, doaba ó mosteiro de Monfero doce lugares en Labrada e Xestoso. Neste documento²⁹² menciónase un rei don Vermudo, identificado por Villalpando como o Rei Bermudo o Gotoso, que viviu en Villa Plana *huído de su Reino hasta que los grandes de él enojados con su tío le llevaron y pusieron en posesión de el reino*. Nun preito que o mosteiro de Caaveiro mantén co prelado da Diócese, resolto con data de 1758, polos beneficios de Santa María de Ribadeume e Santiago de Bermui, incorpórase unha copia incompleta da doazón. Nas pescudas feitas na resolución do preito os cóngos identifican os lugares que aparecen na doazón e din que na freguesía de Bermui hai *señales de haver havido en ella Palacio, en cuyo lugar está oy la casa intitulada Pazo, que corresponde a la voz Castellana; y también hay otra, que llaman la Torre, y otra intitulada Cima da Vila, con aldabas de fierro, de bastante tamaño en las ventanas, donde vulgarmente se dice, vivió el Rey Don Bermudo*²⁹³. Sabemos do pouco creto que hai que prestar a estas consideracións populares, pero o certo é que temos dous reis Bermudo que viviran en Bermui e Xestoso, lugares colindantes. Non é desatinado pensar, como así o fai Vaamonde Lores, que fosen a mesma persoa; só que o citado autor considera que Villalpando se trabuca ó pensar que é Bermudo o Gotoso, rei que ostenta a coroa galega entre 984 e 999, senón que é o Bermudo da doazón feita a Caaveiro, *confusión muy explicable teniendo en cuenta que para D. Fernando sería desconocida la existencia de este monarca antecesor suyo tan remoto*. Alomenos debemos dicir que a interpretación de Vaamonde Lores resulta un tanto forzada. Bermudo o Gotoso morre 158 anos antes do comezo do reinado de Fernando II, tempo non tan longo como para que poida ser confundido na Chancelería. É certo que no documento Fernando II chámalle avó, mais esta é a fórmula que podemos atopar noutros documentos, cando os reis se refíren a antepasados lonxanos.

Posiblemente si existiu²⁹⁴ unha doazón de Don Bermudo o Gotoso, pero o documento que chegou ata nós foi redactado nun momento, mediados do século XII, no que os dominios de Caaveiro e Monfero, colindantes nas terras de Bermui e Xestoso, non estaban consolidados, o que determinaría unha certa pugna, que Fernando II se encargaría de resolver. Pero quizais haxa que inscribir as inexactitudes do documento no contexto dunha documentación, a do século X, chea de erros. O que nos leva a intentar dar unha explicación global do problema. Nun informe²⁹⁵, con data de 1761, que os cóngos mandan ó Consello da Real Cámara de Castela, dise *"...que de los Ynstrumentos del Archivo de Caveyro, se infería que padecio un notable Yncendio anterior al Reynado del Señor Don Bermudo"*. Se consideramos que este Don Bermudo é Bermudo III (1028-1037), e que o incendio afectou ó Arquivo, podemos ter unha idea do que ocorreu. Esta hipótese explicaría o feito de que entre o 997 e o 1065 só exista un documento no

292. LÓPEZ SANGIL, J.L., *Historia y memoriales del monasterio de Santa María de Monfero*, Cátedra, nº 2, p. 82.

293. VAAMONDE LORES, César, op. cit., p. 56.

294. Nun documento de Retención de Bulas de 1749 dise que Santiago de Bermui e Santa María de Ribadeume foron doados polo Señor Rei de Galicia D. Bermudo e o Señor Rei de León e de Galicia D. Fernando (AHN, Atados, nº1906/4). A posesión dos beneficios de Santa María de Ribadeume e Santiago de Bermui deu lugar a un preito entre Caaveiro e o Arcebispado de Santiago, que é mencionado por VAAMONDE LORES en op. cit.

295. AHDS, FX, Colexiatas, Caixa 366.

296. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 77.

297. *Y así mesmo es Capilla Real de los serenísimos reyes de hespaña, fundada y dotada del todo por el Señor Rei emperador Don Alonso en Toledo por confirmación de la sede Apostolica y sus nuncios en la era de mill y ciento y cincuenta y cinco a los diecisiete de las Kalendas de Setiembre...* (ARG, FR, Caaveiro, Libro de Actas, Fábrica e contas do Mosteiro, C. 494, L. 345, f. 10).

Cartulario, o datado no 1037²⁹⁶, pero tamén erroneamente, pois está asinado en tempos da raíña Urraca e o conde Raimundo. O Mosteiro só se recuperaría no derradeiro tercio do século XI. Neste tercio multiplícanse as escrituras (19 entre 1072 e 1100), desenvolvéndose unha fase expansiva que continuará ó dobrar o século. Esta fase expansiva conduce ás doazóns de Afonso VII, verdadeiro artífice da reconstrución do mosteiro, ata tal punto que, con S. Rosendo, os cóengos considéranos o fundador²⁹⁷.

Os seus habitantes: cóengos regulares de San Agustín

Adiantamos, no epígrafe anterior, que ben puido ser Caaveiro o resultado dun agrupamento de eremitas ou anacoretas que facían vida santa por aquelas terras. Quizais S. Rosendo e algún dos socios, que fan a comentada doazón e que mandaron construír as casas xunto á igrexa, tivesen por costume retirarse á atormentada xeografía do canón do Eume a orar, como así pensan Flórez, López Ferreiro e López y Carballeira, quen ve en Caaveiro un eremitorio do mosteiro Dumiense. Neste sentido, non pasa desapercibido o feito de que un dos confirmantes do documento o faga en nome dos anacoretas deses campos (*In nomine anacretas in his ruris manibus meis roborauit cf.*). Como non pasa desapercibido o feito de que entre os libros doados se atope a Regra de S. Bieito. Circunstancia que, engadida ó nome de irmáns que reciben os habitantes do cenobio, indúcenos a pensar nuns comezos como mosteiro da mesma orde que S. Rosendo chegaría a establecer en Celanova²⁹⁸. Hai, non obstante, na doazón indicios para crer que daquela non tódolos anacoretas foran integrados no mosteiro, ou que o proceso de integración non se completara; así dise: *Finalmente donamos a los sacratísimos altares vuestros, para alimento y vestido de los hermanos que sirven a Dios en la regla de la justicia en el mismo lugar antedicho de S. Juan de Caaveiro, así como los que, allí mismo, existen en el testimonio de Dios para salvación y ejemplo, esto es, el abad Exo y Velasco y Frugulfo y Astrufido*. Máis adiante sinálase: *Todas estas cosas... concedemos para sumarlas a las propiedades de S. Juan Bautista y para los hermanos que están allí pasando su vida en regla y los demás que perseveran en la vida santa*. Xa dixemos que ó final unha testemuña asina como anacoreta nestes campos. Por último, entre as testemuñas, dous clérigos e un presbítero asinan e entréganse con tódolos seus bens, polo que deducimos que o Cenobio non só aumentou en propiedades senón tamén no número dos seus membros.

Mais se as afirmacións anteriores non pasan de simples hipóteses, non o é o feito de que rapidamente vai ser mosteiro de cóengos regulares. As datas e as circunstancias que levaron a tal asentamento sonnos descoñecidas.

Xa temos dito que na doazón de D. Bermudo se fala da existencia de cóengos, o que fixo supor a autores como Vaamonde Lores e Ángel del Castillo que a transformación de mosteiro beneditino en mosteiro de cóengos regulares se producira xa no século X. Mais, como puxemos de manifesto anteriormente, é un documento que debe de ser desbotado como fonte polos seus incuestionables erros. Concepción Yáñez Cifuentes²⁹⁹ considera que é case seguro que a regra de San Agustín non estivo vixente en Caaveiro ata as proximidades do ano 1130. Engade, esta autora, que o feito de que en documentos do século XI se fale de cóengos e fratres supón o mantemento da Regra de San Bieito, nun mosteiro onde os monxes convivían cos cóengos.

298. GARCÍA ORO considera que S. Rosendo descoñece a Regra de S. Bieito cando funda o cenobio de Celanova (*Galicia en los siglos XIV y XV*, T. I, p. 39). Esta afirmación debe de ser posta en dúbida ó advertir que un dos libros doados ó mosteiro polo Santo é a *"Regula beati Benedicti"*.

299. YÁÑEZ CIFUENTES, Concepción, *A formación e explotación do dominio territorial do Mosteiro de Caaveiro*, "Cátedra" nº 3, p. 111.

300. Véxanse, por exemplo, os documentos 78 e 224 (FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit.).

301. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 159, con data de 1122; o documento nº 87, con data de 1125.

302. Idem., op. cit., nº 113, ano 1105; nº 111, ano 1106.

Sen embargo, pensamos que a mención dos cóengos nos documentos é a proba evidente da conversión en Mosteiro de cóengos regulares. Efectivamente, nalgunhas doazóns do século XI fálase de *fratres vel canonicos*³⁰⁰, o que pode levar a confusión; pero ocorre que en documentos datados nun momento no que xa non temos dúbidas sobre a adscrición do mosteiro ós cóengos regulares séguese falando de *canonici vel fratres*³⁰¹, ou, ás veces, simplemente de *fratres*³⁰².

Nun documento³⁰³, con data de 1102, pero que debeu de ser posterior a 1111, Bermudo Furtuniz, *frater et canonicus Sancti Iohannis de Calavario*, da orde de S. Agustín, doa ó Mosteiro as súas herdades de Bezoucos e unha servicialía en Andrade. No documento insítese dicindo que *Do istas hereditates ad monasterium Sancti Iohannis et ad fratres que ibi vita sancta perseveraverint ut habeant et possideant evo perhenni et secula cuncta*.

A conversión en mosteiro de cóengos regulares debeu de producirse con posterioridade ó 1039, ano no que se funda a congregación de S. Rufo, á que pensamos pertenceu Caaveiro³⁰⁴. O documento³⁰⁵ máis antigo, de data fiable³⁰⁶, no que se alude ós cóengos é do 1092. Nel o abade Tedón doa as herdades que mercou en *Chantelos*, manifestando que *omnia ista hereditate predominata do eam e concedo prefactum monasterio Sancti Iohannis de Calavario totique conventui canonicorum ibi Deo servientium*. Noutro documento³⁰⁷, datado cinco anos despois, Osori Sandiniz permuta unha herdade co *abba don Tedon et ad congregatione cononici qui cum illo sunt*. No privilexio de 1117³⁰⁸ de Afonso VII confirma Pedro, bispo de Mondoñedo noutro tempo, *qui in predicta ecclesia sancti Iohannis tunc temporis habitabam cum collegio canonicorum meorum...*

O abade Tedón aparece no Cartulario de Caaveiro en documentos datados entre 1065³⁰⁹ e 1113³¹⁰. É unha estancia prolongada que nos leva a pensar nalgún erro cronolóxico. Mais non cabe dúbida de que estivo á fronte do Mosteiro na segunda metade do século XI e principios do seguinte. Posiblemente foi el quen propiciou a súa conversión en mosteiro de cóengos regulares.

A regra que profesaban os cóengos era a de S. Agustín. Tal circunstancia aparece expresada en varios documentos do Tumbo³¹¹: Xa temos aludido á doazón de Bermudo Furtuniz. Vólvese mencionar tal circunstancia no testamento de Pedro Furtuniz³¹², datado en 1163; e nunha carta de familiaridade³¹³ pola que Guntroda Ovequiz doa a Caaveiro unhas herdades; esta carta está datada dous anos despois.

303. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 110. No documento hai un erro na data, posto que nel dise que reinaba Afonso, fillo do conde Raimundo, rei que nace en 1105. Mais o erro na data non ten porque supor unha alteración do contido. Afonso VII é coroado no 1111

304. Esta suposición fundaméntase no feito de que nas Constitucións outorgadas por Pedro Carrillo de Acuña se di: *ni traygan el avitillo blanco que solian...* (CEPE-DA FANDIÑO, A., *As construcións do Cabido de S. Xoán de Caaveiro*, "Cátedra" nº 3, p. 159).

305. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 73.

306. Tres documentos anteriores, pero con erros de datación, tamén fan referencia á presenza de cóengos. Son os documentos 77, 78 e 224.

307. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 126.

308. Véxase LÓPEZ SANGIL, José Luís, *Un Privilegio real de 1117 y el obispo mindoniense don Pedro, retirado en Caaveiro*. Cátedra, Monográfico sobre Caaveiro, 1996.

309. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 70.

310. Idem., op. cit., nº 215, aparece no documento como confirmante.

311. Fóra do Tumbo, o tipo de orde á que pertencían os cóengos aparece na carta de privilexio dada por Afonso VII ó mosteiro con data de 1135.

312. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 222.

313. Idem., op. cit., nº 135.

314. Aparece mencionado noutros documentos de data anterior, pero que presentan problemas: o documento nº 132 está datado no 1062, pero VIANA, DE PABLOS e GONZÁLEZ BALASCH corrixen a data situándoa entre 1102 e 1109. No nº 131, con data de 1102, cítase a *comes Petro in gallaecia*, pensamos que o comes era Raimundo, tal e como aparece noutros diplomas anteriores á súa morte, ocorrida en 1107 (no nº 69, datado en 1099, dise: *Regnante Adefonsus rex in Tolleto et in Legione et in Castella, et in Asturias, et comes Reimundus in Gallacia, et comes dompnus petrus de terra Sanctum Iacobum usque in aqua de Saur*). O nº 99, de 1104, adoece do mesmo problema; e o 115, datado en 1106, presenta un erro evidente, posto que se di feito en tempos de *Adefonsus rex, filius Reimundi Comititis*.

315. Nº 115. Descoñecemos o significado de *In decensale*. A. PORTA DE LA ENCINA expón as súas dúbidas sobre o termo e supón que quizais designe ó abade

O abade Tedón chegou a coincidir en Caaveiro co bispo Pedro, a presenza do cal se sitúa no Cartulario entre o 1108³¹⁴ e o 1125. En varios documentos aparecen ambos mencionados: nun deles, datado no 1106, Menendo Fuliniz e súa dona fan unha doazón a Caaveiro *per manu episcopi donni Petri, qui est magister noster, et ad canonicos ibi Deo servientibus*. O abade Tedón aparece debaixo das autoridades que gobernan nese momento coma o abade *In decensale*³¹⁵.

Noutra doazón³¹⁶, datada en 1108, Fafiani entrega a Caaveiro unha herdade *per manu episcopi domni Petri et per manu abbatis Tedoni, qui erat meo tio, et per manu priori domno Alvito et canonicis eiusdem loci Deo Servientibus*. O documento remata con *abbas Tedom qui hanc cartam scripsit, confirmat*. Varias preguntas podemos facernos ó respecto: ¿Quen era este bispo Pedro e que facía en Caaveiro? ¿Quen rexentaba o mosteiro, xa que, nun determinado momento, atopámonos cun bispo, un abade e un prior?

Sen dúbida tratábase dun verdadeiro bispo retirado á vida monástica, feito do que existen outros exemplos³¹⁷. López Ferreiro, quen o apelida Amiguiz, considerou que podía tratarse do bispo de Lugo³¹⁸ que acode ó Concilio convocado por Ramón de Borgoña, ou dun bispo de Braga non do agrado de Afonso VI, que, segundo nos informa Flórez e La Fuente, foi privado da dignidade e encerrado nun mosteiro. Pero os estudos de Richard Fletcher³¹⁹ e as aportacións de Cal Pardo³²⁰ viñeron a demostrar que entre os bispos Gonzalo e Nuño Alfonso existiu un bispo denominado Pedro que pasara desapercibido a Flórez e a Risco. Non cabe tampouco dúbida de que, á morte do bispo Gonzalo³²¹, foi nomeado bispo de Mondoñedo³²², cargo no que estivo pouco tempo: desde fins do 1110 a principios de 1112. As circunstancias da súa substitución en vida polo bispo don Nuño son desconhecidas. Fletcher baralla varias hipóteses; entre elas, que fose "un peón en las luchas por la influencia entre don Pedro Froilaz y Diego Gelmírez". Efectivamente, non pasa desapercibido o silencio que se mantén na

claustral (*Aportaciones al estudio del monasterio de San Juan de Caaveiro*, Estudios Mindonienses, p. 234). Debemos de sinalar que nun dos documentos (nº 75) o termo utilizado é "*In diocesale*".

316. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 79.

317. S. Rosendo, en Celanova; Argimiro, en Xubia; ou Bermudo II en Sar. LÓPEZ FERREIRO dinos que ata nove bispos se retiraron para facer vida santa en Ribas de Sil (*Biografía de San Rosendo*, p. 26-27).

318. A hipótese é desestimada por Risco, alegando que daquela era bispo de Lugo D. Amor (PORTA DE LA ENCINA, Antonio, *Aportación al estudio del Monasterio de Caaveiro*, p. 232).

319. FLETCHER, Richard A., *Obispos olvidados del siglo XII, de la diócesis de Mondoñedo y Lugo*, CDEG, Tomo XXVIII, 86, 1973, pp 318-325.

320. CAL PARDO, Enrique, *El monasterio de San Salvador de Pedrosa en tierras de Trasmuros*, p. 30.

321. Ignoramos cando se produciu. Na Compostelana aparece desde 1103 con problemas de saúde. A última nova que temos del é do 13 de decembro de 1107, data que posúe unha cédula que dirixe a dona Urraca. A primeira nova que temos do nomeamento de don Pedro é un documento no que fai profesión de obediencia ó arcebispo Mauricio de Braga, que ocupou o cargo entre o 8 de decembro de 1108 e o 23 de xaneiro de 1109. Fletcher aporta outra proba documental datable entre xullo de 1109 e 13 de xullo de 1110: con esta derradeira data, don Pedro aparece confirmando como prelado da igrexa mindoniense unha doazón feita por Afonso o Batallador ó mosteiro de Samos (véxanse os documentos no artigo de Fletcher). No Cartulario de Caaveiro don Gonzalo aparece como bispo nun documento datado o 24 de abril de 1110 (nº 197). Este documento está en consonancia co último aportado por Fletcher, e entra en contradición co primeiro, anque ben puido ocorrer que cando se mandou a profesión de obediencia ó arcebispo Maurici, este xa estivese morto. José Luis LÓPEZ SANGIL, no artigo *Un privilegio real de 1117 y el obispo mindoniense don Pedro, retirado en Caaveiro*, resolve o problema considerando que o bispo don Gonzalo, anque vivía en 1110, probablemente xa estaba cesado. Ó respecto debemos de facer dúas consideracións: a primeira, que o documento do Cartulario de Caaveiro con data de 1110, no que se cita a don Gonzalo na sé Mindoniense, presenta problemas de datación, xa que nel dise: *Comite Reimundo imperabat terra sancti Iacobi, de trastamar usque in sauri*, e Reimundo morre en 1107. Aínda así damos como válida a datación, pois é evidente que o copista, por despiste, toma a Raimundo por Pedro: Efectivamente, a expresión pouco frecuente, *de trastamar usque in sauri*, non pode englobar a toda Galicia, da que sabemos que Raimundo era conde, senón que alude ós límites dos dominios de don Pedro, como así aparece noutros diplomas: *et comes Reimundus in Gallecia*, *et comes dompnus Petrus de terra de Sanctum Iacobum usque in aqua de Saur* (nº 69 e 73). En segundo lugar, resulta un tanto estraño que nun documento que repousaba no Arquivo do mosteiro, no que o bispo don Pedro viviu máis de quince anos, non apareza coma bispo se realmente o era, sobre todo co celo co que se pon no privilegio de Afonso VII, de 1117, que foi bispo de Mondoñedo noutro tempo.

322. Nos 10 documentos (nº 132, 131, 99, 115, 79, 116, 53, 85, 158, 87) do Cartulario de Caaveiro nos que é mencionado como bispo, en ningún se di que o sexa de Mondoñedo. Mais ás probas aportadas por Fletcher e Cal Pardo podemos engadir o documento, datado no 1117, polo que Afonso VII acouta o mosteiro de Caaveiro. Neste documento confirma Pedro, *Olim Mindoniensis episcopus*. Véxase, ó respecto, un exhaustivo estudo da documentación na que aparece nomeado o bispo don Pedro, en José Luis LÓPEZ SANGIL, *Un privilegio real de 1117 y el obispo mindoniense don Pedro, retirado en Caaveiro*, "Cátedra", nº 3, 1996.

323. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., documentos 53, 85 e 115. Nestes documentos é denominado "*magister*", expresión que LÓPEZ FERREIRO traduce por confesor.

324. CAL PARDO, Enrique, op. cit., pp 235-236.

325. Esta posible inclinación maniféstase no feito de aparecer coma confirmante no documento xa mencionado de doazón de Afonso o Batallador a Samos.

326. Neste sentido, chama a atención o feito de que mentres Xubia e boa parte do clero se inclinan por prestar obediencia a Santiago, o maior silencio rodea a actitude de Caaveiro.

Compostelana sobre el, e a boa relación que mantivo con don Pedro Froilaz e a súa familia, como se deduce dalgunhas doazóns a Caaveiro³²³, nas que é cualificado de *magister noster*, e do documento de fundación de S. Salvador de Pedroso³²⁴. É posible que na súa substitución, como tamén sinala Fletcher, xogase a súa posible inclinación política en favor dos aragoneses³²⁵, que o arcebispo Xelmírez, seguramente, non deixaría de airear; ou que se mostrase moi activo en favor das pretensións da sé mindoniense no litixio dos arceprestados³²⁶. Mais inclinámonos tamén a pensar que non debeu de ser moi encarnizada a resistencia dun bispo que levaba xa uns oito anos retirado en Caaveiro, onde morrería cara ó 1125. Quizais o privilexio de couto dado por Afonso VII no 1117, no que confirman el, Xelmírez e Nuño fose unha compensación por unha actitude compracente cos planos de Xelmírez: o nomeamento de Nuño Afonso, antigo cóengo e tesoureiro da Catedral de Santiago. En calquera caso, salvando as distancias, a relación que mantivo o bispo Pedro co mosteiro lémbrenos a mantida por S. Rosendo. Seguramente, como tamén deduce Cal Pardo para o mosteiro de cóengos regulares de S. Salvador de Pedroso, Caaveiro foi un mosteiro que recibía a todo aquel que quixese levar unha vida apartada do mundo³²⁷.

Á fronte dos mosteiros de cóengos regulares soía estar un prior, de aí que reciban nome de prioratos (pensemos nos exemplos de S. Miguel de Breamo e S. Salvador de Pedroso). Mais tamén podía estar rexentado por un abade secundado por un prior, que compartía con el a administración do mosteiro. Para o caso que nos ocupa, así sucedeu en determinadas ocasións: recordemos o exemplo do abade Tedón³²⁸. Pero, alomenos, desde fins da primeira metade do século XII os abades desaparecen e a máxima autoridade pasa a ser o prior³²⁹ secundado por un subprior.

O Mosteiro estaba exento da xurisdicción diocesana (*Nullius Diocesis*) recoñecida por Bula de Alejandro VI, expedida no 1493³³⁰. Tal circunstancia daría lugar a repetidos preitos coa Arquidiocese de Santiago, saldados sempre a favor do Mosteiro.

É evidente que o número de cóengos, ou de habitantes do Mosteiro, variou ó longo da súa prolongada vida. Na doazón de San Rosendo cítanse catro moradores e tres máis que, no momento da doazón, profesaban, facendo entrega dos seus bens. Na pouco fiable doazón de don Bermudo cítanse nove cóengos, número de membros que sabemos que tiña o Mosteiro no século XIV³³¹. Este número reduciuse a seis na Idade Moderna, e é o que vai permanecer ata pouco antes do seu abandono. O prior, que non contamos neste número, terminou, a raíz da crise pola que pasa o mosteiro na Baixa Idade Media, habitando fóra do mesmo³³². Era un número reducido se o comparamos con Pedroso, que tiña 12 ou 13, o que nos dá unha idea do pequeno que foi o mosteiro.

Os cóengos estaban suxeitos á regra de S. Agustín³³³. Esta regra implica unha vida non moi distinta á dos monxes. Vestían roquetes brancos, muceta, capa, colo e colariño, un escapulario coa insignia da súa condición.

327. No caso de Caaveiro, o seu illamento e xeografía na que se asenta favorecen o carácter de lugar apartado, óptimo para levar unha vida santa.

328. Tal circunstancia aparece claramente no documento 79, xa comentado, ou no 193, no que están presentes o abade Tedón, o Prior e don Pedro.

329. Posiblemente á morte do abade Tedón, o bispo Pedro converteuse na máxima autoridade do mosteiro. Despois da súa morte, o mosteiro pasa a ser rexentado por priores. Desde fins da primeira metade do século XII énos doado reconstruír a lista da sucesión: de 1142 a 1154 ocupa o cargo o prior Pedro.

Seguramente é o mesmo Pedro que se menciona no privilexio de Afonso VII de 1135. Foi substituído por Pelagio Iohannes, a quen sucede Froyla Meigo.

330. AHDS, FX, Colexiatas, C. 366. Copia de antigos documentos.

331. VAAMONDE LORES, César, *El Ferrol y Puente deume*, Apéndice, documento nº 5, p. 75.

332. Sabemos que o prior Gómez Freyre moraba nunha casa que edificou ó comezo da costa que baixa ó mosteiro, coñecida como pazo da Capela. D. Francisco Vázquez residiu, igual que fixeron algúns dos seus sucesores, en Cabanas.

333. Destas regras ou constitucións chegaron ata nós diversas copias. Foron estudadas por Antonio CEPEDA, *As constitucións do Cabido de S. Xoán de Caaveiro*, Cátedra, nº 3, 1996.

A colexiata de Caaveiro

Con frecuencia utilízase o cualificativo de Colexiata para designar o Mosteiro. E, efectivamente, este nome aparece na carteleira pétrea da torre-campanario. O termo, en torno ó que existe unha certa confusión, aplícase ás igrexas nas que hai un cabido de cóngos asimilado a unha catedral, mais sen bispo. Tamén se pode aplicar ós mosteiros de cóngos regulares, que ó formar un cabido, poden ser igrexa colexial ou colexiata³³⁴. En todo caso, para alcanzar tal condición, ata o século XIV, cumpría o consentimento do bispo, e, con posterioridade, o da Santa Sé.

Un dos primeiros historiadores que comezan a utilizar o termo de colexiata para referirse a Caaveiro é Benito Vicetto³³⁵. Chama a atención que autores anteriores como Flórez, Morales, Argaiz, Jerónimo del Hoyo, etc., non mencionen esta circunstancia, o que nos fai pensar que o termo colexiata é relativamente moderno. É unha realidade como na documentación serodia, non procedente do mosteiro, tamén se utiliza este termo. No encabezamento dun libro de foros, do ano 1744, podemos ler *Real Cédula de su Magestad, expedida al Venerable Prior y Cavildo de su Real Colegiata de San Juan de Caaveyro sobre lo que expresa; y Autos en su execución obrados: tocantes a no se aforen vienes de dicha Real Colegiata*³³⁶. Outros exemplos poderíamolos achegar tirados da documentación xerada polos preitos. Sen embargo, é sumamente infrecuente a utilización do nome de colexiata na documentación do mosteiro: unha das poucas alusións a tal condición atopámola nunha carta que, en 1739, dirixen os habitantes do Mosteiro ó Consello da Real Cámara pedindo a creación dunha praza de organista: nesta carta atopamos a expresión *como iglesia colegiata que es*³³⁷. Non sabemos cando Caaveiro se converteu en colexiata, mais unha cousa parece evidente: á luz da documentación xerada no Mosteiro, a condición de colexiata non foi un título do que os cóngos se gabasen. O termo aparece, como xa dixemos, serodiamente na documentación, xa no século XVIII, e en escritos redactados fóra do mosteiro. Os seus habitantes preferían o termo de Igrexa Colexial³³⁸, que pode considerarse equivalente. En todo caso era Colexiata de regulares, exenta do Arcebispado e de padroado real.

Expansión do mosteiro

Se S. Rosendo non fundou o Mosteiro, a doazón que fai ó mesmo cos abades Rodrigo e Anagildo, o bispo Ero e o clérigo Sisnaldo, é de tanta entidade que vai supor un fito transcendental na posterior evolución do mosteiro. Efectivamente, ata daquela, o Cenobio recibira a igrexa de San Pedro de Eume, a vila de Felgaria³³⁹ e unha serie de propiedades na vila de Calavario³⁴⁰. Propiedades situadas entre A Capela, San Pedro de

334. É evidente que non tódolos mosteiros de cóngos regulares foron, como Bremao ou Pedroso, colexiats. Mais outros moitos si o foron. Na maioría deles as circunstancias que determinaron a súa conversión en colexiats sonnos descoñecidas. Bernardo REGAL, ó referirse ó mosteiro de Santa María de Xunqueira de Ambía, escribe: "Por este tiempo sus canónigos, al igual que los de Sta. M^a del Sar, se convirtieron de regulares en seculares, y de esta época data también el nombre de colegiata con que hoy se conoce, en vez de priorato con que desde antiguo era designada" (*Galicia. España Románica*, p. 289). Sen embargo, as colexiats podían ser de regulares ou de seculares. É así como a pesar de ser colexiata Caaveiro non perdeu o carácter de priorato.

335. VICETTO, Benito, *Historia de Galicia*, 1865, ed. 1980, Tomo XI, p. 131.

336. ARG, FR, Caixa 478.

337. AHDS, FX, Colexiats, Caixa 366.

338. Pero esta expresión tamén aparece serodiamente na documentación, non así o termo *colegio*, que o atopamos no privilexio de Afonso VII de 1117, e en relación coa presenza do bispo don Pedro no mosteiro: *Ego Petrus, olim Minduniensis episcopus; qui in predicta ecclesia Sancti Iohannis tunc temporis habitabam cum collegio canonicorum meorum...* (LÓPEZ SANGIL, J.L., op. cit., Cátedra, nº 3, p. 68). A expresión volvémosla atopar nun documento do Tumbo de Caaveiro de 1152 (nº 192): *Et ipsa hereditate dedit prior una cum collegio canonicorum...* ¿Arranca de tempos do bispo don Pedro a súa condición de colexiata?

339. Esta vila, doada por Aymia e súa irmá Cristina (FERNANDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., documento nº 9), estendíase por Vultureira (Ventureira), Teixido e fonte Nardilonem (posiblemente Fontardión).

340. Non sabemos con exactitude cales eran os límites da vila de Calavario. Na doazón de Godestoe e súa dona Alcedonia dise que a vila se estendía entre o vilar de Teixido, o río Eume e a fonte que denominaban Flamoso (¿nacemento do Bellelle?). Cabe pensar que tamén estarían dentro desta vila o mosteiro e S. Braulio de Caaveiro.

341. De S. Baudilio, Sandi de Arriba e de Abaixo (Sande), Arnoso, Texeira, Porcar, Cenzo; de cabalar, Martín, Fiunte, Vilar de Mouros; de Santiago da Capela,

Eume e o río Eume, que non ofrecen grandes facilidades á agricultura, mais que permitían sobrevivir a unha pequena comunidade sen grandes necesidades e, coma outras tantas, de futuro incerto. A doazón ía supor a incorporación de boa parte das terras cultivadas á dereita do río Eume ata a serra de Forgoselo. Se examinamos os nomes citados, aparecen tódalas parroquias actuais situadas nesa marxe dereita en torno ó Mosteiro, con algúns lugares aínda hoxe identificables³⁴¹: S. Braulio de Caaveiro, Sta. Eulalia de Soaserra, Sta. M^a de Cabalar, Santiago da Capela, S. Martiño de Goente e S. Pedro de Eume. Descoñecemos a situación de S. Xoán de Vila Furada³⁴², que deixaría de ser parroquia nun momento determinado. Mais a doazón nin implicaba a constitución dun dominio xurisdiccional, nin as herdades recibidas debían supor que tódalas terras situadas en torno ó mosteiro pasaban a ser do seu directo dominio.

Nos séculos posteriores, nun proceso semellante a outros moitos mosteiros, Caaveiro, con numerosas doazóns³⁴³ e compras, irá aumentando as terras de directo dominio; ó mesmo tempo que os privilexios reais delimitan o dominio xurisdiccional.

A dinámica cronolóxica e espacial deste proceso énos ben coñecida tralas aportacións de Antonio Porta de la Encina, J.C. de Pablos e Concepción Yáñez Cifuentes; alomenos, polo que respecta ó período altomedieval. Tralas doazóns do século X, o silencio na documentación é absoluto ata a oitava década do século XI; pero é, sobre todo, desde a derradeira década deste século cando advertimos que o mosteiro está inmerso nunha etapa de expansión; etapa que culminará por volta do 1170, cunha certa crise de 1140 a 1150. Ata 1220 segue unha fase de estancamento, trala cal o mosteiro volve vivir unha segunda etapa de esplendor, que se truncaría na segunda metade do século XIII³⁴⁴. Neste segundo período de expansión, ás doazón engádense, na ampliación das propiedades, as compras, non moi abondosas nas etapas anteriores. A fins de século é evidente que para Caaveiro, coma para outros mosteiros, pasaron os mellores momentos: chegara a hora da “nobreza de segunda clase”.

O Mosteiro, nos séculos XI e XII, recibe posesións nos arciprestados situados a ambas marxes do río Eume: Pruzos, Bezoucos, ou Trasancos. Proceso que continúa no

Bretonia (Bertonia), Vilasuso, Caaveiro, Minendi (Mende), Silovre (Pousadoiro), Fornelos; de Santa Eulalia, Xavariz, Fornos, Regoela Vella, Porcar; de Vila Furada, Laurentín, Pereiro; de Goente non puidemos identificar ningún lugar; de S. Pedro de Eume, Felgaria (Filgueira), Teixido, Murogoso (Morixoso), Furniis (¿Fornos?).

342. A situación de S. Xoán de Vila Furada non está tan clara, aunque polos lugares citados (Pereiro, Lamas, Lumbanes, Petras Vodas) era unha igrexa situada entre Goente e Bermui. Cabe tamén a posibilidade de que se convertese en S. Xoán de Seixo.

343. Véxase no apartado adicado ó contexto histórico as doazóns que a familia Traba entrega ó mosteiro.

344. Antonio PORTA DE LA ENCINA documenta ben a fin desta etapa de expansión ó advertir que desaparecen practicamente as doazóns, que, na documentación, serán substituídas polos foros (op. cit., p. 241).

345. O documento, depositado no Arquivo da Real Academia Galega, foi recuperado por José Luís LÓPEZ SANGIL. Requiría un estudio máis detido que o citado autor se encargou de realizar (Véxase o artigo *Un privilegio real de 1117 y el obispo mindoniense don Pedro, retirado en Caaveiro*, “Cátedra”, nº 3, 1996). Deste documento tiñamos referencias: unha nos folios de introducción dun dos Libros de Fábrica do mosteiro de Caaveiro (ARG, FR, Caaveiro, C. 449, L. 345. f. 10), nos que o copista sinala que o privilexio foi confirmado pola Sé Apostólica e os seus nuncios na Era de 1155, o 17 das Calendas de setembro. A segunda, no AHD5 (FX, Colexiatas, Caaveiro, Caixa 366) nunha lista de privilexios reais. Nesta lista o autor reseña o documento, sinalado que *nada tiene de notable con excepción de que después del Rey firma Pedro que antes había sido obispo de Mondoñedo e ahora habitaba con el Prior y canónigo en un colegio en la predicha iglesia*. Ocorre que, o citado autor, antes, con data de M. CXV-XVIII Cal. de setembro, inclúe na lista outro privilexio dado en Toledo por Afonso VII, co beneplácito de súa nai Dona Urraca e a presenza de súa muller Dona Rica, no que se facía unha primeira delimitación do couto. Evidentemente trátase dun erro: sobra dicir que Afonso VII casa con Dona Rica en 1152. Non cabe dúbida de que co privilexio posterior de Afonso VII (o de 1135), co que amplía o couto e os privilexios do mosteiro, o de 1117 perdeu todo o seu valor, o que explica que non apareza unha copia no Tumbo. Pero é tamén evidente que a súa existencia foi a causa dunha certa confusión. Coñecemos outros documentos de delimitación do couto relacionados con Afonso VII: un deles aparece no Tumbo con data de 1107. Manuel LUCAS ÁLVAREZ estudia o privilexio chegando á conclusión de que se trata dun despropósito de inexactitudes cronolóxicas, e dátao no 1151 (*El reino de León en la Alta Edad Media, V, Las Cancillerías Reales (1109-1230)*, p. 174). Este privilexio inclúe a delimitación do couto que aparece no de 1135. No Anuario Ferrolán do ano 1902, nun artigo titulado *En tiempos del Conde Don Pedro Froilaz*, publicouse outro privilexio, que o autor do artigo traduce e considera ata a data inédito, datándoo en 1117. Esta datación resulta imposible: no documento menciónase a Dona Rica, aparecen como confirmantes Beltrán, bispo de Osma, que o foi entre 1130 e 1140; e Guido, de Lugo, entre 1135 e 1152. Pero, ademais, o privilexio entrégase ó prior Pelagio de Juan, que non o foi antes de 1154. É o mesmo Pelagio que, en 1147, sen ter sido nomeado prior, se atopa á beira do Guadalquivir cando Afonso VII doa a Caaveiro as igrexas de Doroña, Centroña e Boebre. ¿Existiu outro privilexio de Afonso VII de mediados do século XII?

346. A demarcación é a seguinte: ... *irrupere a termino qui dicitur Taxido, deinde per Murogosum, inde ad fontem Argilonem, deinceps per illam viam que vadit de Sancto Martino de Gaudenti, per monte Petrosun; inde per viam de Quintilan usque pervenitur ad Kavallar; a Cavallar quoque usque ad Sanctum Vivencium de Regulella; deinde per Mulam Mortam, inde ad Fontem frigidam, usque pervenitur ad Nasarios de Eume. Ex alia quoque parte Eume, per illa kareritum, inde per Primion, deinde per illam karralem que dicit ad portum de Coira; deinde per illum villarem de Freix usque ad insulam Clausam*. Algúns dos nomes son perfectamente identificables: Taxido (Teixo), Murogosum (Morixoso), Gaudenti (Goente), Quintilan (Quintía), Kavallar (Cabalar), Regulella (Regoela), Primion (Posiblemente Prinoi) e Coira.

século seguinte; pero, ademais, neste século, a expansión desborda o ámbito que fora tradicional, recibindo herdades entre Pígar e o río Ladra, preto da actual Vilalba, e, mesmo, en puntos máis lonxanos, coma a mesma cidade de Lugo.

Un privilexio de Afonso VII³⁴⁵, datado o 15 de agosto de 1117, pon couto ó mosteiro. No documento establécese a demarcación do couto³⁴⁶, dentro da cal quedan as herdades doadas no século X, ás que se engaden as terras situadas entre Prinoi, Coira e o río Eume.

De 1135 data outro privilexio³⁴⁷ dado por Afonso VII en Palencia. Neste novo privilexio establécese unha segunda acoutación que rebasa os límites da anterior³⁴⁸. No documento alúdese á construción do mosteiro e dise que se funda co auxilio do Monarca. É evidente que o Mosteiro xa estaba fundado, mais os privilexios e a intervención de Afonso VII son de tanta transcendencia que van supor unha refundación. Deles arranca o padroado real de Caaveiro.

Doce anos despois, en xullo de 1147, o mesmo Monarca doaba as igrexas de Sta. M^a de Doroña, Santiago de Boebre e Sta. M^a de Centroña³⁴⁹. Esta igrexa volvería a ser doada, en 1164, polo seu sucesor, Fernando II³⁵⁰.

F. Tettamancy³⁵¹ menciona unha confirmación posterior de Afonso VII da que se fan eco Ángel del Castillo³⁵² e A. Porta de la Encina³⁵³. Esta confirmación está datada en Toledo, no 1155, cando o Emperador volvía *de terra de los Sarracenos, quando les tomó sus ciudades de Andujar, Pedroche, Calatraba, y otras muchas*. No documento faise alusión ós infantes Sancho e Fernando, e a súa muller, Dona Rica. O documento foi publicado no Anuario Ferrolán de 1902, só que o autor do artigo dátao no 1117. O privilexio non se atopa no cartulario e chegou ata nós transcrito nalgún preito. Os límites do couto³⁵⁴ que nel se enumeran parecen ser semellantes ós establecidos no de 1135, pero moitos nomes utilizados na delimitación son distintos. En agosto de 1155 Afonso VII está efectivamente en Toledo, o escribán é Juan, e o prior do mosteiro sabemos que era, como se cita na confirmación, Pelagio Iohannis, engadindo que foi co Rei de capelán a terra dos sarracenos, o que podería explicar a razón deste novo privilexio. Mais ningún dos confirmantes eclesiásticos ocupaba a sé que se lle atribúe no momento de redactar o documento, o que engade serias dúbidas sobre a súa autenticidade, dúbidas que son difíci-

347. O documento orixinal deste privilexio atópase no Arquivo da Fundación Penzol. Chegou tamén ata nós insertado na confirmación de Afonso X; véxase a publicación deste último na revista Cátedra nº 3, pp. 58-60, e, na mesma revista, no artigo de M^a ZALESKA, pp. 79-89.

348. Os límites do couto son os publicados por F. TETTAMANCY GASTON en *Diego de Samboulo*, de onde foron tomados por Ángel DEL CASTILLO. Coinciden cos que aparecen no privilexio real que no Tumbo leva data de 16 de agosto de 1107. Os límites son os seguintes: *Hoc autem modo et determino, cautum monas terii supra dicti primo incipiens ipsum cautum a termino qui dicitur Portus de Peraria, deinde ad Saxum de Bustelo, et inde ad Agrum Longum et per Petras de Vodas et per Portum de Hermegunde, et ad Cabezam de Rego de Carvalio de Infante, et per Pennam de Eirit, et per Castro Reirit, et inde ad Filgosedo et inde ad Castrum Malum, et inde ad Trocidam Malam, et inde ad Carvalum de Fructuoso, et ad Pousadorium de Narayo, et inde ad Quintian et inde ambos montes, et inde ad Portum Uzeso, et inde ad Guandoi, et inde ad Sanctam Crucem, et inde Castrum Carvie, et inde ad Nassarios, et inde ad Castrum Mauro, et per fontem de Guntirit, et inde super villari de In viande, et per Catasol et per Lombum de Villam Iohani, et super lumbum das Corveiras, et inde portem Velosam, et per armadam Sancti Iuliani de Archa, et inde ad Couze de Monte Longo, et finitur im pretio nominato Portu de Peraria* (FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS e GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 2).

349. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 7. Véxase o comentario sobre o documento feito por Manuel LUCAS ÁLVAREZ en *El reino de León en la Alta Edad Media*, V, p. 170.

350. Idem., op. cit., nº 8. Véxase o comentario de LUCAS ÁLVAREZ en op. cit., p. 170.

351. TETTAMANCY Y GASTÓN, F. *Diego de Samboulo*.


352. DEL CASTILLO, A., *La Colegiata de Caaveiro*, Bremao, nº 72.

353. PORTA DE LA ENCINA, A., *Aportación al estudio del monasterio de Caabeiro*, Estudios Mindonienses, nº 2, 1986.


354. Os límites son os seguintes: *Desde el término que se llama Porto da Pereyra, y desde allí a Carazada, y deste sitio á Comba de Ricabo, y desde allí á Mamola de Forcón, y desde allí a villa Furada, y de allí a Castro Rayriz, y desde allí a Castro malo, y de allí a Trucidamate, y de allí a Carballo de Fructuoso, y desde allí al Pousadoyro de Narahío, y desde allí a Quintia, y desde allí entre ambos montes, de allí al Puerto de Uzedo, y de allí a Gandón, y de allí a Santa Cruz, y de allí a Castro Caribio, y de allí a los Nasarios, de allí a Castro Mouro, y de allí por la fuente de Gunteriz, y de allí sobre el villar de Envade, y de allí por los Prados, y de allí por las Encrucijadas de Medon, de allí a Armada de Arca, y de allí Montelongo, y de allí al Regueyro de Vidueyro, y de allí al Regueyro de S^a. Guñedo, y de allí al dicho puerto de Pereyra.*

355. *"Hoc autem modo pono cautum a termino qui dicitur ubi intrat aqua de Gimaranis, in flumine Eume, et inde quomodo ascendit per ipsam aquam ad ipsam fontem de Gimaranis, et inde ad fontanum Malum et inde sub Viadore, et inde sub Villare Mouro, et inde Portum de Maceneira, et Petras Vodas, ubi est situm cautum imperatoria, et inde ad Cayadam, et inde ad Portum de Pereira, et inde ad flumen Eume supeius, usque ubi intrat in illo ipsa aqua de Gimaranis"* (FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 3).

356. Idem., op. cit., nº 3. Actual Bermui. Chama a atención que esta vila xa fora doada por D. Bermudo.



O COUTO DE CAAVEIRO



*Fora de Plano

FREGUESÍAS onde o mosteiro ten foros	Nº FOROS
Boulo	10
Caamouco	1
Franza	3
Meirás	1
Mugardos	6
Neda	1
Naraio	2
Perbes	1
Trasancos	1

San Xoán de CAAVEIRO

..... Espacio onde Caaveiro recibe herdades antes da doazón de S. Rosendo.

□ Freguesías citadas na doazón de S. Rosendo nas que Caaveiro recibe propiedades.

■ Lugares citados.

— Doazón de D. Bermudo.

□ Freguesía doada.
Lugares citados.

----- Couto delimitado por Afonso VII en 1135.

▲ Lugares identificados no couto.

----- Couto delimitado por Afonso VII en 1135.

▲ Lugares identificados no couto

xxxxx Doazón de Fernando II en 1164.

□ Freguesía doada.
○ Lugares citados.

----- Doazón de Fernando III en 1238.

● Freguesía doada.

♥ Freguesías onde os membros da Familia Traba fan doazóns a Caaveiro.

..... Acceso actual.

Acceso antigo ó mosteiro de Caaveiro.

les de aclarar tendo soamente unha copia simple en castelán. Digamos, por último, que é altamente sospeitoso o feito de que o ano 1117 corresponda á era de 1155, e que o privilexio de Afonso X de 1281 inclúa o de Afonso VII de 1135.

No 1164 Fernando II fai doazón a Caaveiro da igrexa de Ribadeume con tódalas súas vilas, ás que engade o privilexio de couto³⁵⁵, e o lugar de *Veremui*³⁵⁶.

Por último, tralo privilexio de confirmación de Afonso IX³⁵⁷, datado na Coruña o 2 de maio de 1214, e a confirmación de Fernando III de 1232³⁵⁸, queda, en 1238, conformada definitivamente a xurisdicción do Mosteiro coa doazón³⁵⁹, realizada por este último Rei, da igrexa de S. Estevo de Eirís co seu couto.

Esta xurisdicción estendíase por 15 freguesías³⁶⁰, que hoxe se integran dentro dos concellos de A Capela (Caaveiro, Cabalar e A Capela), Monfero (Taboada e Queixeiro), As Pontes (Bermui, Faeira, Goente, Ribadeume, S. Pedro de Eume), Somozas (Seixo) e Cabanas (Cabanas, Eirís, Salto, Soaserra).

Os monarcas posteriores non fixeron máis que confirmar os privilexios conseguidos³⁶¹ nunha sucesión que conclúe, en 1480, cos Reis Católicos³⁶².

A crise Baixomedieval: a relación cos Andrade

A mediados do século XIII advértense signos inequívocos de estancamento na expansión do Mosteiro. É un fenómeno que afecta a tódalas institucións monásticas. Certamente, ó longo da Baixa Idade Media non deixará de recibir algunha propiedade, mais a época das grandes doazóns quedara xa atrás. Tratábase, de agora en diante, de conservar o conseguido: é o momento das confirmacións reais, dos foros e das encomendas.

Nesa vontade de conservación, Caaveiro vaise atopar con dous problemas, ás veces, relacionados (ademais doutros referentes á xurisdicción eclesiástica): a resistencia dos habitantes do couto a satisfacer as obrigas de todo tipo que adquiriran co mosteiro, como detentador do dominio xurisdiccional, e as pretensións da nobreza, desexosa de beneficiarse dos moitos bens e rendas que tiña. Ámbolos dous problemas deben ser inscitos nun contexto xeral de dificultades económicas, no que as loitas de poder provocan un debilitamento da monarquía, sen forza necesaria para impor a súa autoridade.

357. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 4.

358. Idem., op. cit., nº 5.

359. Idem., op. cit., nº 6.

360. O número de parroquias dentro da xurisdicción de Caaveiro variou co paso do tempo. Cabanas, ou Seixo aparecen serodidamente na documentación. S. Juan de Villa Furada, ou deixou de selo ou converteuse en San Xoán de Seoane. Nun preito, con data de 1230, o prior Fernán Pérez presenta na curia compostelá unha demanda contra o arcediogo de Nendos pola xurisdicción de Erines, Taboada e outras parroquias. Na resolución do preito especifícanse as parroquias sobre as que Caaveiro ten xurisdicción: Santiago de Bermuy, S. Juan de Villa Furada, S. Pedro de Faeira, S. Pedro de Umia, San Martín de Goente, Santa Mª de Cavalal, S. Braulio de Caabeiro, Santa Cruz, Santa Eulalia de Soaserra, Santa Marina de Taboada, Santiago de Caabeiro e Sta. Mª de Quejeiro (PORTA DE LA ENCINA, Antonio, op. cit., p. 241).

361. A lista é recollida por F. TETTAMANCY dun preito que, a partir de agosto de 1692, enfronta os mosteiros de Caaveiro e Monfero (*Diego de Samboulo*, nota 3, pp. 60-61). COUCEIRO FREIJOMIL recolle esta lista na súa *Historia de Pontedeume* (p. 66, ed. 1981). Destas confirmacións chegaron ata nós a de Afonso X, o orixinal posúeo unha sobriña de D. Pío García Espinosa (Véxase a transcripción realizada por María Zaleska en "Cátedra", nº 3, 1996, e unha copia serodia publicada por min na mesma revista); de Sancho IV de 1286, que inserta o privilexio de Afonso X (AHN, Sección Clero, Pergamiños, Carpeta 491. Aparece na obra de SÁNCHEZ BELDA co nº 847. Documento transcrito por PORTA DE LA ENCINA, *Aportación al estudio del monasterio de Caaveiro*, Estudios Mindonienses, 2, 1986, pp. 256-257); e Henrique III, de 1406 (ARG, Colección de diplomas en Pergamiño, Caaveiro, nº 13).

362. Non obstante, na derradeira páxina do Tumbo de Caaveiro, un texto notarial fai alusión a un privilexio outorgado polo Emperador e a raíña Dona Xoana.

363. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 271.

Do primeiro problema, temos un testemuño temperán: de 1252 data a sentenza dun preito entre Caaveiro e o concello de Naraío, comezado por non respectar os seus habitantes o privilexio de couto³⁶³. O contencioso resolveuse establecendo con exactitude a delimitación do couto. Pero era demasiado pronto, pouco tiña que ver este conflito co dramatismo co que, con anterioridade ó 1404, os habitantes de Ribadeume, Caaveiro e, ó parecer, tamén Cabanas, entablan preito co prior don Juan Yáñez, a quen acusan de espolios materiais, e de atentar contra as vidas e honras: *Les forçaban las sus mugeres e les tomaban cuanto avían e les tenían presos en casas fuertes hasta que le davan quanto tenían...*³⁶⁴. Daquela o mosteiro tiña encomendeiro e era evidente que a encomenda deixaba translucir os seus efectos máis daniños³⁶⁵.

Do segundo problema tamén temos testemuños. Cara a 1300 o mosteiro fora espoliado por Fernán Pérez de Andrade, e o prior, expulsado do Mosteiro, vese na obriga de pedir un préstamo ó clérigo de Leiro, don Bermudo Pérez³⁶⁶. Os Andrade non foron os únicos. Don Rodrigo Gómez de Neda, no testamento³⁶⁷ que manda redactar en Montpellier en 1287, menciona a Caaveiro entre os mosteiros que sufriran a súa rapiñería. Don Gonzalo Ozores de Ulloa, en 1404, lavaba a súa mala conciencia mandando no seu testamento ó Mosteiro cen maravedís para a obra da igrexa, polos abusos cometidos polos seus homes³⁶⁸.

É evidente que ante tal situación o Mosteiro viuse na obriga de elixir encomendeiro, se non foi unha imposición forzosa. O primeiro que sabemos que exerceu como tal foi Juan Freire de Andrade, a quen sucede Ruy Freire Andrade, e a este, Fernán Pérez de Andrade "Ó Boo". Un documento³⁶⁹, con data de 1382, ó mesmo tempo que nos descobre esta sucesión e a asunción da encomenda por parte de Pedro Fernández de Andrade á morte de seu tío, é ilustrativo das pretensións do Mosteiro, así como da relación cos Andrade; a quen non dubidan en renovar a encomenda malia as prohibicións de Xoán I e as recomendacións do Arcebispo de Santiago. No nomeamento de encomendeiro o prior Xoán Rodríguez manifesta que *E esta comenda vos damos por que sabemos e he verdade que o dito couto e os moradores del non poderían seer defesos sen comendeiro e por quanto vos o dito pedro fernandez sodes natural e tal e tan boo que sabemos que nos defenderedes ben. E outrosy por quanto esta comenda ja dita fuy sempre dos señores do castel Dandrade onde vos viíndes os quaes de aquí sempre foron comendeyros e herdaron o dito mosteiro de muytas herdades e casares e fezeron en o dito mosteiro muytos boos comparamentos e defenderon os do dito couto e os seus bees en tempos de guerras e en outros tempos...*³⁷⁰.

Non sabemos se o Prior o dicía de corazón, mais, en todo caso, a relación que tivera e ía ter cos Andrade era de luces e sombras. Non é desatinado pensar que aquel Fernán Pérez que espoliou o Mosteiro fora antecesor dos encomendeiros. Tampouco con Pedro Fernández as relacións foron sempre boas, como se deduce do incidente ocorrido en 1432, e do que dá boa conta Tettamancy³⁷¹: o señor de Andrade, contra a vontade do Prior e, mesmo, do Rei, axustiza a un vasalo do Mosteiro.

Se desde Xoán I e as Cortes de 1380 se sentan as bases legais para erradicar as encomendas e as súas daniñas consecuencias, haberá que esperar ós Reis Católicos para

364. PORTA DE LA ENCINA, Antonio, op. cit., Apéndice, nº 9, p. 244.

365. Véxase sobre o tema GARCÍA ORO, José, *Los señoríos monásticos gallegos en la Baja Edad Media*, "Compostellanum", Vol. XIV, nº 4, 1969.

366. PORTA DE LA ENCINA, Antonio, op. cit., p. 243.

367. VILLA-AMIL, *Don Rodrigo*, pp. 298-301.


368. PORTA DE LA ENCINA, op. cit., p. 243.

369. VAAMONDE LORES, César, op. cit., pp. 75-76.

370. Idem.

371. TETTAMANCY, *Diego de Samboulo*.

372. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 272.



Caaveiro con
anterioridade a
1896, visto desde
o norte.

que a teoría acompañase á práctica.

Concluída a reforma, advertimos que Caaveiro sae con vida da crise baixomedieval, mais non sen as feridas da liorta. Cando, alá polo ano 1540, morre o conde don Fernando de Andrade, a lista de rendas e herdades usurpadas polos encomendeiros non era pequena. Recóllese esta lista nun documento do Tumbo³⁷², na que o usurpado ascende, en diñeiro, a 142.000, sen especificar a moeda. A ela habería que engadir a lista das herdades e posesións mal aforadas³⁷³.

Con todo, se grave resultou o espolio material, máis grave foi o quebranto espiritual. Para acometer a necesaria reforma, a diferenza doutras ordes, a de cóengos regulares careceu dun mosteiro capaz de liderala. Ante tal situación, moitos mosteiros, que caeran en mans de priores de vida pouco edificante consonte a súa condición, foron suprimidos. Pensemos, ademais, que un dos problemas que levaron as encomendas foi a intervención dos encomendeiros na elección dos cargos, nas cales non deixaron de favorecer a familiares e achegados. Non sabemos se Fernando Pérez, prior en 1438, era da familia Andrade; ou se o era o prior Gómez Freire de Andrade³⁷⁴, que estivo á fronte do Mosteiro entre 1476 e 1526; si o foi Fernando de Andrade, fillo natural do Conde do mesmo nome, prior entre 1537 e 1544. Mais, daquela, a época da encomenda quedara atrás e ó fillo do Conde saíronlle competidores: un presentado polo Papa e outro polo Rei. Don Fernando de Andrade fora nomeado polos cóengos, seguramente baixo a inercia de moitos anos de relación cos Andrade e seguindo o procedemento habitual; e ó final, non sen a mediación de seu pai ante o Rei e a morte do candidato presentado por este último, mantívose no cargo³⁷⁵. Con el remataría a longa relación cos Andrade. É posible que, malia as sombras, o Mosteiro lograra sobrevivir gracias a esta relación, mais a costa dun saldo espiritual sumamente negativo: xa desde Gómez Freire os priores deixaron de residir no mosteiro, o cargo converteuse nunha prebenda outorgada polo Rei para premiar servizos prestados e, o que é máis grave, a regra, na práctica,

373. GARCÍA ORO, José, *Los señoríos monásticos gallegos en la Baja Edad Media*, Compostellanum, Volume XIV, nº 4, pp. 605-606.

374. Na documentación preséntasenos a este Prior como debedor da casa de Andrade, mal administrador do Priorato polos aforamentos que fixo ó Conde de Andrade. Moraba nunha casa que recibía o nome de pazo da Capela.


375. GARCÍA ORO, José, op. cit., pp. 475-460.

chegaría a abandonarse; o que supuña que o mosteiro se secularizara.

Caaveiro na Idade Moderna

No derradeiro tercio do século XVI o Mosteiro pasa por unha situación difícil. A don Fernando de Andrade sucédeo no cargo don Francisco Vázquez, orixinario de Benavente, quen viviu en Cabanas. No 1558 é nomeado Prior don Lope de Mendoza, chantre en Lugo, inquisidor en Toledo e arcediago de Pobleda, onde residía. Sucédeo don Juan Roa Davila ou de Ávila. Roa Davila, como os seus antecesores, rexeita a visita do arcebispo don Francisco Blanco. Comeza así, en 1591, un preito³⁷⁶ que colearía ata o abandono do mosteiro. Ocorría que o mosteiro, como así era polos dereitos adquiridos por Bula de Alejandro VI de 1493, estaba exento da xurisdicción ordinaria. Mais o Arcebispo, con razón, chegara a constatar que se abandonara a regra³⁷⁷. No informe que manda elaborar dise que os priores tiñan dignidades e residían nelas, que non tódolos cóengos vivían no Mosteiro, que tiñan casas de asentado, disfrutaban de coenxías, e que o prior Roa *había inducido a los Canónigos a que profesasen la regla de S. Agustín y que por este medio Prior y Canónigos quedaban exentos del Ordinario y sujetos inmediatamente al Papa y su Nuncio*.

Coñecemos algunhas das circunstancias que levaron ó restablecemento da regra, cualificada polo arcebispo don Pedro Carrillo de Acuña de falsa e escandalosa, e sobre a legalidade da cal os expertos en canons do Arcebispado non deixaron de achegar argumentos en contra. Todo comezou cando o prior Roa se negou a pagar unha débeda de 200 ducados a don Rodrigo de Caamaño, mordomo do anterior Prior. Caamaño



Caaveiro con anterioridade a 1896, visto desde o leste.

376. Para seguir este preito véxase en AHDS, FX, Colexiatas, Caixa 366.

377. Se non era así en teoría, si o era na práctica. Na documentación posuímos un foro outorgado polo mosteiro, con data de 1540, a favor de Pedro Fermoso, no que se di que o mosteiro é da orde de San Agustín (ARG, Pergamiños, L. 25, Caaveiro, 873).

recorreu ó Provisor de Santiago, quen mandou unha executoria, o portador da cal foi maltratado. O prior Roa, non sen resistencia, foi traído preso a Santiago e só posto en liberdade cando pagou a débeda e os custos do xuízo. Incomodado, retornou e fixo profesar, con el á fronte, ós cóengos na regra de S. Agustín. O acto tivo lugar na capela de S. Miguel do pazo do conde de Andrade, onde convocou ós cóengos e de onde non podía saír, abafado polos alguacís que lle reclamaban outras débedas. Estes feitos ocorrían entre 1591 e 1592. Nunha carta de maio de 1596, o subprior e tres cóengos sometíanse á obediencia do Arcebispo don Juan de San Clemente; manifestaban os cóengos que foran enganados e obrigados a profesar a regra; vertían graves acusacións contra o prior Roa, a quen acusaban de disipar as rendas e a quen facían culpable do mal estado do mosteiro, cunha igrexa que non tiña retablos, frontais nin outras cousas necesarias para o culto, e cuns muros e casas que estaban en ruínas.

Mais dos informes elaborados polo Arcebispado, non chegamos a ter unha visión do problema en toda a súa complexidade. Comecemos dicindo que Juan Roa Davila³⁷⁸ non era un calquera. Nacera en Alcalá de Henares e estudiara leis en Salamanca, posteriormente, filosofía e teoloxía. En 1569 ingresa na Compañía de Xesús, Orde que abandona en 1587. En 1591 publica un libro titulado *Apologia de iuibis principalibus defendendis el moderandis iuste*, co que pretendía demostrar que os súbditos podían ser defendidos polo soberano contra o abuso de poder, mesmo, anque viñese da xerarquía eclesiástica. Estas teorías granxeáronlle a simpatía da monarquía, materializada na concesión do priorato de Caaveiro; mais tamén a hostilidade da xerarquía eclesiástica, que non parou ata ver a obra incluída nos índices de libros prohibidos. Quizais haxa que inscribir neste contexto de manifesto enfrontamento o feito de que Roa fora acusado polo Arcebispo de Santiago do crime de sodomía, acusación da que resultou absolto en 1595, non sen antes ter sufrido varios meses de cárcere. Mais foi condenado a reclusión, durante tres anos, posiblemente en Caaveiro, por outros delictos persoais. Apelou ó Papa e conseguiu o traslado a Roma, onde viviría ata a súa morte, ocorrida en 1634, disfrutando das rendas do Priorato, e non sen antes deixar unha inmensa obra teolóxica e esexética, que nunca viu publicada³⁷⁹.

Ó entrar no século XVIII, coa regra restablecida e un preito pendente, Caaveiro vai ter que afrontar o baleiro deixado polo prior Roa e unha situación económica difícil. Ata a súa morte os asuntos do priorato son levados por administradores; mais, ocorrida esta, co nomeamento de Juan de Torres, remata a situación de interinidade. Non será, sen embargo, ata 1691, ó acceder ó cargo Joseph de Vergara³⁸⁰, cando a conxuntura económica se torne máis favorable. Polo momento, con D. Juan de Torres, o enfrontamento co arcebispo Espínola reverdece. O arcebispo Espínola manda secuestrar os froitos do Priorato ata que don Juan de Torres non se ordene con refrendo do Ordinario. Pero D. Juan (que era oídor da Chancelería de Valladolid e presidente do Consello de S. M. na Coruña), por poder de 12 de xullo de 1638, que renova en 1640, deixa no cargo a seu fillo Francisco de Torres, abade do mosteiro de S. Paio. Tras don Lorenzo Bellón Ruíz, prior entre 1642 e 1644, con don Rodrigo de Mandiá y Parga, natural de Ferrol e Bispo, parecía que o contencioso se ía resolver, xa que fora Provisor de don Pedro de

378. Véxanse algúns datos biográficos del en L. PEREÑA, *Roa Dávila, Juan*, DHEE III, 2095-96; Id., *Estudios preliminares a Juan Roa Dávila; De regnorum iustitia o el control democrático* (Corpus hispanorum de pace, VII; Madrid), p. XV-LIV.

379. Sobre o tema véxase K. REINHARDT e H. SANTIAGO-OTERO, *Juan Roa Dávila (1552-ca. 1630) y las controversias sobre la venida e predicación de Santiago en España en El Camino de Santiago, la hospitalidad monástica y las peregrinaciones*, Salamanca, 1992, pp. 17-26.

380. Se a partir del é fácil reconstruír a sucesión dos priores, non o é tanto desde a fuxida de Roa Davila. Sabemos que en 1605, por poder dado polo prior Roa, administra o Priorato o doutor Martín Bara, cóengo de Oviedo. Alomenos, entre 1608 e 1612 o administrador era un sobriño de Roa, Pedro Guzmán de Roa. Con Juan de Torres, nomeado en 1634 á morte de Roa Davila, remata a situación de interinidade. Don Juan de Torres foi oídor da Chancelería de Valladolid e presidente do Consello de S. M. na Coruña; por poder de 12 de xullo de 1638, que renova en 1640, deixa no cargo a seu fillo Francisco de Torres, abade do mosteiro de S. Paio. No 1641 é nomeado D. Lorenzo Bellón. E en 1652 o Licenciado Rodrigo de Mandiá e Parga. Ata o nomeamento de Josph de Vergara, que saibamos, houbo outro prior: Diego B. de Barreda, foi administrador do Hospital Real de Santiago e tomou posesión como prior en 1654.

Andrade, sucesor de Espínola na Mitra. Mais non foi así. Mandiá encargouse de adiar o asunto, entorpecendo todo o que puido o preito que enfrontaba ó Arcebispado e ó Mosteiro desde anos atrás.

Joseph de Vergara, que fora visitador do Arcebispo de Santiago no 1763, asentado na casa prioral de Cabanas, levará máis de preto os asuntos do Priorato, alomenos, nun principio. E está disposto a velar polo bo cumprimento das constitucións, que fai redactar nun novo Libro de Fábrica e Visitas³⁸¹. Do desgoverno no que estivera sumido o Mosteiro dá conta o exíguo diñeiro da fábrica, o estado lamentable do Arquivo, que precisaba dunha reorganización para reclamar os bens usurpados e ocultos, e o feito de que desde había once anos non se tomaban as contas.

Entre 1700 e 1741 sucédense á fronte do Mosteiro don Manuel Rodríguez de León, membro do Consello de S.M. e antigo oídor e alcalde maior na Real Audiencia do Reino de Galicia, e Carlos Cipriano Magadan e Valledor. O primeiro, nun curto espacio de tres anos. O segundo, o tempo suficiente para acometer as reformas necesarias: ademais das obras imprescindibles de retellado e branqueos, faise un novo retablo, un púlpito, unha sacristía e un cuarto na Igrexa Antiga. As obras son continuadas polo seu sucesor, don Francisco Verdes Montenegro, quen manda construír, en 1750, a torre barroca. Esta obra supón un punto de inflexión. O Mosteiro entra, a partir daquela, nunha etapa de decadencia, pouco explicable se temos en conta a súa, alomenos aparente, boa situación económica³⁸².

A don Francisco Verdes, morto en 1754, sucédeo don Antonio C. Montero Páramo e Osario, e a este, don Juan Francisco Mon e Valledor. Será o derradeiro Prior e morrerá no 1787³⁸³. No 1762 o Mosteiro seguía habitado, pero había tempo que non se cubrían as vacantes. En 1763, sendo prior don Antonio C. Montero, a igrexa necesitaba un arranxo que non chegaría a facerse. En 1769 o fiscal don Antonio Arias Somoza, dignidade da Catedral de Mondoñedo, a petición da Cámara, fai unha visita ó mosteiro. O seu dictame non ten ningunha dúbida sobre a súa situación: o seu estado é lamentable e cualifica a igrexa de ermida, polo que aconsella o traslado da Colexiata a Pontedeume ou a Esteiro³⁸⁴. Este traslado nunca se chegaría a realizar. Daquela, xa se abandonara a regra e os cóngos preiteaban entre eles. Mais a Colexiata non será suprimida ata o 1800. A partir de entón dependeu do Arcebispado de Santiago, conseguindo así este o que sempre pretendeu e nunca puido lograr. As rendas pasaron a ser levadas por administradores. O primeiro foi don José Abad Montenegro, veciño de Ferrol.

O MOSTEIRO: DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS

O tipo de instalacións ou dependencias do mosteiro, a súa disposición e funcións estiveron condicionadas por unha serie de factores.

En primeiro lugar hai que facer referencia ó contorno. O Mosteiro aséntase nun ámbito que ofrece poucas facilidades á explotación agrícola e ás comunicacións; de tal maneira que a hipótese de que xurdise como un agrupamento de eremitas ou anacore-

381. ARG, Fondos Relixiosos, Conventos, Igrexas e Mosteiros. Caaveiro, S. Xoán de, Libro de Actas, Fábrica e Contas do Mosteiro, C. 494, Libro 345.

382. Efectivamente, ó longo da década dos corenta do século XVIII, o Libro de Fábrica do mosteiro deixa translucir unha importante actividade constructora. Por primeira vez constátase nas contas o feito de que o mosteiro dispón dun embarcadoiro e dunhas 28 cabezas de gando vacún. En 1744 tiña uns 357 lugares aforados (ARG, Fondos Relixiosos, Conventos, Igrexas e Mosteiros. Caaveiro, C. 478-481). As rendas ascendían, ó ser suprimida a Colexiata, a 37.197,31 réas (AHDS, FX, Colexiatas, C. 366). En todo caso, a cuestión merece un estudio máis detido. Non cabe dúbida que desde mediados do século XVII a mediados do seguinte o mosteiro está inmerso nunha etapa de crecemento.

383. CORREA ARIAS, J.F., *Caaveiro e a crise do Antigo Réxime*, "Cátedra" nº 3, Pontedeume 1996, p.193.

384. AHDS, FX, Colexiatas, "Papeles y notas desde 1748", C. 366.

tas que facían vida santa por aquelas terras é crible, difícil sería atopar un lugar máis adecuado. Personaxes como o bispo don Pedro seguramente buscaron en Caaveiro esa cualidade. Sen embargo, este contorno, nada favorable á actividade económica, proporciona os materiais necesarios para as edificacións: granito para a igrexa, esquinas das demais construcións, beiras das portas e ventás, extraído dunha canteira próxima; cachotería de lousa, para o resto das construcións.

En segundo lugar, o emprazamento. Situado nun montículo entre o Eume e o Sesín, o Mosteiro dispón dun espazo reducido e en pendente, que fai necesario o seu escalonamento en cinco terrazas, o desenvolvemento dos edificios en altura, a existencia de dependencias subterráneas e a construción de muros de contención.


En terceiro lugar, o tipo de orde: cóngos regulares de S. Agustín, é dicir, curas que conviven baixo unhas regras, sen xerarquización entre eles, con criados³⁸⁵ e casas.

Por último, o número de habitantes. Caaveiro era un mosteiro pequeno. Sabemos que no século XIV estaba habitado por nove cóngos, número que se reduce a seis na Idade Moderna. Desde fins do século XV o prior reside fóra do Mosteiro e a el só acode a facer a visita rutineira.

Dependencias relacionadas coas necesidades materiais

O Mosteiro posuía dúas **porterías**: unha portería denominada de abaixo, entrada ó pasadizo situado debaixo das construcións máis orientais; outra denominada alta ou de arriba, á altura da torre-campanario. Esta distinción lévanos a pensar que, nun principio, o Mosteiro só abarcaba o espazo situado ó oeste da torre e que sufriu unha ampliación posterior, posiblemente xa na Alta Idade Media.

Plano actual do mosteiro
coa localización de
dependencias anteriores
á reconstrución de
García Espinosa.



385. Na visita efectuada polo prior don José de Vergara en 1682 dise que no Mosteiro hai oito criados. Estes criados podían ser de ambos sexos. Pero hai que dicir que os mandatos dos priores prohibindo a presenza de mulleres no Mosteiro son frecuentes; proba de que non se cumprían. Así, por exemplo, na visita efectuada, en 1700, polo prior don Manuel Rodríguez de León, este prior manda: ... *que en dicho Convento no aya mugeres de servicio ni por otro respecto aunque sean Parientas, sino fuera aviendose primero propuesto al Prior las causas que ubiere para ello, lasquales examinadas y siendo precisas y la tal muger de toda santidad y mayor de edad se dara lizencia para que aga loque mas convenga al servicio de Dios y el buen exemplo* (ARG, FR, C. 494, L. 345, f. 113). O mandato non pode ser máis tépedo.

386. Anque é evidente que os cóngos regulares mantiñan un tipo de relacións que os diferenciaba doutro tipo de ordes, como se pon de manifesto pola presenza de criados no Mosteiro, pensamos que é máis acertada a segunda hipótese. Así, por exemplo, na Visita efectuada no 1700 polo prior Manuel Rodríguez de León, sinalase que pasou a visitar as casas priorais e celas (ARG, Fondos Relixiosos, Caaveiro, C. 494, L. 345, f. 111).

Non deixa de sorprendernos a utilización, na documentación, da palabra "**casa**" para designar un tipo de construción que atopamos dentro dun mosteiro. Non sabemos se a mención ás casas, xa presente na doazón de S. Rosendo, fai referencia ó tipo de relacións e forma de vida que mantiñan os cóengos, ou se é un termo meramente arquitectónico, con que se alude a un conxunto de dependencias (entre elas, as celas) cun tellado común³⁸⁶.

De calquera xeito, as casas, en contraposición coas instalacións de carácter relixioso ou burocrático (igrexas, cabido, arquivo), obedecían ás necesidades materiais da comunidade.

Os cóengos habitaban seis **cuartos**³⁸⁷, tamén denominados **celas**. A un destes cuartos, que estaba sobre a portería, denominábase principal, posiblemente habitado polo subprior. Como veremos, en 1738, habilitase o corpo da igrexa de Sta. Isabel como cuarto, pasando a chamarse cuarto prioral.

Parte dos cuartos estaban situados entre a portería alta e baixa, froito, como xa temos sinalado, dunha ampliación do mosteiro, realizada en data incerta. De todas formas, os restos máis antigos que chegaron ata nós remóntanse a fins da primeira metade do século XVI. Outros cuartos sitúanse no extremo máis occidental, cunha antigüidade non superior ó século XV, anque remodelados pola restauración de don Pío García. Dado o número de dependencias que hoxe podemos contabilizar, é de supor a existencia doutras instalacións comúns, como podería ser un salón situado entre a casa máis occidental e os cuartos meridionais.

Todas estas construcións abríanse ó exterior con amplas balconadas.

Xa temos sinalado tamén como os priores, alomenos desde os tempos do prior Gómez Freire de Andrade, non habitan no mosteiro. Despois da construción dun sétimo cuarto no corpo da igrexa antiga, fálase, na documentación, do cuarto prioral. Mais en realidade debeu de converterse nun cuarto polivalente que tamén servía de hoxpedaría, chegando o caso.


As **construcións subterráneas** son dúas de moi diferente configuración. Unha sitúase debaixo da sacristía e do cabido. Cualificada de pozo ou calabozo, cunha disposición labiríntica, ignoramos cal era a súa función. Tampouco o sabían os cóengos do século XVIII.

Unha segunda construción esténdese debaixo do actual patio, na parte meridional do mosteiro, desde a torre, onde se atopa a escaleira de acceso, ás casas máis suroccidentais. Organízase en tres estancias consecutivas, con portas alinteladas e teito de bóveda de medio canón de dirección perpendicular á entrada. O chan destas estancias non é plano, aflorando en determinados puntos a rocha. A luz entra polos ollos de boi. Parece probable que a súa función fora a de almacén.

Fóra do Mosteiro, existían outras casas coa misión de albergar ós criados e ós animais de carga. Destas instalacións, só se fai referencia expresa á casa das cabalerías e á casa do forno, cunha porta protexida por un pendello.

387. Nun Auto de 1738, mandado redactar polo prior Cipriano Carlos Magadan dise expresamente que o Mosteiro ten seis cuartos habitados polos cóengos (ARG, Fondos Relixiosos, Caaveiro, C. 494, L. 346, f. 119).


388. DEL HOYO, Jerónimo, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, p. 274.



 SECCION DE MUROS
 SECCION DE EDIFICIOS EXISTENTES ACTUALMENTE

Reconstrucción hipotética
dos edificios desaparecidos
do mosteiro.

San Xoán de CAVEIRO



Por último, na marxe esquerda do Sesín e á dereita da ponte antiga, estaba situado o muíño, cuns vestixios aínda hoxe visibles.

É facilmente explicable que Caaveiro carecese dun **Camposanto** e que os enterramentos se realizasen nas igrexas. Jerónimo del Hoyo³⁸⁸ dinos que a igrexa antiga serve de enterramento para tódolos cóngos. Sabemos, non obstante, que no mosteiro se soterraban outras persoas. No Tumbo de Caaveiro rexístranse 13 documentos de doazón nos que o doante manda ser soterrado no mosteiro. Non é un número elevado, se consideramos que abrangue un período de máis de tres séculos. Na visita que en 1694 fai o prior Joseph de Vergara dise que *...en dicha yglesia y capilla de Sta. Ysabel se dice misa y es lugar religiosísimo por causa de que solo en ella se entierren todos los canonigos y demas personas*³⁸⁹. Sen embargo, é evidente que tamén se soterraba na igrexa principal, como así queda patente na escavación arqueolóxica realizada e no testemuño que nos deixou Montero Aróstegui³⁹⁰. O citado autor dinos que existían varios sartegos, algúns con timbres heráldicos. Sabemos tamén que as inhumacións non só se realizaban na terra. No 1641³⁹¹, o prior Juan de Torres foi soterrado no nicho que hai xunto á porta travesa da igrexa pequena. Pensamos que non debeu de ser unha excepción. Tal tipo de enterramento debe explicar a presenza de osarios coetáneos coa reconstrución de don Pío

García. Da visita antes sinalada, deducimos que a igrexa debía estar en ruínas, xa que o prior Joseph de Vergara manda que se recompoña e se cubra. Pero, do feito de que se atopase en tal estado, deducimos que deixara de cumprir as súas funcións tradicionais, do que non temos ningunha dúbida de que ocorría por volta do 1738. Daquela, a igrexa principal convertérase no único lugar de enterramento. A igrexa pequena voltaría a ser utilizada como lugar de enterramento unha vez desaparecido o mosteiro como tal, o que explica a presenza das inhumacións infantís que a escavación realizada pon ó descuberto.

Dependencias relacionadas co culto e as tarefas burocráticas

O **cabido** era un salón que se atopaba ó lado da sacristía, con seguridade adosado á igrexa principal. Del só sabemos que tiña un profundo pozo ou calabozo, posiblemente continuación do que existía tamén debaixo da sacristía. A misión do cabido era a de albergar as reunións dos cóngos, anque sabemos que estas se celebraban preferentemente na tribuna da igrexa principal.

Durante a maior parte da historia

Torre-campanario vista desde o patio.



do Mosteiro, o **arquivo** foi unha hucha fechada con tres chaves, situada na igrexa principal, que contiña os documentos do mosteiro e o diñeiro da Fábrica. Mais a comezos da década dos corenta do século XVIII aparece na documentación un denominado cuarto do arquivo cunha situación que descoñecemos³⁹².

A **torre-campanario**, adosada ó tramo recto da ábsida actual, e situada enriba do que debeu de ser a primitiva entrada ó mosteiro, segue o modelo que Simón Rodríguez realiza en S. Félix de Salovio, e que será posteriormente moi repetido³⁹³. Componse dun único corpo cúbico, no que se aloxan as campás, rematando nunha pequena cúpula semicircular, ambos separados por cornixa ben marcada. O corpo cúbico é percorrido por pilastras, que se interrompen antes de chegar á base da torre, polo que aquela parece estreitarse no seu arranque, coma se se tratase dun estípite, dando sensación de inestabilidade. Unha carteleira pétrea³⁹⁴, situada entre unha ventá cadrada e o escudo real, dinos que foi construída en 1750. Á esquerda do escudo, unha pequena insignia contén un Agnus Dei.

Folgar de la Calle³⁹⁵ baséase na relación que existiu entre o prior Francisco Verdes Montenegro e Clemente Sarela, quen realiza o pazo de Sistallo (pazo dos Verdes Montenegro), para atribuír a torre a dito arquitecto de Santiago.

A torre foi construída no lugar onde houbo unha torre anterior³⁹⁶, da que só queda o muro oeste ata os sillares de enriba da porta, tramo claramente identificable pola disposición das ringleiras e as marcas de canteiro en forma de ángulo recto.

Antes da última reconstrución o mosteiro tiña **dúas igrexas**.

As primeiras novas da existencia dunha igrexa aparecen na doazón de S. Rosendo, mais xa temos dito que con anterioridade a esta doazón xa existía o cenobio.

No 1404 D. Gonzalo Ozores de Ulloa manda no seu testamento cen maravedís para a obra da igrexa do Mosteiro, en compensación por agravios cometidos polos seus homes³⁹⁷. Anque neste legado non se di nada da presenza de dúas igrexas, é seguro que xa existían.

É Jerónimo del Hoyo, nas memorias de comezos do século XVII, quen expresamente menciona dúas igrexas: *Tiene dos iglesias, una antigua que sirve de enterrameiento para los canónigos y otra en la se dicen todos los oficios divinos*³⁹⁸.

389. ARG, Fondos Relixiosos, Caaveiro, C. 494, L. 345, f. 44.

390. MONTERO ARÓSTEGUI, José, *Historia de el Ferrol*, ed. 1972, p. 422.

391. ARG, FX, Caixa 481, Libro 318, f. 157.

392. Por Vaamonde Lores sabemos como estaba configurado este Arquivo. O citado autor, ó se referir ó preito que no 1749 enfronta ó Arcebispo de Santiago e ó mosteiro de Caaveiro polos beneficios de Santa María de Ribadeume e Santiago de Bermui, di que o Prior presentou uns documentos tirados do Tumbo, ...guardado en un Archivo de cuatro llaves, (que tienen tres Canónigos, y el Prior) metido en un nicho, hecho en una pared maestra, con una puerta de hierro, con cerrojo, y tres cerraduras, y después de ésta otra puerta de madera, con otra cerradura, todo en una pieza separada, a modo de despacho. (Archivo J.L. LÓPEZ SANGIL).

393. Atopámolo, por exemplo, en Sta. Mª Salomé ou no convento de Belvis.

394. Da inscrición que contén, a penas se pode ler o ano e a palabra colexiata.

395. FOLGAR DE LA CALLE, M.C., *Arquitectura Gallega del siglo XVIII. Los Sarela*, Santiago 1985, pp. 84-85.

396. Esta torre está perfectamente documentada. Nun inventario realizado en 1704 faise alusión a tres campás, dúas delas na torre (ARG, FR, Caaveiro, C. 495, L. 345, f. 128).

397. PORTA DE LA ENCINA, Antonio, *Aportación al estudio del monasterio de Caabeiro*, Estudios Mindonienses, p. 243.

398. DEL HOYO, Jerónimo, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, p. 274.

399. Mª. Rosario VALDÉS BLANCO-RAJOY e Manuel LESTÓN GÓMEZ, *Memoria de la excavación arqueológica de la campaña de 1989*. Véxase VALDÉS BLANCO-RAJOY, 1ª Campaña de Escavación Arqueológica en San Xoán de Caaveiro, "Cátedra", nº 3, 1996.


Na documentación posterior, as dúas igrexas aparecen perfectamente diferenciadas. Unha denomínase igrexa Principal ou Colexial; a outra, igrexa Antiga ou de Sta. Isabel.

A **Igrexa Principal ou Colexial** estaba situada ó norte, a tres pés do muro de contención, entre as casas occidentais e a actual igrexa. Era un edificio, disposto coa típica orientación litúrxica, dunha soa nave e unha soa ábsida. A escavación arqueolóxica, realizada na campaña de 1989³⁹⁹, pon de manifesto que a nave debía medir uns 12,40 metros de longo no exterior; sería, pois, de dimensións semellantes ás de S. Xoán de Vilanova ou Doroña. Mais non resolve as dúbidas que poderían xurdir en relación á forma da ábsida e á súa exacta situación. Pola documentación gráfica, que non remata por ser concluínte, sabemos que era semicircular, cun tramo recto marcado en planta e altura, engadido a outro corpo asentado nunha base que salva o desnivel do terreo⁴⁰⁰. O saínte do tramo recto en altura non é habitual nas igrexas dunha soa nave, mais si na ábsida central das igrexas de tres naves⁴⁰¹. Dito tramo tiña adosado, no lado norte, unha pequenísima estancia, que posiblemente servise de sacristía, e, na súa parte superior, estaba furado por unha ventá cadrada, froito, evidentemente, dunha reforma posterior. Posiblemente estaba compartimentado en tres tramos, separados por pilastras, cunha ventá no tramo central⁴⁰². Tampouco é concluínte a documentación gráfica á hora de precisar como estaban artellados os muros laterais. Do que estamos seguros é de que en cada un deles se abrían tres seteiras. Outros ocos aparecen no testeiro da nave e parte

Reconstrucción hipotética da portada principal da Igrexa Colexial.

Fernando Sarmiento





San Xoán de CAAVEIRO

superior da fachada. Do feito de que Montero Aróstegui fale dunha porta principal, debemos deducir que a igrexa tiña, alomenos, dúas portas. Nos debuxos de Pérez Villaamil parece ter unha porta no muro norte, circunstancia que non se aprecia o mesmo nas fotografías, anque cabe a posibilidade de que a porta travesa norte fora tapiada con posterioridade.

No piñón occidental existía unha cruz antefixa.

No 1705 o prior Carlos Magadan e Valledor manda construír unha sacristía no lado que corresponde ó cabido. No mesmo Auto⁴⁰³ manda facer un retablo e o púlpito.

Da portada, Hipólito de Sá Bravo⁴⁰⁴ dinos que, segundo a reseña que dela deixou López Ferreiro, era igual á de Bergondo. Sería pois de arco de medio punto con dúas columnas acobadadas por lado. En todo caso, esta semellanza era estrutural e non decorativa. José Montero Aróstegui⁴⁰⁵ fainos unha descrición desta portada e do interior da igrexa: *La puerta principal de la iglesia está al O.; al lado derecho se ve una figura antiquísima y bastante tosca, esculpida en la misma piedra, con un libro abierto en las manos; y en las molduras de la puerta se ostenta la efigie del Cordero con una cruz y bandolera, y debajo la insignia o cruz que usan los caballeros de la orden militar y hospitalaria de S. Juan de Jerusalén*⁴⁰⁶. Nada do que nos describe Aróstegui resulta novidoso. A figura esculpida debía ser

400. Esta apreciación lévanos a pensar que a ábsida arranca desde o mesmo nivel onde se atopa a igrexa actual.

401. Atopamos esta particularidade nas igrexas de Sta. M^a do Campo da Coruña, ou Sto. Tomé de Monteagudo. Fóra de Galicia aparece esta característica nalgunhas igrexas dunha soa nave da provincia de León, como, por exemplo, en Santiago do Bierzo.

402. Da existencia desta ventá non temos ningunha dúbida. Na visita de 1700 efectuada por don Manuel Rodríguez de León, mándase cubrir con vidro a troneira da capela maior para evitar as correntes de aire (ARG, FR, C. 494, L. 345, f. 112).

403. ARG, Fondos Religiosos. Conventos, Igrexas e Mosteiros. Caaveiro. Libro de Actas, Fábrica e contas do Mosteiro, C. 494, L. 345, comezo do L. 345.

404. DE SÁ BRAVO, Hipólito, *El monacato en Galicia*, Tomo I, p. 298 (pé de foto).

405. MONTERO ARÓSTEGUI, José, *Historia y descripción del Ferrol*, p. 421.

406. Non debe de estrañarnos o descoñecemento que Aróstegui demostra ter do románico, termo acuñado na década dos vinte do século XIX, estilo que só a fins dese século chega a ser sistematizado.

semellante ás que aparecen na porta do Perdón de S. Isidoro de León, unha delas tamén cun libro na man. As molduras da porta deben ser tomadas por arquivoltas nas que se labra o Agnus Dei, tal e como aparece, por exemplo, en S. Miguel de Eiré. E o tímpano decorado cunha cruz é sumamente frecuente nas igrexas do románico galego (Dexo, S. Estevo de Culleredo, Chamín, Lañas, Sta. Mariña de Lesa, S. Tirso de Oseiro, Salto ou Tiobre, por citar algúns exemplos da provincia da Coruña).

Aróstegui continúa a descrición sinalando que debaixo da sacristía había varios subterráneos escuros que parecen calabozos, o que nos pon de manifesto que a sacristía estaba situada no lugar que hoxe ocupa a estancia ameada que mandou reconstruír D. Pío García. No interior, *en el coro hay una sillería con nueve asientos*⁴⁰⁷, *en cuyo centro aún existe un antiguo facistol. Sobre el costado derecho sigue una balconada, continuación de la del coro, donde acaso estaría el órgano. El retablo del altar mayor*⁴⁰⁸ *está dorado y en buen estado de conservación. En él existen las efigies de Santa Isabel, reina de Hungría, con otras más pequeñas de S. Pedro y S. Pablo; al lado derecho se ve la imagen de S. Juan Bautista, patrón de dicha iglesia, y al izquierdo la de S. Agustín...*

Esta igrexa xa desde 1763 necesitaba un arranxo urxente que presumiblemente nunca se chegou a realizar. Cando D. Pío García atopa a conxuntura favorable para abordar a reconstrucción, xa sen teito⁴⁰⁹, o seu estado debía de ser tan lamentable que a única solución posible era o seu derrubamento. Os seus sillares serán aproveitados na igrexa rehabilitada. Ata nós chegaron algúns restos da igrexa desaparecida que veñen a aclarar as dúbidas sobre o seu carácter románico: trátase dun capitel e dunha base de semicolumna, posiblemente pertencentes ás columnas encaixadas que sosteñen o arco do presbiterio. O capitel está formado por unha soa orde de follas de perfil redondeado, entre as que se intercalan bólas na parte superior, seguindo modelos que nos lembran algúns capiteis de Xubia. A base posúe decoración escultórica, circunstancia pouco frecuente que nos remite a modelos de Bremao.

A **Igrexa Antiga ou de Sta. Isabel** estaba situada onde hoxe se atopa a igrexa reconstruída. Da primitiva igrexa só permanece a ábsida e parte do muro sur. A escavación arqueolóxica descobre restos do primitivo muro setentrional e norte, poñendo de manifesto unha construción anterior que tiña unha lonxitude de 5,70 metros fronte os 7,10 da actual; que, coma a primitiva, é dunha soa nave con ábsida semicircular.

Xa temos sinalado como serviu de enterramento. A escavación pónnos de manifesto o seu uso continuado para tal fin. Tamén adiantamos que a fins do século XVII seguramente perdera esta función, xa que por volta de 1694 atopábase arruinada.

En todo caso, a igrexa foi reparada. Mais en 1738 o prior don Francisco Antonio Verdes Montenegro manda redactar un Auto no que se di que *atendiendo a que el cuerpo de la iglesia de Sta. Isabel no sirve para ministerio alguno por aver zerrado al fin, mando que en el referido cuerpo de la Iglesia se haga un quarto y morada con cocina y camareras y servicio posible que sirba de Hospedería para los devotos huespedes y Piores, o si en algún tiempo se aumentara el numero de los Canonigos, y que se ponga en toda perfección y alajas porque desde*

407. Non pasa este dato desapercibido. Sabemos que na Idade Moderna o mosteiro estivo habitado por seis cóengos, mais na doazón de don Bermudo e no 1380 estábao por nove. Atopamos aquí un dato interesante para datar a igrexa.

408. Este retablo foi mandado construír, en 1705, polo prior Cipriano Carlos Magadan e Valledor. Fixose ó ano seguinte, mais tardaría en ser rematado.

409. Cando Montero Aróstegui visitou a igrexa seguía estando cuberta, pero nun informe anónimo titulado *Memoria del monasterio de Caaveiro*, realizado con posterioridade a 1905, dise que en 1890 estaba sen teito.

410. ARG, FR, C. 494, L. 346, f. 119.

411. MONTERO ARÓSTEGUI, José, op. cit., p. 422.

*luego se pueda habitar en el, y que todo esto sea a costa de la fabrica deste R. Monasterio*⁴¹⁰.

As obras supuxeron, loxicamente, a desaparición da tribuna da igrexa, o traslado de parte do mobiliario á igrexa principal, e seguramente producira o levantamento dalgunhas sepulturas. En todo caso, a igrexa debeu de quedar reducida a unha pequena capela, á que Aróstegui se refire nos seguintes termos: ... *hacia el N. hay una capilla arruinada, en cuyo altar se lee la inscripción: "Año de 1623; hízose este retablo por mandado de los superiores y canónigos"*⁴¹¹. O citado autor considera esta capela como obra moito máis moderna cá igrexa principal. É evidente o descoñecemento que debía ter Aróstegui sobre o estilo románico, mais non todo se debe ó descoñecemento, xa que a maior parte da ábsida actual estaba oculta polas construcións situadas entre a primeira e a segunda portaría, como queda de manifesto pola pegada que deixou o tellado na súa conexión coa ábsida.

As fotografías⁴¹² que chegaron ata nós, anteriores á reconstrución, presentan algunha dúbida sobre se o mandato se levou a cabo, dúbidas que non terminan de aclarar os Libros de Fábrica. Tampouco a escavación apoia a documentación. Sen embargo, é posible que o cuarto do arquivo e cuarto prioral, ós que se alude con posterioridade ó mandato, correspondan ó novo cuarto habilitado. Por outra parte, o feito de que Montero Aróstegui nos fale dunha reducida capela sen tribuna (elemento que si tiña esta igrexa) e que a imaxe da Sta. Isabel fose trasladada á igrexa principal, avalan o cumprimento do mencionado mandato.

A escavación arqueolóxica descobre unha base de sillares perfectamente cortados sobre a que se apoia o muro norte levantado na reconstrución de don Pío García, e, cara ó interior, como xa temos adiantado, os vestixios da outra construción que debía ter uns 5,70 m de longo fronte ós 7,10 da nave da igrexa actual. A base sobre a que se apoia o muro norte seguramente posúe a mesma cronoloxía da ábsida, o que se deduce da súa disposición e da presenza de marcas de canteiros que atopamos tamén no hemiciclo; mentres que os outros restos pertencen a unha construción anterior.

A REEDIFICACIÓN DE DON PÍO GARCÍA ESPINOSA

Suprimida a Colexiata, os bens do mosteiro pasaron a propiedade do Estado. Desde entón os edificios (por decreto de xaneiro de 1875 devoltos á Igrexa non sen resistencias) experimentaron un abundante deterioro ó coidado de diversos caseiros, que disfrutaron en arrendamento as terras. En 1849 o Estado vendeu os bens que terminarían pasando a mans de D. Pío García Espinosa, mentres o edificio da Ex-Colexiata continuou sendo da Mitra Compostelá. Tralo desafiuzamento do caseiro, D. Pío, en 1890, baixo certas condicións, recibe do Arcebispado os edificios a título de padroado. Este título converteríase á fin, tendo en conta o gastado na reparación, en título de propiedade que pasaría ós seus descendentes.

Pouco sabemos das circunstancias que levaron á posta en marcha do proxecto de reparación e da súa materialización. As nosas fontes redúcense ó que ó respecto nos din o padre Carballeira, Couceiro Freijomil e Hipólito de Sá.

As obras, que contaron co asesoramento de Antonio López Ferreiro, supuxeron o derrubamento das casas situadas entre as porterías, do cabido, do cuarto do arquivo e

412. Nelas advírtese un edificio sen teito, co muro norte totalmente arruinado, no que non se aprecian ben varias estancias.





Fachada oeste da Igrexa actual

da igrexa principal, esta xa, como dixemos, desde o 1763, en mal estado. Ignoramos se con posterioridade foi reparada. Presumiblemente non. Despois da visita efectuada por Montero Aróstegui o teito debeu derrubarse, sendo o seu estado tan lamentable que a súa rehabilitación resultaba complicada.

Mais, aínda así non deixa de chamarnos a atención o feito de que se optase por reedificar a pequena. É posible que nesta decisión xogasen un papel destacado factores de tipo económico, mais non cabe dúbida de que tamén deberon de terse en conta criterios artísticos. Neste sentido, non pasa desapercibido o feito de que Aróstegui non faga ningunha alusión ós capiteis do presbiterio ou á ábsida: sen dúbida hai que deducir desta ausencia unha pobreza artística que non pagaba a pena ser conservada.

As obras consistiron no arranxo das casas situadas no extremo oeste, e na reconstrución da capela antiga aproveitando parte do muro sur e a ábsida. O arco triunfal e parte da bóveda foron reconstruídos, segundo nos di Carballeira, coas mesmas pedras. A reedificación completouse co levantamento dun pavillón ou habitación no sitio onde estivera a sacristía da igrexa principal.

É lóxico pensar que para as novas construcións se utilizasen materiais da igrexa derrubada. E está fóra de toda dúbida que a estrutura e decoración da portada obedecen a un plano elaborado por López Ferreiro, quen coñecía perfectamente a linguaxe románica⁴¹³. Ferreiro propón unha fachada principal con rosetón e porta abucinada, con dúas columnas acobadadas por lado extremadamente robustas. Coloca no tímpano un Agnus Dei que copia do de Doroña, e distribúe por impostas, arquivoltas, chambrá e capiteis decoración a base de rosetas, puntas de diamante, talos sinuosos con espirais, follas de diferentes características e soles ou rodas. Só un dos capiteis, o primeiro da dereita, semella estar inspirado nas construcións anteriores. Estamos, pois, ante unha obra neorrománica.

As obras remataron en agosto de 1896, inuagurándose o templo o día 30 do mesmo mes.

OS RESTOS ROMÁNICOS DO MOSTEIRO



Muro de contención noro-
oriental do mosteiro de
Caaveiro.

413. Non debemos esquecer que, daquela, comezara unha forte polémica entre os arquitectos sobre como había que abordar a restauración dos edificios antigos, e, en particular, dos románicos. Unha das tendencias defendía unha imitación radical das estruturas e da decoración románica. A portada é un bo exemplo desta tendencia.

Os restos románicos do mosteiro corresponden á parede nororiental do mesmo, sobre a que se constrúe o muro da igrexa actual; á ábsida e á súa base; e posiblemente ó arranque da torre-campanario.

O muro nororiental

O muro nororiental, situado debaixo da igrexa, servindo de muro de contención, aparéllase con sillares de granito dispostos en ringleiras horizontais. Artéllase en catro arcos de medio punto rebaixados e separados por contrafortes. Tres dos contrafortes (os dos extremos e un do centro), máis que contrafortes son prolongación do muro ata o seu asentamento na rocha. Os outros dous, moito máis estreitos, non se igualan co muro. Os arcos unindo contrafortes é unha solución que se espalla desde a Catedral de Santiago. Na provincia da Coruña esta solución atopámola en S. Estevo de Morás, Moraime ou a igrexa de Sta. M^a de Portor de Negreira.

Exterior da ábsida

A ábsida aséntase sobre unha base cúbica que ten como misión resolver as desigualdades do terreo gañando espacio. É un procedemento frecuente no románico, que atopamos en Xubia, Moraime ou San Martiño de Ozón. A novidade de Caaveiro consiste no feito de que a base sexa cúbica.

A cara norte da base, única que non debeu de sufrir modificacións, posúe dous arcos de medio punto separados por un contraforte non igualado co muro, seguindo un modelo semellante á parede antes descrita, anque o contraforte é máis ancho.

Na cara leste, un contraforte separa dous pares de arcos moito máis pequenos e lixeiramente apuntados. Dentro de cada par de arcos a separación realízase por un contraforte que se converte en ménsula.

Por último, na cara sur repítese o modelo da do norte, coa diferenza de que os arcos son apuntados e o contraforte que os separa está igualado co muro da base.

A base carece pois de unidade, evidenciando diversas intervencións que, se temos en conta as marcas de cantería, só deberon afectar á configuración dos arcos.

A ábsida de Caaveiro presenta a linguaxe máis sistematizada e menos localista do románico eumés. Aséntase sobre a base descrita, arrancando dun banco de dous niveis. Divídese en tres tramos por semicolumnas adosadas de seis tambores, altos plintos, que rebordan o banco, e bases áticas co toro inferior moi desenvolvido. Os capiteis posúen tres tocos, un no centro e os outros dous nas esquinas. A súa decoración é sumamente plana a base de pequenos talos ou finísimas follas que o percorren de arriba abaixo.

En cada tramo ábreanse tres ventás. A do tramo situado ó norte é a típica ventá do románico eumés: sinxela, de dobre derrame, arco de medio punto en bloque monolítico e en aresta viva. Esta ventá pode corresponder a unha reforma posterior ou podemos pensar que, ó estar nun lado pouco visible, os canteiros optaron por tal solución. As

414. Na provincia da Coruña atopamos este tipo de ventá, de dúas pequenas columnas por lado, en Celas de Peiro e Salto. Para a provincia de Pontevedra, BANGO TORVISO só constata dous exemplos. O panorama é semellante fóra de Galicia. Miguel Ángel GARCÍA GUINEA, coñecedor do románico castelán, sinala como este tipo de ventás con catro pequenas columnas aparece en edificios dunha certa importancia.



Ventá do tramo central da ábsida.

San Xoán de CAVEIRO

outras dúas posúen dúas pequenas columnas acobadadas e independentes por lado, con fina seteira central, variedade que non soe ser moi frecuente⁴¹⁴. As pequenas columnas posúen bases áticas e capiteis de follas con bólas. As arquivoltas teñen as esquinas molduradas en baquetón.

O tramo recto da ábsida trasdoséase ó exterior en planta e elévase lixeiramente en altura sobre o resto do tellado, onde aparece perfectamente individualizado pola disposición das tellas. Sóldase á nave por medio dun cóbado que, no lado norte, se prolonga no muro de contención ata as rochas.

O beirado posúe bordo labrado a bocel e é sostido por **canzorros** que repiten os modelos máis frecuentes no románico da provincia da Coruña. De norte a sur son os seguintes:

- 1.- Nacela con peza non recoñecible.
- 2.- Proa.
- 3.- Nacela con peza non recoñecible.
- 4.- Cabeza de animal.
- 5.- Nacela con ¿bóla?
- 6.- Proa.
- 7.- Cabeza de animal.
- 8.- Cubo.
- 9.- Bóla sen carapucha.
- 10.- Bóla con carapucha.
- 11.- ¿Figura humana espida en posición invertida?
- 12.- Bóla con carapucha.
- 13.- Cubo.
- 14.- Bóla con carapucha.
- 15.- Cabeza humana.
- 16.- Cabeza humana.
- 17.- Proa con peza irrecoñecible.



Interior da ábsida da igrexa actual,
visto desde a portada principal.

Interior da ábsida

No interior, o tramo recto limita a oriente cun cóbado, que estreita e inicia o hemi-ciclo, e a occidente cun arco triunfal esteado en semicolumnas encaixadas. Este arco, lixeiramente peraltado, dobrado e de sección prismática, foi reconstruído na reedificación de D. Pío, e segue modelos semellantes ó de Doroña, Cervás ou ó central de



Capiteis do presbiterio.

Bergondo. As columnas encaixadas son de cinco tambores; aséntanse sobre elevado plinto e bases que repiten o modelo das semicolumnas exteriores. Os capiteis decóranse con dobre ringleira de follas moi esquemáticas, sen nervios, de extremos romos con bólas.

A ábsida cóbrese con bóveda de forno, o semicírculo; e de medio canón, o tramo recto. Ambos con aparello de sillería ben disposto.

As ventás da ábsida, no interior, son de medio punto en bloque monolítico semicircular.

Á primitiva capela tamén corresponde a porta meridional na súa parte interior, única porta de acceso desde o 1738. Por enriba dela, o muro foi reedificado. No exterior, no nicho de arco apuntado, foi soterrado, en 1641 o prior Juan de Torres, mais posiblemente o arcosolio é anterior.

CRONOLOXÍA

Se a antigüidade das primeiras construcións do mosteiro deben remontarse, como data máis serodia, a fins do século IX, os restos máis antigos que chegaron ata nós deben corresponder á terceira década do século XII. Sen embargo, a escavación arqueolóxica descobre os restos dunha construción anterior á ábsida actual. No privilexio de

415. ZALESKA, *Un privilegio de Alfonso X a Caaveiro, confirmando el dado por Alfonso VII, "Cátedra" nº 3*, pp- 79-88.

416. AHDS, Colexiatas, Caaveiro, Copia de documentos simples, C. 366.

Afonso X, datado o 19 de marzo de 1281 en Ágreda, insértase o privilexio de Afonso VII de 1135. Neste privilexio⁴¹⁵ sinálase: *hago "carta" de donación y concesión al Señor Dios y a la Iglesia de San Juan de Caaveiro y al Señor Pedro, prior de ese mismo lugar, y a los restantes regulares presentes y futuros que en ese mismo monasterio construído para la religión quieran permanecer observantes de la regla del Beato Agustín. En esta heredad en la que ahora está edificado y construído el Monasterio predicho. E máis adiante: con mi ayuda y consejo fundado.*

No privilexio do rei don Xoán, expedido en Valladolid o 8 de marzo de 1420, vólvese mencionar a construción do Mosteiro: *Sepades que el Prior de Calavero me pidio merced para el Monasterio de Sant Juan de Calavero que edifico el Emperador mio avolo é herdóllo e cotóllo, et bien fechóllo por privilegios, que no ende mostró...*⁴¹⁶.

A existencia de dúas igrexas presenta o problema da súa correlación cronolóxica. Parece lóxico pensar que a igrexa que na documentación se denomina antiga sexa anterior no tempo á igrexa principal, e que esta última fose a consecuencia lóxica dunha fase de expansión do mosteiro. Téndese a considerar os restos románicos de Caaveiro como obra de fins do século XII, o cal, cunha análise comparativa, non resulta desatinado. Agora ben, se temos en conta que a igrexa principal, como pensamos, tamén era románica, é difícil soste aquela cronoloxía. A cuantificación das doazóns e compras recom-

FONTES Manuscritas⁴¹⁸

Arquivo Histórico Nacional: Sección Clero⁴¹⁹

- Sección Códices: Códice nº 1439B.
- Pergamiños: Cartafoles 491, 492 e 493.
- Atados: nº 1906/4. Copia de real Cédula sobre retención de Bulas.

Arquivo do Reino de Galicia

- Colección Vaamonde Lores:
 - *Colección "A" Temática: Mosteiro de Caaveiro, nº 1-4, sig. 4(4).
 - *Documentos Históricos, sig. 6(2), nº 29.
- Fondos Relixiosos. Conventos, Igrexas e Mosteiros. Caaveiro.
 - *Cartas Reais, sig. C. 253.
 - *Libros de Escrituras de Foros, C. 478-481.
 - *Libros de Visita e Fábrica, C. 494.
- Inventario de Clero da provincia da Coruña, Caixa 903.
- Colección Diplomática de Pergamiños, L. 25 e F. 320: 354, 428, 837, 13.
- Colección de documentos soltos: Escritura de foro, ano de 1608. C. 953, atad. 7-91.

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago

- *Fondo Xeral: Colexiatas, Caaveiro, antecedentes sobre provisión do Priorato Xurisdiccional, 1576-1848 (copia simple de antigos privilexios), Caixa 366.

417. Abonda sinalar que no período que vai de 1180 a 1220 rexístranse 11 doazóns e 16 compras, fronte ás 44 doazóns e 51 compras do período comprendido entre 1219 e 1250. Algo semellante ocorre se o comparamos coa primeira fase de expansión.

418. Véxase unha exposición detallada en DE CASTRO ÁLVAREZ, S. *Juan de Caaveiro: Estado de la cuestión, Fuentes, Historia y Problemas*, revista "Cátedra", Monográfico sobre Caaveiro, 1996.

419. Véxase unha breve reseña en BARREIRO FERNÁNDEZ e OUTROS, *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval*, Santiago, 1988, p. 98; e en JIMÉNEZ GÓMEZ, Santiago, *Guía para el estudio de la Edad Media Gallega*, Santiago, 1973, p. 59, 69, 73, 93.

Arquivo da Catedral de Santiago

No Arquivo da Catedral de Santiago está depositado un documento que contén as constitucións do mosteiro dadas polo prior Roa Davila a fins do XVI, así como as rendas que daquela pertencían a cada coenxía.

Arquivo da Real Academia Galega

A documentación, exhumada por José Luis López Sangil, está sen inventariar. Contén un total de 15 documentos, entre foros e doazóns, datados entre 1160 e o século XVI, agás un documento⁴²⁰ de 1117, privilexio real de Afonso VII.

Arquivo da Fundación Penzol

*Colección de Pergamiños: privilexio concedido a Caaveiro en 1135 por Afonso VII.

Gráficas, documentais e arqueolóxicas

Respecto ás primeiras, dispomos de dous debuxos de Jenaro Pérez Villaamil⁴²¹, realizados a lapis sobre papel desde a marxe dereita do Sesín. Forman un corpus gráfico con outra serie de debuxos, que o pintor realizou na viaxe que efectúa a Galicia en 1849. Posuímos tamén catro fotografías en propiedade dos herdeiros de don Pío García, que, anteriores á reconstrución, deberon ser das primeiras que se fixeron na Comarca. Ofrecen unha panorámica xeral e afastada do Mosteiro. Dúas delas, están realizadas desde un punto semellante ó utilizado por Pérez Villaamil; unha terceira, está tomada desde o leste; e a cuarta, desde o sueste.

Respecto ás fontes manuscritas, os datos máis interesantes apórtanos os Libros de Fábrica e de Visita do mosteiro depositados no Arquivo do Reino de Galicia⁴²². Trátase en concreto de dous libros que abranguen o período comprendido entre 1671, ano no que é nomeado prior don Joseph de Vergara, e 1748, sendo prior don Francisco Verdes Montenegro. Outros datos máis puntuais e fragmentarios proporcionánonos o expediente que sobre o mosteiro existe no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago⁴²³. A xa mencionada obra de Montero Aróstegui, *Historia y descripción del Ferrol*, publicada en 1859, aporta algúns datos interesantes sobre o estado das dúas igrexas inmediatamente antes da restauración. Basanta Barro, nun artigo publicado no xornal ABC do 30 de decembro de 1955, fai alusión a unha *Guía Murray*, editada en Londres, en 1889, co obxecto de orientar ós ingleses que se aventurasen a realizar unha excursión a Caaveiro desde o Seixo. Esta guía, segundo o citado autor, contiña unha "minuciosa descripción de pormenores referentes a la disposición y dependencias del monasterio". Desgraciadamente non puidemos conseguir un exemplar desta guía. Cabe a posibilidade da existencia dun expediente que proporcione información sobre a colaboración de López Ferreiro na reconstrución patrocinada por don Pío, hoxe por hoxe, en paradoiro descoñecido. Ignoramos se López Ferreiro nalgunha da súas moitas publicacións

420. Véxase o estudio sobre este documento no artigo de José Luis LÓPEZ SANGIL, *Un privilegio real de 1117 y el obispo mindoniense Don Pedro, retirado en Caaveiro*, Cátedra, nº 3, Pontedeume 1996.

421. Os orixinais atópanse no Museo de Belas Artes da Coruña, e foron publicados polo citado Museo, baixo o título de Jenaro Pérez Villaamil dibujante. *El viaje a Galicia de 1849*, pp. 54-55.

422. ARG, Fondos Relixiosos, Conventos, Igrexas e Mosteiros, Caaveiro, sig. C. 494.

423. AHDS, FX, Colexiatas, Caixa 366.

se referiu ó tema. As novas de que dispomos sobre esta intervención, seguramente transmitidas oralmente, son escasas. Foron recollidas por Antonio López e Carballeira en *Místicos Gallegos: San Rosendo*, Hipólito de Sá en *El monacato en Galicia* ou Couceiro Freijomil na súa *Historia de Pontedeume*. O primeiro, amigo persoal de Ferreiro, escribiu a obra citada en 1909, e nela aporta unha descrición de como quedaron algunhas dependencias despois da restauración.

Por último, en 1986, promovida polo arquitecto da Deputación don Fernando Cebrián⁴²⁴, e baixo a dirección de M^a del Rosario Valdés⁴²⁵ e Manuel Lestón, levouse a cabo unha intervención arqueolóxica. A campaña centrou a súa atención no espacio ocupado polas dúas igrexas, escavando tres sectores.

BIBLIOGRAFÍA

A forma, a intención e o resultado co que os distintos autores se achegaron ó tema de Caaveiro, como non podía ser doutro xeito, pasou por distintas fases.

O Mosteiro é mencionado xa nas obras dos autores do século XVII e XVIII (Yepes⁴²⁶, Argaiz⁴²⁷, Morales⁴²⁸, Flórez⁴²⁹, etc.) de forma intermitente e esporádica. A razón desta mención hai que buscala no feito de que Caaveiro está unido, nos seus comezos, ó tema de S. Rosendo. Estes autores non utilizan a documentación que xerou o Mosteiro ó longo da súa dilatada historia, senón as novas que aporta a tradición, que, sen saber de onde parten, son recollidas na *Vita Rudesindi*, segundo o texto difundido desde o século XVII nos *Acta Sanctorum*⁴³⁰.

A unha óptica distinta obedece a obra de Jerónimo del Hoyo⁴³¹, inventario breve, pero de obrigada consulta, das freguesías e mosteiros de comezos do século XVII. Ou a de Vasco da Ponte⁴³², tamén de obrigada consulta, neste caso, ó estudar a relación do Mosteiro cos Andrade.

424. Agradecemos a D. Fernando a axuda que nos prestou á hora de interpretar as fotografías do mosteiro anteriores á reconstrución de Don Pío, fotografías que amablemente nos proporcionou.

425. Unha síntese da escavación foi publicada por M^a del Rosario VALDÉS no nº 3 da revista "Cátedra", 1996.

426. YEPES, P. Antonio, *Crónica General de la Orden de San Benito*, Valladolid, 1615, Tomo 5, p. 474. Menciona a S. Rosendo como fundador de Caaveiro.

427. ARGAIZ, F. G., *La soledad laureada por San Benito y sus hijos en la Iglesia de España*, Alcalá, 1675, Tomo III, p. 552.

428. MORALES, Ambrosio, *Viaje a los Reinos de León, y Galicia y Principado de Asturias*, Madrid 1675, p. 152 e 156. Dinos: Es un Priorato de Patronazgo Real entre Mondoñedo, y la Coruña. Fundólo S. Rudesindo en lugar fragosísimo, así que cuesta muy caro llegar á el á pie, que á caballo quasi es imposible, y con esto tiene bien fundada la soledad. Los Canonigos Reglares de allí tienen en toda veneración los ornatos con que S. Rudesindo decia Misa, Casulla, Caliz, y lo demas. El vulgo dice que todo era de los Apostoles. Esto tuve por Relación, que la peste me cerró el camino pora alla.

429. FLÓREZ, Enrique, *España Sagrada. Teatro geográfico-histórico de la Iglesia de España*, 1789, Tomo XVIII, pp. 78-79 O padre Flórez resúmenos as aportacións anteriores: "Castellá dice, que en su juventud fue Prior de Cabeiro, junto al Ferrol. Morales y Yepes dicen, que el Santo edificó aquella Casa siendo Obispo de Mondoñedo. Argaiz, que antes, siendo persona particular. Sábese por su Historia que el Santo la fundo (número 4). No dice, si antes ó despues de ser Obispo: pero refiere, que siéndolo, edificó el primer Monasterio, donde se retiraba á ejercicios espirituales, y uno de ellos parece el presente, por no ser muy distante del lugar de la Sede. Hoy es de Canónigos Reglares, cerca de Puentes de Eume, en un profundo valle cercado de cumbres y breñas, que casi es imposible entrar allí á caballo según dice Morales, libro 16, cap. 36. fol. 250 b. ". No tomo XVIII, p. 378, inserta o escrito "Facta et miracula S. Rudesindo Episcopi".

430. Véxase ó respecto DÍAZ Y DÍAZ Y OTROS, *Ordoño de Celanova: vida y milagros de San Rosendo*, Galicia Histórica, A Coruña, 1990, p. 282.

431. DEL HOYO, Jerónimo, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, 1607, p. 274. "En el monasterio de San Juan Baptista de Caveiro, cuyo prior es el doctor Roa de Avila, hay seis canónigos; traen un escapulario al modo de los de Junqueira de Ambia. Viven solos en el monasterio y los (fol. 268) otros dos tienen o sirven beneficios, que son al presente Mateo Cordova y Jácome de Quiroga que tiene los beneficios de Santa Aya de Soaserra y Santiago de Capela; renta cada canonicato ochenta ducados. Tiene dos iglesias, una antigua que sirve de enterramiento para los canonigos y otra en que dicen todos los oficios divinos. Pretende el prior ser esento de la jurisdicción hordinaria; el señor Nuncio dió sentencia en que debe ser visitado y castigado por el arzobispo; apeló y está el pleito pendiente en Roma. Los canónigos todos ante el señor arzobispo don Juan de San Clemente echaron petición que consentian la visita y se apartaban del prior y revocaron el poder".

432. VASCO DA PONTE, *Recuento de las casas antiguas de Galicia*, Equipo de investigación "Galicia hasta 1500". Santiago, 1986.

Tampouco os autores do século XIX prestaron unha especial atención ó tema de Caaveiro, agás López Ferreiro.

Murguía⁴³³ menciónao, da mesma maneira que fixera Vereá e Aguiar⁴³⁴, ó falar da relixión e dos deuses de Galicia na Antigüidade. Benito Vicetto⁴³⁵ asócia a S. Rosendo, e é un dos primeiros, se non o primeiro, que fala de Caaveiro como Colexiata. Mais, como xa temos adiantado, é López Ferreiro⁴³⁶ quen lle presta unha maior atención, tanto ó falar de S. Rosendo, coma do monacato galego, do conde don Pedro Froilaz ou do bispo don Pedro. Ferreiro é o primeiro autor que comeza a utilizar documentación emanada do mosteiro. Mais, anque tivo acceso ó Tumbo, ou, alomenos, a unha copia do mesmo, que nos di estaba en mans de don José M^a Rey, só utilizou algúns documentos relacionados cos temas arriba sinalados.

Distinta valoración merece a aportación de Montero Aróstegui⁴³⁷. Este autor, na súa obra *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol*, publicada en 1859, ó mesmo tempo que especula sobre a posible orixe do Mosteiro e aporta outras novas dispersas, proporciona a única descrición que temos do mesmo antes da reconstrucción patrocinada por don Pío García Espinosa.

Antonio López e Carballeira, amigo persoal de López Ferreiro, en *Místicos Gallegos: San Rosendo* (1909), volve a insistir sobre o tema de S. Rosendo e Caaveiro, recolle as novas que transmite a tradición, e fai algunhas alusións á intervención de López Ferreiro na reconstrucción do mosteiro.

Concisa é a referencia que fai Villa-Amil y Castro en *Iglesias gallegas de la Edad Media* (1904), malia dedicar o capítulo IV a Monfero, Xubia e Caaveiro: a penas fai mención ás dúas igrexas, a máis antiga construída por San Rosendo, segundo di Rioboó. En *Mobiliario litúrgico de Galicia en la Edad Media* (1907) ocúpase das reliquias do Santo conservadas en Caaveiro.

Modestas resultan tamén as aportacións do *Diccionario Geográfico, Estadístico e Histórico de España* ou *Diccionario de Madoz* (1848, Tomo V), e da *Geografía general del Reino de Galicia* dirixida por Carreras Candi (1920, Tomo VII).

No primeiro cuarto do século XX, ó mesmo tempo que segue xurdindo documentación do Tumbo, prodúcense os primeiros intentos de esbozar unha historia do Mosteiro. A publicación de documentos, ou de referencias ós mesmos, corre a cargo de Francisco Tettamancy y Gastón⁴³⁸, César Vaamonde Lores⁴³⁹ ou o

433. MURGUÍA, Manuel, *Historia de Galicia*, 1865, Bilbao, Edición de 1980, Tomo III, pp. 650-651.

434. VEREA E AGUIAR, J. *Historia de Galicia*, Ferrol, 1838, p. 335.

435. VICETTO, Benito, *Historia de Galicia*, 1865, Bilbao Edición de 1980, Tomo XI, p. 131.

436. Na súa *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, de 1899, adica o capítulo XIX do Tomo II a San Rosendo (pp. 359-368). Neste capítulo comenta a doazón de San Rosendo, doazón que transcribe no Apéndice, número LVI (pp. 122-125). Volve a tratar o tema de S. Rosendo en *Biografía de San Rosendo*, Mondoñedo 1907. Nesta obra, retractándose do escrito na anterior, considera que San Rosendo non fundou Caaveiro como se pensaba, senón que o Mosteiro foi para el un retiro (p. 18). En *Ojeada sobre el estado de los monasterios a fines del siglo XI y principios del siguiente* (Galicia Histórica, 1901, Tomo I, pp. 54-55) cita unha serie de documentos datados entre 1104 e 1125, nos que se menciona o bispo Pedro, e nos que interveñen como doantes diversos membros da familia Froilaz. Estas aportacións complétanse coa publicación de diversos documentos en *Don Alfonso VII. Rey de Galicia ayo del conde de Traba* (nº 5, pp. 125-126) e *Colección Diplomática*. Por último, aporta algúns datos dispersos en *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Santiago 1883 (p. 138, 152 e 179). Ed. 1968.

437. Esta aportación volve a aparecer no xornal "La Verdad", ano 1902, números 2 e 3, nun artigo titulado, *Apuntes Históricos, Caaveiro Antiguo*.

438. TETTAMANCY Y GASTÓN, Francisco, *Diego de Samboulo, leyenda histórica*, Lugo 1903, pp. 60-61, e pp. 72-73.

439. Presta atención á doazón de don Bermudo que publica en *Importante escritura otorgada por Don Bermudo, Rey de Galicia, a favor del monasterio de Caaveiro*, año 934, Boletín da Real Academia Galega, nº 159, xaneiro de 1924. E particularmente en *Ferrol y Pontedeume*, Apéndice, nº 2, pp. 66-67. Esta última obra aporta algunhas novas interesantes de Caaveiro en relación co tema dos Andrade.

Anuario Ferrolán⁴⁴⁰. Os segundos débense a Ángel del Castillo⁴⁴¹ e Antonio Couceiro Freijomil. O primeiro é autor de tres artigos publicados, en 1915, no Semanario Breamo. Nun deles trata o tema da orixe da palabra Caaveiro; nos outros dous, baixo o título de *Iglesias antiguas. La Colegiata de Caaveiro*, especula sobre a fundación e fai unha enumeración de doazóns recibidas polo mosteiro ata 1135; utiliza para isto, de forma fragmentaria, copias de documentos do Tumbo. A aportación de Couceiro⁴⁴², que dedica un epígrafe ó mosteiro na súa *Historia de Pontedeume*, supón un compendio, con algunha ausencia, das aportacións anteriores, e a primeira tentativa de artellar unha historia do mosteiro desde a súa orixe ata a súa desaparición.

Antonio Porta de la Encina, en 1947, baixo a dirección de Montero Díaz, le a primeira Tese doutoral sobre o mosteiro de Caaveiro. Utiliza unha copia do Tumbo depositada no AHN, Sección Clero, Parroquia de Santiago da Capela. Componse, esta copia, duns 80 pergamínos soltos, entre os que non estaban as doazóns reais. Esta Tese nunca chegará a publicarse, mais, en 1986, na revista *Estudios Mindoniensis*, asina un amplo artigo, baixo o título *Aportación al estudio del Monasterio de Caaveiro* que supón unha síntese da Tese realizada, no apéndice da cal inclúe unha serie de doazóns reais.

En 1970 Concepción Yáñez Cifuentes remata, na Universidade de Barcelona, a Tese, dirixida por D. Emilio Sáez, *La formación y explotación del dominio territorial del monasterio de Caaveiro*. Utiliza como fonte documental o aparecido Tumbo orixinal e un dos Cartafoles, o 491, depositado na Sección de Clero do AHN. Concepción Yáñez Cifuentes transcribe o Tumbo e aporta material gráfico que ilustra a expansión do Mosteiro. En 1980, a Sección de Publicacións da Universidade de Barcelona publica un resumo desta Tese, que, no 1996, se inclúe no monográfico que a revista Cátedra adica ó Mosteiro.

En 1986 Juan Carlos de Pablos, baixo a dirección do catedrático de paleografía da Universidade de Granada, D. José Ignacio Fernández de Viana, volve a transcribir o Tumbo e realiza un estudio paleográfico nunha Memoria de Licenciatura que titula *El Cartulario de Caaveiro*⁴⁴³.

Ó mesmo tempo continúan xurdindo documentos do mosteiro ou simples rexestas de privilexios reais: trátase das xa clásicas obras de Andrés Martínez Salazar⁴⁴⁴, Sánchez Belda⁴⁴⁵, Julio González⁴⁴⁶, García Álvarez⁴⁴⁷, Emilio Sáez⁴⁴⁸, Manuel Lucas Álvarez⁴⁴⁹ ou Manuel Recuero Astray⁴⁵⁰. A eles debemos engadir, neste

440. Anuario Ferrolán para 1902, *O Ferrol En tiempos del conde Pedro Froilaz*, pp. 56-58.

441. DEL CASTILLO, Ángel, Semanario Breamo, números 57, 70 e 78, 1915.

442. A obra de COUCEIRO está xa escrita en 1926, sendo publicada por entregas no Boletín da Real Academia Galega co título *Puentedeume y su comarca. Apuntes históricos*. A primeira edición de toda a obra aparece en 1944.

443. Parte desta Memoria de Licenciatura foi publicada na revista "Cátedra", número 3, 1996.

444. MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés, *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*, nº III, p. 6; nº XIV, pp. 44-45; nº LXVI, p. 145.

445. SÁNCHEZ BELDA, *Documentos de la Edad Media referentes a Galicia. Catálogo de los conservados en la Sección Clero del AHN*, números 3, 182, 245, 325, 326, 496, 664, 709, 810, 847.

446. GONZÁLEZ, Julio, *Registro diplomático de Fernando II*, pp. 383-384; *Alfonso IX*, Vol. II, nº 307; *Reinados y diplomas de Fernando III*, Vol. I, nº 395.

447. GARCÍA ÁLVAREZ, R., *Catálogo de los documentos reales de la Alta Edad Media referentes a Galicia (714-1109)*, Compostellanum, Vol. VIII, 1963, nº 1, p. 110.

448. SÁEZ SÁNCHEZ, Emilio, *Notas al episcopologio mindoniense*, del siglo X, p. 10, nota 23.

449. LUCAS ÁLVAREZ, Manuel, *El reino de León en la Alta Edad Media*, Colección Fontes e Estudios de Historia Leonesa (52) 1993, números 463, p. 274; 576, p.311; 743, p. 310; 137 e 138, p. 419.

450. RECUERO ASTRAY, Manuel, *Alfonso VII, Emperador. El Imperio hispánico en el siglo XII*, Colección Fontes e Estudios de Historia Leonesa (23) 1979, p. 181, nota 35; p. 225, nota 185; p. 239, nota 274.

terreo, as aportacións de José García Oro⁴⁵¹, M. C. Díaz y Díaz⁴⁵² e J. I. Fernández de Viana⁴⁵³.

Hipólito de Sá, en *El monacato en Galicia* (1972, Tomo I, pp. 293-299) e na Gran Enciclopedia Galega (1974, Tomo IV, pp. 99-103), aporta unha tentativa de síntese, recollendo os escritos anteriores, anque descoñece a Tese de Antonio Porta.

Son numerosos os artigos que nas derradeiras décadas, en distintas publicacións e desde distintos puntos de vista, se ocuparon de Caaveiro. Polo seu interese debemos facer mención dos asinados por José M^a Basanta Barro, no xornal ABC⁴⁵⁴; Xosé Manuel Vidal, na revista "Brigantium"⁴⁵⁵; Teodoro Sandomingo García, en "Abrente"⁴⁵⁶; Santos San Cristobal Sabastián, en "Cuadernos del Museo Mindoniense"⁴⁵⁷; Antonio Rodríguez Frois, nas Actas del III Coloquio Galaico-Minhoto⁴⁵⁸; M^a Luz Ríos Rodríguez, en ADAXE⁴⁵⁹; Carlos de Castro, en *El cañón del Eume, paraíso natural de Galicia*. E Fernando Dopico, en Cátedra nº 4, onde publica o artigo *Pequena cala na documentación da carpeta 492 de Caaveiro*. Por último, o nº 3 da revista "Cátedra" está dedicado enteiraemente ó tema de Caaveiro, e nel foi publicado o Tumbo (nº 3, 1996; nº 4, 1997).

Os aspectos artísticos foron insuficientemente tratados. A penas contamos co que nos deixou Ángel del Castillo no *Inventario Monumental y Artístico, La Arquitectura de Galicia*, ou nos artigos xa comentados; ó que hai que engadir as aportacións de Hipólito de Sá⁴⁶⁰, Alvaro Vázquez Penedo⁴⁶¹, Carlos Fornos⁴⁶², a ETSA da Coruña⁴⁶³, Yzquierdo Perrín⁴⁶⁴ e Correa Arias, no número 1 de "Cátedra", xa citado nas outras monografías.

San Xoán de CAAVEIRO

451. GARCÍA ORO, José, *Los señoríos monásticos gallegos en la Baja Edad Media*, Compostellanum, Volume XIV, nº 4, 1969, pp. 605-606. E *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba*, Betanzos 1994, de interese para estudar a relación que os Andrade mantiveron con Caaveiro: véxase a Colección Documental, pp. 457, 459, 460.
452. DÍAZ Y DÍAZ, M. C. e OUTROS, *Ordoño de Celanova: vida y milagros de San Rosendo*. Galicia Histórica A Coruña 1990. Aporta un estudio crítico sobre a vida de S. Rosendo a través da bibliografía medieval. Neste volume publícase a doazón de S. Rosendo (pp. 265-268, nº 7).
453. FERNÁNDEZ DE VIANA, J.I., *Documentos sobre peregrinos gallegos en la Edad Media*, Estudios Mindonienses, nº 7, 1991, Apéndice; 1, pp. 404-410; 3, pp. 411-412. E en *Documentación Monástica en el "Tumbo C" de la catedral de Santiago*, Historia, Instituciones, Documentos nº 11, pp. 245-246.
454. BASANTA BARRO, José M^a., *El monasterio de Caaveiro*, ABC, 30-XII-1955. VIDAL, Xosé Manuel, *Acerca da orixe e fundación do mosteiro de San Xoán de Caaveiro*, 1983, vol. 4, pp. 135-141.
455. VIDAL, Xosé Manuel, *Acerca da orixe e fundación do mosteiro de San Xoán de Caaveiro*, 1983, Brigantium, nº4.
456. SANDOMINGO GARCÍA, Teodoro, *El dolor de la montaña: ¿La hora de Caaveiro?*, BRAG, nº 16-17-18, 1984-1986, pp. 143-152.
457. SAN CISTÓBAL SEBASTIÁN, Santos, *El monasterio de Caaveiro*, Cuadernos del Museo Mindoniense, xaneiro-xuño de 1987, nº 13, pp. 84-90.
458. FROIS RODRÍGUEZ, Antonio, *Terra, homes e tempos. San Rosendo e Caaveiro. Pequeno cancionero do Santo*, Actas do III Coloquio Galaico-Minhoto, Volume I, 1994.
459. RÍOS RODRÍGUEZ, M^a Luz, *Las ecclesiae dependientes de los monasterios de Juvia y Monfero (s. XI a XIII)*, ADAXE, Escola Universitaria de Maxisterio de Santiago, pp. 105-123, nº 5, 1989.
460. DE SÁ BRAVO, hipólito, *El monacato en Galicia*, A Coruña, 1972, Tomo I.
461. VÁZQUEZ PENEDO, Álvaro, *El románico en la Comarca Eumesa*, Pontedeume, 1986.
462. FORNOS, Carlos, *Apuntes de arquitectura románica*, As Pontes, 1994.
463. SORUALUCE BLOND, J.R., *Arquitectura románica de La Coruña*. Faro-Mariñas-Eume.
464. YZQUIERDO PERRÍN, Galicia Arte, Tomo X, *Arte Medieval (I)*, A Coruña, 1995.



San Pedro de CERVÁS

San Pedro de Cervás é parroquia do concello de Ares. Atópase situada na aba de Montefaro, no centro da península que separa as rías de Ares e Ferrol. Dista 5 quilómetros da capital do concello, co que se comunica por unha estrada local. Outras dúas estradas unen Cervás con Mugardos e A Coitelada.



S. Pedro de Cervás é a única igrexa románica da Comarca que se atopa dentro dun núcleo de poboación.

HISTORIA

A primeira mención coñecida feita de Cervás aparece no Libro I da Compostelana⁴⁶⁵. Entre os clérigos de Bezoucos que asinan un documento de obediencia á Sé Compostelá, cítase ó presbítero da igrexa de Cervalles⁴⁶⁶ Pelayo Almóndiz. O documento, datado en 1110, inscribese no contexto do contencioso mantido entre a Sé de Mondoñedo e a de Santiago pola posesión dos arciprestados de Bezoucos, Trasancos e Seaya.

No ano 1134, o conde don Fernando, fillo do conde don Pedro Froilaz, permuta á Igrexa Compostelá a parte que tiña na freguesía de Sta. M^a de Trasmonte, e outra herdade que posuía en S. Paio de Lens, polas herdades que aquela posuía en Sta. Eulalia de Lubre, S. Tirso, Sta. Marina e S. Pedro de Cervales, con tódolos seus accesorios e pertenzas⁴⁶⁷.

Mais estas herdades volverían pasar a mans do Cabido compostelán ó serlle doadas polo mesmo conde don Fernando e membros da súa familia⁴⁶⁸. E en realidade per-

465. *Historia Compostelana*, traducida por Fr. Manuel SUÁREZ, L. I, Capítulo 35, p. 90.

466. Na documentación aparece tamén o nome de Cervales ou Cervaes.


467. *Historia Compostelana*, L. III, Capítulo 40, pp. 486-487.

468. En realidade non chegaron ata nós os documentos de doazón dos coutos de Lubre e Cervás, que sabemos que pertencían o Cabido compostelán desde comezos do século XIII. Soamente se recolle nos Libros de Aniversarios o nome do posible doante, (Véxase LEIROS FERNÁNDEZ, Eladio, *Los tres libros de Aniversarios de la Catedral de Santiago de Compostela*, Compostellanum, Vol. XV, 1970, p. 230; e GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Marta, *El Arzobispado de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, Santiago, 1996, p. 13).

tención a un couto⁴⁶⁹, que a Igrexa compostelá conserva aínda a mediados do século XVIII, segundo o Catastro do Marqués da Ensenada.

Tal circunstancia obrigou a Fernán Pérez de Andrade, cando proxectou a fundación dun mosteiro na península situada entre as rías, a pedir autorización ó Arcebispo de Santiago. Segundo nos informa Jerónimo del Hoyo⁴⁷⁰, este mosteiro comezouse a construír en Chanteiro, que coma Montefaro pertencía á freguesía de Cervás, e deixou-se por non parecer sitio seguro. Sen embargo, sabemos que durante algún tempo viviu en Chanteiro unha pequena comunidade, así nos consta polo chamado *Libro de Pleitos de Mugardos*⁴⁷¹. Como recordo da tentativa quedou a ermida de Nosa Señora da Mercede⁴⁷². No 1393 Fernán Pérez pedía permiso para fundalo en Montefaro, como así se fixo con frades da Terceira Orde de regulares de S. Francisco⁴⁷³. Ángel del Castillo⁴⁷⁴ pon en dúbida a data de construción. Baséase na inscrición dunha lápida de granito, que di que se conserva no Museo Provincial de Belas Artes da Coruña, enviada a raíz da readaptación do edificio. Nela dise que aparece o escudo dos Andrade cunha lenda que reza: *Este m(oesteiro) fezo Fernán P(eres)s Dandrade, anno D(omi)ni MCCXCII*. É dicir, o mosteiro debeu rematarse no 1392. A contradicción pode explicarse considerando que o que en realidade fixo o arcebispo don Juan García Manrique foi sancionar unha política de feitos consumados. Sexa como for, o certo é que o mencionado Fernán Pérez dota ó Mosteiro⁴⁷⁵, no mesmo documento de 1393, coa ermida da Mercede de Chanteiro, e, catro anos despois, coa posesión da vila de Mugardos⁴⁷⁶. Un ano antes da anterior doazón, en 1396, doara a Montefaro parte da igrexa de Santa María de Miño e os cou-

Planta de
San Pedro de Cervás.



469. Este couto estendíase por boa parte da península situada entre as rías de Ares e Ferrol, e incluía a Caamouco (Véxase PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., *El dominio del Cabildo Catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (siglos XII-XIV)*, p. 110 e p. 107, mapa. E PEDRET CASADO, Paulino, *Consideraciones históricas sobre Montefaro y Chanteiro*, revista "Piedad, Estudio y Acción", 1952).

470. DEL HOYO, Jerónimo, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, p. 279.

471. RODRÍGUEZ FRAIZ, *El Santuario de Chanteiro*, Freguesía de Cervás, Programa do ano 1950.

472. Esta ermida xa estaba edificada no 1390. Este ano Martín Pérez, súa dona e outros moradores de Chanteiro venden a Fernán Pérez de Andrade o quión da herdade onde estaba a igrexa de Sta. M^a de Chanteiro por el edificada (ARG, Catálogo de Pergamiños, Cervás, 535, publicado por Andrés MARTÍNEZ SALAZAR, *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*, LIX, pp. 124-125). É moi posible, como sinala don Antonio Rodríguez Fraíz, que Fernán Pérez de Andrade edificase a igrexa sobre as ruínas dunha construción anterior (Freguesía de Cervás, Programa ano 1950, *El Santuario de Chanteiro*).

473. O documento que nos dá novas do feito foi publicado por VAAMONDE LORES en *Ferrol y Puente deume*, pp. 79-83. Véxase sobre o tema tamén GARCÍA ORO, *Galicia en los siglos XIV y XV*, pp. 230-234.

474. DEL CASTILLO, Ángel, *De la fundación del antiguo Convento de Santa Catalina de Montefaro*, Freguesía de Cervás, Programa 1950.

475. Véxase un relato das doazóns en GARCÍA ORO, José, op. cit., pp. 230-235.

476. O documento é publicado por VAAMONDE LORES, op. cit., pp. 81-83. Chámanos a atención que a doazón a reciba un tal Diego Fernández Freire, que se di da orde terceira de S. Francisco do mosteiro de Santa Catalina de Chanteiro. Ou é unha confusión, ou o único que nos pon de manifesto é a estreita relación que existía entre Montefaro e Chanteiro.

tos de Miño e Bemantes. Tamén remataría por pór baixo o seu coidado o hospital e capela do Espírito Santo que mandou construír na ponte do Eume⁴⁷⁷.

Poucas novas nos aporta Jerónimo del Hoyo⁴⁷⁸, como non sexa o mantemento dos vínculos e dependencias: a freguesía de S. Pedro de Cervás é de presentación do Cabido de Santiago e os froitos repártense entre o cura e o mencionado Cabido.

Na década dos oitenta do século XVIII, fanse no templo importantes reparacións que afectan ó faiado e á parede dereita⁴⁷⁹.

Na visita de 1791, o visitador Sebastián Malbar y Pinto escribe que *atendiendo a que la iglesia es corta para el pueblo de esta parroquia mando se alargue por el frente de la puerta principal quatro varas castellanas de longitud y que al medio se coloque la espadaña, y en consideración de que la campana que tiene es muy chica, que no se percibe en la mayor parte del pueblo, mando se coloque otra mayor*⁴⁸⁰. Mais o mandato non se chegou a cumprir.

No 1862 o párroco don Fernando Antonio López escribía ó Arcebispo de Santiago dicindo que a igrexa medía 6 metros, que a fachada principal ameazaba ruína e que era de imperiosa necesidade un ensanche, porque, tendo medrado considerablemente a poboación, non era capaz de conter nin a metade dela. Segundo o mencionado Párroco, Cervás tiña 180 fogares⁴⁸¹.

Do proxecto encárgase o arquitecto don Faustino Domínguez Caballero. As obras supoñen o derrubamento da casa que estaba diante da igrexa. Coa pedra das canteiras da área de Chanteiro fanse as partes nobres, zócolo e pilastras angulares, e con cachotería, o prolongamento. A fachada remátase cunha espadana de dous arcos. O 9 de outubro de 1867 o arquitecto certifica que as obras estaban rematadas.

Entre 1934 e 1937 a igrexa sufrirá incendios e estragos provocados que obrigarían a unha nova reparación. Nos Libros de Fábrica o párroco, don Antonio Rodríguez Fraíz, deixounos unha patética descrición do estado en que quedou a igrexa:

No había sacristía, sólo unos viejos y caídos muros adosados por la parte de atrás al lado Norte del ábside cubriéndolo con totalidad para escarnio del arte. La parte interior del presbiterio todo él encalado y color azul; hecho esto después del incendio, aquí una carcomida mesa haciendo de altar, sobre ella el Sto. Cristo que hoy está en la sacristía, traído de Montefaro. El Sagrado Corazón y S. Roque a un lado, S. Pedro y Sta. Rita a otro, todos apiñados; a los lados dos toscas mesitas -de los vecinos- para tener las ropas y vinajeras. El cuerpo de la iglesia sumamente oscuro, solo tenía un mal ventanal para toda ella y al fondo el pequeño rosetón. La planta la que se ve. Las paredes resquebrajadas y amenazando desplomarse. No en vano tenían un desnivel de 35 cm. en todo su lado y por ambos lados, por eso hubo que amarrarlos de cabeza en todo alrededor con una viga de hierro de 2 m. de alto y por 1 m. de ancho.

El tejado montado sobre cuatro vigas de madera apoyadas en ambos muros y dos metros y treinta cm. máis baixo que el actual, que fue lo que justamente se elevó de

477. Véxase ó respecto CORREA ARIAS, José, *A ponte do Eume*, "Cátedra", nº 2, pp. 45-53.

478. DEL HOYO, Jerónimo, op. cit., p. 278.

479. APC, LF 1678-1794, f. 179.

480. APC, LF 1678-1794, Visita de 1791.

481. AHDS, FX, Obras de reparación e Construcción de Templos, Bezoucos, C. 1246.

*la iglesia. El pavimento: si el tejado y muro estaban mal, el suelo mucho peor, puesto que era de tierra ya que antes había tenido piso de madera...*⁴⁸².

A guerra demorou a reparación. Ata abril de 1943 non comezaron as obras baixo a dirección do arquitecto Juan González Cebrián. Rematarían o 8 de decembro de 1944.

DESCRIPCIÓN DO MONUMENTO

É unha igrexa dunha soa nave coa habitual orientación litúrxica, e unha ábsida semicircular con tramo recto, única parte románica que se conserva.

Exterior

A ábsida aparéllase con sillares de granito ben cortados e dispostos en ringleiras horizontais. Aséntase sobre unha base de dous niveis. Está dividida en tres tramos por piares en aresta viva, que compartimentan o zócolo e chegan ata un beirado con bordo de nacela, sostido por canzorros xeométricos e zoomorfos. En cada tramo ábrese unha ventá, orixinariamente seteiras, pero ampliadas en reformas posteriores. O tramo recto trasdoséase ó exterior, uníndose directamente á nave e formando un cóbado no seu contacto co semicírculo. No lado sur abriuse, en 1754, unha ventá alintelada. Parte do tramo recto do lado norte escóndese trala sacristía.

Interior

No interior, a ábsida presenta unha organización semellante á de Doroña ou Caaveiro: elevada lixeiramente sobre o nivel da nave, o tramo recto limita a oriente cun cóbado que estreita e marca o comezo do hemiciclo; e a occidente, cun arco presbiteral dobrado, de sección rectangular en aresta viva, lixeiramente peraltado e acarpanelado. É sostido por dúas semicolumnas entregas de cinco tambores, bases áticas con garras e plintos cadrados. Os capiteis posúen decoración vexetal, e, os seus cimacios, labrados en curva de nacela, prolónganse en imposta marcando o comezo das bóvedas. A abertura desta ábsida é duns 4,70 m.

Cara ó interior, as ventás son abucinadas e de arco semicircular: a do centro con tres doelas radiais; as dos lados, en bloque monolítico rectangular. No muro norte do tramo recto ábrese unha porta alintelada que comunica coa sacristía.

A cuberta é abovedada: medio canón no tramo recto e bóveda de forno no semicírculo. Ambas co aparello revocado.

A decoración

Na ábsida e no muro da nave ó que se adosa, aparecen labradas **catro cruces**. Seguramente a sacristía esconde algunha máis. Unha, lábrase na parede da nave; outra,

482. APC, Libro de Culto e Fábrica, 1894-1967, ano de 1941.

483. Son abundantes as igrejas románicas da provincia da Coruña que teñen cruces nos tímpanos: Celas de Peiro, Culleredo, Chamín, S. Tirso de Oseiro, Oza dos Ríos, Salto, Bremao ou Santiago da Coruña, etc.

484. É o caso, por exemplo, de Doroña, Chamín, Bergondo ou Coirós.


485. Así atopámolos en Tiobre ou Santiago da Coruña.

486. Na provincia da Coruña non coñecemos ningún exemplo máis. BANGO TORVISO, para a provincia de Pontevedra, sinala dous exemplos, mais en ambos casos levadas por persoas.

no tramo recto, e as dúas restantes en cada un dos contrafortes. Tres son cruces potenziadas e a cuarta, situada na pilastra máis setentrional, latina. As potenziadas posúen unha altura de 148 cm e aparecen en ocorrelevo. A latina, está gravada e mide uns 29 por 26 cm.

A presenza do signo da cruz, adoptando distintos modelos, é frecuente nas igrexas románicas. Atopámolas, como cruces antefixas, coroando piñóns e frontispicios; nos tímpanos⁴⁸³, distribuídas polos muros, respondendo a simples marcas, que nos recordan as dos canteiros⁴⁸⁴, sinalando a situación do cemiterio ou aludindo á consagración, e neste caso soen estar inscritas nun círculo⁴⁸⁵.


A cruz latina é infrecuente no románico⁴⁸⁶, o que nos fai pensar q u e



Ábsida de
San Pedro de Cervás



Interior da ábsida.

Sección lonxitudinal de San
Pedro de Cervás

non corresponden á época románica e, en todo caso, que sexa posterior ás potenziadas. Tam-pouco estas son as que máis se prodigan⁴⁸⁷. Na provincia da Coruña son máis frecuentes as de S. Luís, patadas ou de consagración de Santiago.


Ignoramos a antigüidade e o sentido das cruces de Cervás. Anque as incluímos nun apartado dedicado á decoración, é evidente que teñen un carácter funcional. A súa regular distribución e o infrecuente número en que aparecen fannos pensar que puiden estar relacionadas coa celebración do vía crucis ó redor da igrexa.

O beirado é sostido por **9 canzorros**, situados todos eles no semicírculo; xa que, no tramo recto, como ocorre en Cuíña, o beirado perde voo, facendo innecesaria a súa presenza.

Numerados de norte a sur son os seguintes:

1.- Curva de nacela coa parte superior resolta en cilindro.



487. Atopámolas, por exemplo, nos tímpanos de Sta. Mª de Cela, Sta. Mª Tourón ou S. Cipriano de Calogo, as tres na provincia de Pontevedra.



- 2.- Cabeza de animal, posiblemente un xabaril, coa lingua fóra.
- 3.- Semellante ó 1º.
- 4.- Semellante ó 1º.
- 5.- Dous cuadrúpedes de costas.
- 6.- Curva de nacela.
- 7.- Semellante ó 1º.
- 8.- Semellante ó 6º.
- 9.- Cuadrúpede de costas.

Todos eles atopámoslos en igrexas románicas da provincia da Coruña da segunda metade do século XII. O 1º é o típico das ábsidas de Bergondo e Cambre. A cabeza de animal é un tipo de canzorro sumamente estendido. O cuadrúpede de costas aparece, por exemplo, en Andrade, Moraime, Dexo ou Bremao. Na provincia da Coruña, só coñecemos outro exemplo con dous cuadrúpedes de costas: un dos que sosteñen o tornachuvias da fachada de Sta. Mª de Cambre.

Ambos **capiteis** son vexetais, de dobre ringleira de follas que parten do astrága-



Capiteis do
presbiterio.

lo, de extremos redondeados, con bólas na súa parte superior. En ambos casos, unha das ringleiras de follas chega ata a metade da cesta e a outra ocupa toda a altura do capitel.

No capitel dereito, no interior das follas, tállanse outras máis pequenas que arrancan do nervio central. Trátase dun tipo de folla empregada polo mestre Esteban no cruceiro da Catedral de Santiago, desde onde se difunde por toda Galicia: atopámolo en igrexas tan afastadas coma Ozón, Xubia, Dexo (A Coruña), Castro de Amarante (Lugo) ou Santiago de Castro (Pontevedra).

No da esquerda, as follas son menos carnosas. As inferiores son lisas e as superiores posúen un nervio perlado, e, na parte superior do lado ancho, entre as follas, lábrase unha faciana.

Cronoloxía

Os restos románicos son datados por Ángel del Castillo⁴⁸⁸ coma da segunda metade do século XII. A apreciación é correcta. Non é desatinado pensar, como ocorre con Dexo, que S. Pedro de Cervás, situada dentro dun couto cunha xurisdicción pertencente á Igrexa de Santiago, teña unha historia material vencellada ás iniciativas do Cabido de Santiago. A presenza dun tipo de capitel tan vencellado ós obradoiros que traballan na Catedral, así nolo suxire. A valoración desta presenza inclínanos a aproximar a datación máis a mediados de século ca a fins.

FONTES

Arquivo Parroquial de San Pedro de Cervás

- Libro de Fábrica, 1678, 1794.
- Libro de Fábrica, 1894-1967.

Arquivo Histórico de Santiago: Fondo Xeral

- Obras de reparación e construción de Templos, Bezoucos, Caixa 1264.

Arquivo Histórico do Reino de Galicia

- Inventario de Clero da Provincia da Coruña: nº 149, 1676.
- Catálogo de Pergamiños: nº 535, 1390; 480, 1440; 774, 1529; 378, 1415; 224, 1435.

Compostelana, Traducida por Fr. Manuel SUÁREZ,

- L. I, Capítulo 35, p. 90; L.III, Cap. 40, pp. 486-487

488. DEL CASTILLO, Ángel, *Inventario monumental y artístico de Galicia*, pp. 128-129.

BIBLIOGRAFÍA

- CARDESO LIÑARES, José: *Santuarios Marianos de Galicia*, A Coruña, 1995.
- DEL CASTILLO, Ángel, *La fundación del antiguo Convento de Santa Catalina de Montefaro*, Freguesía de Cervás, Programa ano 1950.
- DEL CASTILLO, Ángel, *Inventario Monumental y Artístico de Galicia*, A Coruña, 1987.
- FIGUEIRIDO REAL, Manuel, *Toponimia de la península de Montefaro*, Freguesía de Cervás, Programa ano de 950 e revista *Piedad, Estudio y Acción*, ano 1954.
- GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Marta, *El Arzobispado de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media*, Santaigo, 1996.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier, *El dominio del Cabildo Catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (siglos XII-XIV)*, Santiago, 1994.
- RODRÍGUEZ FRÁIZ, Antonio, *El Santuario de Chanteiro*, Freguesía de Cervás, Programa ano 1950.
- REVISTA *Piedad, Estudio y Acción*, ano de 1952.
- SORALUCE BLOND, J.R., *Arquitectura románica de A Coruña, Faro-Mariñas-Eume*. Santiago 1983.
- VÁZQUEZ PENEDO, A., *El Románico en la Comarca Eumesa*, Pontedeume 1986.

San Martino de ANDRADE



San Martiño de Andrade é unha parroquia que pertence ó concello de Pontedeume e dista da Vila uns 4,5 quilómetros. Accédese á Igrexa desde Campolongo, seguindo a dirección a O Grove.


HISTORIA

Nos primeiros testemuños documentais que chegaron ata nós, Andrade cítase como vila⁴⁸⁹, como lugar⁴⁹⁰ e como igrexa. A primeira mención coñecida a S. Martiño de Andrade como tal aparece nun documento⁴⁹¹ de doazón, con data de 1 de abril de 1102, polo que Bermudo Fortuniz, cóengo de Caaveiro, doa ó citado mosteiro unha servicialía na vila de Andrade *discurrente ad aulam Sancti Martini*.

Volve ser nomeada no testamento⁴⁹² de Mayor Suárez, asinado o 9 de setembro de 1158, no que a herdade doada a Caaveiro se atopaba *discurrente ad aulam sancti Martini de Andradi*.

Mais co nome de Andrade tamén se alude a un couto. O couto de Andrade aparece mencionado nun documento⁴⁹³, datado o 13 de decembro de 1223, polo que Pedro Bermúdez de Andrade vende ó mosteiro de Caaveiro canto posuía no mencionado couto de Andrade, tanto herdades coma homes, por 410 soldos e dous cabalos, tasados en 300 soldos. Ignoramos quen era daquela o titular do couto de Andrade. Posiblemente o fose o mesmo Bermúdez de Andrade⁴⁹⁴. Este Bermúdez de Andrade aparece no Cartulario de Caaveiro en documentos datados entre o 1204 e o 1233, nos que doa a dito Mosteiro propiedades situadas en S. Pedro de Grandal (Allón, Maceira),

San Martiño de
Andrade



San Martiño de ANDRADE

489. A vila de Andrade aparece citada nun documento datado no 1104 polo que Rodrigo Froylaz e súa dona Guncina González doan a Caaveiro diversas herdades (FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, *El Tumbo de Caaveiro*, nº 99). O documento volve aparecer no Cartulario de Caaveiro con data de 1117 (Idem., op. cit., nº 29 e nº 83).

490. O testamento de Munio Rodríguez foi realizado, entre 1125 e 1152, "*in concilio de Andrade*" (FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 187). Nun documento, datado en 1152, o mosteiro de Caaveiro establece un pacto con Diego Muniiz para que este cultive unha herdade en Andradi (Idem., op. cit., nº 192). Por último, nunha doazón de Bermudo Fortuniz ó mosteiro de Caaveiro, datada no 1160, o citado Bermudo autodenomínase miles de Andrade (Idem., op. cit., nº 173).


491. Idem. op. cit., nº 110. O documento está datado erroneamente, xa que se di realizado en tempos de *Adefonsus rex filius comitis Reimundo*.

492. Idem., op. cit., nº 189.

493. ARG, Catálogo de Pergamiños, L. 25, Andrade, Couto de, nº 83.

494. Véxase o que se di del no epígrafe *O ascenso da nobreza de segunda fila*.

Planta de San
Martíño de
Andrade.



S. Martiño do Porto (Piqui, Laio), Neda (Sandi), Lugo (Burganes), Sta. M^a de Ribadeume ou S. Martiño de Andrade. Precisamente, no primeiro documento, datado no 1204, doa ó mosteiro a súa porción íntegra da ecclesia de S. Martiño de Andrade⁴⁹⁵. Noutro documento⁴⁹⁶, con data de 3 de decembro de 1220, ó mesmo tempo que doaba ó mosteiro as súas herdades en Bezoucos, manda ser soterrado nel.

Parece posible que Martín Bermúdez de Andrade⁴⁹⁷ fose irmán seu, sobre todo se consideramos que doa a Caaveiro herdades situadas en lugares semellantes, e no seu testamento⁴⁹⁸, asinado o 25 de marzo de 1224, manda tamén ser soterrado en Caaveiro.

Por outra parte, César Vaamonde Lores⁴⁹⁹ pensa, tras demostrar que xa existía un castelo de Andrade antes do construído por Fernán Pérez na pena de Leboreiro, que o primitivo castelo estaba na parroquia de S. Martiño de Andrade.

Cando, no 1270, Afonso X concede a unha trintena de freguesías a Carta de Poboamento non se nomea loxicamente S. Martiño de Andrade. Debemos pensar que, tras converterse o alfoz de Pontedeume en señorío da casa de Andrade, o couto do mesmo nome vai seguir unha evolución semellante ó resto dos territorios que compoñían o morgado dos Andrade. Na lista das xurisdiccións e vasalos dos Andrade, en tempos de Fernán Pérez de Andrade "*O Mozo*", inclúese Pontedeume co seu alfoz, coas *terras dos castelos de Ponte de Ume e Andrade*⁵⁰⁰, onde tiña 330 vasalos. Se dito desta maneira nos asalta a dúbida, a lista⁵⁰¹ que recolle as posesións dos Andrade en 1515 é aclaratoria: nela inclúese expresamente o couto de Andrade.

Coa construción do castelo na pena de Leboreiro, que supuña a intromisión dos Andrade nas terras que Sobrado tiña en Nogueirosa, e coa posterior construción do castelo asentado na vila de Pontedeume, Andrade perdeu o protagonismo, se algunha

495. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 203.

496. Idem., op. cit., nº 52.

497. No Tumbo de Caaveiro aparecen tres Andrades máis: Pelayo Rodríguez de Andrade, nun documento sen data, polo que doa a Caaveiro as súas herdades de Andrade e Nogueirosa (Idem., op. cit., nº 188); Pero Fernández de Andrade, do que non sabemos nada, e o xa coñecido Fernando Pérez de Andrade que aparece citado nos documentos, datados entre 1245 e 1251 como miles e cabaleiro. Como xa dixemos, este Fernando Pérez, posiblemente sexa fillo de Pedro Bermúdez de Andrade.

498. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 162.

499. VAAMONDE LORES, César, *Ferrol y Puenteume...*, pp. 75-76.

500. VASCO DE APONTE, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*. Equipo de Investigación "Galicia hasta 1500". Santiago 1986, p. 137.

501. GARCÍA ORO, J., *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba*, p. 112.

502. A primeira nova que temos ó respecto proporcionanola Jerónimo DEL HOYO, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, p. 310.

503. AHDS, Obras de Construcción e reparación de Templos, Pruzos e Rivadulla, C. 1258.

504. APV, III LF, 1892-1953. Para as obras de restauración e ampliación da igrexa foron recaudadas na parroquia de Andrade 12.822 pts., ás que se engadiron 2.000 pts. aportadas polo Arcebispo. O importe total das obras ascendeu a 17.315, cantidade importante que nos fala da envergadura das obras; esta impor

vez o tivo; o que tamén sucedeu desde o punto de vista eclesiástico: a freguesía de S. Martiño de Andrade pasou a ser anexa á de Nogueirosa⁵⁰². Esta circunstancia mantívose ata o 1871, ano no que comezou, e non sen a oposición dos fregueses⁵⁰³, a depender de S. Pedro de Vilar.

DESCRICIÓN DO MONUMENTO

A igrexa foi ampliada
en 1943 uns 9 metros⁵⁰⁴.
É dunha soa nave
e áb-sida
semicir-



Exterior da ábsida de
San Martiño de Andrade.

cular coa típica

orientación litúrxica. A ábsida e parte do muro norte son os únicos restos románicos que quedan nesta igrexa.

Exterior

A ábsida semicircular aparéllase con sillares de granito dispostos en ringleiras horizontais, mais de distinto grosor, resultando un muro pseudo-isódomo, anque sen unha orde preestablecida; apóiase nunha base de dous niveis de bordos achafranados. Está compartimentada por dous contrafortes que dividen o banco e que, rematados en támara, non chegan a conectar co beirado; outros dous contrafortes, a modo de cóbdos, sóldana coa nave. A articulación desta ábsida, con pilastras que non chegan ó beirado, é pouco frecuente no románico galego, no que as ábsidas semicirculares son lisas, ou, máis frecuentemente, compartimentanse con semicolumnas.

O beirado ten medio bordo recto e o outro medio en támara. É sostido por canzorros zoomorfos, xeométricos e antropomorfos.

En cada tramo ábrese unha ventá do tipo de S. Xoán de Vilanova e Doroña, é dicir, sinxelas, de dobre derrame, dobradas e de arco de medio punto en bloque monolítico. As medidas destas ventás son parecidas ás de S. Xoán de Vilanova⁵⁰⁵.

No lado sur, a sacristía cobre parte da ábsida.

No lado norte da nave permanece parte do muro da antiga fábrica románica, anque non se conserva o beirado; o seu límite apréciase claramente no interior ó reducirse o grosor do muro. Neste muro existe unha porta, hoxe tapiada, de arco de medio punto, que primitivamente, cando era utilizada, non debía de estar igualada co muro.

Capitel esquerdo. Malia estar recuberto con cal, apréciase que está decorado con follas que rematan en puntas acubillando bólas.

Interior

A ábsida permanece agachada tras un retablo que para colocar houbo que rebaixar o arco do presbiterio. A organización interna desta ábsida é semellante á de Dexo, Reboredo ou á desaparecida de S. Pedro de S. Román. A súa abertura é duns 3,80 m. Debuxa no plano un arco semicircular peraltado. A diferenza coas igrejas antes citadas, radica nas dimensións do peralte, menores na igrexa que nos ocupa.

A planimetría desta ábsida non é frecuente nas igrejas de nave única do románico galego⁵⁰⁶, no que a norma habitual é a presenza a oriente dun cóbado, que estreita o hemiciclo, ou de semicolumnas adosadas.

tancia queda constatada ó comprobar que, no mesmo ano, por retellar, branquear e dar xeso a partes do teito da igrexa de Vilar a suma ascendía a 704 pts. Nas contas do ano 1943 non se especifica en que consistiron as obras, pero o máis posible é que non se fixese unha fachada nova, senón que se trasladou a fachada existente.

505. As de Vilanova miden 66 cm de ancho no exterior e 40 cm no interior; as de Andrade 67 cm e 44 cm respectivamente.

506. É difícil engadir outros exemplos ós xa citados. Na provincia de Pontevedra non hai ningún exemplo; en Lugo, S. Salvador de Asma posúe unha certa semeillanza. Hai que acudir ás igrejas de tres naves para atopar, nas ábsidas laterais, exemplos semellantes: absidiólas da Catedral de Santiago, ou ábsidas laterais de Bremao, Santiago do Burgo, Xubia, etc. Fóra de Galicia, posúe unha planimetría semellante a ábsida central de S. Martín de Frómista.



Ver e fotografar o interior da ábsida non resulta nada doado, pois tápao o retablo do altar maior. Este é un pequeno detalle da valiosa ábsida románica de San Martiño de Andrade.

O arco triunfal, polo que parece, é de sección prismática e non está dobrado.

O interior da ábsida (muros, bóveda, imposta e capiteis) está recuberto con cal, froito de sucesivas campañas de branqueo, que non conseguiron ocultar os restos de pintura⁵⁰⁷.

Só sabemos como é o capitel esquerdo. Malia estar recuberto con cal, apréciase que está decorado cunha única orde de follas, tres en total, que parten do astrágalo e rematan en punta acubillando bólas⁵⁰⁸. O capitel complétase, na cara ancha, con dous caulículos que arrancan dun toco central, que ben puidera ser unha faciana.

Unha imposta, co tema do billete labrado na súa parte inferior, prolonga os cimacios e marca o arranque das bóvedas. No interior da ábsida, a parte superior desta imposta resólvese en media cana; e, en gordo listel, desde os capiteis cara a fóra. O tema do billete está sumamente estendido na provincia da Coruña⁵⁰⁹. O de Andrade está formado por cuartos de cilindro, separados por rebaixes en forma de uve, tal e como aparece na Catedral de Santiago, Bremao, nalgunhas das chambrás das ventás da ábsida de Cambre ou no beirado de S. Salvador de Bergondo.

A decoración

Xa falamos da imposta de billetes e dos capiteis, capítulo á parte merecen os canzorros⁵¹⁰ que sosteñen o beirado.

507. Na exploración que realizamos puidemos constatar que o bordo das ventás está decorado con dentes de serra de cor carmesí.

508. Este tipo de capitel, identificado por algúns autores coma de bólas con carapucha, é sumamente frecuente e dunha cronoloxía moi dilatada. Modelos semellantes atopamos, por exemplo, en Xubia ou Dexo.

509. Atopámolo en impostas dentro da ábsida, en S. Vicente de Elviña, S. Martiño de Brabio ou Reboredo. Tamén aparece decorando impostas na Catedral de Santiago ou Bremao. Moi frecuentemente emprégase para decorar chambrás (Cambre, Sta. Mª do Sar, Salto, Xubia, Sta. Mª de Melide), impostas exteriores (Sta. Mª de Melide, Xubia); con menor frecuencia, decorando os beirados (Bergondo).

510. Estes canzorros xa foron obxecto dun breve mais suxestivo artigo publicado por José CORREA ARIAS no nº 12 da revista "Alfoz".

A presenza de canzorros con decoración escultórica é unha nota característica do estilo románico. O lugar préstase ó exercicio da imaxinación dos canteiros, que reproducen temas irrepetibles, moitas veces inspirados no entorno no que se sitúa a igrexa. Se esta é unha consideración que se pode aplicar ó románico galego no seu conxunto, as igrexas rurais da provincia da Coruña non destacan, agás contadas excepcións, pola orixinalidade e variedade dos temas, case sempre xeométricos ou vexetais, cando non aparecen proas ou curvas de nacela, e, menos frecuentemente, facianas ou cabezas de animais. Hai que acudir ás igrexas dos mosteiros (Xubia, Sar, Ozón, Breamo, Santiago de Mens ou Santiago da Coruña) para atopar unha maior abundancia de figuras. Neste sentido, S. Martiño de Andrade é unha excepción, mais, en contrapartida, o canteiro renunciou á imaxinación e á orixinalidade en prol da reprodución duns modelos repetidos, cunha simboloxía ben cuñada, por todas partes ó longo de toda a xeografía do románico.

Os canzorros, de sur a norte, son os seguintes:

- 1.- Chafrán con figura irrecoñecible.
- 2.- Figura humana sentada coas mans apoiadas nos xeonllos. Á figura fáltalle a cabeza.
- 3.- Aparentemente parece unha maza, sen embargo, vista de lado, apréciase que non se trata dun cilindro, senón que adopta a forma de garra.
- 4.- Canzorro con tres rolos.
- 5.- Figura de muller núa, sentada e apoiando as mans nos xeonllos. Fáltalle a cabeza.
- 6.- Home nu tamén sentado ou en crequenas. Apoia unha man no peito e a outra no xeonllo.
- 7.- Cuadrúpede de costas.
- 8.- Canzorro vexetal de lingüeta.
- 9.- Chafrán con baquetón central.
- 10.- Cubo deforme. Trátase evidentemente dun capitel repostado.
- 11.- Rolos enlazados por un cordón.
- 12.- Maza.
- 13.- Faciana.

Cronoloxía

Sen dúbida a ábsida de S. Martiño de Andrade foi reconstruída na segunda metade do século XII, mais o mestre de Andrade asimilou unha linguaxe tan repetida ó longo da xeografía e da cronoloxía do románico, que resulta difícil unha maior precisión. De todas formas, se consideramos as semellanzas que indubidablemente existen coa ábsida do lado da epístola de S. Miguel de Breamo, podemos precisar a data, situando a construción máis próxima a fins de século ca a mediados.

FONTES

Arquivo Histórico Nacional: Sección Clero

- Cartafol 490, 1 pergamino de 1421.
- Tumbo de Caaveiro, Cód. 1439B. Transcrito por FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, *El Tumbo de Caaveiro*, números 99, 29, 83, 187, 189, 192, 173, 110, 203, 52, 162. "Cátedra", nº 3 e 4, Pontedeume 1996 y 1997.

Arquivo do Reino de Galicia

- Inventario de Clero da Provincia da Coruña: atad. 611-57, 1620.
- Catálogo de Pergamiños: L. 25 nº 83.
- Colección Vaamonde Lores: Colección "A" Temática. Mosteiro de Sobrado. Sig. 6(1), nº 10, *Apuntes de hechos referentes al Monasterio de Sobrado, como son: Privilegios reales, Fundaciones, etc. del Monasterio de Sobrado (Tumbo de la parte de la Hacienda de las villas de Ferrol y Puente deume y sus tierras)*. Publicadas por VAA-MONDE LORES, César, en *Ferrol y Puente deume*, número II.

Arquivo Parroquial de San Pedro de Vilar

- III Libro de Fábrica, 1892-1953.

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago: Fondo Xeral

- Obras de construcción e reparación de Templos, Pruzos e Rivadulla, C. 1258.

Fontes publicadas

- VAAMONDE LORES, *Ferrol y Puente deume*, Apéndice nº 5.

BIBLIOGRAFÍA


- CORREA ARIAS, F.J., *Los canzorros de San Martín de Andrade*, revista "Alfoz", nº 12.
- CORREA ARIAS, F.J., *O Románico Eumés: Eclecticismo e orixinalidade*, Cátedra, nº 1, 1994.
- DEL CASTILLO, A., *Inventario Monumental y Artístico de Galicia*, A Coruña, 1987.
- SORALUCE BLOND, J.R., *Arquitectura Románica de A Coruña, Faro-Mariñas-Eume*. Santiago, 1983.
- VÁZQUEZ PENEDO, A., *El románico en la Comarca Eumesa*, Pontedeume, 1986.



San Miguel de BREAMO

A igrexa de S. Miguel de Breamo atópase situada no cume do monte do mesmo nome, a 305 m de altitude. Pertence ó concello de Pontedeume e á freguesía de S. Pedro de Vilar.

Accédese a ela ben desde Pontedeume ou ben desde Campolongo, por senllas estradas locais que conflúen en Vista Alegre, para continuar ata o cume bordeando a vertente norte e oeste do monte. Outro camiño une esta estrada coas comunicacións entre Pontedeume e Perbes.



O monte Breamo e os seus accesos.

HISTORIA

A aparición do mosteiro,
a delimitación do couto
e os seus habitantes

A igrexa de S. Miguel é o único resto do que fora o Real Priorato de S. Miguel de Breamo. A penuria de fontes documentais⁵¹¹, especialmente lamentable para o período medieval, imposibilitáanos abordar a historia deste Priorato con éxito, e as poucas pinceladas que podemos aportar, pérdense nun cadro completado con incertidumes e suposicións.

As mencións máis antigas son do Monte. Facilmente identificable ó pé da ría de Ares, serviu de punto de referencia á hora de precisar a localización das herdades doadas a Caaveiro. A primeira que atopamos está datada no 1102, e aparece nun documento polo que Luzo Guimaraz e súa dona Marina Arias ceden a Pedro Gosindiz unha herdade situada *inter duos fluvios Eume et Doronia; sub monte Breamo*⁵¹². Once anos despois, en documento de 22 de marzo de 1113, o tal Pedro Gosindiz doa dita herdade a Caaveiro, volvendo a mencionar o monte Breamo (...*subtus monte Breamo, iuxta Campo Longo...*)⁵¹³. A derradeira mención, con data de xullo de 1156, aparece no testamento de Elvira Pinoiz, polo que, a citada Elvira, doa a Caaveiro unha herdade situada en terras de Pruzos, *subtus monte Breamo, concurrente ad acclesiam sancte Marie de Centronia*⁵¹⁴.

Estas e outras doazóns⁵¹⁵, no espazo dominado polo Monte, pónennos de manifesto o protagonismo que comezaba a ter o mosteiro fundado anos atrás na marxe dereita do Eume, na vila de Calavario.

511. No nº 2 da revista "Cátedra", nun artigo titulado *En torno al Real Priorato de San Miguel de Breamo y su iglesia*, fixemos un relato das fontes e das aportacións bibliográficas.

512. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, *El Tumbo de Caaveiro*, "Cátedra" nº 4, nº 214.

513. Idem., op. cit., nº 215.

514. Idem., op. cit., nº 208.

515. No Tumbo de Caaveiro aparecen outras dúas mencións do monte Breamo, ámbalas dúas datadas en 1107 (FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 209 e 210).

Unha intuición, e a ausencia de referencias temperás ó Priorato ou ó Couto, máis ca probas incuestionables, lévannos a pensar que a mediados do século XII aínda non estaban asentados os cóngos no alto do Monte. Descoñecemos o papel xogado por Caaveiro neste asentamento. Algún debeu ser, anque fose de oposición, se temos en conta que eran mosteiros da mesma orde e que Breamo se fundaba no seu ámbito de influencia. Mais, malia o que opinen autores como Hipólito de Sá⁵¹⁶, nada nos leva a pensar, considerando que os mosteiros de cóngos regulares de S. Agustín carecían dunha casa nai e eran gobernados por priores, que Caaveiro propiciase o asentamento. Parece máis ben o froito da vontade da Monarquía de completar o crebacabezas de xurisdiccións, nun espazo de indubidable valor estratéxico. Da intervención da Monarquía⁵¹⁷, non temos dúbida ningunha; dela arranca o feito de que o Priorato de Breamo fora de padroado real.

Mais tampouco hai dúbida de que en 1169 xa existe vida monástica no cume do monte Breamo. Dese ano data un preito⁵¹⁸ entre Oveco Gutiérrez e os cóngos de Caaveiro no que se cita ó prior de Breamo Juan Ovequiz. Esta data e a construción da igrexa (da que temos unha inscrición), síntoma indubidable dun momento de vitalidade da pequena comunidade de cóngos, lévannos a pensar que foi baixo o reinado de

Fernando II (1157-1188) cando se produciu tal asentamento.



Igrexa de San Miguel de Breamo, situada no cume do monte, vista desde o sueste.

Debeu de ser o mencionado Monarca quen delimitou o dominio xurisdiccional do Mosteiro. Mais as referencias que temos do Couto son indirectas e serodias. Estendíase⁵¹⁹ polas freguesías de Breamo (agás por Allegue, Veiga, Vilamou-re e Gunturiz),

S. Pedro de Vilar, por parte das freguesías de Perbes (S. Bolo), Vilanova⁵²⁰ (Buiña) e Centroña (Castrelo). A freguesía de Pontedeume, formando unha media lúa en torno á ponte, foi subtraída deste couto ó fundarse a Póboa.

A delimitación serodia deste Couto explica, en grande medida, as súas reducidas dimensións; e a súa particular situación determinará a súa evolución posterior. Efectivamente, coñecemos mal o mapa dos señoríos laicos da segunda metade do século XII. Ignoramos se os coutos coma o de Andrade ou Miño, coas referencias máis antigas da primeira metade do século XIII, xa existían; ou o couto de Andel, situado na freguesía de S. Xoán de Vilanova e dependente da xurisdicción de Callobre. Pero si sabe-

516. DE SÁ BRAVO, Hipólito, *El monacato en Galicia*, Tomo I, p. 104.

517. Véxase ó respecto o nº 2 da revista "Cátedra", pp. 123-125.

518. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS, GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., nº 178.

519. Véxase "Cátedra", nº 2, epígrafe *Un intento de reconstruír el Coto*, pp. 129-133.

520. Véxase no apartado MARCO XEOGRÁFICO E HISTÓRICO as dúbidas que se presentan sobre a inclusión de toda a freguesía dentro do Couto.

521. Véxase ó respecto CARBAJO-CORTÉS, *Cronicon manuscrito de Santa Mª de Sobrado*. Copia de Benigno Cortés realizada en 1901. Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, sig. M. 587, f. 198 e seguintes. E VAAMONDE LORES, *Ferrol y Pontedeume...*, pp. 46-49.

522. Véxase revista "Cátedra", nº 2, art. cit. epígrafe *Círculos en torno a los orígenes e Apéndice documental*.

523. ARG, documento sen inventariar. Véxase "Cátedra", nº 2, p. 156, documento IV.

524. AHN, Carpeta 490, nº 2.

mos que cando o mosteiro de Breamo aparece en escena están perfectamente consolidados os dominios de S. Salvador de Pedroso, Xubia, Caaveiro, Monfero, Nogueirosa, do bispado de Mondoñedo (San Martiño do Porto) e do Cabido da Catedral de Santiago (couto situado entre as rías de Ferrol e Ares).

Mais será con Sobrado, mosteiro de asentamento tamén serodio en terras de Pruzos, con quen Breamo non tardaría en bater. Repitamos cousas xa ditas. Sta. M^a de Sobrado fora refundado como mosteiro cisterciense no 1142, tras ser doado por dona Urraca a membros da familia Traba. Rapidamente os seus dominios van experimentar un espectacular crecemento: Entre 1142 e 1160 desenvólvese unha primeira fase da expansión, ó longo da cal o mosteiro aséntase ó norte da ría de Ferrol, onde xurdirán as granxas de Reparada e Brión. Á morte da infanta Urraca, no 1173, caen baixo a órbita de Sobrado o couto e o mosteiro de Nogueirosa, que fora fundado, en 1148, polo conde don Bermudo Pérez con monxes traídos de Toxosoutos⁵²¹. Coincide o feito co comezo dunha segunda etapa de expansión, que M^a del Carmen Pallares sitúa entre 1160 e 1220, na que o Mosteiro adquire por doazón numerosas propiedades nos arredores do monte Breamo. En tales circunstancias, como xa temos adiantado, o conflito era cuestión de tempo. O enfrontamento resolveuse en varios preitos⁵²², que nos aportan os primeiros datos sobre o feito de que Breamo estivera habitado por cóengos regulares. O primeiro dos preitos estaba presentado xa no 1234 e as terras en litixio atopábanse en Mandres (Nogueirosa), resolvendo a favor de Sobrado dous anos depois. O segundo dos preitos, posiblemente un rebrote do anterior, xa que os bens en contenda tamén estaban en Nogueirosa, resolveuse, en 1244, igualmente a favor de Sobrado.

Parece evidente que desde os seus comezos o mosteiro estivo ocupado por cóengos regulares. A primeira referencia á orde de cóengos que habitaban o mosteiro atopámola na copia dun documento⁵²³ de doazón datado en 1397: era de cóengos regulares de S. Agustín.

Non cabe tampouco dúbida de que a comunidade de cóengos de S. Agustín asentada no cume do monte Breamo era de reducidas dimensións, así nolo suxire a dimensión do Couto e o único documento de foro de que dispomos: neste documento, datado en 1363, polo que o mosteiro afora a Johan Alfonso, clérigo de S. Pedro de Perbes, unha casa na vila de Ponte Deume, menciónase o Prior, Pedro Rodríguez, e dous cóengos máis⁵²⁴. O mosteiro podería ter tres ou catro cóengos co Prior. Se consideramos que Caaveiro e S. Salvador de Pedroso tiñan polas mesmas datas 9 e 12 ou 13 respectivamente, podemos facernos unha idea do seu tamaño.

Se boa parte das terras de Pruzos e Bezoucos se subtraeran á xurisdicción real, pasando a integrar dominios laicos ou eclesiásti-

Fachada principal da igrexa de San Miguel de Breamo.

Na foto pódese apreciar como aínda non estaba o rosetón que, na primeira metade do século XX, veu substituír á seteira.



cos, outra parte permanecía baixo a súa xurisdicción. É así como, no ano 1270, Afonso X concedía a unha trintena de freguesías carta de privilexio para poboar o lugar que chamaban Ponte do Eume. A Carta de poboamento creaba unha situación que se crebaría co protagonismo da casa de Andrade. O primeiro paso produciuse no 1364 coa concesión, por parte do rei don Pedro, das freguesías de Vilalba, Pontedeume e Sta. M^a de Naraío a Fernán Pérez de Andrade "O Boo". O segundo, ó concederlle Henrique II, por privilexio de 19 de decembro de 1371, os señoríos de Pontedeume e Ferrol. Esta nova situación non tardaron en sufrila os mosteiros da comarca, que viron como os Andrade, abusando das prerrogativas cedidas pola Coroa, usurparon bens, granxas e coutos ás súas anchas. Se non escaparon desta voracidade os mosteiros de Caaveiro, Sobrado ou Bergondo, como se ía librar o pequeno mosteiro de Bremao, situado no mesmo corazón dos dominios dos Andrade. De como se produciu este feito, non podemos dar conta⁵²⁵; mais o certo é que o couto de Bremao esvaeceuse dentro de ditos estados, e seguiría a mesma traxectoria có señorío de Pontedeume.

No Diccionario de Madoz sinálase que en 1569 "sus propietarios cedieron la jurisdicción y vasallos del coto de Bremao al marqués de Sarria⁵²⁶, ascendiente de la casa de Berwik y Alba". Dito dato, que é recollido por Luciano Huidobro⁵²⁷ supón que a asimilación do couto por parte da casa de Andrade foi serodia e produciuse a raíz do abandono do Mosteiro. Mais é dubidoso que o abandono se producira en dita data, en todo caso, se así foi, é seguro que o que se fixo foi legalizar unha situación de feito.

O Priorato na Idade Moderna

Pouco sabemos do período baixomedieval. Mais non cabe dúbida de que o Priorato superou a crise de fins da Baixa Idade Media, anque non sen as consencuencias que tamén padeceu Caaveiro. Deste período só coñecemos dous datos: a mención ó prior de Bremao nun documento de nomeamento de Lopo Monteiro como Prior de S. Salvador de Pedroso, datado en 1477; e o seu nomeamento, en 1491, como xuíz apostólico nun asunto no que estaba implicado o Cabido de Santiago.

Desde fins do século XVI, apoiados nunha documentación máis abundosa, podemos reconstruír as grandes liñas da evolución do Priorato.

O Mosteiro debeu abandonarse entre 1576 e 1592. Producido este feito, o Priorato non desaparecerá. Ata a súa supresión, o Prior conservou as terras de directo dominio que tiña aforadas, repartiu os dezmos coa casa de Andrade e a súa sucesora a de Lemos, e conservou o dereito de presentación das parroquias de San Pedro e Sta. M^a de Vilar, Bremao (as tres servidas polo mesmo vigairo), Sta. M^a de Ombre e S. Pedro de Perbes; nesta derradeira, alternándose, cada tres meses, con Caaveiro e o convento de S. Martiño de Santiago. O cargo de Prior, desde entón, mais seguramente antes, como ocorreu en Caaveiro, converteuse nunha prebenda concedida polo Rei a través do Consello de Cámara. Os priores levan os asuntos desde lonxe por medio de administradores, ocupan cargos na administración do Estado e descoidan as obrigas pastorais contraídas desde a fundación do Mosteiro, que, en todo caso, pasarían a ser competencia do párroco de Vilar. Tal ocorría en 1592 co prior Alonso de Aragón e da Cerda, oídor en Canarias

525. É posible que se chegase a algún tipo de arranxo, xa que o Priorato non estaba en situación de manter unha posición de forza. Hai dous datos que nos chaman a atención: o primeiro o feito de que o beneficio de S. Pedro de Vilar estivese integrado dentro do morgado dos Andrade por especial concesión pontificia (GARCÍA ORO, *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba*, p. 190); o segundo, o feito de que a condesa de Lemos pagase unha determinada cantidade ó Patronato de Bremao (VAAMONDE LORES, Florencio, "Ecos del Eume", nº 37). É este un dos puntos que deben ser aclarados en estudos posteriores.

526. O Marqués de Sarria era don Fernando Ruiz Osorio de Castro, conde de Lemos, que casou con dona Teresa de Andrade, filla de don Fernando de Andrade.

527. HUIDOBRO Y SERNA, Luciano, *Las peregrinaciones jacobaeas*, Tomo III, p. 280.

e Castela, e tal ocorrerá ata a supresión, cunha soa excepción: a de Francisco de Espinosa. Este prior é nomeado no 1598 trala morte de Alonso de Aragón, permanecendo no cargo ata 1629, ano da súa morte. Tempo dabondo para retrasar o derrubamento total do Priorato. Espinosa será o derradeiro Prior que leve persoalmente os asuntos do Priorato e que resida nel. Gracias á súa actuación arraxouse a Igrexa e desmanteláronse os restos do Mosteiro, do que nunca máis se volverá falar na documentación.

Entre os priores posteriores, do que temos máis novas é de Joseph Joaquín Marichalar, Prior nomeado en 1701, cando tiña 14 anos, e que ostentaría o cargo ó longo de boa parte da primeira metade do século XVIII. Marichalar, nun contexto no que estaba inmerso todo o campo galego, tivo que facer fronte, recorrendo a numerosos preitos, á tentativa de usurpación das terras de directo dominio.

O derradeiro Prior foi Antonio Sanjurjo Montenegro. Coa súa morte, ocorrida o 18 de outubro de 1798, desaparecía o Priorato. Así o determinara o Consello da Real Cámara en 1788, tras ratificar a sentenza dictada un ano antes polo Provisor e Vigairo no Arcebispado de Santiago, Sr. D. Pedro Acuña e Malvar. A sentenza resolvía a favor dos curas de Vilar e de Ombre, no preito que, desde había anos, mantiñan co Prior e o Duque de Lira Conde de Lemos (perceptores dos dezmos) polo aumento da congrua.

Ó longo da Idade Moderna, o protagonismo que tivera S. Miguel de Breamo, como igrexa prioral, foise esvaendo. Situada nun despoboado no alto do monte, non tardou en deixar de ser parroquia, pasando a depender do cura de Vilar, nun principio, simple vigairo ás ordes do Prior. A súa supervivencia material foi posible, en gran medida, gracias á actividade despregada pola confraría de S. Miguel. Suprimido o Priorato e desaparecida a Confraría⁵²⁸, convertida a Igrexa en simple ermida de futuro incerto, o peso do seu mantemento recaeu no cura de Vilar. Mais non tería chegado ata nós sen o empeño dos veciños de Vilar e Pontedeume, e dos organismos oficiais por manter en pé unha igrexa románica dun valor artístico incuestionable.

DESCRIPCIÓN DO MONUMENTO

A igrexa é o único resto material do mosteiro de cóengos regulares de S. Agustín, cunhas dependencias que desapareceron por volta do 1609. Se temos presente a reducida dimensión da comunidade, e o exemplo de Caaveiro, non serían máis ca varias casas de cachotería de lousa, con esquinas e bordos de portas e ventás de sillar de granito, situadas, seguramente, como era habitual, á solaina.


Planta

A planta de S. Miguel de Breamo é de cruz latina, dunha soa nave e tres ábsidas. Trátase dun tipo de planta, que non abunda moito no románico galego. A esta tipoloxía reponden as igrexas de Sta. Cristina de Ribas de Sil, Vilar de Donas e S. Salvador de Coruxo. Isidro Bango Torviso⁵²⁹ considera que esta última, nun principio, puido ter unha planta basilical. Ángel del Castillo⁵³⁰ engade á lista a igrexa de Santiago do Burgo,

528. No nº 2 da revista "Cátedra", sinalamos que a fins do século XVIII a Confraría entra nunha etapa de decadencia, desaparecendo no seguinte século. Esta desaparición non se produciu antes de 1828, ese ano aínda se produciu un ingreso no Libro da Confraría (APV, Libro da Confraría de S. Miguel, f. 7).

529. BANGO TORVISO, Isidro, *Arquitectura románica en Pontevedra*, p. 30.

530. DEL CASTILLO, Ángel, *San Miguel de Breamo*, BRAG, nº 24, marzo de 1909, p. 273.



Planta de San Miguel de Bremao

hoxe de cruz latina, mais que foi basilical con tres naves. Coa excepción de Cataluña⁵³¹, o panorama galego, con respecto ó tipo de planta que nos ocupa, é semellante ó do resto do románico español, no que non faltan algúns exemplos.

Mais sorprende en Bremao o gran desenvolvemento alcanzado pola nave transversal, que supera en lonxitude e anchura á nave principal, ó revés do que ocorre nas igrexas catalanas da mesma planimetría (S. Pons de Corberá, por exemplo). Se a comparamos coa planta de Vilar de Donas, observamos que, nesta última, a nave principal é de maior anchura cá transversal, anque tamén de lonxitude menor, mais sen chegar á extrema desproporción da de Bremao. A circunstancia que vimos comentando esvaece un tanto a típica planta de cruz latina, facendo dicir a Ángel del Castillo que as dúas naves se cruzan en tau grega⁵³².

Exterior

Sorprende a perfecta isodomía do aparello granítico desta Igrexa, especialmente marcada nas ábsidas e alterada nas partes que sufriron reformas posteriores.

O corpo absidal aséntase sobre un banco e rebanco de bordos en támara. As ábsidas laterais presentan unha certa desproporción en altura coa central, son lisas e están furadas, cada unha delas, por unha única seteira. Sóldanse ó tramo recto daquela, gorecéndose baixo un beirado con bordo plano e baquetilla central, sostido polos típicos canzorros.

A ábsida central únese á nave transversal mediante un tramo recto destacado en altura. É compartimentada por dúas columnas adosadas de once tambores en perfecta consonancia coas ringleiras do muro. Arrancan de plintos cúbicos que compartimentan o zócolo; posúen bases áticas con garras, mais cun toro inferior moi desenvolvido e unha escocia a penas perceptible. Os capiteis decóranse con motivos vexetais, conectando cun beirado de bordo labrado en caveto, decorado con temas xeométricos. En cada tramo ábrese unha ventá. Son sinxelas, de medio punto, con aresta labrada en bocel, circundado por mediacana, e de fina seteira central. Trátase dun tipo de ventá serodia que presenta semellanzas, dentro do románico da provincia da Coruña, coas ábsidas de Sta. M^a de Cambre, San Salvador de Bergondo ou Santiago de Mens.

531. Son numerosos os exemplos de igrexas románicas que en Cataluña responden a esta tipoloxía (S. Pons de Coberá, S. Jaume de Frontanyá, S. Martín de Sescorts, etc.). M. DURLIAT (*L'art roman en Espagne*, p. 8) vencella este tipo de planta ós cóengos regulares de S. Agustín. Evidentemente non se pode dicir o mesmo para Galicia.

532. DEL CASTILLO, Ángel, op. cit., p. 273.

A porta principal, de medio punto, sen abucinamento nin columnas acobadadas, sorpréndenos pola súa extrema sobriedade, circunstancia que dá á Igrexa unha falsa sobriedade, dificilmente sostible para as ábsidas, e que fixo dicir a Ángel del Castillo que é unha porta que parece precisar unha ponte levadiza. Mais evidentemente non é a porta orixinal. A primitiva debeu desaparecer, posiblemente, a comezos do século XVII⁵³³, na reparación realizada polo prior Francisco de Espinosa, nun momento no que o Mosteiro deixara xa de ser habitado. É a portada atemporal que, con bo criterio, se podía facer para non desentoar co resto do edificio, nunha igrexa cun futuro incerto que deixara de ser parroquia.

Non cabe tampouco dúbida da mesma consideración para a fachada. Unha fachada cun acoplamento cos muros da nave que se afasta manifestamente do ángulo recto e que, evidentemente, non puido ser realizada polos mesmos mestres capaces de trazar ábsidas tan perfectas e un revestimento abovedado nada común. A circunstancia antes sinalada, motivou a súa tendencia ó derrubamento; como así podemos constatar, como pouco, en tres ocasións⁵³⁴. O que permaneceu da primitiva fachada invéstigase facilmente na epiderme: alomenos, o flanco esquerdo ata o sillar situado sobre o que contén a inscrición; por enriba desta pedra, aínda máis visible no interior, rómpese a plomada dos sillares e o muro presenta mostras evidentes de ter sido reedificado.

Non resulta difícil adiviñar como sería a primitiva fachada. Dos catro contrafortes, só existirían os máis próximos á porta, que se alongarían ata unha altura maior rematando en támara. Aquela sería abucinada e posiblemente estaría flanqueada por columnas acobadadas; unha por lado, xa que o espacio non dá para máis. A reconstrución completárase cun tornachuvias e un rosetón, anque, no seu lugar, é asumible a hipótese dunha seteira. Por fontes documentais⁵³⁵ deducimos que a espadana estaba situada no muro setentrional, próxima á fachada principal, nun lugar infrecuente, pero do que podemos citar outros exemplos⁵³⁶.

Nos extremos da nave transversal ábreanse dúas portas. Ambas, no exterior, están igualadas co muro. A meridional posúe un lintel pentagonal sobre mochetas sinxelas. O lintel pentagonal, segundo nos informa Bango Torviso⁵³⁷, posúe unha longa tradición en Galicia: aparece xa desde comezos do século XII e enraíza na arquitectura civil. Sen embargo, na provincia da Coruña é menos frecuente có semicircular. Cara ó interior, é unha porta sen abucinamento, de arco apuntado, cun intradorso que (caso pouco frecuente e que tamén se repite na porta do outro extremo) non segue as liñas das xambas. A outra porta posúe lintel semicircular sobre mochetas sinxelas, trasdoseado por un arco de descarga; solución tamén normal dentro do románico galego, anque menos estendida cá do lintel pentagonal ou semicircular⁵³⁸. No lintel semicircular lábrase unha

533. No nº 2 de "Cátedra", (pp. 148-149) aventuramos as dúas hipóteses posibles. A segunda hipótese é que fose realizada a fins do século XIV. Baseabámonos na marca en forma de zigzag do intradorso dunha das bóvedas do arco da portada principal, marca semellante a algunha que atopamos no torreón dos Andrade. Sen embargo, sabemos que en reparacións posteriores utilizáronse sillares do antigo pazo dos Condes, o que podería explicar a presenza desta marca. É de destacar o infrecuente que resulta, no románico galego, unha porta así concibida, en particular, para un mosteiro. Posuímos o exemplo de Xubia, pero o desprege de molduras desta porta abucinada non ten nada que ver con Breamo. No románico rural, ademais dalgún modesto templo con portada de cronoloxía dubidosa, podemos citar a portada de S. Cristovo de Mouricios (Chantada, Lugo); ou S. Vicenzo de Vitoriz, (Melide).

534. No 1661 os mestres de obra, irmáns Tomás e Alonso Leal reedifican o frontispicio da igrexa (PÉREZ COSTANTI, Pablo, *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, p. 313). Daquela, posiblemente, xa non existía rosetón. Se pensamos que nun principio si o debeu de ter, existiu outra intervención anterior, seguramente a de Espinosa. En 1929 volveuse desmontar a fachada ata o tornachuvias. Posteriormente, na primeira metade do século XX, colocárase o rosetón actual en substitución da seteira que existía. Na obra *España románica. Galicia* dise que o rosetón se fai a imitación doutro igual que estaba colocado no mesmo sitio, mais pola parte de dentro. Debemos sinalar que non atopamos ningunha fonte que corrobore tal afirmación. En todo caso, sorpréndenos, se foi así, que Ángel del Castillo non mencione tal circunstancia. Pero, ademais, o rosetón actual é novo, ¿onde están os restos do anterior? Resgardado das inclemencias do tempo non debía de estar tan deteriorado.

535. Da espadana temos novas pola Visita de 1771. Debeu desaparecer entre 1865 e 1901.

536. Véxase o que ó respecto se dixo na monografía de Sta. Mª de Dorroña.

537. BANGO TORVISO, Isidro, op. cit., p. 47.

538. No románico da provincia da Coruña atopámonos coas tres modalidades sinaladas, non faltando outras solucións mestura dunha das dúas: así en Sta. Eulalia da Espenuca unha porta ten lintel pentagonal e arco de descarga.



San Miguel de BREAMO



Fachada principal de San Miguel de Breamo.



San Miguel de BREAMO



Ábsidas de San Miguel
de Breamo

cruz grega formada por cinco círculos en ocorrelevo, cuns interiores decorados posiblemente con estrelas. A presenza de cruces de diferente tipoloxía nos tímpanos é algo habitual no románico⁵³⁹, cunha función que non sempre é a mesma; neste caso, pode facer referencia á presenza do cemiterio. Cara ó interior, resólvese en arco de medio punto lixeiramente acarpanelado, coa circunstancia xa sinalada.

Como as ábsidas, os muros da nave principal e transversal arrancan dun zócolo de dous niveis. Son reforzados, nas esquinas e metade dos muros, por contrafortes prismáticos que os recorren ata conectar cos beirados. Trátase dunha distribución ordenada e simétrica, pensada para reforzar uns muros que teñen que contrarrestar as presións dun recubrimento abovedado. Só falta o contraforte do muro sur da nave principal, muro que foi reedificado cando desapareceu o Mosteiro.

O resto dos ocos son ventás. No muro sur da nave principal ábrese unha ventá cadrada, froito da reforma á que acabamos de aludir. Nos muros occidentais da nave do cruceiro ábrense seteiras, que, cara ó interior, son abucinadas e de arco de medio punto en bloque escotado. No frontispicio norte da nave transversal existe un rosetón de circunferencia angrelada e de interior de pedra calada, froito dunha reforma serodia. Cabía esperar outro rosetón no frontispicio oposto, mais o lugar é ocupado por unha seteira de dobre derrame con arco de medio punto en bloque monolítico. O inusual desta solución lévanos a pensar que é froito dunha reforma posterior. Sen embargo, no interior, a presenza da marca de canteiro en forma de "S" fainos dubidar de que algu-nha vez teña existido un rosetón. Por último, no testeiro da nave, sobre a ábsida, ábrese un óculo que, no interior, se rodea dunha mediacana decorada con pequenos arquños.

Fachada norte de San Miguel de Breamo.




539. Véxanse, por exemplo, os tímpanos das portas travesas de Bergondo, Sta. M^a de Celas de Peiro, Sta. Mariña de Lesa ou S. Pedro de Oza dos Ríos.

Interior

O corpo absidal, esquinas de confluencia das naves e parte do muro interior da fachada aséntanse sobre un banco, cun bordo labrado en mediacana ou resolto en simples estrías (o da porta).

A ábsida central posúe un tramo recto, limitado a orinte e occidente por columnas encaixadas, de nove e once tambores respectivamente, sostidas por baixo plinto, con bases áticas, garras e decoración escultórica, toro inferior e escocia desenvolvidos, e o toro superior pequeno e sogueado. No resto das bases da Igrexa (agás a da esquerda da ábsida do lado da epístola) repítese o mesmo tipo, anque nalgúñas o toro inferior decórase cun perlado, e, non en todos, o superior posúe un sogueado. As semicolumnas interiores do presbiterio recollen un arco de medio punto, do lado da bóveda de medio canón, de bordo labrado en bocel; mentres que a esquina oposta, agás a clave do arco, permanece en aresta viva. As semicolumnas do comezo do presbiterio recollen un arco apuntado de sección prismática e arestas vivas.

San Miguel de BREAMO



Sección lonxitudinal de San Miguel de Breamo

As ventás da ábsida, xa comentadas na súa vertente exterior, cara ó interior, son abucinadas e encádranse entre dúas impostas, que conectan coas semicolumnas interiores do presbiterio. A imposta superior ten forma de nacela, a inferior posúe unha molduración semellante ó bordo dos beirados das ábsidas laterais. É unha solución habitual, mais o que xa non resulta tan habitual é como o Mestre resolve o enmarque destas ventás: renuncia á típica estrutura de arquivoltas e columnas acobadadas, para propoñer unha arcada que, sostida por só dúas columniñas situadas entre as ventás, unifica o conxunto. A molduración dos tres arcos de medio punto que forman a arcada, é semellante á do arco que limita coa bóveda de cascarón. As columniñas son de fuste monolítico, base tórica sobre plintos circulares e capiteis de follas carnosas.



Interior da ábsida central.

As ábsidas laterais son dous espazos semicirculares de pequenas dimensións, e ábreanse ó transepto a través de arcos de medio punto, dobrados e de sección prismática. Estes arcos estean sobre curtas semicolumnas entregas de tres tambores. Só unha das bases, a da columna esquerda da ábsida do lado da epístola, ten decoración escultórica. Os capiteis, agás o dereito da ábsida antes sinalada, decóranse cunha ringleira de follas. As bases son semellantes ás da ábsida central.


Cuberta

A igrexa está totalmente abovedada, circunstancia non frecuente no románico galego. As bóvedas están revocadas e parten dunha imposta que, prolongando os cimacios dos capiteis, percorre todo o perímetro. Nas ábsidas e no muro ó que se solda, esta imposta é de curva de nacela, e, no cruceiro, está decorada con billetes. Os billetes interrómpense bruscamente na nave principal, converténdose nunha simple imposta achafranada, poñéndonos de manifesto reformas posteriores. A imposta de billetes responde a dous modelos moi parecidos: no extremo meridional da nave transversal, os billetes son pezas en forma de cuarto de cilindro separados por un rebaixe en forma de uve; no outro extremo, o rebaixe en uve é menos perceptible.



Bóveda do Cruceiro

Bóveda do tipo da que atopamos en Breamo, Vilar de Donas e Meira. Tres diferencias podemos establecer entre os tres exemplos: o emprego e a distribución de arcos apuntados e de medio punto, a composición dos arcos faixóns na igrexa de Breamo, e a forma de estear os arcos cruceiros



A cuberta das ábsidas é a habitual: as laterais cóbrense con bóveda de forno; a central, con bóveda de forno, o hemiciclo, e de medio canón apuntado o tramo recto, que non segue a directriz da anterior. Os brazos da nave transversal cóbrense con bóveda de medio canón semicircular, lixeiramente peraltada. E a nave principal con bóveda de medio canón apuntado. Esta bóveda foi refeita cando se reedificou o muro sur. A pouca mestría dos canteiros que realizaron a obra ponse de manifesto na recomposición do arco faixón que divide a bóveda en dous tramos: é un arco que non corta perpendicularmente a bóveda, senón que se escora sensiblemente; ademais posúe unha estraña mestura entre o medio punto e o apuntamento. O arco faixón é recollido por dous capiteis ménsulas, reproducindo un sistema xa existente e de indubidables influencias cistercienses. É posible que na reedificación se aproveitase o capitel do muro setentrional, mentres que o do muro sur se labrase rudamente para saír do apuro. Posteriormente, non antes de 1741⁵⁴⁰, debeu de virse abaixo o tramo de bóveda contiguo á porta principal, que non sería reparado ata o noso século.

Capítulo á parte merece a bóveda da intersección das naves. Trátase dunha bóveda cuadripartita, sen dúbida unha das primeiras que se construíron en Galicia que chegaron ata nós. Está formada por arcos prismáticos en aresta viva: os que conectan coa nave transversal, son de medio punto, o mesmo cós cruceiros; os que o fan co presbiterio e a nave principal, son apuntados. Tres diferencias podemos establecer coas bóvedas de Meira e Vilar de Donas: a primeira é o emprego e a distribución, na súa construción, de arcos apuntados e de medio punto⁵⁴¹; en segundo lugar que, en Bremao, ó non estaren dobrados os arcos faixóns, a bóveda intégrase perfectamente no resto da cuberta, evitando a configuración do espazo compartimentado que se crea nos outros exemplos; e a terceira é a forma de estear os arcos cruceiros: no canto de desaparecer fundíndose nas esquinas, descansan en beirado, o que permite un remate con decoración.

A decoración

Como é habitual, a decoración atópase nos capiteis, canzorros e impostas; mais en Bremao atopámola tamén en dous lugares menos frecuentes: no remate dos arcos cruceiros e na base das columnas.

Os capiteis son dezaioito, todos vexetais agás un, que é historiado.

O capitel historiado, como xa temos adiantado, é o dereito da ábsida do lado da epístola. Trátase dunha escena de caza, cunha distribución de figuras semellante á que atopamos noutras moitas igrexas⁵⁴². Aquelas xustapóñense, adaptándose ó marco sen lograr formar unha escena. Na cara ancha do capitel represéntase, con rudeza, desproporción e faccións a penas marcadas, un home levando un corno á boca, mentres que coa outra man, ó mesmo tempo que brande unha frecha, agarra polo pescozo un animal; duplicidade que resulta da existencia de dúas mans e antebrazos. O animal é identificado por algúns autores coma un oso⁵⁴³, outros identifícanlo cun can. Na cara estreita oposta á que se representa este animal, escúlpease un cabalo enelado.

540. Véxase "Cátedra", op. cit., p. 153.

541. As bóvedas do mestre Mateo e a do cruceiro de Vilar de Donas son de arcos de medio punto: A de Meira de arcos apuntados os formeiros; de medio punto, os cruceiros. Configúranse as bóvedas de Bremao coma un ensaio intermedio entre as do mestre Mateo e a de Meira, que aínda non se pode considerar coma unha típica bóveda de crucería.

542. En Sta Mª de Melide, por exemplo.


543. Así o considera Ángel del CASTILLO, *San Miguel de Bremao*, semanario "Bremao", nº 24, 8 de novembro de 1914.



Nave principal
de San Miguel de Brema.

Dentro dos capiteis vexetais, distinguimos tres grupos:

Capitel dereito da ábsida do lado do evanxeo.



Marta de las Heras

Capitel dereito da ábsida do lado da epístola.




Marta de las Heras

Capitel da dereita do presbiterio.



Marta de las Heras

Capitel que recolle a imposta que remarca as ventás do interior do presbiterio.



Marta de las Heras

A. De influencia cisterciense. Cunha orde de grandes follas a penas marcadas, de puntas redondeadas. Ás veces, con pequenos adornos vexetais no extremo superior. Corresponden ó interior do presbiterio e capiteis que o flanquean. Foron realizados nunha primeira etapa constructiva.

B. Capiteis de follas carnosas, dunha ou dúas ringleiras, máis picudas, de profundo nervio central, algunhas rematadas en bólas, con toco e mantendo o recordo dos caulículos. Son o resto dos capiteis do corpo absidal e corresponden tamén a unha primeira etapa constructiva.

C. Capiteis dunha segunda etapa constructiva. Corresponden ó resto dos capiteis que recollen os nervios da bóveda de crucería e ó capitel-ménsula do muro norte que sostén o arco faixón. Agás o capitel-ménsula, posúen astrágalos sogueados. Dous destes capiteis, os do lado sur, son idénticos e posúen unha indubidable semellanza estilística co grupo A. Están decorados con cinco follas cóncavas, separadas, de extremos picudos; da punta superior das follas do centro da cesta, saen dous talos, que se curvan para rematar nunha especie de bulbo; nas puntas do resto das follas aparecen pequenas piñas. Nos outros capiteis deste grupo, as follas aprétanse nunha ou dúas ringleiras formando ramallo, os extremos son máis redondos e márcanse os nervios centrais; e, nun deles, os

laterais.


A decoración escultórica nas bases é unha nota orixinal de Bremao. Na portada da Catedral de Santiago aparecen figuras debaixo das bases; e, no mainel, na mesma base; mais as figuras non están integradas no soporte coma no caso que nos ocupa. Na igrexa de Sta. M^a de Betanzos as bases das columnas da portada están decoradas con facianas e outros temas, non sería de estrañar que por influencia de Bremao. Fóra de Galicia, que saibamos, esta característica, atopámola no románico de Santander.

Base da semicolumna esquerda da ábsida central.



Marta de las Heras

Base da semicolumna esquerda da ábsida do lado da epístola.



Marta de las Heras

Ten decoración escultórica a base da semicolumna esquerda do lado da epístola e as do interior do presbiterio.

Na primeira represéntanse tres cuadrúpedes, posiblemente cans, que, mordéndose, forman unha cadea. O canteiro puxo especial coidado na parte da representación visible ó espectador. Un can morde a pata do outro, mentres que este, á súa vez, o morde no pescozo. Non se trata xa de figuras xustapostas, senón dunha verdadeira escena. A representación resulta tan natural que máis ca unhas figuras adaptadas a un marco arquitectónico, cómpre falar dun marco arquitectónico adaptado á escena.

Das catro bases decoradas que existían, só se conserva a decoración das semicolumnas que recollen o arco triunfal; a das interiores foi estragada, seguramente, a raíz da colocación do retablo custeado por don Antonio Zabala, señor de Bañobre⁵⁴⁴. Na base da semicolumna da esquerda represéntase un neno axeonllado coas mans no peito, mirando cara ó altar. Cobre a súa cabeza cunha especie de turbante amarrado cunha corda que se ata na caluga. As faccións están perfectamente marcadas, de tal maneira que se se labrase o iris a vivacidade da faciana sería abraiante. Anque a figura adoece dunha incuestionable desproporción, antóllasenos que está máis próxima do estilo da escena dos cans que da cinexética do capitel. Na base da semicolumna oposta lábrase unha faciana. Hoxe, a penas se advirte a fisonomía da faciana, mais, por fotografías antigas, sabemos que o cabelo e as faccións estaban perfectamente labradas.

Sorprende o naturalismo da **decoración vexetal dos arcos do cruceiro**, que, noutro lugar, comparamos co das coles do mestre Mateo. Na clave da bóveda represéntase unha rosa. No extremo do arco cruceiro que morre á dereita do presbiterio, unha piña; tema de longa tradición no románico, que xa aparece en S. Isidoro de León ou en S. Martín de Frómista, mais que non é tema que se prodigue demasiado no románico galego⁵⁴⁵. No extremo oposto de dito arco represéntase o que parece unha cuncha, que, pola súa estraña cor, dá a impresión de ser unha peza repostada. Nos remates do outro arco cruceiro non hai decoración; nun extremo, por terse roto; no outro resólvese nunha peza en forma de corazón con dúas puntas na parte inferior. Este desigual tratamento de decoración dos remates dos arcos cruceiros pode ser explicado ó considerar, como veremos, que os mestres que inician a construción non a rematan.

Dos 59 **canzorros** que podemos contabilizar, soamente merece a pena que nos paremos nos da nave transversal e das ábsidas; o resto, anque tamén algúns do grupo que imos tratar, foron repostos e carecen de interese.

Nunha valoración de conxunto, hai que poñer de manifesto a patente diferenza entre os canzorros da ábsida do lado sur e os da ábsida norte e nave transversal; mentres que os da ábsida central son un compendio dos das ábsidas laterais. Na ábsida meridional, os canzorros son de tema antropomorfo e zoomorfo, lembrándonos os que podemos contemplar en S. Martiño de Andrade, anque o seu terrible mutilamento, ó que sen dúbida contribuíu a pouca altura da ábsida, impídenos facer comparacións estilísticas. Ángel del Castillo⁵⁴⁶, ó describir os canzorros da igrexa dinos: "El tejero de estos ábsides, dibujado en rosetas, círculos, entrelazados y otros dibujos, está sostenido, al igual que el de las naves, por varios canecillos de la época, esculpidos con rollos, macitos, bustos, reptiles, monstruos, carneros, etc., y no falta uno que se repite en las iglesias gallegas (Santiago, de la Coruña; Dexo, Tiobre, San Fiz, de Cangas, etc.), que parece representar una escena asquerosa y repulsiva". Este canzorro atopábase nesta ábsida e seguramente representaba un home collendo o membro viril. Na ábsida norte e nave transversal, con algunha excepción, os canzorros son xeométricos ou vexetais. Na ábsida central só dous son de tema zoomorfo: representan un carneiro e un caracol.

Os canzorros son os seguintes:

Ábsida sur:

1.- Cuadrúpede de costas. Fáltalle a cabeza.

544. "Cátedra", op. cit., p. 152.

545. Ó respecto é sintomático o feito de que PITA ANDRADE non mencione o tema no seu estudio sobre a decoración vexetal do románico galego ("Abrente", nº 1, 1969). En todo caso, non faltan exemplos.

546. DEL CASTILLO, Ángel, *San Miguel de Bremao*, Boletín da Real Academia Galega, marzo de 1909, pp. 274-275.

Canzorros
da ábsida do lado
da epístola.



2.- ó 5.- Representan figuras humanas sen cabezas. Só o 2 conserva as extremidades inferiores.

Ábsida central:

- 1.- Curva de nacela.
- 2.- Canzorro vexetal de lingüeta.
- 3.- Canzorro vexetal de lingüeta.
- 4.- Canzorro con voluta na parte superior.
- 5.- Caracol.
- 6.- Carneiro desde os cuartos traseiros.
- 7.- Proa.
- 8.- Canzorro con voluta na parte superior.
- 9.- Curva de nacela.

Ábsida norte:

- 1.- Curva de nacela con dous baquetóns.
- 2.- Curva de nacela.
- 3.- Bóla con carapucha.
- 4.- Proa-nacela. Mais a proa moi pouco marcada.
- 5.- Semellante ó anterior.
- 6.- Curva de nacela.

Canzorros da nave transversal:

Tramo sur-oeste:

Carecen de interese. Sen dúbida foron repostos do mesmo xeito que o beirado. Nun deles represéntase unha serpe.

Tramo sur-leste (alomenos, o 5 e o 7 foron repostos):

- 1.- Cabeza humana.
- 2.- Proa-nacela.
- 3.- Cabeza de animal ó revés.
- 4.- Curva de nacela.
- 5.- Cubo deformado.
- 6.- Cubo.
- 7.- Proa-nacela.

Tramo norte-oeste:

- 1.- Faciana.
- 2.- Cubo.
- 3.- ¿Serpe?
- 4.- Cubo.

- 5.- Dúas perlas.
- 6.- Proa-nacela (reposto).

Tramo norte-leste:

- 1.- ¿Cabeza humana?
- 2.- Cabeza humana.
- 3.- Catro perlas.
- 4.- Proa.
- 5.- Nacela con peza irregular (reposto).
- 6.- Proa.
- 7.- Cabeza humana.

Outros temas decorativos atopámoslos nunha peza da imposta e no bordo do beirado da ábsida central.

A primeira trátase dunha das pezas que percorre o tramo setentrional e ten decoración de dentes de serra. É, evidentemente, unha peza reutilizada dunha decoración anterior.

O bordo do beirado da ábsida central que, como xa dixemos, se resolve en filete recto e chafrán en caveto, decórase con espirais, baquetóns, círculos e rombo. A pátina que recobre a pedra non permite unha concreción maior. Ángel del Castillo engade a esta lista rosetas e estrelas.

ETAPAS CONSTRUCTIVAS E CRONOLOXÍA

A igrexa ten unha única inscrición que foi descuberta e estudiaa por Ángel del Castillo. Atópase situada no contraforte da esquerda da porta, nun gran sillar da quinta ringleira. Os signos gravados son de gran tamaño e están dispostos en dúas liñas. O citado autor interpretou a inscrición coma E: M:CC XX:V, era de 1225, é dicir, ano 1187⁵⁴⁷. Na actualidade, a letra E practicamente desapareceu e o número V a penas se reconece, non así o resto da inscrición, perfectamente identificable. Non cabe dúbida, pois, da exactitude da interpretación de D. Ángel del Castillo, e só debemos preguntarnos que representa a data con respecto ó edificio e como debemos ordenar cronologicamente as distintas partes da Igrexa en torno a dita data.

Ángel del Castillo resolveu o problema considerando que a data da fachada se refire á finalización da construción do edificio, o cal, segundo o citado autor, a penas fora alterado ó longo da súa dilatada historia, con excepción, claro está, do muro sur da nave principal. Mais unha análise en profundidade, na que se teñan en consideración a disposición das ringleiras, o tratamento e extensión dos temas decorativos, a dualidade dalgúns elementos estruturais e a existencia e distribución das marcas dos canteiros (que Ángel del Castillo nunca chegou a valorar) ponnos de manifesto diversas etapas e intervencións; lóxicas, por outra parte, nun edificio con máis de oitocentos anos de antigüidade.

A igrexa comezouse a construír pola cabeceira. Este corpo absidal, aparelado con perfecta isodomía, posúe unha indubidable unidade estrutural; non así decorativa, o que nos fai supor a intervención de varios canteiros, como soía ser normal. Ademais da

547. Na *Geografía del Reino de Galicia* (Tomo VII, p. 834) de E. CARRÉ ALDAO dáse a data de 1162, existe aquí, sen dúbida, unha confusión que leva a tomar a data dunha inscrición de Dorroña.

cabeceira e o muro do transepto que contén as ábsidas, estes canteiros realizan as partes inferiores da nave transversal ata a presenza da marca de canteiro en forma de "S", o que supón que trazan a porta norte de dita nave. Nesta primeira etapa propónse unha cuberta abovedada que non chegaron a realizar. Aínda máis, parece que o seu labor se interrompeu bruscamente: un dos capiteis do interior do presbiterio queda sen rematar, do mesmo xeito que o labrado do arco interior, como xa comentamos. Si parece posible que comezasen a construción dos arcos cruceiros, de tal xeito que pertence a esta primeira etapa a piña que remata un deles.

Os canteiros da primeira fase non deixaron ningunha marca. A marca de canteiro en forma de "S" pónnos sobre a pista dunha segunda etapa constructiva⁵⁴⁸. Pola súa extensión, deducimos que non se trata dun simple arranxo, e obtemos con ela, dada a súa situación, a proba definitiva de que na primeira etapa non se abordou a cuberta. Na segunda fase constructiva foron realizados boa parte dos muros da nave transversal, os capiteis que flanquean as esquinas que forman as naves, a imposta de billetes, a porta e ventá do extremo sur de dita nave, o rosetón do frontispicio norte e a cuberta.

A brusca desaparición da imposta de billetes e das marcas na nave principal evidencian reformas posteriores. Xa temos sinalado repetidas veces como o muro sur foi reedificado polo prior Francisco de Espinosa a comezos do século XVII. O muro norte presenta máis problemas. É evidente que a parte superior sufriu un arranxo; a parte inferior, ante a ausencia de marcas, ou pertence á primeira etapa constructiva ou habería que falar dunha terceira etapa. Do que si estamos seguros é de que o tramo contiguo á fachada principal, con posterioridade a 1865, foi reparado utilizando as mesmas pedras, momento no que desapareceu a espadana.

¿E a fachada principal? Xa neste e noutro traballo expuxemos a nosa opinión: a fachada principal non é a orixinal. Poderíase acudir a unha análise comparativa, mais sería volver a repetir argumentos xa expostos que as evidencias materiais fan innecesarios. Mais non cabe dúbida de que se nos presenta o mesmo interrogante que para o muro norte. A resposta que demos noutra ocasión é que atopabamos máis argumentos para considerar a existencia dunha construción anterior ás ábsidas, e non que o flanco esquerdo fora un resto da primeira etapa. Baseabámonos no deficiente acoplamento da fachada cos muros da nave e na existencia de dúas pezas que non casaban en ningún sitio: a imposta de dentes de serra e o labrado do banco situado segundo se entra a man esquerda. Mais tal interpretación resulta un tanto forzada, xa que suporía que a inscrición se fixo nunha parte xa existente. Cabe pois considerar que esta parte corresponda á primeira etapa constructiva, o que nos levaría a retrasar a construción da bóveda, como así pretenden algúns autores⁵⁴⁹.

Sobre o derrubamento da fachada primitiva tamén adiantamos, segundo os nosos coñecementos, dúas hipóteses: ou foi feita en torno a fins do século XIV, baseándonos nunha marca de canteiro, en forma de zigzag que existe no intradorso do arco e que é semellante a un tipo que atopamos no torreón dos Andrade; ou consideramos que, tendo presente que para comezos do XVII xa non é posible atopar marcas de canteiro, foi reedificada polo prior Espinosa. É indubidable que dita reedificación foi de envergadura, afectou ó flanco sur da fachada e realizárona canteiros pouco hábiles, capaces de realizar o deficiente acoplamento que se aprecia no plano. Non cabe pensar, como así fixo Ángel del Castillo, que a desaparición do contraforte do extremo dereito se pro-

548. Véxase unha detallada distribución desta marca en "Cátedra", op. cit., pp. 147-148.

549. Véxase J. C. VALLE PÉREZ, *Arquitectura cisterciense en Galicia*, nota nº 226, p. 184.

duciu daquela, xa que é unha peza necesaria para soste o tornachuvias. Este contraforte sería reconstruído en data serodia, xa no século XX.

No 1661 o cura de Vilar encarga ós irmáns Tomás e Alonso Leal, mestres de obra e veciños de Pontedeume, a reedificación do frontispicio da igrexa. Anque a obra consistiu en refacer o frontispicio ata a cuarta ringleira desde a cornixa, o feito de que non se mencione o rosetón, proba que xa non existía. É este un argumento en favor dun derrubamento anterior da fachada, pois resulta difícil de crer que a igrexa tivese rosetóns nos extremos do transepto e non neste lugar. O que non cabe dúbida é que a espadana non estaba situada, como xa adiantamos, no piñón desta fachada.

Ó longo da Idade Moderna realízanse intervencións menores⁵⁵⁰ que, para o exterior, xa fomos adiantando. No interior, colócase, na década dos setenta do século XVIII, un retablo detrás do altar maior e refaise a tribuna e o coro. No 1857, repárase con madeira o primeiro tramo da bóveda que se viñera abaixo con posterioridade a 1741. Por último, na segunda metade do século XIX, habilitase parte do presbiterio como sacristía.

No primeiro cuarto do século XX a igrexa debía estar nun estado lamentable, o que levanta a alarma entre os veciños de Pontedeume. Ángel del Castillo, daquela delegado rexio de belas artes, promove o seu arranxo. Mais o pouco diñeiro xuntado só dá para os arranxos máis imprescindibles. En 1929, sendo xa Delegado Rexio de Belas Artes Seijo Rubio, elabórase outro expediente de arranxo. Esta vez, co diñeiro conseguido nas instancias oficiais, co aportado polos veciños de Pontedeume e cos 58 sillares do antigo Pazo dos Condes, concedidos polo Concello da Vila, desmóntase a fachada ata o tornachuvias⁵⁵¹, para volver a colocar os sillares tal e como estaban.

Anque non temos constancia documental, debeu de existir outra campaña de reparación aínda sendo D. Antonio Sierto cura de Vilar⁵⁵². Nela colocouse o rosetón actual da fachada principal, arranxouse o que xa existía no frontispicio norte do transepto, volveuse a abovedar o primeiro tramo da nave principal e levantouse o contraforte do extremo dereito da fachada, se é que non se tiña feito xa en arranxos anteriores.

O último arranxo, do que xa temos testemuños orais, realizouse en 1971 e a el responde o estado actual da igrexa. Entre o realizado destaca a limpeza interior que eliminou as capas de cal, deixando ó descuberto o perfecto tallado dos sillares e as marcas dos canteiros.

550. Véxase "Cátedra", op. cit., pp. 152-153.

551. Non sabemos se entremedias houbo outro arranxo, xa que no informe que elabora o arquitecto González Villar a petición de Ángel del Castillo, considérase necesario desmontar "todos los sillares desde el dintel de la puerta hasta su coronación para volverlos a asentar debidamente tramados entre si y con los muros laterales, pues dada la falta actual de trabazón y desquiciamiento de algunos, el tiempo iría provocando su ruina, iniciada en las grietas de las esquinas" ("La Voz de Galicia", 4 de febreiro de 1931). O mesmo arquitecto consideraba que a fachada, na súa parte superior, non estaba ameazada de ruína. Apoia a consideración que vimos facendo o feito de que Ángel del Castillo diga que, en 1929, "se procede de nuevo a levantar la fachada, consolidada ya hasta el tornalluvias". Se se produciu esta intervención entremedias das dúas constatadas, tería sentido a hipótese de considerar o sillar coa marca en zigzag coma un bloque reutilizado.

552. D. Antonio Sierto foi cura de S. Pedro de Vilar e do seu anexo S. Miguel de Breamo entre 1908 e 1955

FONTES

Arquivo Histórico Nacional: Sección Clero.

-Pergamiños: Cartafol 490, nº 2.

-Códices, San Xoán de Caaveiro, nº 1439B. Tumbo transcrito por FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS e GONZÁLEZ BALASCH, *El Tumbo de Caaveiro*, números 214, 215, 208, 209, 210, 178.

Arquivo Parroquial de Vilar.

-I Libro de Fábrica e Visitas, 1592-1710.

-II Libro de Fábrica e Visitas, 1710-1800.

-III Libro de Fábrica e Visitas unido ó II Libro, 1800-1891.

-II Libro de Defuntos, 1716.

-Libro da Confraría do Glorioso San Miguel, 1654-1794.

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago: Fondo Xeral.

-Visitas Pastorais: Caixa 1264, Pruzos e Bezoucos, 1634-1640.

Caixa 1270, Pruzos e Bezoucos, 1770-1772.

Caixa 1273, letras M-P, 1791.

-Colexiatas, Caixa 366, Caaveiro, antecedentes sobre provisión do Priorato Xurisdiccional, 1576-1848 (copia simple de antigos privilexios).

Arquivo Xeral do Reino de Galicia.

-Colección Vaamonde Lores: Colección "A": Temática. Mosteiro de Sobrado. Sig. 6(1), nº 10. "Apuntes de hechos referentes al Monasterio de Sobrado, como son: Privilegios Reales, Fundaciones, etc. del Monasterio de Sobrado (Tumbo de parte de la Hacienda, de las Villas de Ferrol y Pontedeume y sus tierras)".

-Catálogo de preitos e expedientes. Demandantes, Prior de Breamo.

* Atado 14987, nº 70, ano 1613.

* Atado 24298, nº 29, ano 1669.

* Atado 17428, nº 11, ano 1713.

* Atado 20387, nº 53, ano 1715.

* Atado 21096, nº 30, ano 1716.

-Catastro do Marqués da Ensenada: Interrogatorio.

* Andrade, San Martiño. Libro 156, f. 139.

* Breamo, San Miguel. Sig. 469.

* Centroña, Sta. María. Sig. 758.

* Boebre, Santiago de. Sig. ver S. Martiño de Andrade (Andrade, San Martiño. Sig. 112-116).

* Ombre, Sta. M^a. Libro 158, f. 1883.

* Perbes, San Pedro de. Sig. 2177.

* Vilar, San Pedro de. Sig. 2964.

* Vilanova, San Xoán de. Sig. 2972.

Arquivo da Real Academia Galega.

Utilizamos dous documentos sen inventariar que pertenceran á Colección Privada de Murguía.

O primeiro constitúe unha serie de cartas, seis en total, referentes a un preito entre San Miguel de Breamo e Sobrado. Estas cartas, copiadas unha detrás dou-

tra, datan de 1234 e constitúen o segundo documento máis antigo que posuímos no que se menciona o mosteiro de Breamo.

O segundo, con data de 1401, é copia dunha doazón datada en 1397. O interese deste documento radica en conter a primeira alusión ó feito de que os cóen-gos que habitaban o mosteiro fosen de S. Agustín.

Arquivo Municipal de Pontedeume.

- Caixa 109, Expedientes de ríos, pontes e afíns.
- Caixa 208, Expedientes de demarcacións e límites.

BIBLIOGRAFÍA

Incluimos as publicacións periódicas por orde cronolóxica.

- El Eume: *La Capilla de San Miguel de Breamo*, nº 5, 16 de marzo de 1890.
- Universidade Popular da Coruña, Sección Excursionistas: *San Miguel de Breamo*, impreso nº 1, Ángel DEL CASTILLO, 1901.
- Boletín da Real Academia Galega: *San Miguel de Breamo*, nº 24, marzo de 1909.
- Ecos del Eume: *Capilla de Breamo*, nº 31, 8 de setembro de 1910.
- Ecos del Eume: *Capilla de Breamo*, nº 188, 7-IX-1913.
- Semanario Breamo: *El Priorato de San Miguel de Breamo*, Ángel DEL CASTILLO, 8-XI-1914.
- La Voz de Galicia: *Un monumento en Peligro*, sen sinatura, 13-III-1921.
- Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da La Coruña *Recuerdo de la Excursión a Pontedeume: Capilla de San Miguel de Breamo*, Ángel DEL CASTILLO, 8 de maio de 1921.
- El Ideal Gallego: *La Capilla de San Miguel de Breamo*, o correspondente de Pontedeume, 1-XII-1921.
- El Correo Gallego: *Un monumento en Peligro*, Ángel DEL CASTILLO, 11-I-1922.
- El Noroeste: *Un monumento en Peligro*, sen sinatura, 12-I-1922.
- El Correo Gallego: *La Capilla de San Miguel de Breamo*, Rosendo VILARIÑO, 14-I-1922.
- La Voz de Galicia: *La Iglesia de Breamo*, o correspondente de Ferrol, 12-I-1922.
- El Correo Gallego: *Un monumento en Peligro*, Ángel DEL CASTILLO, 25-I-1922.
- El Correo Gallego: *Un monumento en Peligro*, VÁZQUEZ GALÁN, 16-VI-1922.
- El Ideal Gallego: *La Capilla de Breamo*, sen sinatura, 19-VIII-1926.
- La Voz de Galicia: *La Iglesia de San Miguel*, Ángel DEL CASTILLO, 4-II-1931.
- Mundo Gallego: *San Miguel de Breamo*, 11-12, 1959.
- El Ideal Gallego: *La Iglesia de San Miguel de Breamo*, 7-IX-1969.
- Los Domingos de La Voz: *La iglesia de San Miguel de Breamo, un hermosísimo ejemplo de arquitectura románica*, Juan Ramón DÍAZ, 17-XI-1974.
- Cátedra, Revista Eumesa de Estudios, *En torno al Real Priorato de S. Miguel de Breamo y a su Iglesia*, nº 2, 1995, Carlos DE CASTRO ÁLVAREZ.



OUTROS RESTOS Românicos

O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE MONFERO*

Atópase no Concello do mesmo nome, a pouca distancia da súa capital, entre os nacementos dos ríos Lambre e Bartolomé. Accédese a el ou ben desde Pontedeume, do que dista uns 21 km, seguindo a dirección de Doroña ou Taboada-Casal de Arriba; ou ben desde Betanzos, dirección Viña ou Irixoa.



Mosteiro
de Santa María
de Monfero.

Algúns datos sobre a historia e a arte

O mosteiro fúndase en 1134 con monxes beneditinos traídos de Santa María de Valverde, logo Carracedo, por iniciativa dos cabaleiros Alonso Bermúdez e o seu sobriño Pedro Osorio, en terreos da súa propiedade e no lugar onde os seus devanceiros construíran unha pequena capela posta baixo a advocación de San Marcos. Un ano despois asegúrase a súa supervivencia co privilexio de Afonso VII. O documento é pois de 1135 e non de 1114 como na documentación se repite erroneamente.

Enriquecido por privilexios reais (delimitación do couto por parte dos monarcas Afonso VII e Fernando II) e particulares, chegará a estender a súa xurisdicción polas freguesías de San Pedro de Buriz, Santa María de Labrada, Santa María de Xestoso e Santa Xuliana e San Fiz de Monfero.

En 1147 convértese en mosteiro cistercense, aínda que a incorporación oficial non parece producirse ata 1201. Recibe a reforma a impulsos do mosteiro de Sobrado, o cal, a dicir de J.C. Valle⁵⁵³, constitúe toda unha excepción na dinámica das fundacións do Cister en Galicia.

Pero ó final do medievo, sumido nunha crise xeneralizada, o balance non parece ser moi alentador: posúe unha igrexa románica, basilical de tres naves, non sabemos se de estilo cisterciense, que substituirá á modesta capela de San Marcos, un claustro baixo, e, a dicir de Ambrosio de Morales⁵⁵⁴, non era moi grande, nin tiña libros e as súas reliquias eran pouco menos que de saldo.

* A elaboración deste apartado contou coa colaboración de J. L. LÓPEZ SANGIL

553. VALLE PÉREZ, J.C.: *La arquitectura cisterciense en Galicia*, Tomo I, p. 38.

554. FLOREZ, E: *Viaje de Ambrosio de Morales*, Edición facsímil, Oviedo 1977, p. 117.

O primeiro paso para a superación da crise dáse coa materialización das medidas postas en marcha polos Reis Católicos, que para Monfero supoñen a súa incorporación, en 1506, á Congregación de Castela. Sen embargo, non parece tocar fondo ata 1512. Contaba daquela o Mosteiro con nove monxes; cinco tivera nos momentos máis baixos.

A partir de medidados do século XVI, ou pouco despois, comeza unha etapa de crecemento que, con altibaixos, se prolongará ata fins do século XVIII. Ó longo desta etapa o Mosteiro pasa de nove monxes a corenta e tres en 1795 e renova todas as súas dependencias.

A historia do Mosteiro no século XIX sintetízase coas palabras exclaustación, desamortización e ruína. A Guerra da Independencia supón a paralización das obras e a descapitalización debido ós aportes pecuniarios, voluntarios e forzosos, que leva consigo. As obras do claustro da hospedería interrómpense sine die. Ata 1815 non se puido proceder á reparación do ciborio, arruinado cara a 1805. O Decreto de Extinción dos Mosteiros de 1820 leva consigo o abandono do Mosteiro e a primeira espoliación. Rematado o Trienio Liberal, os monxes regresan constatando que só as perdas de arte ascendían a 52.457 réas. En 1835 prodúcese a exclaustación definitiva. A partir de aquí, a ruína; sen que o frade que quedara a cargo da freguesía fixese nada por evitalo. A situación chegou a ser tan insostible que o Cardeal Arcebispo de Santiago, trala visita realizada en 1854, dispuxo que os retablos e bens mobles se distribuían entre as freguesías veciñas.



Claustro regrar ou das procesións.

O epílogo a esta bareve historia é o intento frustrado, a impulsos de don Rodrigo Pardo, en 1882, de P. Frei Manuel Antonio Díez de restaurar a vida monástica⁵⁵⁵, intento que nin sequera consegue deter a ruína por algúns anos.

555. Véxanse os avatares deste intento de restauración en YÁÑEZ NEIRA, D.: *El último capítulo de la historia de Monfero*, Abrente, núm. 10, 178; e núms. 11-12, 1979-1980.

A renovación das instalacións do mosteiro comeza polo claustro regradar ou das procesións. Foi proxectado por Juan de Herrera. Sabemos que a carón del traballaron Juan Enjuto, Simón Fernández e García de Velasco, a quen se cita como aparelador da obra. Cando en 1575 morre Herrera xa estaba terminado. Organízase en dous corpos, seguindo un modelo semellante ó que atopamos en Oia. Un inferior, de resaios góticos, inspirado no claustro da Catedral de Santiago, de arcos de medio punto entre grosos contrafortes rematados en sinxelos pináculos; a súa cuberta realízase con 24 tramos de bóveda de crucería nos que os nervios debuxan unha flor de catro pétalos con catro claves. O superior é xa plenamente renacentista: linteis con columnas toscanas con zapata, unidas con baixo peitoril.

Entre 1683 e 1685 faise a fonte.

O claustro pechouse, segundo documentación e inscrición de enriba dunha das portas, no cuadrienio do abade Bermeo Miró, que comezou en 1783, posiblemente a inscrición diga CERROSE AÑO DE 1786.

O claustro da hospedería foi realizado tamén polo círculo de arquitectos que se moveran en torno a Juan de Herrera. Estaba rematado en 1619. O modelo a seguir agora é o claustro dos Medallóns do mosteiro de Montederramo. Del só quedan catro columnas correspondentes ás esquinas meridionais. Por estes restos e por descrições antigas sabemos que tiña dous niveis: un inferior, con 20 columnas pseudocorintias, que sopor-



Restos do inconcluso claustro da hospedería.

tan 5 arcos de medio punto por á; e outro superior, con linteis e columnas pseudoxónicas con zapatas. O claustro foi pechado ó mesmo tempo que o claustro regradar, deixando ventás circulares.

Entre 1689 e 1692 houbo que apromar tres dos entrepanos porque ameazaban ruína, circunstancia que se repite entre 1741 e 1743 co muro que mira cara ó “capítulo”.



Fachada principal
da Igrexa do
Mosteiro.

de cruz latina, dunha soa nave, curto brazo transversal e presbiterio rectangular. Cóbrese con bóveda de canón, con casetóns do mesmo tipo que os empregados en Sobrado, dividida en arcos faixóns pouco resaltados, que parten dunha cornixa saínte decorada con triglifos, gotas con métopas e círculos gallonados.

A fachada é dunha ruda estrutura clasicista, pero barroca na súa decoración. Percorrida por catro columnas xigantes compostas, o recurso de alternar pedras de cantería graníticas con placas de lousa, como se se tratase dun taboeiro de xadrez, fai que gañe en orixinalidade e colorido, pero que perda en elegancia.

Cando se inaugura o templo faltaba o coroamento da fachada. Este estíbese realizando entre 1659 e 1662 segundo proxecto de Juan de Riera, no que se advirte a influencia de Melchor de Velasco. Sen embargo, nunca se realiza o corpo superior e o remate das torres, e iso debido ó branco fácil que ofrecían ós raios.

Dos estragos causados polos raios, os habitantes do mosteiro tiñan amargas experiencias. En 1677 caeran xa tres no ciborio causando importantes danos. En 1803 outro

Foron quizais estes problemas os que aconsellaron a súa demolición. Sen embargo, tres entrepanos do claustro permanecerían en pé ata 1882, ano en que se despromaron. Os traballos do novo claustro, que supuña unha ampliación do anterior cara á parte meridional, deberon comezar en 1787. En 1807 xa se construíra o que hoxe podemos contemplar, interrompéndose os traballos coa Guerra da Independencia para non se volver continuar.

Entre 1620 e 1656 constrúese a igrexa actual. A traza é realizada por Simón de Monasterio, daquela arquitecto de moda. Pero a súa morte en 1624, cando se progresaba na construción dos muros, fai que se sucedan unha serie de mestres que, sen dúbida, foron deixando a súa pegada na edificación, e alterando, en certa medida, polo menos na decoración, a traza primixenia debida a el.

Trátase dunha igrexa

caeu na media laranxa, polo que a torre do ciborio que chegou ata nós non é a primitiva, seguramente máis esvelta. Outro raio, con posterioridade a 1879, derrubou a torre da esquerda.

Finalmente hai que dicir que á altura de 1750 a bóveda de todo o corpo da igrexa agretárase e ameazaba ruína, de tal modo que houbo que esborrallala ata a cornixa e volvella recompoñer.

A igrexa comunica coa chirola, sacristía e sala capitular.

A chirola rematouse de construír en 1716. É unha peza cadrada de 11,70 metros de lado, detrás da capela maior, coa que se comunica polas dúas portas situadas a ámbolos extremos. Cóbrese con bóveda de canón de eixe perpendicular á bóveda da igrexa. A súa bóveda, denotando o influxo da sacristía de Sobrado, decórase con casetóns con relevos, que representan cruces, rostros, brasóns, soles, estrelas, etc.

En cada fronte sitúase un retablo pétreo con altar. Neles o arco rebaxado conxúgase coa arquitrabe, sustentado por pilastras toscanas estriadas; un deles con frontón triangular. Tres dos retablos estaban dedicados á Virxe dos Remedios, San Antonio e San Xosé e foron realizados no cuadrenio do abade Frei Bernardo Bermeo (1783-1787).

A función da chirola parece estar en relación coa necesidade de altares onde oficien os que non pertencían á comuniade, aínda que tamén fixo de sacristía. Respecto da etimoloxía do termo, algúns fano derivar da palabra *girola*.


Ignoramos se a sacristía e a sala capitular, ás que se accede por unha porta situada no muro sur do cruceiro, foron reconstruídas a finais do século XVI ou primeiros do XVII. Presumiblemente non, se temos en conta que no trienio de Frei Malaquías Insausti (1741-1744) fíxose, por despromarse, parte da bóveda da sacristía e a parede que mira a oriente. A súa configuración actual data de 1790, ano en que tamén se fixo a librería sobre ela.

A sala capitular realízaa Alonso Gorbalán, abade tres veces, non consecutivas, entre 1671 e 1685, aínda que a súa configuración actual é tamén de 1790. Pechouse ó mesmo tempo que os claustros, polo que debemos pensar, como era habitual, que estivese comunicado co claustro regrar.

O claustro oriental ou dormitorio, a diferenza dos dous claustros anteriores, trazados por arquitectos e executados conforme a unha planificación previa, é obra realizada por canteiros, sen unha planificación de conxunto, ó longo dun dilatado período de tempo a impulsos do crecemento da comunidade. Esta circunstancia reflíctese na súa falta de unidade e na variedade do aparello, en todo caso, de cachotería. O aspecto deste claustro (o dun gran curral) pode facernos pensar que non chegou a se rematar. Non é así, nel nunca se pensou facer outra cousa do que se fixo.


Sabemos que as obras xa estaban en marcha en 1614, seguramente antes, se temos en conta que o tránsito que comunica co claustro regrar se fai de crucería. Os traballos, en sucesivas campañas (1689-1691, 1753-1755, 1763) prolongáronse ata o cuadrenio de don Frei Bernardo Quintanilla.

1. PORTERÍA
2. CLAUSTRO DA HOSPEDERIA
3. CLAUSTRO REGRAR OU DAS PROCESIÓNS
4. HABITACIÓNS OU CLAUSTRO ORIENTAL
5. COCIÑA
6. REFECTORIO
7. APOUSENTOS ABACIAIS, BIBLIOTECA, SCRIPTORIUM.
8. CELAS MONACAIS
9. CÁRCERE XUDICIAL
10. SALA CAPITULAR
11. BAPTISTERIO
12. VESTIXIOS ROMÁNICOS (SÉCULO XII)
13. IGREXA
 - A. Coro
 - B. Sacristía (Chirola)



PLANTA DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE MONFERO

OUTROS RESTOS Románicos



Os edificios estudados anteriormente non esgotan o conxunto de dependencias do mosteiro, como todos, dotados dun complexo de instalacións destinadas a solventar as necesidades burocráticas e materiais.

O arquivo estivo, desde a segunda década do século XVIII, situado nun cuarto do claustro oriental, trasladándose no trienio de 1756-1758 a enriba da antesacristía; nesta parte oriental de claustro regradar atopábase tamén a librería, feita en 1790, e “capítulo alto”.

No dormitorio situouse o cuarto do calefactorio. E na á norte do claustro regradar, no piso baixo, o refectorio, ó que se accede por unha porta de arco carpanel, na clave da cal está gravada a data de 1611. É unha sala alongada cuberta de bóveda de medio canón decorada con grandes casetóns do tipo dos de San Martiño Pinario. Debaxo do refectorio fíxose entre 1783-1786 unha adega. Pegado a el, atópase a cociña, cun recubrimiento abovedado, sostido por dúas grosas pilastras, no que se individualizan cinco espazos de medio canón e unha lareira. É obra realizada no cuadrienio de 1775-1778.

Os restos medievais

Da igrexa románica, que debeu de ser basilical con tres naves e tres ábsidas, queda parte do muro meridional, salvado gracias a que sobre el cargaron as bóvedas do claustro regradar. O muro románico está artellado por cinco columnas encaixadas que o individualizan noutros tantos tramos. Dúas das columnas estaban dentro da ábsida. As bases son áticas con garras e toro inferior desenvolvido. Só nun caso se conserva o capitel. Decórase cun entrelazado do mesmo tipo do capitel que atopamos no terceiro piar do lado do evanxeo de San Martiño de Xubia. Os capiteis prolongan os seus cimacios en imposta resolta en nacela lisa, que é interrompida polas ventás. Estas eran, cara ó interior, sinxelas, abucinadas e de medio punto. Dubidamos que fosen de dobre derrame, senón que máis ben poderían responder a un modelo semellante ó que atopamos, por exemplo, en S. Martiño de Xubia; é dicir, arco semicircular en aresta viva sobre unha columniña por lado. No extremo occidental atópase unha porta tapiada de arco apuntado sobre mochetas sinxelas. Esta porta, no lado que mira á igrexa, ten un tímpano liso de lintel bilobular.

Restos románicos do Mosteiro de Santa María de Monfero.



Se sabemos que a igrexa era de planta basilical con tres naves, ignoramos as súas outras características. Para Ángel del Castillo era como as de Xubia ou Bergondo, é dicir, tería tres ábsidas semicirculares. José Carlos Valle aventura unha reconstrución hipotética: era basilical de tres naves de cinco tramos. A nave da actual igrexa sitúase no espacio ocupado pola central do templo románico. A cabeceira, tendo en conta a presenza de capelas rectangulares na igrexa actual e as formulacións cistercienses, organizábase en tres ábsidas rectangulares. Supón o citado autor que a incorporación ó cister, que sitúa en 1201, levou consigo a construción dunha nova igrexa nas primeiras décadas do século XIII. Estaríamos pois ante unha construción protogótica, cunha edificación que, á vista de diversas mandas que chegaron ata nós, nas que se alude a dita



Muro meridional
da primitiva igrexa
románica.

edificación, prolóngase ó longo do século XIII e boa parte do XIV. Pero debemos dicir que é evidente que o mosteiro de Monfero, fundado, como xa vimos, no 1134, antes da súa incorporación ó Císter debeu de contar cunha igrexa dentro da tipoloxía do románico pleno. O resto do muro que chegou ata nós en nada contradi esta consideración: en Xubia a igrexa ten cinco tramos e capiteis practicamente idénticos ó que atopamos en Monfero; o tipo de ventá que presenta o muro responde a unha variante do románico pleno; de ser de dobre derrame, modelos semellantes témolos en S. Xoán de Vilanova, S. Martiño de Andrade, Santa María de Doroña e S. Xoán de Caaveiro; o lintel bilobular da porta tapiada do último tramo responde a modelos que se difunden desde a Catedral de Lugo. É certo que determinados vestixios (lixeiro apuntamento do arco de peche da ventá pola parte exterior, porta de conversos con arco apuntado) van no sentido contrario, mais é indubidable que a igrexa debeu de adaptarse ás novas necesidades e sufrir remodelacións que nos resistimos a pensar, mentres non haxa probas máis convincentes, que afectaron a unhas ábsidas que non foron rectangulares. Sen embargo, hai unha circunstancia, pouco frecuente, que nos leva a considerar que a tipoloxía da igrexa era máis complexa cá de Xubia ou Bergondo, quizais coma as de Acibeiro: a ábsida lateral tiña dúas columnas entregas por lado⁵⁵⁶.

NOSA SEÑORA DA MERCEDE DE CHANTEIRO

Pertence á freguesía de S. Pedro de Cervás e ó concello de Ares. Atópase situada no extremo oeste da península bañada polas rías de Ferrol e Ares, moi próxima á costa.

Evidentemente trátase dunha igrexa gótica que xa existía no 1390, como sabemos por un documento de venta no que se di expresamente que foi edificada por Fernán Pérez de Andrade⁵⁵⁷. No 1393 pasa a mans do convento de Santa Catalina de Montefaro.

O edificio é dunha soa nave e unha ábsida rectangular asentado sobre a rocha aflorante. A nave divídese en tres tramos desiguais separados por dúas semicolumnas adosadas que recolle arcos faixóns apuntados; cara ó exterior, ditos arcos son contra-

556. Esta circunstancia é unha proba concluínte de que a ábsida lateral non era rectangular, pois de selo, se temos en conta que dúas das columnas se situarían no medio, resultaría sumamente profunda.

557. Véxase monografía adicada a San Pedro de Cervás.



Ermida de
Chanteiro.

restados por grosos contrafortes rematados en támara. A capela maior posúe un arco triunfal apuntado de bordos labrados en mediascanas. Este arco é recollido por soporte formado por tres semicolumnas adosadas; tal e como os atopamos, por exemplo, no claustro de S. Francisco en Ourense. Os fustes son monolíticos e os capiteis historiados. Cóbrese con bóveda de crucería, cuns nervios que se estean en columniñas de capiteis igualmente historiados. Na fachada ábrese unha porta non igualada no muro, de arco apuntado e tímpano con decoración escultórica. Enriba, un óculo; e rematando dita fachada, unha espadana barroca.

Se non cabe dubidar da adscripción desta igrexa ó estilo gótico, non sucede o mesmo polo que respecta á decoración escultórica; dúbida que se presenta ó considerarmos que a igrexa foi edificada sobre os restos dunha anterior, xa que persistirían elementos decorativos⁵⁵⁸. Esta decoración foi estudiaa por Molina Taboada⁵⁵⁹. Nos capiteis do interior do templo represéntanse animais

fantásticos, figuriñas humanas collidas da man, quizais un oso, aves, cunchas, palmeiras, etc.; no tímpano da porta, a Virxe con Neno flanqueada por dúas figuras, quizais doantes; as súas cabezas foron cortadas en 1920 e reconstruídas con cemento. O tema da Virxe é moi querido na escultura monumental gótica, mais aquí a figura da Virxe aparece concibida coma un trono coa típica rixidez e frontalidade románicas. Da temática dos capiteis, nada podemos aventurar en canto ó estilo, mais si da súa estrutura e dimensións, que se nos antollan xa góticas, mentres que a súa uniformidade de feitura, descarta a presenza de restos reutilizados. Mais, para saír de dúbidas, sobra con comparar estas esculturas coa que atopamos no convento de Montefaro⁵⁶⁰, fundado a fins do século XIV. Chegamos á conclusión de que se o mestre Mateo supón o punto de inflexión entre a estética románica e gótica, no medio rural aínda tivo aquela unha prolongada vida.

558. Véxase esta opinión en DEL CASTILLO, Ángel: *Inventario monumental y artístico*, ed. 1987, p. 156, e máis recentemente en CARDESÓ LIÑARES, José: *Santuarios Marianos de Galicia*, p. 197.

559. MOLINA TABOADA, *La escultura monumental en las fundaciones de Fernán Pérez de Andrade*, UNTIA, nº3, 1987.

560. Do primitivo mosteiro de fins do XIV quedan pezas soltas, conservadas no Museo Arqueolóxico da Coruña, e restos do claustro.

FONTES Monfero

Arquivo Histórico Nacional: Sección Clero

- Pergamiños: 240 de 1128-1738.
- Códice 259B.
- Papeis: 11.

Arquivo Histórico do Reino de Galicia: Fondos Religiosos

- Conventos, Igrexas e Mosteiros. Libro de Mosteiros: Monfero, C.269, C.256..
- Inventario de Clero da Provincia da Coruña: leg. 635-9.

BIBLIOGRAFÍA Monfero

- ARIAS MIRANDA, J., *El Monasterio de Santa María de Monfero*, Mundo Gráfico, nº 70, 1913.
- BASANTA BARRO, J.M^a, *El Imperial monasterio de Santa María de Monfero*, Mundo Gallego, 11, 16, 1960.
- BONET CORREA, A., *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*, Madrid 1966, pp. 207-213; pp. 237-240.
- DE MORALES, A., *Viaje de Ambrosio de Morales*, Notas do P. Flórez. Edición facsimile, Oviedo 1977, p. 117.
- DEL CASTILLO, A., *Inventario monumental y artístico de Galicia*, MCMLXXII, A Coruña 1972, pp. 337-338.
- DE LA IGLESIA, A., *Revista Galicia*, Tomo 3, 1863.
- LÓPEZ SANGIL, J. L., *Historia y memoriales del Monasterio de Santa María de Monfero*, Cátedra nº 3, Pontedeume 1995.
- LÓPEZ SANGIL, J. L., *Índices de la documentación en pergamino que se conservaba en el Archivo del Monasterio de Santa María de Monfero en el año 1833*, "Cátedra", nº 4, 1997.
- LÓPEZ SANGIL, J. L., *Un problema resuelto: La fundación del monasterio de Sta. M^a de Monfero, los privilegios de Alfonso VII y su filiación al Císter*, Estudios Mindonienses, nº 3, 1997.
- PARDO Vicente María, *Ilustración Gallega y Asturiana*, outubro, 1881.
- PÉREZ COSTANTI, P., *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, Santiago de Compostela, 1930, pp. 281-286.

- REIGOSA LORENZO, R., *Colección Diplomática del Monasterio de Monfero*. Tese inédita, Granada, 1948.
- VIGO TRASANCOS, A., *Un proyecto de coronamiento para la fachada de la iglesia monástica de Santa María de Monfero*. Estudio de Historia da Arte. En honor do profesor D. Ramón Otero Túñez. Santiago de Compostela, 1993.
- VALLE PÉREZ, J.C., *Monfero*, G.E.G., tomo 21, pax. 159-60.
- VILA JATO, M^aD., *Galicia en la época del Renacimiento*, tomo XII de Galicia Arte, pp. 176-180.
- YÁÑEZ NEIRA, D., *Monfero*, G.E.G., tomo 21, pp. 156-159.
- YÁÑEZ NEIRA, D., *El último capítulo de la Historia de Monfero*, Abrente, nº 10-12, 1978-80.

BIBLIOGRAFÍA Chanteiro

- CARDESO LIÑARES, José, *Santuarios Marianos de Galicia*, A Coruña 1995.
- DEL CASTILLO, Ángel, *La fundación del antiguo Convento de Santa Catalina de Montefaro*, Freguesía de Cervás, Programa ano 1950.
- DEL CASTILLO, Ángel, *Inventario Monumental y Artístico de Galicia*, A Coruña 1987.
- FIGUEIRIDO FEAL, Manuel, *Notas referentes al Santuario de Chanteiro*. Revista Piedad, Estudio y Acción, 1952.
- PEDRET CASADO, Paulino, *Consideraciones Históricas sobre Montefaro y Chanteiro*. Revista Piedad, Estudio y Acción, 1952.
- RODRÍGUEZ FRAIZ, Antonio, *El Santuario de Chanteiro*, Freguesía de Cervás, Programa ano 1950.

EPÍLOGO

O románico eumés. A forza do pasado e a esperanza do futuro

Un traballo é importante cando é relevante científica e culturalmente. A presente obra de Carlos de Castro Álvarez, que me cabe o alto honor de epilogar, reúne de xeito maxistral ámbalas características.

No estudio de *As igrexas románicas da comarca do Eume* os afortunados lectores de hoxe atopamos dous elementos fundamentais: está moi ben documentado e mellor informado. O autor manexou cunha exemplar destreza as máis variadas fontes, que serven de baseamento informativo ó magnífico edificio da súa investigación. A utilización por primeira vez dalgunhas das fontes utilizadas danlle a este traballo unha gran orixinalidade e confirenlle o difícil status de obrigada obra de consulta. A historia elabórase *ex novo* no duro obradoiro da documentación. Só os datos primeiramente analísados e despois rigorosamente contrastados constitúen a xenuína pedra angular sobre a que se levanta a investigación histórica.

Pero se é relevante o baleirado de fontes, o que logra o autor de xeito excelente, non é menos importante a situación destes datos nas coordenadas dunha bibliografía exhaustiva. E é aquí onde tamén o autor nos amosa abundantemente a súa ampla erudición. Utiliza con mestría un impresionante acervo de información bibliográfica que lle dá ó seu traballo a imprescindible marca dun bo estudio comparado.

Con estes dous soportes básicos das fontes e da bibliografía Carlos de Castro paséanos pola comarca do Eume amosándonos as belísimas igrexas románicas de San Xoán de Vilanova, Santa María de Doroña, San Xoán de Caaveiro, San Pedro de Cervás, San Martiño de Andrade e San Miguel de Breamo, sen esquecer Santa María de Monfero e Nosa Señora da Mercé de Chanteiro. Todo un alarde de bo facer por parte do autor na medida en que nos fai revivir de xeito intelixente uns tempos pasados, nos que a 'Igrexa militante' -por utiliza-los termos acuñados por Grombrich- deixou unhas pegadas eternas da súa acción pastoral.

Naqueles tempos do século XII Igrexa e Nobreza propuxéronse mancomunadamente organiza-la sociedade, na que os labregos, habitantes das amplas e case perdidas zonas rurais tivesen uns centros de reunión arredor daquelas igrexas románicas da súa veciñanza para resolve-los asuntos máis nimios do diario vivir pero sempre baixo a cobertura pétrea dunha igrexa sólida, da que manaba o alimento espiritual da omnipresencia divina. No marco espacial reducido dos enclaves rurais de antano a igrexa románica foi, desta maneira, o centro da vida espiritual e material duns homes e mulleres, a actividade dos cales desde que se nacía ata que se morría, sen esquece-los casamentos, transcorría dentro daqueles pequenos templos de arcos semicirculares, que descansaban sobre fortes pares, e baixo unhas bóvedas de canón que, no obstante o seu carácter primitivo, resolveran satisfactoriamente o importante problema das cubertas de madeira.

Pero este modélico estudio de Carlos de Castro non se esgota levándonos ós tempos dos nosos devanceiros eumeses, atravesando a data do tempo de adiante para atrás

de antano cara a hogano, ábrenos ó horizonte do noso vivir actual no que seguimos utilizando nalgúns casos e noutros contemplando estas mesmas igrexas románicas que, construídas hai oito séculos, continúan sendo os edificios máis emblemáticos, a carón dos maxestuosos mosteiros e imponentes castelos, da nosa existencia eumesa.

Pero se antes estas igrexas románicas da bisbarra eumesa foron uns preciosos eslabóns rurais dunha longa cadea do chamado estilo románico, que se extendía dende o corazón de Europa ata o *Finis Terrae* galego, tamén agora aquel vello Camiño de Santiago está chamado a entronca-la nosa pequena, bela e querida terra cun xeito de pensar e sentir universais, segundo os que a vida entre os homes debe discorrer sobre o gonzo equilibrado do supranacional e do local. Aquel indentifícanos en condicións de igualdade e solidariedade con tódolos homes e mulleres do mundo en xeral e de Europa en particular, e este -a irrenunciable vivencia peculiar de cada bisbarra ou rexión- reafirmáanos no específico, no noso, permitindo o desenvolvemento da propia idiosincrasia eumesa ou galega.

Só réstame darlle-las gracias ó autor por este exquisito e impagable regalo intelectual que, aclarando as nosas raíces históricas, proxéctanos cara ó futuro ca fachenda dun vello pobo que segue traballando pola súa bisbarra pero dende a sensatez que emana da conciencia histórica.

José Manuel Bernardo Ares
Catedrático da Universidade de Córdoba

BIBLIOGRAFÍA XERAL*

- ANDRADE CERNADAS, J.M.: *O Tumbo de Celanova*, Tomo II. Santiago, 1995.
- ARMESTO, Victoria: *Galicia Feudal*. 2 Tomos. Vigo, 1969.
- BALIÑAS, Carlos: *Do mito á realidade. A diferenciación social e territorial de Galicia na Alta Edade Media (século VIII e IX)*. Santiago, 1992.
- BANGO TORVISO, I.G.: *Ático y pórtico en el románico español: concepto y finalidade cívico-litúrgica*, Boletín del Semanario de Estudios de Arte y Arqueología, XL-XLI. Valladolid, 1975.
- BANGO TORVISO, I.: *Arquitectura Románica en Pontevedra*. A Coruña, 1979.
- BANGO TORVISO, I.G.: *Galicia Románica*. Vigo, 1991.
- BARREIRO FERNÁNDEZ e OUTROS: *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval*. Santiago, 1988.
- BEIGBEDE, Olivier: *Léxico de los Símbulos*, Madrid 1989.
- BONET CORREA, A.: *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*. Madrid, 1966.
- BROZ REI, X.M.: *O Románico da Terra de Melide no Camiño de Santiago*. BEM, nº 7, decembro 1922, Santiago de Compostela.
- CAAMAÑO MARTÍNEZ, J.Mª.: *Contribución al estudio del gótico en Galicia*. Valladolid, 1962.
- CARRÉ ALDAO, E.: *Geografía del Reino de Galicia*. Tomos II e VII. Barcelona, 1920.
- CAL PARDO, E.: *El Monasterio de San Salvador de Pedroso en Tierra de Trasancos*. A Coruña, 1984.
- CAL PARDO, E.: *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergaminos, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*. Lugo, 1990.
- CARDESÓ LIÑARES, J.: *Dos iglesias románicas del Ayuntamiento de Oleiros*. Anuario Brigantino 1995, nº 18.
- CARRILLO LISTA, Mª del Pilar: *Analogías entre dos iglesias románicas de la comarca de Betanzos*. Anuario Brigantino 1995, nº 18.
- CARRILLO LISTA, Mª del Pilar: *Dos exemplos de arquitectura Románica de Terra de Melide*, XIV Ruta Cicloturística del Románico Internacional, 1996.
- CARRO, Xesús e OUTROS: *Arqueoloxía relixiosa de Melide*. Terra de Melide, Santiago, 1933. Edición facsímil de 1978.

* Non incluímos os estudos monográficos das igrexas tratadas, que aparecen na bibliografía de cada capítulo.

- COMPOSTELANA, Historia: *Hechos de don Diego Gelmírez*. Traducción de Manuel SUÁREZ. Santiago, 1950.
- CORREA ARIAS, F.J.: *O Románico Eumés: Eclecticismo e orixinalidade*. "Cátedra", nº 1, Pontedeume, 1994.
- CORREA ARIAS, F.J.: *A Ponte do Eume*. Cátedra, nº 2, 1995.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puente deume y su Comarca*. Pontedeume, 1981.
- CHAMOSO LAMAS e OUTROS: *Galicia. La España Románica*. Madrid, 1989.
- CHAMOSO LAMAS, M.: *Algunas muestras constructivas del primer románico en el norte peninsular*. Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXIV, 72-73-74, 1969.
- CHAMOSO LAMAS, M.: *Nuevas aportaciones al conocimiento de las primeras manifestaciones de la arquitectura románica en Galicia, surgidas de la peregrinación a Compostela*, XI Semana de Estudios Medievales. Pamplona, 1973.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, Carlos: *A póboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación monástica*, "Cátedra" nº 4, Pontedeume, 1997.
- DEL CASTILLO, A.: *Inventario Monumental y Artístico de Galicia*. A Coruña, 1987.
- DELGADO GÓMEZ, J.: *El cordero místico del tímpano de Santa María de Cambre*. Brigantium, Vol. 5, 1984-85.
- D'EMILIO JAMES: *Los documentos medievales como fuentes para el estudio de las parroquias e iglesias gallegas. El distrito de Monte de Meda (Lugo)*, C.E.G., Tomo XLIII, 108, 1996.
- DE SÁ BRAVO, H.: *El Monacato en Galicia*, II Tomos. A Coruña, 1972.
- FARIÑA JAMARDO, J.: *La Parroquia Rural en Galicia*. Madrid, 1981.
- FABEIRO-GÓMEZ, M.: *Marcas de Canteros en algunas localidades de Galicia*. Actas du Colloque International de Glytographie de Cambrai, 1984.
- FERNÁNDEZ DE VIANA, J.I., DE PABLOS RAMÍREZ, J.C., GONZÁLEZ BALASCH, M^a T.: *El Tumbo de Caaveiro*. "Cátedra" nº 3 e 4, Pontedeume 1996-97.
- FERNÁNDEZ-GAGO VARELA, C.: *San Julián de Moraime*, Abrente, nº 10, 1978.
- FERNÁNDEZ-GAGO VARELA, C.: *Monasterio de San Salvador de Bergondo (La Coruña)*, Abrente, nº 11 e 12, 1979-80.
- FERNÁNDEZ OXEA, J.R.: *Maestros menores del Románico Rural Gallego*. CEG, Tomo XVII, 52, 1962.
- FERRÍN GONZÁLEZ e CARRILLO LISTA: *Aproximación ó estudio dalgunhas igrexas románicas da ría de Camariñas*. Historia Nova II, 1994.

- FERRÍN GONZÁLEZ, J.R.: *La Iglesia románica de Santa Leocadia de Frixe*, XIV Ruta Cicloturística del Románico Internacional, 1996.
- FERREIRA PRIEGUE, E.: *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín Auriense, 1988.
- FLETCHER, Richard A.: *Obispos olvidados del siglo XII, de las diócesis de Mondoñedo y Lugo*. Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXVIII, Santiago, MCMLXXIII.
- FLÓREZ, H.; *España Sagrada*, Tomo XVIII, Madrid MDCCXCII.
- FOLGAR DE LA CALLE, M^a del Carmen: *La arquitectura gallega del siglo XVIII. Los Sarela*. Santiago, 1985.
- FORNOS, Carlos: *Apuntes de arquitectura románico*. As Pontes, 1994.
- FREIRE CAMANIEL, J.: *Contribución al estudio del Monacato en Galicia*, Tese inédita, Santiago 1995.
- GARCÍA ÁLVAREZ, Rubén: *Galicia y los gallegos en la Alta Edad Media*. Santiago, 1975.
- GARCÍA GARCÍA, A.: *Ecclesia Britoniensis*, Estudios Mindonienses, nº 2, 1986.
- GARCÍA IGLESIAS, J.M.: *Galicia. Tiempos de Barroco*. A Coruña, 1990.
- GARCÍA LEDO, X.A.: *A data de erección ou reformas da igrexa de S. Pedro de Oza dos Ríos, Século XII*, Anuario Brigantino, nº 5, 1982.
- GARCÍA ORO, J.: *Los señoríos Monásticos en la Baja Edad Media*. Compostellanum, volume XIV, nº 4. Santiago, outubro-décembro 1969.
- GARCÍA ORO, J.: *Galicia en los siglos XIV y XV*, I, II. Pontevedra, 1987.
- GARCÍA ORO, J.: *Don Fernando de Andrade. Conde de Villalba (1477-1540)*. Betanzos, 1994.
- GARCÍA PAZOS, F.: *Estudio Geográfico del paisaje Rural en un sector de las Mariñas Gallegas*, A Coruña, 1990.
- GÓMEZ MORENO, M.: *El arte románico español*. Madrid, 1934.
- GONZÁLEZ, Julio: *Regesta de Fernando II*. Madrid, 1943.
- GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M.: *El Arzobispado de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*. Santiago, 1996.
- HOYO DEL, J.: *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Ano 1607, Santiago, s.a.
- HUIDOBRO y SERNA, L.: *Las peregrinaciones jacobas*. Madrid, 1949.
- JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Guía para el estudio de la Edad Media Gallega. (1150-1480)*, Santiago de Compostela, 1973.

- LINAGE CONDE, A.: *Los orígenes del monacato beneditino en la península Ibérica*. León, 1973.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Ojeadas sobre el estado de los monasterios de Galicia a finales del siglo XI y principios del siguiente*. Galicia Histórica. Tomo I. Santiago, 1901.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomos III-IV, Santiago 1898-1911.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Santiago de Compostela, 1883. Edición 1968.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Alfonso VII rey de Galicia y su ayo el conde de Traba.*, Santiago, 1885.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Biografía de S. Rosendo*. Mondoñedo, 1907.
- LÓPEZ PÉREZ, M^a J.: *A igrexa románica de San Martiño de Xuvia*. Cuadernos del Ateneo Ferrolán, nº 6. Pontedeume, 1989.
- LÓPEZ SANGIL, J.L.: *La familia Froilaz-Traba en Galicia*. Estudios Mindonienses, nº 12, 1996.
- LÓPEZ SANGIL, J.L.: *El monasterio de San Isidro de Callobre*. Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XLII, 107. 1995.
- LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P.: *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes VI*, Madrid 1976.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel: *El reino de León en la Alta Edad Media, V. Las Cancillerías reales (1109-1230)*, León, 1993.
- MARTÍNEZ BARBEITO, C.: *Torres, Pazos y Linajes de la provincia de La Coruña*. A Coruña, 1978.
- MARTÍNEZ SALAZAR, A.: *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña, 1911.
- MARTÍNEZ SANTISO, M.: *Histoira de la ciudad de Betanzos*. Betanzos, 1892.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz*. A Coruña, 1987.
- MONTERO ARÓSTEGUI, J.: *Historia y descripción del Ferrol*. Madrid, 1858. Edición 1972.
- MONTERO DÍAZ, S.: *La Colección Diplomática de San Martín de Jubia*. Santiago, 1935.
- MURGUÍA, Manuel: *Historia de Galicia*, Bilbao 1865. Edición 1980, Tomo III.
- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M.: *Arquitectura Prerrománica*. Madrid, 1978.
- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M.: *Algunas reflexiones sobre el románico rural gallego*. Anuario Brigantino, nº 6, 1983.

- PALLARES, M^a C.: *El monasterio de Sobrado. Un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*. A Coruña, 1979.
- PÉREZ COSTANTI, P.: *Diccionario de Artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*. Santiago de Compostela, 1930.
- PENA GRAÑA, A.: *Narón, un concello con historia de seu*. Tomo II. Salamanca, 1993.
- PITA ANDRADE, J.M.: *Observaciones sobre la decoración geométrica en el románico de Galicia*. Cuadernos de Estudios Gallegos, XVIII, 54, 1963.
- PITA ANDRADE, J.M.: *El románico y su persistencia en Galicia*, 14^a Exposición. Santiago de Compostela, 1961.
- PITA ANDRADE, J.M.: *Notas sobre el románico popular de Galicia*. Cuadernos de Estudios Gallegos, XXIV, 72-73-74, 1969.
- PITA ANDRADE, J.M.: *Observaciones sobre la decoración vegetal del románico en Galicia*. Abrente, 1, 1969.
- PITA ANDRADE, J.M.: *Visión actual del románico de Galicia*. Cuadernos de Estudios Gallegos, XVII, 52, 1962.
- PORTELA SILVA, Ermelindo, e PALLARES, M^a del C.: *De Galicia en la Edad Media. Sociedad, Espacio y Poder*. Santiago, 1993.
- PORTELA SILVA, E. e PALLARES MÉNDEZ, M^a del C.: *Galicia en la época Medieval*, Tomo II.
- PUIG I CADAFALECH, J.: *La geografia i orígens del primer art romànic*, Barcelona, 1930.
- RECUERO ASTRAY, M.: *Alfonso VII, Emperador*. León, 1979.
- RÍO BARJA, F.X.: *Cartografía Xurisdiccional de Galicia no Século XVIII*. Santiago, 1990.
- RÍO BARJA, F.X. e RODRÍGUEZ LESTEGAS, F.: *Os ríos gallegos*. Santiago, 1992.
- SÁNCHEZ BELDA, L.: *Documentos Reales de la Edad Media referentes a Galicia: Catálogo de los conservados en la Sección Clero del AHN*. Madrid, 1963.
- SOLIS PARGA, M^a del Pilar: *Los señoríos de las provincias de Betanzos y La Coruña según el manuscrito de la renta del tabaco*. Anuario Brigantino, nº 15, 1992.
- SORALUCE BLOND, J.R.: *Arquitectura Románica de La Coruña, Faro-Mariñas-Eume*. Departamento de Historia de la Arquitectura de la ETSA de La Coruña. Santiago 1983.
- SORALUCE BLOND, J.R.: *Descripción de la villa de Puente de Heume, Año de 1798*. Pontedeume, 1984.
- SORALUCE BLOND, J.R.: *Marcas y Signos en templos medievales gallegos*. Pontevedra, 1986.
- SORALUCE BLOND, J.R.: *Cinco templos románicos de las Mariñas*. UNTIA, nº 1. Betanzos, 1985.

- SORALUCE BLOND, J.R.: *La restauración de la iglesia románica de Santa María de Dexo*. Abrente, 23-24, 1991-92.
- SOUSA, José: *La portada Meridional de la Iglesia de San Julián de Moraime: Estudio Iconográfico*. Brigantium, Vol. 4, 1983.
- SOUTO VIZOSO, A.: *Sinopsis monográfica del monasterio benedictino de San Martín de Jubia o del Couto*. Pontedeume, 1981.
- TORRES BALBÁS, L.: *Monasterios Cistercienses de Galicia*. Santiago de Compostela, 1954.
- TORRES LUNA e PAZO LABRADOR: *Parroquias y Arciprestazgos de Galicia*. Santiago de Compostela, 1994.
- TORRES RODRÍGUEZ, C.: *Galicia Sueva*. A Coruña, 1977.
- URGORRI CASADO, F.: *Nuevos datos sobre el primitivo concejo de As Pontes y sobre el señorío de los García Rodríguez*. UNTIA, nº 3. Betanzos, 1987.
- VAAMONDE LORES, C.: *Ferrol y Puente deume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el Monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV*. A Coruña, 1909.
- VALES VILLAMARÍN, F.: *As cruces antefixas románicas e sustentáculos da comarca betanceira*, Anuario Brigantino nº 5, 1982.
- VALLE PÉREZ, J.C.: *Arquitectura cisterciense en Galicia*. II Tomos. A Coruña, 1982.
- VALLE PÉREZ, J.C.: *Las cornisas sobre arcos en la arquitectura románica del noroeste de la Península Ibérica*. Compostellanum, XXIX, 3-4, 1984.
- VASCO DE APONTE: *Recuento de las Casas antiguas del Reino de Galicia*, Equipo de Investigación "Galicia hasta 1500". Santiago, 1986.
- VARELA, J. e LOBATO, X.: *Eume*, 1996.
- VÁZQUEZ PENEDO, A.: *El Románico en la Comarca Eumesa*. Pontedeume, 1986.
- VICETTO, Benito: *Historia de Galicia*, Bilbao 1865. Edición de 1980, Tomo XI.
- VILLA-AMIL Y CASTRO, J.: *Rodrigo Gómez, cuadro histórico de las costumbres de la nobleza gallega en el siglo XIII*. La Ilustración Gallega y Asturiana, Tomo II, 1880.
- VILA DA VILA, M.: *Las campañas constructivas de la iglesia románica de Sta. Mª de Cambre*. Cuadernos de Estudios Gallegos, XXXV, 100, (1984-85).
- YARZA, J.: *Arte y Arquitectura en España, 500-1250*. Madrid, 1987.
- YZQUIERDO PERRÍN, R.: *La Arquitectura Románica en Lugo*. A Coruña, 1983.
- YZQUIERDO PERRÍN, R.: *Santa María de Dexo*. Abrente 23-24, 1991-1992.

YZQUIERDO PERRÍN, R.: *Arcos lobulados en el románico de Galicia*. El Museo de Pontevedra, XXXVII, 1983.

YZQUIERDO PERRÍN, R.: *Galicia Arte*, Arte Medieval I e II, Tomos X e XI. A Coruña, 1995.

ZOLTAN, V.H.: *Los Andrade. Una bibliografía histórica*, Anuario Brigantino nº 14.

ABREVIATURAS

AHDS: Arquivo Histórico Diocesano de Santiago.

AHN: Arquivo Histórico Nacional.

AMP: Arquivo Municipal de Pontedeume.

APC: Arquivo Parroquial de S. Pedro de Cervás.

APV: Arquivo Parroquial de S. Pedro de Vilar.

ARAG: Arquivo da Real Academia Galega.

ARG: Arquivo do Reino de Galicia.

BRAG: Boletín da Real Academia Galega

CEG: Cuadernos de Estudios Gallegos.

FR: Fondo Relixioso.

FX: Fondo Xeral.

GEG: Gran Enciclopedia Gallega.

LF: Libro de Fábrica.

LV: Libro de Visitas.

Índices

ÍNDICE DE ILUSTRACIÓNS

Marco Xeográfico e Histórico

Páx.

1. Pontedeume fúndase entre a Ría e o monte Breamo	16
2. Mapa da Comarca realizado en 1798	19
3. Mapa dos señoríos xurisdiccionais de Pruzos e Bezoucos na segunda metade do século XIII	24
4. Afonso X concede o foro de Benavente a unha trintena de freguesías para poboar Pontedeume	30
5. Castelo de Andrade	33

O Románico da PROVINCIA da CORUÑA

1. Mapa da distribución das igrexas románicas da provincia da Coruña	42
2. Planta da igrexa de San Martiño de Tiobre	48
3. Portada de Santiso de Oseiro	50
4. Ventá das ábsidas de Santa María de Cambre	53
5. Capitel de follas con bolas da igrexa de San Martiño de Ozón	54

O Románico da COMARCA do EUME

1. Mapa de localización das igrexas románicas da Comarca do Eume	60
2. Canzorros de Andrade, Cervás e Doroña	66
3. Signos e marcas de Canteiros	67

San Xoán de VILANOVA

1. Igrexa de San Xoán de Vilanova	73
2. Planta da igrexa	76
3. Ventá, arquíños e sogueado da ábsida	77
4. Fachada norte	78
5. Ábsida	79
6. Interior da ábsida	80
7. Sección lonxitudinal	82
8. Detalles da greca que decora o muro norte	83

Santa María de DOROÑA

1. Igrexa de Santa María de Doroña	91
2. Planta da igrexa	93
3. Fachada sur	94
4. Exterior da ábsida	96
5. Portada	98
6. Interior da ábsida	99
7. Capiteis do presbiterio	100
8. Capiteis da portada	103

San Xoán de CAAVEIRO

Pax.

1. Vista aérea do mosteiro de San Xoán de Caaveiro	109
2. Porta actual de acceso ó mosteiro e ábsida da primitiva igrexa	112
3. Mapa do couto de Caaveiro	122
4. Caaveiro con anterioridade a 1896, visto desde o norte	126
5. Caaveiro con anterioridade a 1896, visto desde o leste	127
6. Planta actual do mosteiro	130
7. Reconstrucción hipotética dos edificios desaparecidos do mosteiro	132
8. Torre-campanario vista desde o patio	134
9. Reconstrucción hipotética da portada principal da Igrexa Colexial	136
10. Caaveiro desde o nordeste	137
11. Fachada oeste da igrexa actual	140
12. Muro de contención nororiental	141
13. Ventá do tramo central da ábsida	143
14. Interior da ábsida da igrexa actual	144
15. Capiteis do presbiterio	145

San Pedro de CERVÁS

1. Igrexa de San Pedro de Cervás	155
2. Planta da igrexa	156
3. Ábsida	159
4. Sección lonxitudinal	160
5. Interior da ábsida	160
6. Capiteis do presbiterio	162

San Martiño de ANDRADE

1. Igrexa de San Martiño de Andrade	167
2. Planta da igrexa	168
3. Exterior da ábsida	169
4. Capitel esquerdo	170
5. Pinturas do interior da ábsida	171

San Miguel de BREAMO

1. O monte Breamo e os seus accesos	177
2. Igrexa de San Miguel de Breamo vista desde o sureste	178
3. Fachada principal na primeira metade do século XX	179
4. Planta da igrexa	182
5. Fachada principal	184
6. Ábsidas	186
7. Fachada norte	188
8. Sección lonxitudinal	189
9. Interior da ábsida central	190
10. Bóveda de cruceiro	191
11. Bóvedas de Breamo, Vilar de Donas e Meira	191
12. Nave principal da igrexa	193
13. Capiteis	194
14. Bases de semicolumnas	194
15. Canzorros da ábsida do lado da epístola	196

OUTROS RESTOS Románicos

Pax.

1. Mosteiro de Santa María de Monfero	205
2. Claustro regar ou das procesións	206
3. Restos do inconcluso claustro da hospedería	207
4. Fachada da igrexa do mosteiro	208
5. Planta do mosteiro	210
6. Restos románicos do mosteiro	212
7. Muro meridional da primitiva igrexa románica	213
8. Ermida de Chanteiro	214

ÍNDICE ONOMÁSTICO

Adefonso, prior de Caaveiro: 112.

Adosinda: (cita) 26.

Afonso, conde: 21.

Afonso II: 19, 20.

Afonso III: 19, 21.

Afonso, infante, marido de Mofalda Manrique: 22.

Afonso V: 20.

Afonso VI: 21, 22.

Afonso, fillo conde Raimundo: (cita) 116.

Afonso VII: 21, 27, 28, 47, 113, 114, (cita)117, 118, (cita)119, 120, 121, 145, 146, 205.

Afonso IX: 29, (cita) 110, 124.

Afonso X: 29, 30, 32, 45, 68, 73, 74, 80, 92, 121, (cita) 124.

Afonso XI: 22, 23, 29, 32.

Aison (Esum), abade: (cita) 111.

Alba, casa: (cita) 32.

Alba, duques: (cita) 22.

Alcedonia: (cita) 18, (cita) 110, 112, 119.

Alejandro VI, papa: 118, 127.

Alonso Bermúdez: 205.

Alonso de Aragón, prior de Bremao: 180, 181.

Alonso Leal, canteiro: (cita) 183, 199.

Alonso Pica, Rafael: (cita) 109, 110.

Alonso Gorbálán, prior de Monfero: 209.

Aloytus, abade: 111.

Alvar Núñez: 22.

Álvarez, Lucas: (cita) 91, (cita) 120, (cita) 121.

Alvito, prior: 117.

Ambrosio de Morales: 109, 111, 119, 205.

Amiguiiz, bispo: 117.

Amor, bispo (cita): 117.

Anagildo, abade: 111, 119.

Andrade, casa, familia : 17, 21-35, 74, 92, 125, 126, 168, 180.

Andrade, conde: 92, 127.

Andrade, J. M.: (cita) 91.

Andrés, bispo: 18.

Andrés Mª Moreiras, arcipreste: (cita) 74.

Antonio C. Montero, prior de Caaveiro: 129.

Antonio Rodríguez Fraíz: 157.

Antonio Sanjurjo, prior de Bremao: 181.

Antonio Sierto, cura de San Pedro de Vilar: 199.

Antonio Zabala, señor de Bañobre: 195.

Argaiz: 111, 119.

Argimiro, bispo: (cita) 117.

Arias Muñiz: (cita) 22.

Astrufido/ Astrufidus: 111, (cita) 113, 115.

Atán Froilaz: (cita) 23.

Aymia: 112, 113, (cita) 119.

Balbás, Torres: (cita) 46.

Baltasar Porreño: 33.

Bango Torviso, I.: (cita) 48, (cita) 52, (cita) 53, 54, (cita) 59, 66, 81, 86 (cita) 93, (cita) 97, (cita) 142, (cita)158, 181, 183.

Barcelos, conde: (cita) 33.

Beigbeder, Olivier: (cita) 102.

Beltrán, bispo de Osma: (cita) 120.

Bermeo Miró, abade de Monfero: 207.

Bermudo II: (cita) 117

Bermudo III: 114

Bermudo o Gotoso, rei: 114.

Bermudo Fortuniz: 116.

Bermudo Freyre de Andrade: 33.

Bermudo Pérez, clérigo: 125.

Bermudo Pérez de Andrade: 29.

Bermudo Pérez, fillo don Pedro Froilaz: 3, 23-26, 28, 29, 30, 34, 179.

Bermudo, rei: 111, 113, 114, 115, 118, (cita) 121, (cita) 138.

Bernardo Bermeo, abade de Monfero: 209.

Bernardo Quintanilla: 209.

Berwik e Alba, casa :180.

Blanca, señora de Molina: 22.

Caamaño Martínez: (cita) 46.

Caamouco, conde de : 23.

Caamouco, tenente: 23, (cita) 29.

Cabrera, señor de: 23.

Cal Pardo, E.: 25, 27, 28, 74, 117, 118.

Campelo, José: (cita) 23, (cita) 26.

Carbajo, Mauricio: (cita) 26, (cita) 178.

Cardeso Liñares: (cita) 47, (cita) 214

Carlos III: (cita) 74.

Carlos IV: (cita) 74.

Carré Aldao: (cita) 97, (cita) 109, (cita) 197.

Carrillo Lista, Mª del Pilar: (cita) 41, (cita) 51, (cita) 81.

Castelao: (cita) 102.

Católicos, reis: 35, 124, 125.

Cepeda Fandiño, A.: (cita) 116, (cita) 118.

Cipriano Carlos Magadan, prior de Caaveiro: 129, 131, 137, (cita) 138.

Clemente Sarela: 135.

Correa Arias, José: (cita) 32, (cita) 129, (cita) 157, (cita) 171.

Cortés, Benigno: (cita) 26, (cita) 31, (cita) 178.

Couceiro Freijomil, A.: 17, 23, 32, (cita) 109, (cita) 110, 111, (cita) 124, 139.

Cristina: 112, 113, (cita) 119.

Chamoso Lamas, M.: 46, (cita)84, 86.

D'Emilio, James: (cita) 47.

David, Pierre: 18

De Castro Álvarez: (cita)27, (cita)75.

De Pablos Ramírez: (cita) 18, (cita) 21 - (cita) 25, (cita) 29, (cita)34, (cita) 35, (cita) 91, (cita) 92, (cita) 110, (cita) 111, (cita)113, (cita) 114, (cita) 115, (cita) 116, (cita) 117, (cita) 119, (cita) 120, (cita) 121, (cita) 124, (cita) 125, (cita) 168, (cita) 177, (cita) 178.

De Sá Bravo, Hipólito: 137, 139, 178.

Del Castillo, Angel: 46, (cita) 53, (cita) 59, (cita) 62, 63, 86, (cita) 91, (cita) 95, (cita) 97, 103, 104, (cita) 109, 110, 111, 115, 121, 156, 181, 182, 183, (cita) 192, 195, 197, 198, 199, 212, (cita) 214.

Del Hoyo, Jerónimo: (cita) 17, 73, 74, 92, 119, 131, 135, 156, 157, (cita) 168.

Delgado Gómez: (cita) 102.

Díaz y Díaz: (cita) 111.

Diego B. de Barreda, prior de Caaveiro: (cita) 128.

Diego de Samboulo: (cita) 124.

Diego Fernández Freire: (cita) 156.

Dionis: (cita) 33.

Dopico, Fernando: 31.

Dumio, Martín de: 18.

Durliat, Marcel: 84, (cita) 182.

Egicani: (cita) 18.

Elvira de Faro: 21.

Elvira Pinoiz: 177.

Enrique Bermúdez: 34.

Ensenada, Catastro: (cita) 74, 75, 156.

Ero/ Erus, bispo: 111, 119, (cita) 113.

Espínola, arcebispo: 128.

Esum/ Exo/ Exum, abade de Caaveiro: 111, (cita) 113, 115.

Faciani: 117.

Fariña Jamardo, José: (cita)18, 47.

Faustino Domínguez Caballero, arquitecto: 157.

Felipe II : 109.

Fernán Pérez de Andrade O Bóo: (cita)26, 31, 32, 35, 74, 125, 156 180, 213.

Fernán Pérez de Andrade O Mozo: 74, 168.

Fernán Pérez de Andrade I/ Fernando: 34, 35.

Fernán Pérez, prior: (cita) 124.

Fernández de Viana: (cita) 18, (cita) 21 - (cita) 25, (cita) 29, (cita) 34, (cita) 35, (cita) 91, (cita) 92, (cita) 110, (cita) 111, (cita) 113, (cita) 114, (cita) 115, (cita) 116, (cita) 117, (cita) 119, (cita) 121, (cita) 124, (cita) 125, (cita) 168, (cita) 177, (cita) 178.

Fernando: 24.

Fernando Antonio López, párroco: 157.

Fernando Bermúdez, fillo de don Bermudo Pérez: 34.
 Fernando de Andrade, conde: (cita) 32, 92, (cita) 34, 125, (cita) 180.
 Fernando de Andrade, prior: 126.
 Fernando II: 27, 29, 74, (cita) 91, 113, 114, 121, 178, 205.
 Fernando III: 27, 124.
 Fernando, infante: 121.
 Fernando IV: 31, 32, 73, 74.
 Fernando Pérez, fillo de don Pedro Froilaz: (cita) 21, 23, 24, 25, 26, 28, 155.
 Fernando Pérez de Andrade I: (cita) 168.
 Fernando Pérez, prior: 126.
 Fernando Ruiz Osorio, marqués: (cita) 180.
 Ferreira Priegue, Elisa: (cita) 109.
 Ferrer, Santiago: (cita) 17.
 Ferrín González, José Ramón: (cita) 41, (cita) 51, (cita) 81.
 Fletcher, Richard: 117.
 Flórez, Enrique: 19, 111, 115, 117, 119, (cita) 205.
 Folgar de la Calle: 135.
 Francisco Blanco, arcebispo: 127.
 Francisco de Espinosa, prior de Bremao: 181, 183, 198.
 Francisco de Torres: 128.
 Francisco Vázquez, prior de Caaveiro: 126.
 Francisco Verdes Montenegro, prior de Caaveiro: 129, 135, 138.
 Freire Camaniel: (cita) 27.
 Freyre de Andrade: 33.
 Froila Bermúdez/ Veremudiz: 21, (cita) 22.
 Froilaz, familia: 21.
 Froyla Meigo, prior: (cita) 118.
 Frugulfo/ Frugulfus: 111, 113, (cita) 115.

García Álvarez, Manuel: (cita) 18, 113.
 García Espinosa, Pío: (cita) 59, 65, (cita) 124, 131, 134, 138, 139, 143.
 García Guinea, M. A.: 64, (cita) 85, (cita) 142.
 García Oro, J.: (cita) 29, (cita) 31, (cita) 32, 34, (cita) 74, (cita) 115, (cita) 125, (cita) 126, (cita) 168, (cita) 180.
 García, rei de Galicia: 22.
 García Rodríguez: 22, (cita) 31.
 García Velasco: 207.
 Gil Fernández: 92.
 Godesteo: (cita) 18, (cita) 110, 112, (cita) 119.
 Gómez, neto de don Fernando Pérez : (cita) 28.
 Gómez Enriquez: 92.
 Gómez Freire de Andrade, prior de Caaveiro: (cita) 118, 126, 131.
 Gómez González, conde: 23, 24.
 Gómez Moreno, M.: 84.
 Gómez Pérez das Mariñas: (cita) 31.
 González Balasch: (cita) 18, (cita) 21 - (cita) 25, (cita) 29, (cita) 34, (cita) 35, (cita) 91, (cita) 92, (cita) 110, (cita) 111, (cita) 113, (cita) 114, (cita) 115, (cita) 116, (cita) 117, (cita) 119, (cita) 121, (cita) 124, (cita) 125, (cita) 168, (cita) 177, (cita) 178.
 González Cebrián, J., arquitecto: 158.
 González Vázquez, Marta: (cita) 155.
 González Villar, arquitecto: (cita) 199.
 Gonzalo, bispo Mondoñedo: 21, 117.
 Gonzalo Fernández: 24.
 Gonzalo Ozores de Ulloa: 125, 135.
 Gosindiz: 177.
 Gudesindo, bispo: 21.
 Gudesteo, bispo: 21.
 Guido, bispo de Lugo: (cita) 120.
 Guncina: 25.
 Gundulfus: (cita) 18.
 Guntruda Ovequiz: 116.
 Gutiérrez Bermúdez, conde: 25.

Henrique II: 23, 32, 35, 180.
 Henrique III: (cita) 124.
 Hermesenda Froilaz: 25.
 Hidacio: 17.
 Huidobro y Serna: (cita) 180.

Johan Alfonso, clérigo: 179.
 José Abad Montenegro: 129.
 Joseph de Vergara, prior de Caaveiro: (cita) 111, 128, (cita) 130, 134.
 Joseph Joaquín Marichalar, prior de Bremao: 181.
 Juan II: 22
 Juan de Herrera: 207.
 Juan de Riera: 208.
 Juan de San Clemente, arcebispo: 128.
 Juan de Torres, prior de Caaveiro: 128, 134, 145.
 Juan Enjuto: 207.
 Juan, escribán: 121.
 Juan Fernando, cóengo de Santiago: 74.
 Juan Francisco Mon, prior de Caaveiro: 129.
 Juan Freire de Andrade: 35, 125.

Juan García Manrique, arcebispo: 156.
 Juan Ovequiz, prior de Bremao: 178.
 Juan Roa Davila, prior de Caaveiro: (cita) 73, 127, 128.
 Juan Valentín, cura: (cita) 74.

La Fuente: 117.
 Leirós Fernández: (cita) 155.
 Lemos, casa: 92.
 Lemos, conde: 75, 181.
 Leonor de Guzmán: 23.
 Leovixildo: 19.
 Lestón Gómez: (cita) 135.
 Lira, duque: 181.
 López Alsina: 20.
 López de Mendoza, prior de Caaveiro: 127.
 López Ferreiro: 19, (cita) 20, (cita) 21, 22, (cita) 23, (cita) 27, (cita) 28, 111, (cita) 113, 115, 117, 137, 141.
 López Pérez, M^a José: 46.
 López Sangil, José Luis: (cita) 21, (cita) 22, (cita) 24, (cita) 26, (cita) 27, (cita) 28, (cita) 38, 74, (cita) 114, (cita) 116, (cita) 119, (cita) 135, (cita) 205.
 López, Tomás: (cita) 17.
 López Torre: (cita) 33.
 López y Carballeira: 111, 115, 139, 141.
 Lopo Monteiro, prior de Pedroso : 180.
 Lopo Pérez de Andrade: 34.
 Lorenzo Bellón, prior de Caaveiro: 128.
 Loscertales, P.: (cita) 27.
 Luaces, Javier : (cita) 17.
 Lucía: 21.
 Lupa: 26.
 Lupus Nuniz: (cita) 23.
 Luzo Guimaraz: 177.

Macedo Cordal: (cita) 32.
 Madoz, diccionario: 180.
 Maior: 22.
 Malaquías Insausti, abade de Monfero: 209.
 Manuel Antonio Díaz: 206.
 Manuel Rodríguez de León, prior de Caaveiro: 129, (cita) 130, (cita) 137.
 Manuel Varela, conde: 75.
 María Sánchez: 92.
 Marina Arias: 177.
 Martín Bara, cóengo: (cita) 128.
 Martín Bermúdez de Andrade: 33, 34, 35, 168.
 Martín Pérez: (cita) 156.
 Martínez Salazar: 74, (cita) 156.
 Mateo, mestre: 46, 64, (cita) 192, 195.
 Matheus Ruderici: (cita) 23.
 Mauricio de Braga: (cita) 117.
 Mayor Bermúdez: 34.
 Melchor de Velasco: 208.
 Menendo Fuliniz: 116.
 Millán González, Isidro: (cita) 29, (cita) 31, (cita) 32.
 Miro/ Mirón: 18.
 Moares Ares: (cita) 32.
 Mofalda Manrique de Lara, señora de Molina: 22.
 Molina Taboada: 214.
 Montero Aróstegui: 65, 134, (cita) 135, 136, 138, 139.
 Montero Díaz: (cita) 15, (cita) 26, (cita) 27, (cita) 28, (cita) 31.
 Munia: (cita) 25.
 Munia, aboa de Tructino: 112.
 Munia Froilaz: 21, (cita) 26, 27, 47, 91.
 Munio: 20.
 Murguía, Manuel: (cita) 31, 110.

Nuno Peláez: (cita) 23.
 Núñez Rodríguez, Manuel: (cita) 47, (cita) 85, 86, 146.
 Nuño Alfonso, bispo Mondoñedo: 117, 118.
 Nuño Freire de Andrade: 28, 33.

Odoario: 18.
 Ordoño II: 20, 21, 113.
 Osorio: 17.
 Osorio de Villalobos, liñaxe: 22.
 Osorio Sandiníz: 116.
 Oveco Gutierrez: 178.

Pallares Méndez, Carmen: (cita) 20, 28, 178, 179.
 Pedret Casado: (cita) 156.
 Pedro I: 32, 35, 180.
 Pedro Acuña y Malvar, provisor: 181.
 Pedro Andrade o Vello: (cita) 35.
 Pedro Bermúdez de Andrade: 33, 34, (cita) 35, (cita) 168.
 Pedro Bermúdez: 34.

Pedro, bispo de Mondoñedo: 23, 28, (cita) 25, (cita) 116, 117, 118, (cita) 119, (cita) 120.
 Pedro Carrillo de Acuña, arcebispo: 116, 127.
 Pedro de Andrade, arcebispo: 128.
 Pedro Enríquez de Castro: 23.
 Pedro Feroso: (cita) 127.
 Pedro Fernández de Andrade: 125.
 Pedro Fortuniz: 116.
 Pedro Froilaz, conde de Galicia: 21-29, (cita) 31, 33, 74, (cita) 116, 117, (cita) 120, 155.
 Pedro Guzmán de Roa: (cita) 73, (cita) 128.
 Pedro Osorio: 205.
 Pedro Pérez, cabaleiro de Saa: (cita) 74.
 Pedro, prior de Caaveiro: 91, 145.
 Pedro Rodríguez, prior: 179.
 Pelagio de Juan, prior de Caaveiro: (cita) 118, (cita) 120, 121.
 Pelayo Almondiz: 155.
 Pelayo Rodríguez de Andrade: (cita) 35, (cita) 168.
 Pena Graña, Andrés: (cita) 22, (cita) 27.
 Penedo, Rafael: (cita) 17.
 Pereña, L.: (cita) 128.
 Pérez Costanti: (cita) 183.
 Pérez de Urbel: (cita) 21.
 Pérez Rodríguez, F.: (cita) 28, (cita) 156.
 Pérez Villamil: 136.
 Pero de Velasco, prior de Caaveiro: (cita) 111.
 Pero Eans Mandiá/ Pero Yans Maana: 31.
 Pero Fernández de Andrade: (cita) 35, (cita) 168.
 Petri, Petriz, familia: 21, 25, 27.
 Pierre, David: 18.
 Pita Andrade: 46, (cita) 47, 49, (cita) 51, 53, 83, (cita) 195.
 Porta de la Encina, Antonio: (cita) 34, (cita) 110, (cita) 116, (cita) 117, 120, (cita) 121, (cita) 124, (cita) 125, (cita) 135.
 Portela, Ermelindo: 20, (cita) 28.
 Ptolomeo: (cita) 17.
 Puig i Cadafalch: 84, 87.
 Quintiliani: (cita) 18.
 Raimundo de Borgoña, conde: 22, 23, (cita) 91, 114, (cita) 116, 117.
 Ramiro I: 20.
 Recaredo, rei: 21.
 Regal, B.: 46, 86.
 Reinhardt, K.: (cita) 128.
 Ribera, señor de: 23.
 Rica, raíña: (cita) 120, 121.
 Risco, Vicente: 117.
 Roderico/ Rodericus, abade: (cita) 111.
 Roderico Froylaz: 23.
 Roderico Gondisalvi: (cita) 23.
 Rodrigo, fillo Froila Bermúdez: 21, 23, 25, (cita) 26.
 Rodrigo, abade: 111, 119.
 Rodrigo de Caamaño: 127.
 Rodrigo de Mandiá y Parga, prio de Caveiro: 128.
 Rodrigo Gómez de Neda: 125.
 Rodrigo Gómez: 22, 23, 24, 32.
 Rodríguez Fraíz: (cita) 156.
 Rudericus, abade: 112.
 Rudesindo, bispo Mondoñedo: (cita) 113.
 Ruy Freire de Andrade: 125.
 Sabarico I: 19, 20.
 Sáez Sánchez: 111, 113.
 Sampiro: (cita) 21.
 San Agustín, orde: 27, 116, 118, 130, 170, 179, (cita) 182.
 San Aguntín, regra: 75, 115, 118, 127.
 San Bernardo, orde: 75.
 San Bieito, regra: 115.
 San Francisco, orde: 156.
 San Fructuoso: 110.
 San Isidoro: 18.
 San Rosendo: (cita) 18, 21, 27, 111-115, (cita) 117, 118, 135.
 San Rufo, congregación: 116.
 Sancha Bermúdez: 34.
 Sánchez Belda: (cita) 91, 113.
 Sancho III de Navarra: (cita) 85.
 Sancho IV: 22, (cita) 124.

Sancho, infante: 121.
 Santiago-Otero, H.: (cita) 128.
 Saralegui y Medina: 110.
 Sarria, marqués: 180.
 Sebastián Malvar y Pinto, arcebispo: 157.
 Seijo Rubio: 199.
 Silo, conde: 20.
 Silo, rei: 20.
 Simón de Monasterio: 208.
 Simón Fernández: 207.
 Simón Rodríguez: 134.
 Sisnaldo, clérigo: 111, 119.
 Solís Parga, M^a Pilar: (cita) 75.
 Soraluce Blond, J. R.: (cita) 17, (cita) 33, (cita) 74.
 Sousa, J.: (cita) 66.
 Souto Vizoso, Arturo: (cita) 29.
 Suárez, Manuel: (cita) 21, (cita) 25, (cita) 155.
 Suero Bermúdez: 34.
 Suero Ménéndez: 31.

Tedom/ Tedón/ Tedoni, abade: 116 - 118.
 Teodomiro: 18.
 Teresa Bermúdez: 34.
 Teresa de Andrade: (cita) 180.
 Tettamancy Gastón: 121, (cita) 124, 125.
 Toda Pérez: 25.
 Tomás Leal, canteiro: (cita) 183, 199.
 Tomás López, xeógrafo: (cita) 74.
 Torres, Casimiro: (cita) 17, (cita) 18.
 Toscano, M^a Cristina: (cita) 17.
 Traba, familia: 17, 21, 26, 27, 29, (cita) 120, 179.
 Trastamara, conde: 22, 23, 25.
 Truccino: 19, 112.

Urgorri Casado, Fernando: (cita) 21, (cita) 31, 30.
 Urraca Bermúdez: 34.
 Urraca Cresconi: 25.
 Urraca Enríquez: 34.
 Urraca González: 34.
 Urraca, infanta: 179.
 Urraca Pérez: 34.
 Urraca, raíña: 22, 28, (cita) 91, 114, (cita) 117, 120.

Vaamonde Lores, César: (cita) 26, 28, 30, (cita) 31, (cita) 34, 74, (cita) 92, (cita) 95, 113, 114, 115, (cita) 118, (cita) 125, (cita) 135, (cita) 156, 168 (cita) 178, (cita) 180.
 Valdés Blanco-Rajoy: (cita) 135.
 Valentín García, Juan: (cita) 17, 33.
 Vales Villamarín: (cita) 65.
 Valle Pérez, J. C.: (cita) 46, (cita) 51, (cita) 84, 86, (cita) 198, 205, 212.
 Vasco de Aponte: 29, 32, (cita) 74, (cita) 168.
 Vasco Pérez de Leiro: 32, 73.
 Vázquez de Parga, Luis: 18.
 Velasco: 111, (cita) 113, 115.
 Verey y Aguiar: 110.
 Veremudo Rageiz: 23.
 Veremudus Ataniz: 23.
 Vermudo Pérez, conde: 33.
 Vicetto, Benito: 111, 119.
 Vidal, Xosé Manuel: (cita) 109, (cita) 110.
 Villa-Amil: (cita) 125.
 Visclávora Froilaz: 21, 23, 25, (cita) 26.

Xelmírez, Diego: (cita) 25, 47, (cita) 91, 117, 118.
 Xoán I: 125.
 Xoán II: 145.
 Xoán Rodríguez: 125.
 Xoana, raíña: (cita) 124.

Yáñez Cifuentes, Concepción: (cita) 23, 115, 120, (cita) 206.
 Yáñez Neira, Damián: (cita) 206.
 Yarza, Joaquín: 84.
 Yepes: 111.
 Yzquierdo Perrín: (cita) 41, (cita) 47, (cita) 48, (cita) 51, (cita) 53, 86, 103.

Zacarías Armentariz: 91.
 Zaleska, María: (cita) 121, (cita) 124, (cita) 145.
 Zoltan V. H.: 33, (cita) 35.

ÍNDICE TOPONÍMICO

- A Baña, concello: 45.
 A Capela: 109, 110, (cita) 118, 119, 124.
 A Capela, concello: 16.
 Abeancos: 20.
 Abegondo: (cita) 31.
 Agreda: 145.
 Agrum Longum: (cita) 121.
 Alcalá de Henares: 128.
 Alcobaça: (cita) 111.
 Alón: 34.
 Alta Ribagorza: 75.
 Allariz: 29.
 Allegue, lugar: 178.
 Andel, couto: 29, (cita) 74, 178.
 Andrade: (cita) 35, 116.
 Andrade, castelo: 91, 168.
 Andrade, couto: 29, 34, 73, 167, 178.
 Andrade, San Martiño: 76, 50, (cita) 51, 52, 54, 63, 65, 67, (cita) 97, 161.
 Andrade, parroquia: 168.
 Andrade, torreón de: (cita) 183.
 Andrade, vila: 167.
 Andujar: 121.
 Arán, val: 75, (cita) 77, (cita) 78, (cita) 85.
 Ares, concello: 16, 155.
 Ares, ría: 15, 16, 17, 28, 155, (cita) 156, 177, 179.
 Armada de Arca: (cita) 121.
 Arnoso: (cita) 119.
 Arros: 20.
 Arteixo, concello: 45.
 Arzúa, concello: 45.
 As Pontes: 22, 31, 124.
 Asieso (Huseca): 86.
 Asma, San Salvador: (cita) 48.
 Asperela: (cita) 31.
 Astorga: 9, 18.
 Asturias: (cita) 116.
 Asturias, diócese: 20.
 Asturias, trono: 20.

 Baixa Ribagorza: (cita) 77.
 Bañobre: 26.
 Barallobre: 25.
 Barqueiro, ría: 22, 205.
 Baxoi, río: 16.
 Beati Jacobi, vila: 26, 30.
 Belelle, río: 15, 16, 110, (cita) 119.
 Belvís, convento: (cita) 135.
 Bemantes, couto: 157.
 Benavente: 20, 29, 127.
 Bergantiños: 20.
 Bergondo, San Salvador: 49-52, 54, 55, 64, 81, 102, 137, 143, (cita) 158, 161, (cita) 188.
 Bergondo, mosteiro: 35, 180.
 Bermui, freguesía: 16, 114, 124.
 Bermui, lugar, vila: 113, (cita) 120, (cita) 121.
 Besancos: 18, 19.
 Betanzos: 29, 205.
 Betanzos, partido: (cita) 15.
 Betanzos, ría: 15.
 Bética: 17.
 Bezoucos: 19.
 Bezoucos, arciprestado: 17, 120, 155.
 Bezoucos, condado: 21.
 Bezoucos/ Bisaquis/ Bisanquis, terra: 17, 18, 20, 23, 25, 26, 28, 30, 34, (cita) 110, 116, 168, 179.
 Boebre: 73, (cita) 120.
 Boí, val: 75.
 Boimiri, castro: 25.
 Boimiri, igrexa: 23.
 Boimorto, concello: 45.

 Boiro, concello: 45.
 Boqueixón, concello: 45.
 Brabío, San Martiño: (cita) 49, 50, (cita) 51, 52, 54.
 Braga: 117.
 Braga, concilio: 18.
 Braga, sé: 19.
 Breamo, couto: 29, 31, 73, 74, 75, 180.
 Breamo, monte: 16, 28, 177, 178, 179.
 Breamo, mosteiro: 35, (cita) 119, 179.
 Breamo, parroquia: 180.
 Breamo, San Miguel: 47, (cita) 49, 50, 51, 52, 54, 55, 60, 63-67, (cita) 95, 102, (cita) 158, 161, (cita) 170, 171, 172, 178, 182, (cita) 183, 192, 194.
 Breixa: 83.
 Bretonia (Bertonia): (cita) 120.
 Bretonia, territorio: (cita) 18.
 Bretoña: (cita) 18.
 Brianca/ Briancha: 25, 91.
 Brión, granxa: 28, 179.
 Britonia: (cita) 18, 19.
 Buiga (Lleida): (cita) 77.
 Buiges (Lleida): (cita) 77.
 Buña (Perbes): 75, (cita) 77, 178.
 Buira (Lleida): (cita) 77.
 Burganes (Lugo): 168.
 Burgos: 84.
 Buriz: 26.

 Caamouco/ Calamouco/ Camouco/ Camouquo: (cita) 27, (cita) 29.
 Caamouco, couto: 28, 29, (cita) 156.
 Caaveiro/ Caaveyro/ Caabeyro: (cita) 18, 21-24, 29, 35, (cita) 48, 50, 52, 60, 62, 63, 64, 91, 92, 93, 110, 112-118, (cita) 120, 121, 125, 129, 142, 146, 167, 168, 177, 178, 181.
 Caaveiro, couto: 17.
 Caaveiro, freguesía: 124.
 Caaveiro, mosteiro: 16, (cita) 23, 25, 27, 31, 34, 47, (cita) 73, 109, 111, 114, 120, 130, 131, 180.
 Cabalar/ Caval: (cita) 119, (cita) 120.
 Cabalar, freguesía: 124.
 Cabanas: 17, 25, (cita) 118, 124, 127, 128.
 Cabezam de Rego: (cita) 121.
 Caión, mosteiro: 74, 75.
 Calatrava, cidade: 121.
 Calavario, Calaveiro, Calavero, Calaveyro: 110.
 Calavario, mosteiro: 109, 110.
 Calavario, vila: (cita) 18, (cita) 119, 177.
 Caldas de Reis: 66, (cita) 102.
 Callobre: 26, 29, (cita) 74.
 Callobre, xurisdicción: 178.
 Camanzo, San Salvador: 66, 83.
 Camariñas, concello: 45.
 Camariñas, ría: (cita) 51, (cita) 65, 81.
 Cambre, Sta. Mª.: 47, 51-54, 62, 64, 161, 171.
 Campolongo: 73, 91, 167, 177.
 Canarias: 180.
 Cantabria: (cita) 18.
 Capela, pazo: (cita) 126.
 Caranza, couto: 28.
 Carazada: (cita) 121.
 Carballo, concello: 45.
 Carballo de Frutuoso/ Carvalum de Frutuoso: (cita) 121.
 Carnota, concello: 45.
 Carnota, montes de: (cita) 91.
 Carnota, territorio: 20.
 Carracedo, mosteiro: 205.
 Carvalio de Infante: (cita) 121.
 Casal de Arriba: 205.
 Castela, reino: 66, 84, 86, 114, (cita) 116, 181.
 Castrelo (Centroña): 178.
 Castrillón: 92.
 Castro Caribio: (cita) 121.

Castro, igrexa: 78.
 Castro Malo/ Castrum Malum: (cita) 121.
 Castro Mouro: (cita) 121.
 Castro Rayriz, Catro Reirit: (cita) 121.
 Castrum Carvie: (cita) 121.
 Cataluña: 59, 84-87, 182.
 Catasol: (cita) 121.
 Caveiro/ Caveyro: 110, 119, 158.
 Caxado, alto: 15.
 Cayadan: (cita) 121.
 Celanova, mosteiro: 111, 113, 117.
 Celas de Peiro, Sta. M^a.: (cita) 51, 52, (cita) 142, (cita) 158.
 Célticos, territorio: 20.
 Centroña: 27, 73, (cita) 120.
 Centroña, freguesia: 178.
 Centroña, vila: 17.
 Cenzo: (cita) 119.
 Cereixo, Santiago de: 50, (cita) 52, 54.
 Cervaes/ Cervalles/ Cervás: (cita) 28, 50, 52, (cita) 53, 54, 60, 62, 63, 65, 76, 93, 143, 155, 156, 160.
 Cesuras, concello: 45.
 Cobés, regato: (cita) 31.
 Coira: (cita) 120, 121.
 Coirós, San Xulián: (cita) 95, (cita) 158.
 Colantres, San salvador: 51, 54.
 Comba de Ricabo: (cita) 121.
 Compostela, concilio en: 20.
 Conido: 31.
 Coruña: 15, 41, 84, 128.
 Coruña, museo: 156.
 Coruña, provincia: 22, 48, 50, 51, 53, 55, 59, 63-67, (cita) 73, (cita) 95, (cita) 97, 101, 124, 137, 142, 143, 160, 161, 171, 172, 182, 183.
 Corveiras: (cita) 121.
 Couze de Monte Longo: (cita) 121.
 Cuiña, Sta. M^a.: (cita) 49, 51, 52.
 Culleredo, S. Estevo: (cita) 51, (cita) 158.
 Curtis, concello: 45.

Chalavario (Caaveiro): (cita) 110.
 Chamin, Sta. Eulalia: (cita) 51, 52, 136, (cita) 158.
 Chanteiro: 156, 157.
 Chantelos, lugar: 25, 116.

Dexo, Sta. M^a.: 47, (cita) 49, 51, 52, 54, 60, 62, 63, 85, 101, 137, 161, 170, (cita) 171, 195.
 Doniños, couto: 29.
 Doronia, Doroña: 25, 47, (cita) 49, (cita) 51, 52, 54, 55, 60, 62-66, 81, 83, 85, 91, 92, (cita) 95, 97, 101, (cita) 120, 136, 141, 143, 158, 170, 177, (cita) 197, 205.
 Dumio, sé: 19.

Eiris/ Erines: 25, 124.
 Elviña, San Vicente: (cita) 49, 50, (cita) 51, (cita) 52.
 Envade: (cita) 121.
 Escorial: 109.
 España: (cita) 19, 59, 84.
 Espenuca, Sta. Eulalia: 52, 53, (cita) 95.
 Espírito Santo, capela (Pontedeume): 54, 59.
 Esteiro: 129.
 Eume: 19.
 Eume, canón: 113, 115.
 Eume, comarca: 25, 32.
 Eume, río: 15, 16, 17, 91 109, 110, 119, 121, (cita) 120, 130, 157, 177.
 Europa: 63.

Faeira, freguesia: 16, 124.
 Faro, territorio: 22.
 Faro, castelo: (cita) 23.
 Felgaria (Filgueira), vila: 112, 119, (cita) 120.
 Fene: 74.
 Ferrol: 29, (cita) 26, 32, 128.
 Ferrol, partido: (cita) 15.
 Ferrol, ría: 15, 17, 28, 155, (cita) 156, 179.
 Ferrol, señorío: 180.
 Filgosedo: (cita) 121.
 Fisterra, concello: 45, 63.
 Fiunte (Cabalar): (cita) 119.
 Flamoso, fonte: (cita) 119.
 Flutius (Pruzos), terra: 91.
 Fontem Argilonem: (cita) 120.
 Fontem Frigidam: (cita) 120.
 Forgoselo, serra: 15, 16, 119.
 Fornelos: (cita) 120.
 Fornos/ Furniis: (cita) 120.
 Franza: 25.

Freix: (cita) 120.
 Froylani (San Martiño do Porto), lugar: 25.

Galia: 15, 17, 19, 20, 21, 29, 32, 33, 46, 47, (cita) 48, 53, 59, 60, 63, 66, (cita) 74, (cita) 77, 84, (cita) 113, (cita) 117, 129, (cita) 142, (cita) 170, 183, 192, 194.
 Gallaecia: 17, 18, 23, (cita) 116.
 Gandón: (cita) 121.
 Gato, monte: 15.
 Gaudenti/ Goente: (cita) 120, 124.
 Gimaranis: (cita) 121.
 Girona, catedral: 185.
 Guadalquivir, río: (cita) 120.
 Guando: (cita) 121.
 Gunteriz, Guntirit, Gunturiz: (cita) 121, 178.

Herbón, Sta. M^a.: 49, (cita) 51, 53, 54, 55, 101.
 Hispania: 18, (cita) 17.
 Huesca, provincia: 86.

Ibérica, península: 47.
 Iria, diocese: 19, 20.
 Irixoa: 205.

Jaca: 50, 86.
 Junqueras: 19, 20.

Kalavario (Caaveiro): 110.
 Kavalar, Kavallar (Cabalar): (cita) 120.

Labacencos, territorio: 20.
 Labandeira, casal: 74.
 Labrada: 114.
 Ladra, río: 120.
 Laio (S. Martiño do Porto): 168.
 Lamas: (cita) 120.
 Lambre, río: 15, 15, 205.
 Lamego, bispo: 20.
 Lañas, Sta. M^a.: 54, 137.
 Laurentín: (cita) 120.
 Leboeiro, monte: (cita) 91.
 Leboeiro, Sta. M^a. : 54, (cita) 65.
 Leiro: 74.
 Leis, San Pedro: (cita) 51, (cita) 52, 54.
 León: (cita) 91, (cita) 116.
 Leoni, vila: 91.
 Lestido, couto: 29.
 Lidurana, vila: 25.
 Limodre: (cita) 31.
 Loba, serra: 16.
 Lobeira, póboa: 29, (cita) 31.
 Lobo, serrón: 15.
 Lombum de Villam Iohani: (cita) 121.
 Loureda, Sta. M^a.: 51.
 Lubre, Luvre: 19, (cita) 28.
 Lugo: 18, 21, 34, (cita) 48, 84, 117, 120, 127, 168.
 Lugo, provincia: 45, 53, (cita) 170.
 Lumbanes: (cita) 120.
 Lusitania: 17.

Lleida, provincia: 8, (cita) 77, 82.

Maceira: 34.
 Maceneira: (cita) 121.
 Magalofes, terras: 25.
 Magobre: 19.
 Mamola de Forcón: (cita) 121.
 Mandeo, río: 15, 17.
 Mandres (Nogueirosa): 179.
 Mántaras, Sta. M^a.: (cita) 47, (cita) 52.
 Marantes (Nosa Señora das Angustias): 52.
 Mariñas, comarca: 15, (cita) 65.
 Martín (Cabalar): (cita) 119.
 Meangos: (cita) 31.
 Meda, monte: (cita) 47.
 Medon: (cita) 121.
 Meira, mosteiro: 75.
 Meira, Sta. M^a.: 64, 192.
 Melide, concello: 45.
 Mens, Santiago: (cita) 51, 52, 55.
 Mezonzo, Sta. M^a.: 49, 51, 52, 55.
 Minendi (Mende): (cita) 120.
 Miño: 19, (cita) 77.
 Miño, concello: 73.
 Miño, couto: 29, 73, 74, 157, 178.

- Moldes, San Martiño: (cita) 49, (cita) 51, 53.
Mondoi, Sta. Cruz: (cita) 51, (cita) 65.
Mondoñedo: 20, 78, 81, (cita) 102, 103, (cita) 117.
Mondoñedo, diocese: 19, 20, 74, 129, 155, 179.
Monfero, concello: 124.
Monfero, couto: 17, 29, 179.
Monfero, mosteiro: 16, 25, 26, 27, 29, 31, 74, 114.
Montaos: 22.
Monteagudo, Sto. Tomé: 49, 52.
Montederramo, mosteiro: 207.
Montefaro, mosteiro: 17, 156, 167.
Montelongo: (cita) 121.
Montpellier: 125.
Moraime, San Xulián: 50, (cita) 51, 52, 53, 54, 142, 161.
Morás, San Estevo: (cita) 47, (cita) 49.
Morerueta, mosteiro: (cita) 97.
Mouro: (cita) 121.
Mugardos, concello: 16.
Mugardos, vila: 155.
Mugardos, vial: 155, 156.
Muíños, regato: 73.
Mulam Mortam: (cita) 120.
Murogoso/ Murogosum (Morixoso): (cita) 120.
Murviedro: 32.
- Naraio, concello: 124.
Nardilonem, fonte (Fontardión): (cita) 119.
Narón, concello: 45.
Nasarios/ Nasarrios de Eume: (cita) 120, (cita) 121.
Neda: 168.
Negreira, concello: 45.
Nemarcos, territorio: 20.
Nendos: 20, (cita) 31, (cita) 124.
Neni: 19, 20.
Nogueirosa: 26, 27, (cita) 35, (cita) 97, 168, 169.
Nogueirosa, mosteiro: 25, 26, 28, 31, 35, 179.
Nogueirosa, val: 25.
Noia, ría: 22.
Nosa Sra. da Mercedes: 156.
Nosa Sra. das Angustias de Agualada: 48.
Nuestra Sra. de la Anunciada de Uruña (Valladolid): 77, 84, 85.
- O Grove: 167.
Oia, mosteiro: 207.
Ombre, freguesía: (cita) 26.
Orbigo, río: 18, 19.
Ordes, concello: 45.
Ordes, Sta. Mª.: 52, 60.
Oseira, mosteiro: 25.
Oseiro, San Tirso: (cita) 49, (cita) 51.
Ourense: (cita) 49, 64, 65.
Ourense, catedral: 66, 103.
Ourense, provincia: 66.
Oviedo, cidade: 19, (cita) 128.
Oviedo, diocese: 19, 20.
Oza dos Ríos: (cita) 49, 51, (cita) 53, (cita) 158.
Oza dos Ríos, concello: 45.
Ozón, S. Martiño: (cita) 48, 50, 51, 52, 54, 55, 62, (cita) 100, 172.
- Paderne: (cita) 31.
Padrón: 29.
Palencia: (cita) 85, 121.
Pallarés, val: 75, (cita) 77, (cita) 78.
Pedroche: 121.
Pedroso, mosteiro: 25, 31, 35, (cita) 119.
Pena Mala: 110.
Pennam de Eirit: (cita) 121.
Perazancas, San Pelayo (Palencia): 84, (cita) 85, 86, 87.
Perbes/ Perves/ Pervis/ Pervigil: 27, 26, 75 (cita) 77, (cita) 177.
Perbes, apeadeiro: 73.
Perbes, freguesía: 74, 178.
Pereira: (cita) 121.
Pereiro: (cita) 120.
Perlió: 25, 26.
Perves, porto (Lleida): 75.
Petras de Vodas: (cita) 120, (cita) 121.
Petrosum: (cita) 120.
Pezobres: (cita) 49, 51, 52, 54, (cita) 65.
Pigara: 120.
Piqui (S. Martiño do Porto): 168.
Pirineos: (cita) 18.
Pito-Cudillero (Asturias): (cita) 49.
Pobleda: 127.
Ponte de Eume/ Ponte de Heume/ Ponte Deume/ Pontedeume: 29 - 33, 73, 74, 91, 92, 109, (cita) 124, 129, 180, 181, 199, 205.
Ponte de Ume, castelo: 168.
Pontedeume, alfoz: 16, 168.
Pontedeume, concello: (cita) 15, 17, 29, 32, 167, 177.
Pontedeume, freguesía: 178, 180.
Pontedeume, póboa: 29, 31.
Pontedeume, señorío: 35, 180.
Pontedeume, vila: (cita) 17, 16, (cita) 26, 30, 31, 168, 179.
Ponte-Ulla, Sta. Madanela: 49, 51, 52, (cita) 77.
Pontevedra, museo: (cita) 51.
Pontevedra, provincia : 66, 41, (cita) 48, (cita) 97, (cita) 142, (cita) 158, (cita) 160, (cita) 170.
Pontevedra, ría: (cita) 18.
Porcar: (cita) 119, (cita) 120.
Porto: 26.
Porto da Pereyra, Portus Peraria: (cita) 121.
Portor de Negreira, Sta. Mª.: 50.
Portugal: (cita) 24.
Portum de Hermegunde: (cita) 121.
Portum Uzeso, Puerto de Uzedo: (cita) 121.
Porzomillos, San Pedro: 52, (cita) 65.
Pousadoiro de Naraio: 109, (cita) 121.
Prados: (cita) 121.
Primion (Posiblemente Prinoi): (cita) 120, 121.
Prior/ Prioriño, cabo: 15, 28, (cita) 33.
Pruzos, arciprestado: 17, (cita) 65, 74, (cita) 78, 120.
Pruzos, condado: 21.
Pruzos, prestameiro de: 34.
Pruzos, tenente de: (cita) 27.
Pruzos/ Prucios, terra: 17, 18, 19, 20, 21, 25, 26, 27, 28, 30, 179.
Puente d'Eume/ Puente de Heume/ Puentedeume: 22, (cita) 17, 32, (cita) 74.
- Queixeiro: 91.
Queixeiro, freguesía: 124.
Queixeiro, serra: 16.
Quintanilla das Viñas: 66.
Quintía/ Quintian/ Quintilan (Quintia): (cita) 120, (cita) 121.
- Reboredo, Santiago: 48, (cita) 49, (cita) 51, 52, 60, (cita) 95, (cita) 171.
Regoela Vella/ Reguela/ Regulella: 26, (cita) 120.
Reparada, granxa: 28, 179.
Ribadavia: 29.
Ribadeume, freguesía: 16, 124.
Ribadeume, igrexa: 121.
Ribagorza, comarca (Lleida): (cita) 78.
Ribas de Sil: (cita) 117.
- Saián, San Estevo: 66.
Salagia (Seaya): 19, 20.
Salamanca: 128.
Salto, Sto. Tomé: (cita) 51, 52, 137, (cita) 158, (cita) 171.
Samos, mosteiro: (cita) 117.
San Pedro de Perbes, parroquia: 180.
San Adrián de Bollar (León): (cita) 49, 84.
San Andreu d'Aristot: (cita) 77, 82.
San Antolín de Toques: 46, (cita) 49, 54, 75, 84, 86.
San Baudilio: (cita) 119.
San Bolo (Perbes): 178.
San Braulio de Caaveiro: 124, 119.
San Cipriano de Calogo (Pontevedra): (cita) 160.
San Claudio de Olivares (Zamora): 65.
San Clemente de Tahull: 77, 85, 87.
San Cosme de Mántaras: (cita) 65.
San Cristovo de Mauricios (Chantada): (cita) 183.
San Estevo de Culleredo: 53, 137.
San Estevo de Eiris: 26, 28.
San Estevo de Morás: 47, 147.
San Estevo de Saiar: 103.
San Estevo, ermida (San Xoán de Vilanova): 75.
San Feliu de Begerque: (cita) 77.
San Feliu de Guísol: 85.
San Félix de Monfero: 53.
San Félix de Salovio: 134.
San Fiz de Cangas: 195.
San Fiz de Monfero, freguesía: 205.
San Gervás del Castelló: 82.
San Iacobi, vila: (cita) 31.
San Isidoro de León: 50, 64, 66, 86, 102, 137, 195.
San Isidro de Callobre: 26, 27.
San Jaume de Frontanyá: (cita) 182.
San Joan d'Arrós: (cita) 77.
San Juan Bautista (Caaveiro): 115.
San Juan de Caaveiro: 145.
San Juan de Villa Furada: (cita) 124.

- San Lourenzo de Carboeiro, mosteiro: (cita)102.
 San Mamede de Moldes (Pontevedra): (cita)102.
 San Marcos, capela, (Monfero): 205.
 San Martí dels Masos: (cita) 77, 82.
 San Martín de Frómista: 50, 64, 86, (cita) 170, 195.
 San Martiño de Goente: 120, (cita) 124.
 San Martín de Sescorts: (cita) 182.
 San Martiño (Santiago), mosteiro: (cita) 73, 75, 180.
 San Martiño de Andrade: (cita) 29, 34, 47, 48, 59, 60, 167-169, 171, 172, 195.
 San Martiño de Brabío: (cita) 171.
 San Martiño de Mondoñedo: 19, 46, 63, 66, 75, 76, 83, 84, 86, 87.
 San Martiño de Ozón: 142.
 San Martiño de Xubia: 22, (cita) 26, (cita) 27, 45, 46, 49.
 San Martiño do Monte: 83.
 San Martiño do Porto: 25, 34, 168, 179.
 San Martiño do Porto, couto: 28.
 San Mateo de Trasancos, couto: 29.
 San Miguel de Bremao: 27, 31, 49, 59, 61, 62, (cita) 78, 118, 172,177, 181, (cita) 199.
 San Miguel de Campolameiro: 83.
 San Miguel de Eiré: 65, 66, 137.
 San Miguel de Escalada: 53.
 San Miguel do Monte (Lugo): 102.
 San Miguel, capela (Pontedeume): 31.
 San Nicolás de Cines: 53.
 San Paio de Lens: 28, 155.
 San Paio, mosteiro: 128.
 San Pedro de Vilanova de Ozón: (cita)97.
 San Pedro de Vilar: 178.
 San Pedro de Aimia/Umia (San Pedro de Eume): 112, (cita)124.
 San Pedro de Anca: (cita) 29.
 San Pedro de Buriz, freguesía: 29, 205.
 San Pedro de Cervales/Cervás: 28, 48, 59, 155, 157.
 San Pedro de Eume, freguesía: 24, 53, 119, 120.
 San Pedro de Faíra: (cita) 124.
 San Pedro de Grandal: 26, 27, 28, 34, 65, 92.
 San Pedro de Leis: (cita) 49.
 San Pedro de Melide: (cita) 49, (cita) 51, 54.
 San Pedro de Oza dos Ríos: 101, (cita) 188.
 San Pedro de Perbes: 73, (cita) 26, 179.
 San Pedro de Pervigil: (cita) 26, 27.
 San Pedro de San Román: (cita) 48, 60, 170.
 San Pedro de Vilar: 27, 54, 59, (cita) 97, 169, 199.
 San Pedro de Vilar, freguesía: 177, 180.
 San Pedro de Vilarmaior: 65.
 San Pere de Galligants: 85.
 San Pere de Rodas: (cita) 85.
 San Pere Màrtir de San Romá: (cita) 77.
 San Pons de Corberá: 182.
 San Sadurniño, igrexa de (Trasancos): 28.
 San Salvador (Toledo): (cita) 102.
 San Salvador de Asma: (cita) 170.
 San Salvador de Bergondo: 171, 182.
 San Salvador de Camanzo: 103.
 San Salvador de Corugión: (cita) 31.
 San Salvador de Coruxo: (cita) 59, 181.
 San Salvador de Maniños: 25.
 San Salvador de Pedroso: 21, 27, 47, 117, 118, 179, 180.
 San Salvador de Pernis/Pervis (Perbes): 28, 74.
 San Salvador de Serantes: (cita) 29.
 San Tirso: 28, 155
 San Tirso, igrexa (Abegondo): (cita) 31.
 San Tirso de Oseiro: 47, 52, (cita) 97, 137, (cita) 158.
 San Tirsum (Magobre): 19.
 San Vicente de Caamouco: 27.
 San Vicente de Elviña: (cita) 171.
 San Vicente de Reguela/ Regulella: (cita) 26, (cita) 120.
 San Vicenzo de Vitoriz: (cita) 183.
 San Xés de Francelos: (cita) 49, 53, 64.
 San Xoán Bautista, igrexa (Caaveiro): 110.
 San Xoán Bautista, mosteiro (Caaveiro): 109.
 San Xoán da Caba: (cita) 77.
 San Xoán de Anzo (Pontevedra): (cita) 102.
 San Xoán de Baños: 53.
 San Xoán de Caaveiro: 59, 112.
 San Xoán de Seixo: (cita) 120.
 San Xoán de Seoane: (cita) 124.
 San Xoán de Vilafurada: 120.
 San Xoán de Vilanova: 29, 46-49, 52, 54, 59, 62-66, 73-76, (cita) 77, 83-87, 93, 94, (cita) 95, 97, (cita) 102, 136, 170.
 San Xoán de Vilanova, freguesía: 178.
 San Xorxe, igrexa, (Boimiri): 25.
 San Xorxe (Bermui): 113.
 San Xulián de Carantoña: 24, 25, 28, 32.
 San Xulián de Moraime: 53, 66, 103.
 San Xurxo de Vila Matheo: (cita) 31.
 San Xusto de Toxosoutos: 26.
 Sanctam Crucem: (cita) 121.
 Sancti Iohannis de Calavario (Caaveiro): 116.
 Sancti Iulani de Archa: (cita) 121.
 Sancto Iohanne, mosteiro (Caaveiro): 112.
 Sancto Martino de Gaudenti: (cita) 120.
 Sancho, couto: 29.
 Sandi (Neda): 168.
 Sandi de Abaixo (Sande): (cita)119.
 Sandi de Arriba: (cita) 119.
 Sanguinido: (cita) 121.
 Santa Comba de Bande: 53, (cita) 77.
 Santa Cristina de Ribas de Sil: (cita) 59, 181.
 Santa Cruz (Salto, Cabanas): (cita) 121, 124.
 Santa Cruz de Mondoi: (cita) 52.
 Santa Eufemia de Ambía: (cita) 77.
 Santa Eulalia (Santiso): (cita) 29.
 Santa Eulalia da Espenuca: (cita) 97, (cita) 183.
 Santa Eulalia de Lubre: 28, 53, 55.
 Santa Eulalia de Soaserra: 120, (cita) 124.
 Santa Eulària d'Unha: 85.
 Santa Isabel, igrexa (monasterio de Caaveiro): (cita) 59, 131, 134, 135, 138, 139, 146.
 Santa Madanela de Ponte-Ulla: 48.
 Santa Marina: 28.
 Santa Marina de Taboana/Santa Mariña: 25, (cita) 124.
 Santa Mariña de Lesa: 137, (cita) 188.
 Santa Mª de Arbás (León): (cita) 102.
 Santa Mª de Betanzos: 194.
 Santa Mª de Cabalar/Cavalar: 120, (cita) 124.
 Santa Mª de Çacarade: (cita)31.
 Santa Mª de Cambre: 50, 66, (cita) 102, 103, 182.
 Santa Mª de Castro: 25, 28, 32, 73, 75, (cita) 97.
 Santa Mª de Cela (Pontevedra): (cita) 160.
 Santa Mª de Celas de Peiro: (cita) 188.
 Santa Mª de Centronia/Centroña: 91, 121.
 Santa Mª de Cuiña: 48, 93.
 Santa Mª de Dexo: (cita) 47.
 Santa Mª de Doronia/Doroña: 25, 47, 48, (cita) 53, 59, (cita) 78, 91, 92, 103, 121, (cita) 183.
 Santa Mª de Fisterra: 53.
 Santa Mª de Herbón: 48, 52, 93.
 Santa Mª de Labrada, freguesía: 205.
 Santa Mª de Leboreiro: 48.
 Santa Mª de Melide: 48, 49, 50, (cita) 51, 52, 93, (cita) 171, (cita) 192.
 Santa Mª de Mijaran: 85.
 Santa Mª de Miño: 74, 156.
 Santa Mª de Monfero: (cita) 26.
 Santa Mª de Naraio: 32, 180.
 Santa Mª de Ois: 47, (cita) 49, (cita) 95, (cita) 100.
 Santa Mª de Ombre: 54.
 Santa Mª de Ombre, parroquia: 180.
 Santa Mª de Oseira, mosteiro: (cita) 24.
 Santa Mª de Pontellas: (cita) 52.
 Santa Mª de Portor (Negreira):142.
 Santa Mª de Queixeiro: (cita) 124.
 Santa Mª de Ribadeume: 34, 114, (cita) 135, 168.
 Santa Mª de Sobrado: 30, (cita) 31, 179.
 Santa Mª de Taboada dos Freires: 103.
 Santa Mª de Trasmonte: 28, 155.
 Santa Mª de Valverde, mosteiro: 205.
 Santa Mª de Vilar: 27.
 Santa Mª de Vilar, parroquia: 180.
 Santa Mª de Xestoso, freguesía: 205.
 Santa Mª de Xunqueira de Ambía: (cita)119.
 Santa Mª do Campo da Coruña: (cita) 48, 50, 51, 52, 54, (cita) 137.
 Santa Mª do Sar: (cita)119, (cita) 171.
 Santa Mª do Temple: 48, (cita) 49, (cita) 95.
 Santa Mª Salomé: (cita) 135.
 Santa Mª Tourón (Pontevedra): (cita) 160.
 Santa Vaya de Coyro: (cita) 31.
 Santa Xuliana, greguesía: 26, 205.
 Santander: 194.
 Santiago: 30, 74.
 Santiago, Arquivo Diocesano: 73.
 Santiago, Biblioteca da Universidade: (cita) 31
 Santiago, freguesia (Pontedeume): 30.
 Santiago, catedral: 46, 48, 101, 118, 142, 147-151, 153, 154, 163, 164, 171, 174, 186, 194, 207.
 Santiago, concello: 45.
 Santiago, hospital real: (cita) 28.
 Santiago, igrexa (Caaveiro): (cita) 18.

- Santiago, igrexa (Santiago de Compostela): (cita) 26
 Santiago, sé: 20, 155
 Santiago, vila: 30
 Santiago, xurisdicción de: 22, 20, 25, (cita) 177.
 Santiago da Capela: (cita) 119, 120.
 Santiago da Coruña: 51, 52, 54, 66, (cita) 95, 101, 103, (cita) 158, 172, 195.
 Santiago de Barallobre: 26.
 Santiago de Bermui: 113, 114, (cita) 124, (cita) 135.
 Santiago de Boebre/ Boevre: 30, 91, 121.
 Santiago de Caaveiro: (cita) 124.
 Santiago de Catoira: 76.
 Santiago de Cereixo: (cita) 49.
 Santiago de Compostela: (cita) 19, 32, 46, (cita) 48, 47, (cita) 85, 135.
 Santiago de Dragonte: (cita) 31.
 Santiago de Franza: 26, 27, 28, 30.
 Santiago de Mens: 47, 49, 172, 184.
 Santiago de Ois: 51, 53, (cita) 65, (cita) 77, (cita) 95.
 Santiago de Penalba: 81.
 Santiago de Reboredo: 53.
 Santiago de Vila Matheo: (cita) 31.
 Santiago do Bierzo (León): (cita) 137.
 Santiago do Burgo: 49, 52, (cita) 59, 66, 101, (cita) 170, 181.
 Santiso: (cita) 48.
 Santiso, concello: 45, (cita) 48.
 Santo Iacobo, terra: 22.
 Santo Tomé de Monteagudo: 51, 64, 85, (cita) 137.
 Santo Tomé de Piñeiro: 83.
 Sar, Sta. M^a: (cita) 51, 52, 54, 55, 101, (cita) 117, 172.
 Sar, río: 22.
 Sarria: 29.
 Saxum de Bustelo: (cita) 121
 Seaya, arciprestado: 20, 155.
 Seixo, freguesía: 124.
 Seloure/ Siliobre/ Sillobre (Fene): 19, 74.
 Serantes, couto: 29.
 Sésamo, San Cosme: 50, (cita) 51, (cita) 77.
 Sesin/ Sisín, río: 109, 110, 130, 131.
 Silobre, val: (cita) 23.
 Silovre (Pousadoiro): (cita) 120.
 Sistallo, pazo: 135.
 Soaserra, parroquia: 111.
 Soaserra, freguesía: 124.
 Sobrado, concello: 45.
 Sobrado, igrexa: 46.
 Sobrado, mosteiro: 23, 25, 26, (cita) 27, 28, 31, 168, 205, 208.
 Somozas: 124.
 Sor, Saur, Sauri, río: 22, 116, (cita) 177.
 Souto, Sta M^a: 54.

 Taboada: 205.
 Taboada, Sta Mariña, freguesía: 124.
 Tamar/ Támara/ Tambre, río: 22.
 Taxido/ Teixido (Teixo): (cita) 119, (cita) 120.
 Teixido, vila: 110.
 Temple, Sta M^a do: 52.
 Texeira: (cita) 119.
 Tilinis: 74.
 Tiobre, San Martiño: 19, (cita) 47, (cita) 49, 51, (cita) 52, 54, (cita) 65, 137, (cita) 158, 195.
 Toledo: (cita) 116, (cita) 120, (cita) 121.
 Toques, concello: 45.
 Toques, San Antolín: 47, 51, 63.
 Torre de Buira (Lleida): (cita) 77.

 Torres do Oeste: 78, 81, 86.
 Touro, concello: 45.
 Toxosoutos, mosteiro: 179.
 Trasancos, arciprestado: 120, 155.
 Trasancos, terra: 15, 19, 20, 23, 25, 27, 28, 29, (cita) 33, (cita) 177.
 Trasarici, vila: 91.
 Trastamara, condado: 24.
 Trazo, concello: 45.
 Triacastela: 29.
 Trocidam Malam/ Trucidamate: (cita) 121.
 Tui: (cita) 18, 20.

 Ulla, ría: 22.
 Uruña (Valladolid): 86.

 Val do Dubra, concello: 45.
 Valdespina (Palencia): 84.
 Vales, pico: 15.
 Valladolid: 128, 145.
 Vedra, concello: 45.
 Veiga: 178.
 Veigarroiba, alto: 15.
 Velosam: (cita) 121.
 Veremui, vila (Bermui): 113, 121.
 Viadore: (cita) 121.
 Vidueyro: (cita) 121.
 Vila Furada: (cita) 120.
 Vilachá, couto: 29.
 Vilalba: 29, 120.
 Vilalba, freguesía: 180.
 Vilamateo: (cita) 31.
 Vilamoure: 178.
 Vilanova, freguesía: 74, 178.
 Vilanova, San Xóan: 27, 51, 63, 74, 78, 81.
 Vilar de Donas: (cita) 59, 181, 182, 192.
 Vilar de Mouros (Cabalar): (cita) 119.
 Vilar, igrexa (San Pedro): (cita) 170.
 Vilar, San Pedro: 26, 181.
 Vilarmair, concello: 74, 91.
 Vilasantar, concello: 45.
 Vilasuso: (cita) 120.
 Villa Furada: (cita) 121.
 Villa Plana: 114.
 Viña (Irixoa): 205.
 Viñas, San Pantaleón: (cita) 52.
 Vista Alegre (San Pedro de Vilar): 177.
 Vitoriz, San Vicente: 52, 54, (cita) 65.
 Viu de Llevata (Lleida): (cita) 77.
 Vultureira (Ventureira): (cita) 119.

 Xavariz: (cita) 120.
 Xaviña, Sta. M^a: 50, (cita) 51, 54.
 Xenroso, mosteiro: 25.
 Xestoso: 26, 114.
 Xistral, serra: 16.
 Xubia: 26, 50, 51, 52, 54, 55, 60, 62, 63, 81, (cita) 117, 142 (cita) 170, (cita) 171, 172, 179.
 Xubia, mosteiro: (cita) 15, 21, 25, 27, 28, 31, 35, 47.
 Xubia, río: 15.
 Xunqueira de Ambía: 86.

 Zamora: 20, 65, (cita) 97.

Igrexas Románicas da Comarca do Eume

PRESENTACIÓN.

PRÓLOGO.

INTRODUCCIÓN.

Marco XEOGRÁFICO e HISTÓRICO. 13

HISTORIA.

Os territorios de Pruzos e Bezoucos. 17

Protagonismo da alta nobreza e dos mosteiros. 21

A fundación de Pontedeume. 29

O ascenso da nobreza de segunda fila. 32

PRIMEIRA PARTE

Os RASGOS MÁIS CARACTERÍSTICOS

O Románico da PROVINCIA da CORUÑA. 39

INVENTARIO E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL. 41

CRONOLOXÍA. 46

TIPOLOXÍA. 47

INFLUENCIAS ARTÍSTICAS. 49

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE OS ELEMENTOS ESTRUCTURAI. 51

DECORACIÓN. 54

O Románico da COMARCA do EUME. 57

TIPOLOXÍA: UN ROMÁNICO DE ÁBSIDAS SEMICIRCULARES. 59

CRONOLOXÍA: UN UNIVERSO DENTRO DO ROMÁNICO. 61

INFLUENCIAS: A IMPORTANCIA DO FORÁNEO. 62

ORIXINALIDADES ESTRUCTURAI. 63

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE A DECORACIÓN.

Capiteis vexetais con bólas. 64

A representación do Agnus Dei. 65

Alguns particularismos puntuais. 66

Consideracións sobre os canzorros. 66

Signos e marcas de canteiros. 67

SEGUNDA PARTE

A XEOGRAFÍA DO ROMÁNICO EUMÉS

San Xoán de VILANOVA.	71
HISTORIA.	73
DESCRICIÓN DO MONUMENTO.	
Planta.	76
Exterior.	77
Interior.	81
A decoración.	82
UN EXEMPLO DE ROMÁNICO LOMBARDO.	84
CRONOLOXÍA.	86
FONTES.	87
BIBLIOGRAFÍA.	88
 Santa María DE DOROÑA.	 89
HISTORIA.	91
DESCRICIÓN DO MONUMENTO.	
Planta.	92
Exterior.	94
Interior.	97
A decoración.	100
CRONOLOXÍA.	103
FONTES.	104
BIBLIOGRAFÍA.	105
 San Xoán de CAAVEIRO.	 107
O NOME DE CAAVEIRO.	109
HISTORIA.	
Unha aproximación ás orixes.	110
Os seus habitantes: cóngos regulares de San Agustín.	115
A Colexiata de Caaveiro.	118
Expansión do mosteiro.	119
A crise baixomedieval: a relación cos Andrade.	124
Caaveiro na Idade Moderna.	126
O MOSTEIRO: DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS.	129
Dependencias relacionadas coas necesidades materiais.	130
Porterías.	
Casas, cuartos e celas.	

Construcións subterráneas.	
O cemiterio.	
Dependencias relacionadas co culto e coas tarefas burocráticas.	134
Cabido.	
Arquivo.	
Torre-campanario.	
As igrexas.	
A REEDIFICACIÓN DE DON PÍO GARCÍA ESPINOSA.	139
OS RESTOS ROMÁNICOS DO MOSTEIRO.	
O muro nororiental.	141
Exterior da ábsida.	142
Interior da ábsida.	143
CRONOLOXÍA.	145
FONTES	
Manuscritas.	146
Gráficas, documentais e arqueolóxicas para a reconstrucción das dependencias.	147
BIBLIOGRAFÍA	148
San Pedro de CERVÁS.	153
HISTORIA.	155
DESCRIPCIÓN DO MONUMENTO.	
Exterior.	158
Interior.	158
A decoración.	158
As cruces da ábsida.	
Os canzorros.	
Capiteis.	
CRONOLOXÍA	162
FONTES.	162
BIBLIOGRAFÍA.	163
San Martiño de ANDRADE.	165
HISTORIA.	167
DESCRIPCIÓN DO MONUMENTO.	169
Exterior.	170
Interior.	170
A decoración.	171
CRONOLOXÍA.	172
FONTES.	172
BIBLIOGRAFÍA.	173

San Miguel de BREAMO. 175

HISTORIA.

- A aparición do mosteiro, a delimitación do couto e os seus habitantes. 177
O Priorato na Idade Moderna. 180

DESCRICIÓN DO MONUMENTO.

- Planta. 181
Exterior. 182
Interior. 189
Cuberta. 191
A decoración 192
 Capiteis
 Decoración das bases.
 Decoración dos arcos do cruceiro
 Canzorros.
 Outros temas decorativos.

ETAPAS CONSTRUCTIVAS E CRONOLOXÍA. 197

FONTES. 200

BIBLIOGRAFÍA. 201

OUTROS RESTOS románicos. 203

O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE MONFERO

- Algúns datos sobre a historia e a arte 205
Os restos medievais 212

NOSA SEÑORA DA MERCEDE DE CHANTEIRO 213

FONTES

- Monfero. 215

BIBLIOGRAFÍA

- Monfero. 215

BIBLIOGRAFÍA

- Chanteiro. 216

EPÍLOGO. 217

BIBLIOGRAFÍA XERAL. 219

ÍNDICES. 227